Xosé Mª LEMA SUÁREZ, membro da AGOn, naceu o 30-9-1950 en Bamiro-Vimianzo (Terra de Soneira). Catedrático de Xeografía e Historia no IES Antón Losada Diéguez (A Estrada) e doutor en Historia da Arte pola USC coa primeira tese en galego nesta disciplina: *A arte relixiosa no arciprestado de Soneira* [Premio Extraordinario de Doutoramento do curso 1990-1991]. Tamén dispensou clases no IFP Fernando Blanco de Lema de Cee (1976-1978), no IP Marqués de Suanzes de Ferrol (1978-1982) e na Universidade de Santiago como profesor de Historia da Arte (1991-1992).

Ten publicacións de temática diversa: historia, historia da arte, etnografía, lexicografía, lingüística e onomástica, en revistas como Verba, Gallaecia, Encrucillada, Compostellanum, Cadernos de Lingua (RAG), A Trabe de Ouro etc., ou en libros como os seguintes: *Bamiro. Un estudio do hábitat rural galego* (1977) [Premio Pedrón de Ouro de Etnografía]; *Lúa Nova-5* (1980), con M. Rico Taboada; *Lingua Galega 1º (FP-1)* [1982] e *Lingua Galega FP-1º grao* (1985); *Historia do C.D. Baio e da Liga da Costa* (1989); *A arte relixiosa na Terra de Soneira* (1993) [Premio Losada Diéguez de Investigación]; *Un novo documento de D. Juan Antonio Posse: a "Plática Tercera" (1838)* [1998]; *O castelo de Vimianzo e os Moscoso de Altamira* (1998), con R. Mouzo; *Arquitectura megalítica da Costa da Morte [antas e mámoas]* (1999); *Os mellores pazos da Costa da Morte* (2001); *Os faros da Costa da Morte (Galicia)* [2001], con M. Vilar; *Polas antas e mámoas da Costa da Morte (Galicia)* [2006].

Foi coautor das seguintes obras: *Diccionario Xerais da Lingua* (1985); *Edigal-Galego. Método audiovisual para a aprendizaxe da lingua galega* (1985); *Pequeno Diccionario Xerais da Lingua* (1989); *Diccionario Castelán-Galego de Usos, Frases e Sinónimos* (1990); *Gran Diccionario Xerais da Lingua* (2000); *Diccionario dos Nomes Galegos* (1992) e *O teu nome* (1994).

Membro correspondente da Real Academia Galega (2002) e numerario do Padroado do Museo do Pobo Galego (2005), da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e de Nova Escola Galega (NEG). Preside desde a súa fundación (2004) o Seminario de Estudos Comarcais para a Promoción do Patrimonio Cultural da Costa da Morte (SECCOM).

801.311
LEMA
1

ONOMÁSTICA HISTÓRICA DUNHA PARROQUIA GALEGA: BERDOIAS (1607-2000)

I. Os nomes masculinos

Xosé Mª Lema Suárez

MUSEO DA LINGUA GALEGA
FACULTADE DE FILOLOXIA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Lema Suárez, Xosé Mª

Onomástica histórica dunha parroquia galega : Berdoias (1607-2000). I. Os nomes masculinos. / Xosé Mª Lema Suárez. - Santiago de Compostela : Asociación Galega de Onomástica, 2006.- 268 p. + 1 CD-Rom : il. ; 24 cm. - (Biblioteca Galega de Onomástica) ; 2. - DL C-2755/2006 - ISBN 978-84-611-2956 - ISBN 84-611-2956-3.

1. Lingua galega-Onomástica. 2. Antroponimia galega. I. Asociación Galega de Onomástica, ed.- II. Serie

Edita
© Asociación Galega de Onomástica
Instituto da Lingua Galega
Praza da Universidade,4
15782 Santiago de Compostela

ISBN-13: 978-84-611-2956
ISBN-10: 84-611-2956-3
Depósito Legal: C-2755-2006

Deseño de cuberta: Luz Méndez
Impresión e maquetación: Tórculo Artes Gráficas, S.A.

A Ramón Romero Carril, cura-párroco de Berdoias desde 1977,
firme defensor dos dereitos históricos dos seus fregueses

I. INTRODUCIÓN

San Pedro de Berdoias é unha parroquia interior situada na zona suroeste da Terra de Soneira, comarca do ámbito da rexión ou zona xeográfica coñecida hoxe como Costa da Morte. Administrativamente pertence ó concello de Vimianzo, distando 8 km da capital municipal. Está ben comunicada, pois no seu territorio conflúen as estradas procedentes de Santiago (AC-441) e da Coruña (AC-552) en dirección a Corcubión e Fisterra. En tempos antigos tamén confluían nas súas terras os camiños que, procedentes da Compostela e A Coruña se dirixían ós pequenos portos occidentais: Muxía, Cee, Corcubión e Fisterra (véxase a *Carta Geométrica de Galicia*, 1834, de Domingo Fontán).

A parroquia ten unha extensión de 13,90 km^2, e na actualidade (2001) conta cunha poboación de 310 hab. distribuídos en dez aldeas ou lugares: Berdoias, Boallo, A Bouza, A Casanova, Grixoa, Pena do Frade, O Petón, Rego dos Podres, Romar e Santa Cristiña. Todos estes lugares xa existían no séc. XVII, cando empezamos o noso estudo, pois constan nas partidas de bautismo e tamén se enumeran case todas nos documentos do fidalgo Alonso de Lema II (1622).

A densidade de poboación é moi baixa: 22,3 hab/km^2. A poboación absoluta está actualmente nunha clara curva descendente, pois pasouse de 436 hab. de dereito en 1981, a 368 hab. en 1986, 341 hab. en 1996 e tan só 310 hab. no ano 2001. Ó despoboamento xeral do mundo rural galego súmanse as 'peculiaridades' sociolóxicas desta freguesía, totalmente anacrónicas, que provocan a emigración forzosa da mocidade, a capa máis dinámica, pola imposibilidade material de poder instalar negocio nun territorio onde case todas as terras e casas aínda seguen pertencendo a un 'amo' semifeudal. Berdoias é unha parroquia destinada a irse despoboando aceleradamente, moito máis ca calquera outra galega, malia a súa privilexiada situación

Evolución da poboación en Berdoias (séc. XVII-XX)

1607: 20 veciños (J. del Hoyo).
1753: 87 veciños, 339 hab. (Catastro de Ensenada).
1769: 60 veciños.
1850: 46 veciños, 315 hab. (Dicionario de P. Madoz).
1927 (ca.): 444 hab. (f), 486 (d) [Carré Aldao].
1965: 77 veciños, 387 hab. (Guía Arzobispado Santiago).
1981: 419 hab. (f), 436 hab. (d)
1996: 341 hab.
2001: 310 hab.

xeográfica.

O territorio parroquial limita coas seguintes freguesías: Vimianzo (N.), Cambeda, Castrelo e Baíñas (E.), Berdeogas (S.) e Vilastose, Ozón e Carnés (O.).

Non é parroquia matriz ou principal, senón anexa da súa veciña Santiago de Berdeogas; isto hoxe quizais careza de importancia, pero non en tempos antigos, pois, entre outras cousas, motivaba que o cura-párroco tivese a súa residencia na matriz.

Trátase dunha freguesía que segue tendo na agricultura practicamente o seu único modo de vida, pois aínda hoxe se dedican ós labores agrícolas case o cento por cento das súas familias.

Algo de historia.- Para os estudosos do Megalitismo, Berdoias ten certa sona porque na zona sur do seu territorio consérvase a chamada Casota de Freán, tamén coñecida como Casota dos Mouros ou A Arquiña. Trátase dun dolmen de reducidas dimensións, propio da fase tardía do Megalitismo (2500-2000 a.C.): unha das chamadas 'arcas megalíticas', un preludio do que serán as cistas de inhumación individual na Idade do Bronce antigo. O monumento quedou adosado pola súa parte traseira a un valado divisorio dunha leira e durante anos serviu de refuxio de pastores, e quizais fose esta utilización a causa de que chegase ós nosos días.

Así mesmo, nos montes desta parroquia atopáronse os que de momento son os únicos petroglifos de toda a Terra de Soneira: os de Outeiro do Recosto (Boallo) e os de monte Pedrouzo (ó sur de Berdoias, preto da Casota). Son de tipo xeométrico (círculos, espirais, cruces, etc.) e están datados na Idade do Bronce (2200-1600 a.C.).

Unha parroquia cunhas circunstancias históricas especiais.- Berdoias empezou a ter sona desde hai uns anos por ser un residuo do chamado Antigo Réxime: a maior parte das familias dos seus dez lugares habitaban casas e cultivaban terras que non lles eran propias; no momento en que escribimos segue habendo veciños nestas anacrónicas condicións.

Estamos ante un caso de arrendamentos rústicos históricos, de orixe bastante remota, que se idearon para regular a explotación da terra por persoas que non eran propietarias, e para situacións onde se requerían relacións xurídicas de carácter duradeiro. O actual modelo lexislativo procede seguramente do comezo do capitalismo liberal e obedece ás relacións entre propietarios absentistas e cultivadores da terra. Ata ese momento a terra non era explotada directamente polos seus propietarios,

Berdoias a principios do séc. XVII

San Pedro de Berdiogas*, anexo de Santiago de Berdiogas

Esta tiene veinte feligreses. Los fructos se hacen tres partes: las dos y un desmero llieva la cura, y la tercia, por sincura eclesiástica, Pedro de Castiñeira, estudiante. La cura con la caveça, presenta el monasterio de San Martin y la sincura presentación de legos. La fábrica tiene quatro ferrados de trigo y uno de centeno. Llieva esta sincura Recamán, retor de Finisterre.

(J. del Hoyo, 1607: Memorias del Arzobispado de Santiago...).

*Así no orixinal, pois o visitador J. del Hoyo pensou, equivocadamente, que a parroquia anexa tiña o mesmo nome que a matriz (Berdeogas).

senón que se recorría ó emprego asalariado ou á colaboración de parceiros. Esta terra convertíase en obxecto de cesión, normalmente por prazos moi longos, mediante a concesión de dereitos de natureza real (enfiteuse, foros). Coa chegada do capitalismo, estes dereitos foron considerados vínculos señoriais, restos do dereito feudal, ata que o contrato de arrendamento se erixiu en dereito común para regular as cesións de terras de carácter agrícola. Isto respondía á comenencia dos propietarios, que podían, unha vez transcorrido o prazo do arrendamento e a través da vía do desafiuzamento, recuperar as súas terras e esixiren novos contratos con novas condicións económicas, provocando numerosos problemas sociais, pois as medidas arbitradas polo Goberno central e a Xunta de Galicia non conseguiron solucionar o problema e, a principios do séc. XXI, a maior parte dos caseiros seguían aínda sen accederen á propiedade (Fernández Sulleiro; 2000: 252).

En suma, que a situación da maior parte dos habitantes de Berdoias non era, nos albores do séc. XXI, salvando as distancias, moi distinta da dos séculos XVII, XVIII e XIX, pois as súas casas e terras non lles eran propias senón dun *amo* ó que lle pagaban as rendas, correndo o perigo de que os botasen fóra destas propiedades se incumprían os pagamentos.

Para coñecer as orixes do problema temos que remontarnos a finais do séc. XVI, cando en 1570, en tempos do rei Filipe II, conseguen ser recoñecidos como fidalgos os irmáns Pedro e Alonso de Lema (o I con este nome), en recompensa pola súa participación na guerra contra os mouriscos de Granada. A fidalguía, esa clase social nova que empeza a progresar a partir do séc. XVI, será quen se aproveite da ausencia da vella nobreza feudal galega instalada na Corte; o seu progreso estará ligado directamente ó mundo dos foros.

Como o obxecto deste traballo non é falar do mundo dos foros nin dos arrendamentos, limitarémonos a dar unha visión moi sucinta da evolución do problema de Berdoias desde as súas orixes á actualidade.

Daremos unha breve visión histórica desta familia:

Alonso de Lema (o I) deixa como herdeiro a *Sancho de Lema y Leis* (fundador en 1598 da capela de Nosa Señora da O nun lugar onde anos despois se construirá a nova igrexa parroquial de San Pedro). Sancho de Lema testou no 1600 en Vimianzo a favor do seu fillo Alonso.

Alonso de Lema (o II con este nome) construirá casa no lugar de Berdoias a principios do séc. XVII. Esta mansión aínda hoxe se conserva en relativo bo estado coa seguinte inscrición no lintel: "Esta casa iso Al[ons]º de Lema familiar del S[anto] Of[ici]º. Año de 1607". Tamén sufragou a construción, en 1617, da igrexa parroquial de nova planta, que se construíu no centro xeográfico da freguesía, no lugar onde antes xa seu pai mandara facer a capela da O.

O 13 de xaneiro de 1622 Alonso de Lema e a súa muller Maior Franqueira de Castiñeira fundan o Vínculo de Berdoias a favor de dous dos seus fillos, Pedro e

Alonso. No documento 8 do 'Apéndice documental' descríbense os lindes parroquiais cos seus lugares tal cal aínda hoxe están, e divídese a parroquia en dous coutos –o de Berdoias e o de Boallo- separados polo río Castro. Con esta separación establecerase unha liña vincular para cada couto que se prolongará ata 1891, ano do falecemento da derradeira descendente; ó non haber descendencia, estas propiedades pasaron á familia Blanco-Rajoy, que é a que hoxe as posúe.

Nesta escritura (doc. 8) outorgada perante o escribán de Vilastose, D. Cristóbal de Pazos, Alonso de Lema II e esposa melloran os seus fillos Pedro -nado en 1608 (doc. 2)- e Alonso –nado en 1618 (doc. 7)- e déixanlles, pro indiviso, o lugar de Berdoias, onde vivían, xunto con outros casais que tiñan nos lugares de Romar, Casanova e Grixoa, coas cargas e pensións que tiñan gravados. Ó seu outro fillo Martiño [de Castiñeira], nado en 1615, déixanlle o lugar de Boallo –na parte oeste da freguesía berdoiesa- cos seus bens anexos, que ían desde os prados da veciña parroquia de Castrelo polo val do río Castro deica a Ponte Vella, que dividía as xurisdicións de Vimianzo –que era dos condes de Altamira-, á que pertencía Berdoias, e a do abade de San Martiño Pinario. Neste couto estaban incluídas as aldeas da Bouza, Pedra do Frade e Santa Cristiña, xunto cos seus montes, agros e devesas.

Este esforzo por repartir os bens entre tres dos seus fillos homes por parte de Alonso de Lema e Maior Franqueira foi van, pois os mellorados Pedro e Alonso falecerán sen descendencia –o primeiro en 1638 e o segundo en 1643- en vida do pai (Maior Franqueira xa finara en 1629), e o vello patrucio tivo que facer unha rectificación sobre a marcha; ó final o vínculo de Berdoias acabará por quedar nas mans do terceiro fillo home, Martiño, que xa era titular do de Boallo.

Alonso de Lema finou en 1649, sendo enterrado no presbiterio da igrexa de Berdoias, como era o seu dereito. As obras realizadas na igrexa en 1945 privounos de ver a súa lápida co seu escudo de armas esculpido, pois quedou oculta debaixo das baldosas do chan[1].

Martiño (ou Martín) de Castiñeira[2] quedará, polo tanto, de herdeiro único dos coutos de Berdoias e Boallo; neste último lugar xa construíra unha casa, que hoxe se atopa en ruínas.

Martiño de Castiñeira casara en primeiras nupcias con María Sanches de Leis, da que tivo un fillo, Martín, nacido en 1637 (doc. 10). Da segunda muller, María

[1] No Libro 1º das Fábricas de Santiago de Berdeogas e San Pedro de Berdoias, folio 77, atópase a seguinte nota: "En la Iglesia parroquial de Sn. Pedro de Berdoyas el año de 1945 al colocar la baldosa quedó junto a la puerta de la sacristía antes de entrar en ella, a la izquierda, una lápida debajo de dicha baldosa con su escudo de armas que se dice pertenece a D. Alonso de Lema. Berdoyas 17-VIII-1948. El Párroco, Manuel Cambeiro Iglesias".

[2] Seguindo un vello costume onomástico imposto na nobreza alta e baixa, o apelido da 'estirpe' (Lema) quizais se reservara para os titulares do vínculo principal, o de Berdoias, mentres que Martiño adoptou o apelido materno, xa por ser destinado a un vínculo en principio secundario, xa por distinguirse dos seus irmáns. Os fidalgos destes séculos gozaban do dereito de escolleren ó seu gusto os seus apelidos entre os dos seus maiores, e máis dunha vez esta escolla estivo motivada pola vaidade, no caso de que o apelido da nai ou dunha avoa ou bisavoa lles parecera máis ilustre e sonoro có do pai. Isto dábase incluso entre grandes familias, especialmente de Portugal ou do sur de España (SALAZAR; 2004: 19).

Álvares de Carantoña, tería catro fillos e catro fillas.

O vinculeiro foi o fillo maior, *Martín Rodríguez de Leis*[3], o único mellorado, que herdaría os vínculos de Berdoias e Boallo. Casaría con Luisa Vermúdez de Araújo, da casa das Hedreiras (Santo Adrián de Castro, no actual concello de Zas), que trouxo como dote os coutos das Hedreiras e Mira.

O matrimonio pasou a residir nas torres das Hedreiras moi axiña, pois a súa filla, *María Quiteria Vermúdez de Leis*[4], xa non naceu en Berdoias. Sería ela a herdeira dos coutos de Berdoias, Boallo, As Hedreiras e Mira. A este patrimonio xuntarase o de Soesto ó casar co vinculeiro desta casa, Francisco de Leis Vilardefrancos. Residiron estes en Soesto, onde nacerá o novo herdeiro: Rodrigo Sancho de Leis.

Rodrigo Sancho de Leis casou cunha fidalga cántabra, Josepha V. Santiyán y Valdivieso. Contra 1749 o matrimonio marchou de Soesto (onde nacera o seu primoxénito, Joseph) para residir en Berdoias, na casa de Boallo, onde naceron os seus outros fillos e fillas.

Contra 1761 esta familia abandonou a aldea e marchou para Santiago. O vinculeiro dos distintos coutos, Joseph de Leis y Santiyán, tivo importantes cargos na capital compostelá. Casou con María del Carmen Varela y Leis –da casa de Mórdomo (no actual concello de Laxe)- e tiveron tres fillas.

A sucesora dos vínculos sería Josepha Ramona Varela y Leis, que casaría con Manuel Gutiérrez de Caviedes.

A herdanza pasaría ós seus fillos José Ignacio (esposo de Pilar Ribadeneira y Poyán) e Josefa Vicenta Gutiérrez de Caviedes y Leis (casada con Manuel Fernández Poyán), donos da metade "reservable y libre pro indiviso de los mayorazgos de Boallo y Berdoyas". Ningún dos dous matrimonios tivo descendencia e con eles extínguese a rama desta familia fidalga. Dona Josefa Vicenta, xa viúva, fixo testamento en Soesto en 1887 legando a maior parte dos seus bens ó seu sobriño político Ramón Blanco-Rajoy Poyán, avogado de Verín (Ourense), mediante un documento de "adjudicación en pago de crédito" que vai servir para prolongar o status de dependencia señorial da maior parte dos veciños de Berdoias ata os nosos días.

Segundo este documento, este avogado, que daquela tiña 30 anos, adxudícase as propiedades e os dereitos da derradeira herdeira dos Lema-Leis para saldar unha débeda que a tía política contraera con el "con objeto de atender a los gastos originados por actos privativos de la misma, y por las reparaciones y nuevas obras ejecutadas en los bienes de su pertenencia, diferentes cantidades en metálico, en diversas y sucesivas

[3] Unha vez máis vemos nun fidalgo a elección arbitraria dos apelidos, pois este Martín abandona tanto o Castiñeira como o Lema, que lle viñan polo pai, a favor do Leis materno. Ignoramos de onde procedía o Rodríguez, aínda que poida que o tomase dalgún ilustre antepasado materno. Os fillos segundóns de Martiño de Castiñeira recuperarán o apelido Lema do avó.

[4] Seguindo coa arbitrariedade (e a liberdade) da fidalguía á hora da elección dos seus apelidos, está claro que María Quiteria escolleu de primeiro o da nai e de segundo o do pai.

entregas, a contar desde el año de mil ochocientos ochenta". Dito máis claramente: resulta que desde os 23 anos, un mozo prestaba cartos a unha tía política súa xa ben maior que posuía terras, casas e dereitos reais nas parroquias de Meanos, Santo Adrián de Castro, Brandoñas, Loroño (do concello de Zas), e Berdoias, Carnés, Calo (de Vimianzo), xunto coas de Mallón, Castriz (Santa Comba) e Soesto, Sarces, Serantes, Traba (no de Laxe), etc. Todos estes bens, xunto con outros de Ordes, Arzúa, Betanzos, etc., "los he cedido con todos los derechos a ellos inherentes, en pago de crédito, por escritura pública de 24 de Agosto del año último, á mi expresado sobrino Dn. Ramón Blanco Rajoy, sin otra reserva que la de usufructuarlos y administrarlos durante los días de mi vida" (Fernández Sulleiro; 2000: 250-251).

Berdoias a mediados do séc. XIX e a principios do XX

"Tiene 46 vecinos y 315 almas, distribuídas en los lugares y aldeas de Berdoyas, Boallo, Bouza, Casasnovas, Grijoa, Pedra do Frade, Rego dos Podres y Sta. Cristina, que se asientan en 41 casas de mala construcción"

(*Diccionario* de P. Madoz, ca. 1850).

"San Pedro de Berdoias, anexo de Berdeogas, ésta del ayuntamiento de Dumbría. Hállase entre montes, y sus aguas van al río de Castro, que está al Oeste. La cruza la carretera a Finisterre. Hay escuela nacional de niños. Tiene 444 habitantes de hecho y 486 de derecho, distribuídos en las aldeas de Berdoias, Boallo, Bouza, Casanova, Pedra do Frade, Romar y Santa Cristina, y el grupo menor Rego dos Podres, con 223 edificios. En esta parroquia arranca la carretera a Muxía de la de Finisterre"

(Carré Aldao en *Geografía General del Reino de Galicia*, dir. por Carreras Candi, ca. 1927).

A partir de 1891 a familia Blanco-Rajoy gozará da titularidade dos coutos de Boallo e de Berdoias, así como doutras propiedades rexidas por unha relación económica similar: tal é o caso dos pazos de Soesto e das Hedreiras, ambos con caseiros e rendas que aínda nos tempos actuais se seguen satisfacendo.

Acorde cos tempos, prodúcese a substitución dunha familia fidalga por outra burguesa, pero iso non vai significar ningún cambio social para os veciños de Berdoias, que permanecerán na súa maior parte baixo un réxime máis ou menos señorial dependentes dun amo e baixo a vixilancia inquisitorial dun apoderado.

Nunha escritura de venda de 1985 lemos que "María Somoza Blanco-Rajoy es dueña, con carácter privativo, de la siguiente finca, sita en términos de la parroquia de Berdoias, Municipio de Vimianzo: Coto de Boallo, Bouza, Pedra do Frade y Santa Cristina. Es un conjunto de predios rústicos y urbanos comprendidos dentro de los límites siguientes (detállanse os lindes)". Noutra escritura detállanse as posesións doutra propietaria, Mercedes Blanco-Rajoy, que tamén tiña parte do couto de Boallo: "es dueña, con carácter privativo, de la siguiente finca (...): Coto de Boallo, compuesto por varias casas, hórreos, un crucero, molino, múltiples fincas rústicas a monte, labradío y prado, lindantes entre sí, caminos, servidumbres, muros, etc., y de la que se excluye el dominio útil de pequeños enclaves forales".

Cada veciño tiña que pagar unha renda ás señoras polo uso da terra. Como non todos tiñan a mesma cantidade de terra, tampouco todos pagaban a mesma cantidade. A renda pagábase en ferrados de trigo; cada veciño tiña fixado, desde tempo inmemorial, un número

determinado de ferrados. Desde finais do séc. XIX xa non lles dan ós señores o gran, senón o seu valor en cartos. Ata máis ou menos 1950 había montes comunais nos que pacía libremente o gando dos veciños, pero a partir desta data os señores mandaron pechar eses montes, que foron repoboados. Ata os anos corenta do séc. XX os veciños podían dispoñer das árbores que había nos montes que traballaban, pero o incremento do valor da madeira trouxo cambios, de tal xeito que os señores, por medio do apoderado, prohibiron a corta. Por este motivo, en 1947, un veciño no cárcere sen xuízo un ano completo, polo 'grave delito' de cortar sen permiso uns piñeiros do monte por causa do casamento dunha filla.

Eran os anos duros da ditadura franquista. Tras a morte de Francoa (1975), pensouse que a democracia ía traer unha solución ó secular problema social de Berdoias. Non o houbo, pois as cousas cambiaron pouco ou nada.

Non nos imos estender aquí en todos os avatares políticos e xurídicos desde 1975 ó ano 2000. Só daremos unhas pinceladas: en 1980 o Parlamento español presenta un proxecto legal de Arrendamentos Rústicos, recollendo nunha Disposición Transitoria estas circunstancias históricas. O tratamento resultou axeitado no seu paso polo Congreso dos Deputados no sentido en que se recoñecían os dereitos das partes en coherencia coa natureza histórica do tema. Pero ó pasar polo Senado, un grupo de senadores entre os que se atopaba o presidente da Cámara Agraria provincial da Coruña (neto do avogado que se fixera cos dereitos das rendas de Berdoias en 1887), por medio do senador M. Iglesias Corral, cambian totalmente a fórmula proposta no Congreso de tal xeito que aparecerá transformada nunha simple prórroga de seis anos.

Cando estaba a piques de esgotarse esta prórroga (1985) os veciños berdoieses afectados coñecen por casualidade o que lles esperaba: o inmediato desafiuzamento. Tras unha chea de xestións, conséguese que o Parlamento de Galicia prorrogue por dous anos máis a disposición transitoria (aprazamento recorrido polo Delegado do Goberno diante do Tribunal Constitucional, que con todo terminaría sentenciando un veredito favorable ó aprazamento). En 1987 o Parlamento español volverá decidir un segundo aprazamento de cinco anos, co fin de habilitar medidas que desen saída á problemática histórica.

En marzo de 1991 o desaloxo duns caseiros de Larín (Arteixo) saíra nas primeiras páxinas dos xornais e escandalizara á opinión pública: ¡a fins do séc. XX uns labregos eran expulsados das súas pobres casas e escasas terras! O Goberno do Estado viuse na obriga de preparar outra prórroga, que se aprobou no Parlamento español o 10 de febreiro de 1992. Tamén a Xunta de Galicia tivo que levar o caso ó Parlamento galego, onde se aprobou outra prórroga de doce anos en coherencia coa sentenza do Tribunal Constitucional.

Esgotadas as prórrogas do Parlamento español, no remate do ano 2000 os veciños de Berdoias atopáronse baixo o disposto no texto do Parlamento de Galicia. O tratamento que neste Parlamento se lle dera era correcto no senso de situar a problemática no contexto histórico das relacións agrarias de Galicia, así como o seu encadramento no Dereito Consuetudinario Galego, pero fallaba cando volvía deixalo

en fase de prórroga ata o ano 2005 e as medidas que apuntaba para solucionalo caían na mesma trampa nas que se viñan propoñendo no rosario de aprazamentos, que nada solucionaran, porque as prórrogas estaban pensadas para a promoción da actividade agraria como empresa, e o problema berdoiés é sobre todo social. Para faceren valer os seus dereitos os veciños terían que emprender custosos e longos xuízos que non están ó seu alcance.

Co problema social berdoiés sen solucionar damos remate a esta introdución necesaria que contribúe a explicar a idiosincrasia particular desta parroquia. As circunstancias peculiares desta freguesía retrotráennos en moitos aspectos ós séculos pasados, pois para a máis mínima reforma das casas, por exemplo, os caseiros precisan do permiso expreso do apoderado dos *amos*, que aínda nos tempos que andamos se seguen denominando así, á antiga usanza, coma no *Ancien Régime*. Trátase, logo, dunha parroquia netamente rural que se mantivo con moi poucos cambios ó longo de case 400 anos. Unicamente a emigración, primeiro á América (desde o último terzo do séc. XIX) e despois a Europa (sobre todo a Suíza) no último terzo do séc. XX, alterou a súa forma de vida ó longo dos anos.

Non sabemos se o particular problema berdoiés, único en toda a súa redonda (ningunha parroquia das lindeiras o padeceu nin padece), tivo algo que ver ou non coa onomástica dos seus fillos e fillas. En todo caso, coidamos inxusto falar desta parroquia sen mentar o problema social que padece[5].

LEMA OLD

[5] O que si é de xustiza é facer mención de Ramón Romero Carril, cura párroco de Berdoias desde 1977, que foi a persoa que máis loitou polos dereitos históricos dos seus fregueses en canto se decatou do problema social que sufrían. Anos e anos de loita petando nas portas de todos os partidos políticos e relevantes persoeiros. En 1999 elaborou un completo dosier que entregou a cada veciño para que ningún 'lume' parroquial esquecese os motivos da loita colectiva, para que ninguén esquecese os seus dereitos históricos. Deste dosier tomamos moitos dos datos que acabamos de expresar.

Mapa 1: *Situación xeográfica de Berdoias*

Mapa 2: Berdoias e as parroquias da súa redonda



Mapa 3: A parroquia de Berdoias e os seus lugares

II. A ONOMÁSTICA DE BERDOIAS. OBXECTIVOS

Con este traballo pretendo facer unha cala nos nomes de persoa dunha comunidade rural galega, a parroquia de San Pedro de Berdoias, que nos permita observar os cambios onomásticos habidos ó longo dos séculos XVII, XVIII, XIX e XX.

Loxicamente, o obxectivo final son tanto os nomes masculinos coma os femininos. Non obstante, a amplitude do traballo forzoume a limitalo nun principio e de momento ós nomes masculinos –polos que empezara a investigación, vendo que había unha maior variedade-, deixando os femininos para unha nova entrega. Con esta achega pretendo dar unha visión, polo menos parcial, da historia onomástica de Galicia.

O método seguido foi sinxelo, de elaboración propia, a medida que se ía profundizando na investigación: primeiro un estudo exhaustivo, partida a partida, de todos os bautizados que aparecen inscritos nos libros do Arquivo Parroquial de Berdoias, de 1607 á actualidade. En total, foron 3493 rexistros, o que supoñen outros tantos bautizados e bautizadas de Berdoias: 1792 nenos e 1701 nenas.

Nesta primeira fase (nomes masculinos) marqueime os seguintes **obxectivos**:

1º. Determinar cales forons os nomes masculinos máis frecuentes da historia onomástica de Berdoias (de 1607 a 2000).

2º. Realizar un estudo pormenorizado de cada un destes 161 nomes berdoieses, tanto como nome principal (NP) como nome secundario (NS).

Para iso elaboramos unha **ficha** específica para cada nome, na que se expoñan os datos principais, se narre unha breve historia da súa presenza na parroquia (especialmente como se introduciu e como se foi espallando) e se analicen as causas da súa imposición e propagación, etc. Esa ficha remata co apartado de 'Datos básicos', no que aparecen todos os bautizados que levaron ese nome, xunto cos dos pais e padriños.

3º. Realizar un estudo diacrónico dos principais nomes masculinos de Berdoias, por séculos, para ver cáles eran os nomes de máis uso en cada centuria e determinar as causas dos cambios observados.

4º. Efectuar unha relación comparada de todos os nomes masculinos usados nesta parroquia século a século (do XVII ó XX).

5º. Determinar cáles foron os nomes de maior antigüidade e cáles os máis recentes

da onomástica histórica berdoiesa. Establecer comparanzas, no posible, entre a vida dos nomes e a vida dos homes.

6º. Analizar as innovacións onomásticas de cada século e esculcar as causas da introdución dos novos nomes.

7º. Investigar cándo empeza o uso xeneralizado dos nomes compostos. Ver se iso puido ser ou non un medio de innovación onomástica, de prestixio social, etc.

8º. Determinar de quen toma o nome o bautizado: ¿dos pais, dos padriños, da festa onomástica do día en que nace, do crego oficiante do bautismo, dunha devoción específica, dunha moda pasaxeira, etc.?

9º. Investigar se houbo nomes reservados para certas clases sociais, en particular para a fidalguía dos séculos XVII e XVIII.

10º. Indagar se houbo 'nomes-estigma', destinados ós chamados "fillos ilexítimos" ou de baixa extracción social.

11º. Analizar o desenvolvemento da castelanización dos nomes desde os primeiros anos do estudo á actualidade. Ver tamén en qué medida lograron resistir as formas galegas dalgúns nomes. Observar se nas últimas décadas se rexistrou algún tipo de recuperación de nomes con formas galegas.

LEMA OLD LEO

III. Problemas e dificultades na investigación: deterioramento dos libros de bautizados e defectos das partidas

Como xa advertín, para esta investigación baseeime case exclusivamente nos libros de bautizados de Berdoias, conservados no arquivo parroquial desta freguesía. Son os seguintes[6]:

-Libro 1º de Bautizados de Sn. Pedro de Berdoyas (1607-1746),
-Libro Nuevo [2º] de Bautizados de Berdoyas (1746-1818),
-Libro 3º de Bautizados de Berdoyas (1819-1855),
-Libro 4º de Bautizados de Berdoyas (1854-1899),
-Libro 5º de Bautizados de Berdeogas –desde 1894- y de Berdoyas –desde 1899- (1899-1910),
-Libro 6º de Bautizados de Berdeogas y Berdoyas (1910-1932),
-Libro 7º de Bautizados de Berdeogas y Berdoyas (1932-1945),
-Libro Octavo de Bautizados correspondientes a las parroquias de Santiago de Berdeogas y S. Pedro de Berdoyas. Comienza el 1º de Julio de 1945 (1945-1960),
-Bautizados de Berdeogas y Berdoyas (1960-1977) e
-Libro X de Bautizados de Santiago de Berdeogas e S. Pedro de Berdoias (8 decembro 1977 [á actualidade].

De todos os libros de bautizados do arquivo parroquial de Berdoias, o *Libro 1º*, que empeza a principios de 1607 e que chega ata case mediados do séc. XVIII, é o que se atopa en peor estado e no que a investigación resultou máis dificultosa[7].

O Libro 1º de Bautizados de Berdoyas (1607-1746) consta de 107 folios, na súa maior parte bastante estragados, especialmente polos vértices superiores, o que nos impediu, de principio, ver a súa numeración. Non obstante, grazas a que varios dos folios centrais aínda conservaban os algarismos, puidemos reconstruír a numeración desde o principio ata eses folios centrais e completala desde aquí ó final.

[6] O meu agradecemento ó párroco de Berdoias polas facilidades dadas para a consulta destes libros e por todas as súas valiosas aclaracións e suxestións.

[7] Con todo, foi unha sorte contar cun libro de bautizados do séc. XVII, e desde os seus inicios (aínda que incompleto e coas deficiencias citadas), pois non todos os arquivos parroquiais contan xa con exemplares desta centuria.

Conservan a numeración con algarismos arábigos os folios 16, 18, 19, 28, 30, 31, 32, e do 36 ó 49. A partir deste último (que remata no bautizado Domingo, nado o 22-5-1707) hai unha equivocación, pois, en vez de grafar 50, gráfase 60 (primeira partida: Antonio, que nace no mes seguinte do anterior, o 14-6-1707, polo que se demostra que neste "salto" non faltan partidas por rexistrar).

Optamos por seguir a nova numeración –a pesar da equivocación reseñada-, pois do folio 60 (ano 1707) ó 84 (ano 1733) apréciase na parte superior dereita con meridiana claridade. A partir do fol. 85 –no que só de albisca o 8- ata o final xa non é posible seguila, debido ó estragamento das esquinas dos folios.

Por outra banda, quizais debido ás ordes da Visita Pastoral de 1703 pola que se ordenaba escribir as partidas con letra "sin guarismo alguno" (doc. 33), neses mesmos folios centrais apréciase xustaposta unha numeración con letra que para nada coincide coa dos algarismos. Como esta numeración aínda se atopa máis estragada cá arábiga, optamos por seguir esta.

Noutra orde de cousas, este primeiro libro dos bautizados berdoieses non recolle na súa totalidade, nin moito menos, as partidas de todos os nenos e nenas nados na parroquia durante o período indicado, principalmente as do séc. XVII. O libro empézase en 1607 –quizabes a resultas da Visita Pastoral do coñecido cardeal-cóengo Jerónimo del Hoyo- e non dá a impresión de que se rexistraran partidas anteriores. Sen unha razón de peso coñecida, déixanse sen anotar as partidas de case 30 anos: as comprendidas entre 1618-1628 (10 anos) e entre 1673-1692 (19 anos), e non porque falten os folios, pois no anverso do 9º só se anotan dúas partidas de 1618 quedando o reverso en branco, e no 10º xa aparecen sen máis as primeiras de 1628; a cousa aínda está máis clara no fol. 35, que no anverso rexistra dúas partidas de 1673 e no reverso a primeira de 1692.

En suma, que da primeira das centurias estudadas (séc. XVII) carecemos de datos de 35 anos (de 1601-1606, de 1619-1627 e de 1674-1691) e unicamente os temos dos 65 restantes (1607-1618; 1628-1673 e 1692-1700).

A maior abundamento, nos períodos dos que dispoñemos de datos, estes son tan pouco regulares que non levan a pensar que os cregos responsables ou os seus escribáns non anotaban a todos os nados e cristianizados da súa freguesía. Tendo en conta que, segundo a información de J. del Hoyo (1952: 383), Berdoias só contaba en 1607 con 20 veciños (uns 70 ou 80 habitantes como moito), entra dentro da lóxica que a media de nacementos por ano no primeiro período de 12 anos (1607-1618) fose de 3,8 nenos/as (unha media de 3 ou 4 partidas por ano, coa excepción dos anos de 1607 e 1617 nos que houbo 7, e no de 1610 no que houbo 6)[8].

[8] Xa pola escaseza de poboación da parroquia, xa porque non se pasaban ó libro as partidas de todos os bautizados e bautizadas, o certo é que na maior parte deste libro as partidas son máis ben escasas de ano en ano. Deste xeito, no fol. 2 (aº e rº), do ano 1607, aparecen 7 partidas; no fol. 3 (ano 1608), 6 partidas; no fol. 4 (anos 1609-1611), 9 partidas; no fol. 5 (ano 1613), 9 partidas; no fol. 6 (anos 1614-1616), 8 partidas; no fol. 7 (1616-1617), só 3 partidas no anverso (o reverso en branco); no fol. 8 (ano 1617), só 3 partidas no anverso (o reverso en branco); no fol. 9 (1618), só 2 partidas no anverso (o reverso en branco). Xa advertimos que faltan de 1618 a 1628.

Non obstante, no período que vai de 1628 a 1673 hai dúas partes moi claras: a primeira que vai de 1628 a 1661, e a segunda que vai de 1662 a 1692. Na primeira, de 34 anos, unicamente se anotaron 75 bautizados, o que dá unha media de pouco máis de 2 partidas por ano, que é o que se observa a primeira vista observando o *Cadro 1* ('Número de nacidos/as por ano e porcentaxes (totais e sobreviventes á infancia)'è p. 43); moi poucas partidas anotadas –ningunha en 6 anos (1631, 1645, 1648, 1651, 1653 e 1659)-, quizais por neglixencia do párroco e/ou dos seus axudantes (o reitor foi, desde 1628 –polo menos- a 1652, Joan Romero da Costa y Leis; tamén aparecen asinando partidas o bacharel Alberto Romero de Leis –que foi o párroco seguinte- e o vicerreitor Lorenço Fernandes)[9].

O novo párroco, Alberto Romero de Leis (de 1658 a 1661), ó comezo do seu período como reitor escribe o seguinte: "Memoria de los bautizados en esta frª. de San Pº. de bordoyas desde qe. yo el [bachiller] Alberto Romero de Leys soy Rºr. deste benefiçio desde henº. del año de 1658" (*Libro 1º*, fol. 19, aº). Só escribiu dúas partidas, as dúas no anverso deste folio, iniciando unha terceira que deixou incompleta: "[á marxe: "Mª] En beynte y uno de otubre digo beynte y tres de otubre yo el (...?) Alberto Romero de Leys Ror. del benefiçio de berdeogas y su anejo baptise una hija a..." (*Libro 1º*, fol. 19, aº).

No reverso deste folio 19, con outra letra, aparecen novas partidas, desde xaneiro de 1660, asinadas por Alonso de Ulloa, vicerreitor de Berdeogas e Berdoias. En maio de 1662 toma posesión o novo párroco Francisco Gómez de Rioboo (*Libro 1º*, fol. 20, rº).

Quizais debido ó cambio de párroco (F. López de Rioboo, que o foi de 1662 a 1673, polo menos, pois a partir deste ano nada sabemos del), no seguinte período do que temos datos (1662-1673: 12 anos), increméntanse moito o número de partidas pasadas ó libro: 91, o que dá unha media anual de entre 7 e 8 (son varios anos de máis de 10 partidas, e mesmo en 1670 se deron 16)[10]. ¿Houbo un incremento de natalidade tan notorio a partir de 1662 coincidindo coa entrada dun novo crego? Certo que a poboación seguramente empezou a aumentar ben entrada a segunda metade do século, pero o paso de 2 nacidos/as anuais a 7, 8 e mesmo 10 ou 11, parece algo esaxerado.

[9] Nestes anos as partidas seguen sendo escasas e moi distanciadas. Así, no fol. 10 recóllense entre o anverso e o reverso todas as partidas entre os anos 1628 e 1631 (só 6 partidas); no fol. 11, as partidas de 5 anos (1632-1637): 9 en total; no fol. 12 as de 4 anos (1637-1641): outras 9; no fol. 13 as de 2 anos (1640-1642): 8; no fol. 14 as de 2 anos (1642-1644): 8; non hai ningunha partida do ano 1645; no fol. 15, as de 6 anos (1646-1652): 9 partidas; no fol. 16 as de 3 anos (1652-1655, con unha de 1650 polo medio): 7 partidas; no fol. 17 as dos anos 1655 e 1656 (9 partidas); no fol. 18 só 4 partidas (todas de 1657); no fol. 19 as do período 1658-1660 (7 partidas).

[10] A partir de 1661 os períodos xa se van facendo máis regulares: un ou dous anos para cada folio (aº e rº): fol. 20 (1661-1662); fol. 21 (1662-1663); fol. 22 (1663); fol. 23 (1664); fol. 24 (1664-1665); fol. 25 (1665); fol. 26 (1665-1666); fol. 28 (1667-1668); fol. 29 (1668-1669); fol. 30 (1669); fol. 31 (1669-1670); fol. 32 (1670-1671); fol. 33 (1670-1671); fol. 34 (1671-1672). No fol. 35 aparecen no anverso só dúas partidas de 1672 (a última datada o 12-12-1672), e no reverso unha única partida datada o 2-1-1692: foi ese "salto" inexplicable de vinte anos.

A boa disposición do párroco F. Gómez de Rioboo no tocante á anotación das partidas é verdadeiramente importante, e iso apréciase xa na súa primeira partida (doc. 24), con moi boa letra, sen a anarquía habitual da época no uso das maiúsculas e minúsculas, e poñendo máis datos dos que se estilaban pola época (despois xa será máis escueto). Con todo, tal disposición mingua notoriamente no ano 1672 (só 3 partidas)[11], posiblemente porque algo grave lle debeu suceder, quizabes unha doenza que o levou á morte. Coa semente exemplar deixada por este párroco non é doado de explicar que quen o sucedera non se preocupase o máis mínimo por anotar os nacementos ó longo dos case 20 anos posteriores (de 1674 a 1691).

En 1692 restablécense as anotacións, cunha media moi semellante á do período de F. Gómez de Rioboo: unha media superior a 9 partidas anuais en 9 anos (de 1692 a 1700). En 1693 entra como reitor parroquial Antonio de Montoto, outro crego dilixente que, xunto cos variados axudantes que tivo como oficiantes de cerimonias bautismais (os vicerreitores Pablo Alvares Veçerra e Juan A. López Freire, os presbíteros Francisco e Bartholomé de Leis y Caamaño, etc.), deu un bo exemplo normalizador das partidas bautismais, polo menos ata 1723, ano en que debeu finar[12].

A xulgar polo incremento de nacementos por ano, a poboación berdoiesa medrou considerablemente a partir de 1660. A medida que nos achegamos ós anos finais deste século parece manterse esta tendencia positiva, que se verá aumentada aínda máis ó longo da primeira metade do séc. XVIII.

Aínda que neste Libro 1º non aparece, sabemos que nas Visitas Pastorais de 1724 se lle advirte ó párroco que "ponga en asiento de párvulos o anoten su muerte en la partida de bautismo" (Rodríguez Ferreiro; 1977: 192). Estas anotacións á marxe nas partidas de bautismo non se empezarán a facer en Berdoias ata 1740, neste mesmo primeiro libro, e quizais de forma non moi regular. Para termos coñecemento do incremento real poboacional destes séculos sería preciso acudir ós Libros de Defuncións, pero aínda así con moitas reservas, pois para moitos especialistas os Libros de Defuntos das parroquias son os que ofrecen menos garantías, "los peor llevados sin ninguna duda" (Rodríguez Ferreiro; 1977: 191).

De 1738 a 1746 hai unha media de catro ou cinco partidas por folio, pois o párroco Joseph de Cervigón redáctaas máis extensas e con letra máis grande. Agora, por termo medio, a cada ano correspóndelle folio e medio –ás veces dous-, sendo a media de nacementos semellante á anterior (uns 10 por ano).

[11] A única partida que temos de 1673 vennos dada "de rebote", pois foi redactada uns 80 anos despois, en 1752; trátase da do fidalgo Alonso de Lema y Carantoña, fillo de Juan de Lema y Carantoña e de María Rodríguez, solicitada por el mesmo; como non se achara no Libro de Bautizados de Berdoias, solicitouse a copia que no seu día fora remitida ó Arcebispado de Santiago, e desta copia tomáronse os datos para que constase no arquivo berdoiés; por certo, que o oficiante da cerimonia bautismal aínda fora o párroco Francisco Gómez de Rioboo (Doc. 28). ¿Cal sería a causa de que este crego non seguise pasando ó libro as partidas?

[12] Cando a partir de 1692 se volven anotar as partidas (nas que xa non aparece a sinatura do párroco F. Gómez de Rioboo, e si a do vicerreitor Pablo Alvarez Veçerra), cada folio vai corresponder por termo medio a un ano, cunha media de entre 10 e 12 partidas por folio. Así se mantén ata polo menos 1738 (fol. 90, rº). Vese ás claras que a natalidade increméntase, pois, grosso modo, a cada folio corresponde un ano de partidas.

A proba do incremento poboacional da parroquia ó longo da primeira metade do séc. XVIII está no reconto que nós mesmos fixemos baseándonos nos datos proporcionados polo Catastro de Ensenada (1753): 87 veciños e 339 habitantes (unha media de 3,8 hab. por casa). Nos 146 anos que van da Visita de J. del Hoyo (1607), Berdoias triplicou a poboación veciñal: do 20 veciños pasouse a 87 (gañáronse 57).

--- o ---

Volvendo ós primeiros folios do Libro 1º que estamos a analizar, e continuando coas posibles deficiencias, a primeira vista semella que só hai verdadeiro interese en rexistrar os bautizados da familia fidalga da freguesía e de labregos máis ou menos notables. Abonde con observar, malia o mal estado e difícil lectura dos primeiros folios, como non falta ningún dos fillos e fillas do capitán e fidalgo Alonso de Lema II e da súa muller María Franqueira, que aparecen anotados case inmediatamente uns despois dos outros: Pedro (n. 1608), no fol. 3, aº; María (n. 1610), no fol. 4, rº; Teresa (n. 1613), no fol. 5, aº; Martín (n. 1615), no fol. 6, aº; o primeiro Alonso (n. 1617), no fol. 7, aº); o segundo Alonso (n. 1618), no fol. 9, aº (docs. 2, 3, 4, 5, 6, 7)[13]. Aparece asinando estas partidas *Pedro de Castiñeira*, o primeiro párroco de Berdoias de nome coñecido.

Un pouco máis espaciados aparecen os nove fillos do seu fillo Martín de Castiñeira -entre 1637 e 1664: folios 11, rº-23, aº (docs.10, 12, 13, 15, 16, 20, 22, 23)-, pero pouco máis. Malia a probable "preguiza" redactora do párroco destes anos á hora de facer a anotación das partidas –só facía unha media de 2 por ano, lembrémolo-, podemos asegurar que non quedou por pasar ó libro ningún dos fillos e fillas do fidalgo de Boallo; polas partidas mesmo descubrimos a existencia de dous fillos deste fidalgo que non figuraban nos tratados xenealóxicos habituais da fidalguía galega: Sancho (n. en 1643) e Lorenza (n. en 1661) [docs. 12 e 23].

Como asinante de case todas estas partidas –polo menos ata 1650- aparece o segundo párroco berdoiés de nome coñecido, *Joán Romero da Costa y Leis*, que ás veces non parecía ter moito esmero nalgunhas anotacións: nunha partida de 1635 deixa en branco os nomes de dous bautizados e dos seus padriños; só se lembra de escribir os nomes dos pais (doc. 9)[14].

[13] Unicamente faltan o fillo maior, Sancho de Lema, que naceu antes de 1607 –antes, polo tanto, da apertura deste Libro 1º-, e o menor, García Lois de Lema, que naceu posiblemente entre 1618 e 1628, un dos períodos nos que non se anotaron as partidas.

[14] Como xa veremos noutro lugar, este crego debeu ter un particular empeño en reflectir nas partidas por el asinadas os nomes que realmente se dicían, e algúns deses nomes aínda tiñan formas galegas. No período da súa reitoría recupéranse formas de nomes galegos que xa se atopaban castelanizadas desde principios do século: Joan, Domingos, Christobo, Mariña, Catharina, etc. Non nos imaxinamos neste eclesiástico rural do séc. XVII unha conciencia medianamente "galeguista" ó estilo da que parecía ter D. Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar, a principios da centuria, quen, como se sabe, escribía parte das súas cartas privadas en lingua galega e tiña querenza por ela (MARIÑO PAZ; 1999: 214 e ss.); máis ben teremos que pensar que este párroco berdoiés non facía outra cousa que respectar fielmente a realidade social do momento escribindo os nomes tal cal os dicía a cotío a maior parte da poboación, toda ela galegofalante. O historiador P. SAAVEDRA (1994: 326) afirma que ata ben avanzado o séc. XIX os labregos pronunciaban todos os nomes propios en galego. Con todo, advirtamos que este crego foi unha 'rara avis' no seu tempo, practicamente o único que obrou así.

Moitos anos máis tarde, en 1703, un Visitador pastoral advirte moi seriamente ós curas de que non deixen "blancos en ellas [refirese ás partidas] ni nombres ni apellidos de los P[adr]es y Padrinos ni otra cosa...", ¡baixo pena de excomuñón maior!; en concreto, ordena ó párroco daquel momento que cubra os brancos das partidas primeira e segunda da volta do folio 59, "escriviendo enella los nombres y apellidos de las p[erson]as que asistieron y fueron padrinos en los baptismos que ellas mencionan" (doc. 36). Por culpa da caótica foliación do Libro 1º, foinos imposible localizar esas partidas do reverso do folio 59, que sen dúbida facía referencia á antiga foliación do libro, posto que na nova o texto desta Visita está no folio 46.

Os fidalgos, facendo honra ó significado etimolóxico do seu nome –"fillos d'algo"- deberon ser os máis interesados en que as súas partidas de nacemento se anotasen nos libros e non se esquecesen, pois nelas quedaba xustificada a súa pertenza a unha ilustre familia, garantía dos seus privilexios de clase. Nos protocolos xustificatorios da condición de fidalgo, por forza tiñan que ser necesarias as partidas de nacemento, coas que se podía probar mesmo a limpeza de sangue ("limpio de toda mala raza de moros, judíos y de otra secta reprobada", como se expresaba nalgúns expedientes de fidalguía deste século e do seguinte). Deste xeito, cando por calquera razón a súa partida non aparecía nos libros, poñen todo o seu interese en incluíla con efecto retroactivo. Algunha motivación especial debería ter o xa octoxenario Alonso de Lema y Carantoña, en 1752, para que constase oficialmente o seu nacemento en Berdoias en 1673; por unhas cousas ou por outras, obrigou ó parroco dezaoitesco Joseph de Cervigón a pedir información ó Arcebispado de Santiago (doc. 26). Esta partida entraba no longo período de case 20 anos (1673-1692) que os sucesores do párroco Francisco Gómez de Rioboo 'esqueceran' de pasar, por causas que descoñecemos, ó libro de bautizados[15].

A desorde cronolóxica nas partidas ó longo do séc. XVII é habitual, pois non é raro que aparezan en ocasións as máis modernas antes cás máis antigas. Se isto se daba nas partidas dos fillos dos fidalgos –nos que o cura procuraría poñer máis atención polo interese que estes amosaban nos asentos-, qué non se daría nas dos fillos dos labregos. Desta maneira, a partida do terceiro fillo do capitán Martín de Castineira, Pedro, nado o 12-7-1647, aparece no anverso do fol. 15 (doc. 15); no reverso do mesmo folio 15 aparecen dúas partidas de 1650 –correspondentes ós bautizados Vinçente e María- e a da súa irmá Dominga, nacida o 10-9-1649 (doc. 16). No fol. 15, rº tamén aparece a partida de Catalina, nada o 10-10-1651, filla de García Lois de Lema (irmán menor de Martín de Castiñeira), mentres que a de Sancho de Lema, o seu irmán maior, nado o 4-5-1650, aparece no fol. 16, aº (doc. 17). ¿Esquecería o crego de anotar no libro o fillo maior e subsana o seu fallo cando o pai e os padriños van bautizar a filla seguinte? Estes esquecementos deberon ser moi habituais, en especial cando falece un párroco

[15] Así e todo, chama a atención que o menor dos fillos de Alonso de Lema II e de María Franqueira, D. García Lois de Lema –que acabamos de citar na nota anterior–, non se preocupase de que a súa partida de nacemento figurase no libro.

e tarda en ser nomeado o seu sucesor, que foi o que seguramente aconteceu neste caso; o párroco Joan Romero da Costa y Leis debeu finar contra 1650, e encargouse o bacharel Alberto Romero de Leis de oficiar as cerimonias bautismais e efectuar os asentos, algúns deles sen dúbida con efecto retroactivo: iso é o que explica que nun principio se engane á hora de escribir o ano de nacemento do infante, que pensa que é 1649 en vez de 1650 (na partida aparece tachado "y quarenta y n[uebe]" [doc. 17]).

Xa entrado o séc. XVIII as desordes cronolóxicas e os trasacordos diminúen, pero non deixa de habelos de cando en vez: así, a partida de Anxel (n. o 22-2-1718) aparece antes cá de Lucas (n. o 25-2-1718), e a de Luiça (n. o 15-3-1718) aparece antes cá de Ignaçia (n. o 19-2-1718). En febreiro de 1725, con motivo do bautismo de Dominga, filla de Paulos de Canosa e de Maria Basques, inscríbese a partida doutra filla deste matrimonio, María, nada o 23 de marzo de 1723, e que non fora inscrita no seu día por causas que descoñecemos (*Libro 1º*, fol. 74, aº).

Entre as confusións e esquecementos tamén están as datas, que ás veces se escriben malamente por encima dalgunha das liñas, como acontece coa partida do doc. 41, na que se esqueceu de poñer con letra o ano, facéndose despois.

As moitas ausencias que seguramente houbo de partidas bautismais vense compensadas nunha parte –ínfima- por algunhas repeticións: no ano de 1670 repítense dúas veces as partidas de polo menos catro bautizados: Joseph (fillo de Juan de Leis e María Rodrigues), Antonia (filla de Juan Domínguez e Dominga Sánchez), Juan (fillo de Juan Paz e María de Canossa) e Domingo (fillo de Juan de Lavandeira e Dominga Paz); ademais dos mesmos pais, en todos os casos tamén teñen os mesmos padriños e madriñas nunha partida e outra. En 1672 tamén se repite a partida de Phelipe de Leis (fillo de Pedro de Leis e Cathalina Paz) [*Libro 1º*, fol. 34, rº].

--- o ---

En fin, aínda que nos seguintes libros de bautizados fóronse mellorando os asentamentos das partidas, non por iso deixou de haber fallos notorios, ás veces xa advertidos polos seus propios redactores. Limitarémonos a sinalar algúns deles.

No doc. 100 reprodúcese unha nota á marxe no texto dunha partida de 1866; nela, o pai da bautizada declara que ten na súa partida o nome de Bernardo cando fora toda a vida coñecido como Joaquín; o afectado amósase moi interesado non só en deixar claro cal é o seu nome verdadeiro, senón tamén en legalizar o seu apelido, Leis, que era o do seu avó lexítimo, Manuel Leis, pai de Bárbara, a súa nai natural, que levaba –ou levara- o apelido materno de Pérez "como entonces se estilaba". Esta nota á marxe repítese nas partidas de todos os fillos do tal Bernardo Joaquín de Leis.

Noutra nota á marxe nunha partida dun neno nacido ese mesmo ano de 1866, de nome Ramón Rodríguez, dise o seguinte: "El padre y padrinos de este niño manifestaron que el primer nombre que recibió en el bautismo fue el de Andrés, con el que se le conoció siempre". [asdo.: José Brabo] (*Libro 4º*, fol. 52, rº). ¿Quen lle impuxo, logo, o nome de Ramón no bautismo? ¿O oficiante? Seguramente houbo

moitas equivocacións ou arbitrariedades deste tipo, e moitas delas non se detectaron posto que os afectados non precisaron na vida certificado ningún de bautismo.

Un caso semellante aparece no ano seguinte, en 1867, pois a bautizada Josefa Ignacia Baliña aparece á marxe unicamente co nome de Manuela (*Libro 4º*, fol. 60, aº).

En 1870, o crego que bautizou a Vicente Barrientos esqueceu poñer o nome dos padriños; quizais nin se molestou, dado que o neno morreu párvulo (*Libro 4º*, 80, rº).

En 1887, na partida de Inocencia, filla natural de Manuela Pérez, dáse o nome dos avós paternos no canto dos maternos (*Libro 4º*, 166, rº).

Nunha partida de 1917 os nomes e apelidos dos padriños quedaron sen poñer (*Libro 6º*, 76, aº); noutra do mesmo ano só se pon o nome do bautizado –Severino- e do seu pai –Baltasar Antelo-; o resto en branco (*Libro 6º*, 78, aº).

Malia todas as medidas, os esquecementos continuaron, en todo tempo e lugar. En 1917 aparece esta nota nunha das marxes: "Aquí corresponde estar inscrita la partida de Placer Cóo que se halla en el Libro VIII, folio 33, número 18 del ano 1947" [asdo.: Manuel Cambeiro Figueiras] (*Libro 6º*, 81, aº).

Os despistes seguen estando á orde do día; así, o párroco Andrés D. Pazos, na partida de J. Paz Castro (23.6.1940), di que é neta paterna de José Castro e materna de Estrella Paz, cando polos apelidos tiña que ser ó revés (*Libro 7º*, 121, aº).

Moitas destas deficiencias das partidas foron subsanadas polos propios interesados anos despois; deste xeito, na de J. Barrientos Peña (n. en 1945), fillo de R. Barrientos Pazos e neto de D. Barrientos, aparece unha nota á marxe coa seguinte aclaración: "O primeiro apelido do bautizado, pai e avó é Pazos e non Barrientos" (*Libro 8º*, fol. 3, aº).

Noutra partida dunha bautizada, P. Coo, nacida en 1917, figura en 1947, cunha nota á marxe: "Esta partida corresponde estar en el Libro 6º de Bautizados, folio ochenta y uno, año 1917" [asdo.: Manuel Cambeiro Figueiras]. Ó final da partida hai outro engadido: "Yo el cura-párroco de Santiago de Berdeogas y de San Pedro de Berdoyas, D. Manuel Cambeiro Figueiras inscribí esta partida con autorización y mandato del Sr. Vicario General del Arzobispado el primero de Junio de mil novecientos cuarenta y siete" (*Libro 8º*, fol. 33, aº). Un caso semellante a este é o que se expresa no doc. 110: o cura Cambeiro dá asento en 1947 a unha muller, Elisa, nacida na Arxentina en 1910 e bautizada en Berdoias en 1915, á que o párroco daquela época esquecera de inscribila no libro correspondente. Non soamente tivo despistes o párroco da segunda década do séc. XX, pois unha partida de 1934, de E.L.P., que correspondería ó *Libro 7º*, aparece entre as partidas de 1951, no *Libro 8º*; o párroco Cambeiro volve facer o asento coa correspondente autorización do Vigairo do Arcebispado (*Libro 8º*, 85, aº).

Taméns hai bautizados coa partida repetida: o párroco I. Sendón repite en 1953 a partida de D.I.M., nacido o 4-12-1952 e bautizado o 14-12-1952 (*Libro 8º*, fol. 135, rº e 137, rº); na segunda advirte do fallo nunha nota ("Véase folio nº 31"; é dicir: a partida 31).

As partidas omitidas, os datos incompletos e outras anomalías deberan ser abondas nas décadas de 1950, 1960 e 1970, en especial nos últimos anos do párroco Jesús Concheiro,

que tivera bastantes despistes, pois ó ano seguinte de tomar posesión o párroco Ramón Romero envía un escrito (27-9-1978) ó Vigairo do Arcebispado de Santiago solicitando autorización para "inscribir las partidas que faltan, y completar los datos de las otras"; tres días despois remíteselle desde o Arcebispado o permiso para subsanar tales anomalías que deberá executar "en el término de tres meses" (doc. 112).

A esta medida obedece que o *Libro 9º (1960-1977)* estea inzado de notas á marxe que advirten do lugar exacto que lle correspondería a unha partida que quedara sen poñer (e que tivera que ser pasada no libro seguinte, o *Libro 10º*, que xa empeza en 1977). As notas teñen este texto: "Aquí debería estar la partida de M. G. M., que se encuentra en el Libro X, folio 42, nº 9" , ou "Aquí corresponde la partida sentada en el folio 198 v. de este mismo libro" (*Libro 9º*, 123, rº).

Anos despois, por advertencia dos propios interesados que solicitan a partida de bautismo cando a precisan (cando van casar, por exemplo), o cura aínda se verá na obriga de inscribir nos anos oitenta partidas que non se asentaron nos anos sesenta, como a de J. G. A., bautizada o 30-7-1964 en Berdoias, que non foi inscrita no seu día, facéndose en 1986, con esta nota á marxe: "Esta partida tiña que estar no Libro IX, f. 44". No ano 1988 inscríbese unha partida que correspondería a 1966: G. V. V., nado en Berdoias o 20-4-1966 e bautizado o 22-4-1966 polo párroco Concheiro solicita a súa partida de bautismo para contraer matrimonio en Camariñas; non aparece no Libro 9º, onde tiña que estar, e inscríbese no Libro 10º cunha nota á marxe: "Esta partida tiña que estar no Libro IX, f. 58, vto."

En fin, mesmo nos tempos máis achegados a nós seguíu habendo deficiencias no tocante ás partidas bautismais. Como proba abonde esta nota de agosto de 2005 posta no taboleiro de anuncios da igrexa parroquial de San Xián de Moraime (Muxía), co seguinte

> "AVISO IMPORTANTE: Los bautismos hechos a partir del año 1997 en adelante ver al párroco para confeccionar una ficha, dado que no se han encontrado constancias y las que se encontraron no están claras o faltan datas. El Párroco".

Párrocos –e outros cregos- de San Pedro de Berdoias	
1. Pedro de Castiñeira (ca. 1607-ca. 1618/1628). 2. Joan Romero da Costa y Leis (ca. 1628-1652). 2.a) Alberto Romero de Leis (1650)[16]. 2.b) Lorenço Fernandes (vicerreitor: 1654-1657). 3. Alberto Romero de Leis (1658-1661). 4. Francisco Gómez de Rioboo (1662-ca. 1673). 5. ¿...? (ca. 1673-ca. 1693). 6. Antonio de Montoto (1693-1722)[17].	séc. XVII

[16] Nas partidas de 1650 consta como bacharel e párroco de Santa María de Oín.

[17] Nesta nota e nas seguintes cito os nomes doutros cregos que oficiaron bautismos, maiormente como vicerreitores ou vicecuras. Vicerreitor: Pablo Alvares Veçerra (1692-1693). Outro cura oficiante: Francisco de Leis y Caamaño (1694-ca. 1700).

[Antonio de Montoto (1693-1722)][18]. 7. Alexandro de la Peña y Cancelada (1722-1740)[19]. 8. Joseph de Cervigón (1740-1760)[20]. 9. Miguel Ángel Vermúdez (1761-1773)[21]. 10. Francisco García (1774-1780)[22]. 11. José Mª Suárez Rioboo (1780-1837)[23].	séc. XVIII
[José Mª Suárez Rioboo (1780-1837)][24]. 12. José Pedreira (1846-1850)[25]. 13. Manuel Romero (1850-1880)[26]. 14. José Bravo (1881-1886). 14.a) Pedro Antonio García (cura ecónomo: 1886-1893). 15. Andrés Montero Moreira (1893-1918).	séc. XIX
[Andrés Montero Moreira (1893-1918)]. 16. José García Gándara (1918-1921). 17. Jesús Tuñas (1921-1930). 17.a) Eladio Lado (cura ecónomo: 1930). 18. Andrés David Pérez Cambeiro (1930-1940). 19. Manuel Cambeiro Figueiras (1942-1950). 19.a) Ildefonso Sendón, párroco de Castrelo (encargado: 1953). 20. Jesús Concheiro Lesta (1954-1976)[27]. 20.a) Juan Bautista Nemiña (encargado: 1976-1977). 21. Ramón Romero Carril (1977-)[28].	séc. XX

[18] Vicecuras: Bartholomé de Leis y Caamaño (1700-1722), Pedro Vázquez (1712-1720) e Juan Antonio López Freire (1712-1720).

[19] Vicecura: Ignacio García de la Peña (1722-1738).

[20] Vicecura: Juan Francisco de Liñares (1738-1779). Outros oficiantes (circunstanciais): Alonso Caietano de Leis y Caamaño (de Berdeogas); Domingo Antonio Canosa (de Berdeogas); Matheo de Novoa (de Bardullas); Antonio Mourelle (de Dumbría).

[21] Vicecura: Juan Francisco de Liñares. Outro presbítero: Manuel Alonso Regueira (ca. 1768).

[22] Vicecura: Juan Francisco de Liñares (ata 1779). Outros oficiantes: Pablo Antonio Marcote y Canle (ca. 1776); Francisco Antonio Paz de Lema (de San Martiño de Ozón –ou "San Martín del Son"-); Bernardo de Leis y Romero (ca. 1779).

[23] Vicerreitor: Benito Regueira (1780-1815). Outros presbíteros: Francisco Paz de Lema (ca. 1781), Antonio Rodríguez de Canosa (ca. 1784), Jacobo Martínez (ca. 1785).

[24] Ademais de Benito Regueira, outros cregos oficiantes: Andrés Balthasar de Leis y Caamaño (1811-1829), Manuel Benito de Leis (1815-1827), Simón Manuel de Leis y Lema (1827-1837).

[25] Cura ecónomo: Simón Manuel de Leis y Lema (1837-1850). Outros ecónomos: Benito Díaz Marchante (ca. 1845), Juan González de Pazos (1846). Presbíteros circunstanciais: Manuel Lema (ca. 1838).

[26] Capelán: Justo Leis Senlle (ca. 1880).

[27] Capeláns de emigrantes que bautizaron berdoieses nacidos na emigración europea: Francisco Vinacua (Londres, 1974), Ernesto Atanes (Londres, 1975), Luis Navarro (Londres, 1976).

[28] Durante a súa reitoría figura un capelán de emigrantes que bautizou berdoieses nados na emigracións: José Villasante Pereiro (Delemont-Jura, Suíza).

IV. Evolución dos datos das partidas século a século.

A simple observación abonda para ver como o texto das partidas foi evolucionando co paso do tempo. As directrices que os visitadores pastorais deixaban por escrito nos libros de bautizados tiveron moito que ver nesta evolución.

Deste xeito, as primeiras partidas –contidas no Libro 1º- eran moi simples, pois nelas unicamente constaba a data do bautismo (día, mes e ano), o nome do oficiante xunto co seu cargo (reitor, vicerreitor, etc.), "bautisé a..." (nome do bautizado/a), nome e apelido –un só- do pai e da nai do bautizado, o nome do propio bautizado ou bautizada (sen apelido ningún) e o nome e apelido do padriño e da madriña (introducidos coa fórmula "fueron compadres..." ata 1640, "fueron padrinos" a partir desta data); ó remate, a sinatura do oficiante. Este tipo de partidas permaneceu, con moi escasas variacións, durante todo o séc. XVII (docs. 1 ó 7, 9 ó 28, 29 ó 35) e en parte o primeiro terzo do XVIII.

Entra dentro da lóxica que apenas houbese variacións no texto das partidas durante o séc. XVII, pois na maior parte da centuria os visitadores non deixaron por escrito ningunha nova disposición, limitándose uns e outros a facer constar cunhas breves palabras que durante a Visita revisaran tamén o libro de bautizados ("Visto en Visita del año de..."). Ademais da de J. de Hoyo (1607) –da que non quedou constancia no Libro 1º-, houbo visitas pastorais en 1640 (doc. 11), en 1644 (doc. 14), en 1662 (doc. 25) e en 1672 (doc. 30). Unicamente nesta última se dan algunhas novas disposicións: que se escriban os nomes e a veciñanza dos pais e padriños do bautizado, e que se lles advirta a estes o parentesco espiritual que contraen e as obrigas. O certo é que, a excepción da veciñanza de pais e padriños, xa se viña facendo.

Modelo de partida de bautismo
(séc. XVII-primeiro terzo séc. XVIII)

- data bautismo en letra (día, mes, ano);
- nome do crego oficiante (reitor, vicerreitor, etc.);
- "bauticé a..." (a partir de 1640, tamén "catequicé");
- nome do bautizado/a (sen apelido);
- nome e apelido do pai e da nai;
- nome e apelido do padriño e da madriña (introducidos coa fórmula "fueron compadres") [despois de 1640 substitúese esta fórmula pola de "fueron padrinos"), e tamén se indica se os padriños son da freguesía ou de fóra];
- advertencia ós padriños do parentesco espiritual [despois de 1672];
- remate da partida coa fórmula: "y por verdad lo firmo"; [despois de 1650: co engadido de "ut supra"];
- sinatura do oficiante.

Así, ó non se rexistraren as actas nos vinte anos seguintes a 1672 ata que entra o novo párroco *Antonio de Montoto*, en 1692, en Berdoias non se indica se os pais e padriños son da propia freguesía ou de fóra (doc. 31). Con todo, nos anos seguintes este mesmo crego e os seus axudantes foron bastante laxos na observancia desta disposición. O párroco Montoto empeza a poñer nas partidas algún novo dato, como o parentesco do padriño ou da madriña co bautizado ou bautizada (tío ou tía, avó ou avoa, etc.), o seu estado civil (casado/a ou solteiro/a) [doc. 32], e en ocasións tamén unhas cruces de Malta nas marxes, sen dúbida para indicar a morte do párvulo. Por certo, que por estes anos finais do séc. XVII e primeiros do XVIII hai unha notable porcentaxe de padriños e madriñas que son mozos e mozas solteiros/as, na súa maior parte tíos e tías dos bautizados; parece que aínda non se daba preferencia ós avós dos neonatos para os apadriñamentos.

Nas visitas do séc. XVIII aparecerán máis novidades, transmitidas polos visitadores nas ordes que deixan por escrito. Desde os primeiros anos da nova centuria xa parece respirarse o aire reformista e mesmo racionalista da Ilustración (dito con todas as reservas), pois hai unha ansia manifesta dos visitadores pastorais, en cumprimento das disposicións arcebispais, por melloraren a burocracia do Arcebispado. Apréciase un indisimulado desexo de que se redacten as partidas con sumo coidado, sen omisións nin fallos. Son moi claras as ordes que o visitador D. Pantaleón de San Miguel y Pedrosa deixa por escrito na súa visita de 1703, ordenándolle ó párroco que "alo adelante ttenga mas cuydado que asta aqui" en escribir as partidas "sin omitir ni intterpolar alg[un]a partida y ttodas ellas por letra, sin guarismo alguno"; mándase tamén que no caso de bautizar outro sacerdote, que asinen os dous cregos as partidas "sin dejar blancos en ellas" e sen esquecer tampouco os nomes e apelidos dos pais e padriños "ni ottra cosa qe. condujere al conttextto enttero de la p[arti]da" (doc. 36). O espírito reformista, ilustrado ou non, do chamado Século das Luces semella que prendeu axiña nas autoridades eclesiásticas compostelás en directrices burocráticas como estas, pois mesmo se chega a ameazar coa pena de excomuñón no caso de os cregos incumpriren as ordes emanadas desde a Administración arcebispal[29]. En suma, que por uns motivos ou por outros, dáselle moita importancia a este tipo de documentos, e hai unha disposición clara e contundente para que os fieis da Igrexa cristiá figuren nos libros coa maior número de datos posible. Ó non existir daquela un rexistro civil eficiente, a administración eclesiástica suplía con creces a súa falta.[30]

[29] Nestes primeiros anos do séc. XVIII era arcebispo de Santiago D. Antonio de Monroi (1685-1715) [*Guía de la Archidiócesis de Santiago de Compostela*; 1965: 79].

[30] Para vencer a nugalla dalgúns cregos, os visitadores pastorais non dubidan en ameazalos coa excomuñón, á que se recorre polos motivos máis nimios. Sen saír desta comarca, en 1727, o visitador pastoral deste ano chegou a advertir –máis ben a ameazar- ó párroco de San Cremenzo de Pazos (do actual concello de Zas) nestes termos: "rrespecto en la última visita se mandó a dho. Cura folease los libros con letra, nolo a echo, mando lo aga luego y sin dilación alguna, pena de escomunión maior late sententie y de que será castigado para la primera" (*Fábrica de San Clemente de Pazos*, 1723-1851, fol. 12, aº [citado por Lema Suárez; 1993a-III: 507]).

Deste xeito, nos anos seguintes xa parece que se introducen nas partidas algúns datos máis dos ata daquela habituais. Niso parece que se esforzan máis có propio párroco Antonio de Montoto (anos do seu ministerio: 1693-1722) un vicerreitor chamado Francisco López Freire -que asina partidas entre 1712 e 1720- e un presbítero de nome Bartholomé de Leis y Caamaño -que asina partidas entre 1700 e 1722-, pois nas partidas destes adóitase indicar de onde son os pais do bautizado, xa da propia parroquia de Berdoias ou de fóra dela; ás veces mesmo se especifica a aldea ou lugar concreto (no doc. 38 dise que os pais eran do lugar berdoiés de "Piedra del Flaire", e no doc. 39, unha nai solteira, cualificada polo oficiante de "mujer fatua", disque era do lugar de Fumiñeo do couto de Moraime).

Non se cumpren todas as disposicións emanadas da visita de 1703, pois anos despois, en 1720, o visitador pastoral, que non era outro có mesmísimo arcebispo de Santiago, D. Luis de Salcedo y Azcona[31], aínda observa deficiencias nas partidas, pois nelas non se indicaba "la naturaleza de los padres de los baptizados", e se os bautismos eran solemnes ou non (doc. 40).

O certo é que non observamos un cambio inmediato de actitude na redacción das partidas, malia as ordes diáfanas do arcebispo. Posiblemente o párroco A. de Montoto xa fose avellado (quizais finou en 1723) e non tiña moitos ánimos; o seu vicecura Bartholomé de Leis é quen parece que vai cumprindo, pouco a pouco, o espírito dos mandatos da visita, e nas partidas de 1720 e 1721 sinala tamén o día do nacemento do neno (é a primeira vez que se vai), que adoita ser o día anterior ó bautismo; anota tamén o lugar de nacemento dos padriños, pero non o dos pais[32].

A partir de 1722 aparece nas partidas a sinatura de Ignacio García[33], vicecura do novo párroco *Alexandro de la Peña*, que vai introducir algún que outro cambio notorio. Ese mesmo ano de 1722 aparecen á marxe e no texto das partidas non só o nome do bautizado senón o seu apelido –o do pai se é neno, o da nai se é nena, seguindo o costume da época-; con todo, esta innovación duraría pouco, apenas un ano, pois en 1724 xa se volven redactar as partidas sen que ningún apelido acompañe o nome do bautizado (doc. 42). En 1724 tamén vai aparecendo de onde son veciños os pais (se da parroquia ou de fóra), especificándome incluso o lugar concreto (doc. 42).

[31] D. Luis de Salcedo y Azcona foi arcebispo de Santiago de 1716 a 1722 (*Guía...*; íbidem).

[32] O empeño reformista dos visitadores pastorais, ademais da preguiza e da resistencia de certos eclesiásticos, atópase coa escasa formación intelectual de moitos cregos –xa párrocos, xa vicecuras-, especialmente na zona rural. Nesta mesma Terra de Soneira, o xa citado arcebispo de Compostela, Luís de Salcedo, deixa por escrito estas recomendacións tras a súa visita pastoral a Santa María de Mira (actual concello de Zas), en 1721: "...continuando su Iltma. su Visita (...) la hizo de este libro y quentas de la Cofradia del Sanctissimo Sacramento (...) las quales hallo vastamente correspondientes en sus cargos, datas y alcances, pero tomadas sin forma alguna y puestas sin limpieza ni claridad en este libro por lo que mando su Iltma. qe. el vicecura no las escriva de su mano, sino vuscando persona ynteligente para tomarlas (...)" (*Libro del Santísimo de Mira y Follente*, 1705-1866: fol. 22, rº [citado por LEMA SUÁREZ; 1993a-III: 559]).

[33] O vicecura Ignacio García será o oficiante do noventa por cento dos bautismos de 1722 a 1738.

A visita pastoral seguinte, a do ano 1726, tamén a realiza o propio arcebispo compostelán, neste caso D. Miguel Herrero y Esqueba[34], o que reforza a idea do gran interese que tiveron estes primeiros arcebispos dezaoitescos de Santiago en organizaren racionalmente a súa administración. Nos mandatos que monseñor Herrero deixa por escrito –neste caso no libro de Bautizados de Berdeogas, a parroquia matriz, ó que se fai remisión para non repetir todo o texto- aparecen novidades con respecto a partidas anteriores: que se diga se o bautismo foi solemne ou privado, se os bautizados son fillos lexítimos ou non o son, as aldeas de onde son veciños os pais, que se poña a data enteira do bautismo (día, mes, ano) e, no caso de que outro sacerdote distinto do párroco oficiase a cerimonia bautismal, que logo asinen os dous a partida (doc. 44)[35].

Non cabe dúbida de que a burocracia arcebispal desexaba ter o máximo de datos posible dos que entran a formar parte da comunidade cristiá. O do bautismo solemne ou privado ía orientado a poñer freo, por unha parte ó exceso de bautismos de necesidade -motivados sen dúbida pola alta mortalidade infantil nos momentos inmediatos ó parto-, e pola outra á sospeita de que non toda a persoa que efectuaba o bautismo de urxencia coñecía á perfección as palabras litúrxicas; xeralmente era calquera achegado ou familiar quen realizaba este tipo de bautismo –un avó, un tío, etc.-, quedando a dúbida de que moitos destes paisanos tivesen a formación suficiente para pronunciaren as latinas 'divinas palabras' cerimoniais correctas.

Modelo de partida de bautismo entre 1726 e 1740

- data do bautismo en letra (día, mes, ano);
- nome do crego oficiante;
- a "bauticé" engádeselle "solemnemente";
- nome do bautizado/a (sen apelido);
- fillo/a lexítimo/a (ou natural) de:
- nome e apelido do pai e da nai (ou da nai soa);
- lugar da parroquia onde viven os pais;
- nome e apelido do padriño e da madriña (introducidos coa fórmula "sus padrinos fueron");
- advertencia ós padriños do parentesco espiritual que adquiren;
- remate da partida con fórmulas como: "y para que consta lo firmo";
- sinatura do párroco e/ou doutro oficiante.

Aparece tamén como novidade a obriga de anotar se o bautizado era fillo lexítimo ou ilexítimo, ou, o que é o mesmo, se era fillo de nai solteira ou dun matrimonio. O reformismo dos eclesiásticos galegos levábaos a quereren controlar o comportamento moral dos fieis e a vixiaren as súas vidas particulares para afastalos do pecado e da

[34] Miguel Herrero y Esgueva foi arcebispo de Santiago de 1723 a 1727 (*Guía...*; íbidem).

[35] Por certo, que as apreciacións nosas de que o vicecura Ignacio García estaba sendo por aqueles anos o oficiante da maior parte dos bautismos vense confirmadas na reprobación final que neste mesmo doc. 44 lle fai o ilustre visitador ó párroco Alexandro de la Peña, pola súa evidente preguiza á hora de efectuar cerimonias bautismais: só unha en tres anos. O arcebispo mesmo chega a desconfiar de que o reitor parroquial oficiase os outros sacramentos. Como é lóxico, esíxeselle máis dilixencia no desempeño do seu ministerio. Pero o crego titular desta parroquia non chegou a modificar o seu plano de traballo malia as ordes arzobispais, pois continuou sen realizar cerimonias de bautismo, polo menos nesta parroquia de Berdoias (ignoramos se as fixo en Berdeogas, a parroquia matriz), pois segue sendo o vicecura o asinante das seguintes partidas. Na visita de 1729 ordénase que su cumpra co auto de visita do arcebispo Esgueva, pero o párroco seguíu facendo caso omiso: os vicecuras Ignacio García primeiro (ata 1738) e Juan Francisco de Liñares despois continuaron ocupándose case en exclusiva dos bautismos e da redacción das partidas.

condenación eterna. A Igrexa pretendía con iso extremar a vixilancia moral sobre os seus membros, mesmo a custa de estigmatizar os inocentes fillos naturais desde o seu nacemento. Os párrocos serán os encargados de vixiaren o comportamento moral dos seus fregueses e freguesas, de xeito que esta disposición de indicar na partida de nacemento a lexitimidade ou ilexitimidade do neonato concorda cos mandatos de visita dos Libros de Fábrica parroquiais do séc. XVIII, nos que reiteradamente se lles indica ós párrocos que impidan que as mozas solteiras vivan soas –ameazándoas coa expulsión das freguesías, se fose preciso- e, sobre todo, que non se consintan que se celebren "iladas, molinadas y panderadas" en casas particulares, reunións festivas das que se deducía que darían pé a encontros sexuais de mozos e mozas.

O certo é que os curas non proporcionan moita información nas partidas de bautismo dos ilexítimos, quizais porque moitos deles non estaban libres de culpa: de todos é sabido que moitos destes ilexítimos eran fillos de cregos. "Cuando se silencia la identidad del padre es porque se trata de 'una persona privilegiada', por lo común un eclesiástico o un hidalgo" (Saavedra; 1994: 264). A muller silencia o nome do autor do seu preñe, "porque preama (sic) el privilegio y circunstancia de su estado a su propio interés" (*Íbidem*); ás veces asegura que foi vítima dunha violación ou, se foi resultante do trato cun fidalgo ou –sobre todo- cun crego, atribúello "a encuentros casuales con desconocidos o a deslices con algún cantero o carpintero que hubiese trabajado en la parroquia, pues los de tales profesiones eran notados de lujuriosos: en ellos 'parece que se recogió el fuego de Sodoma, por los escándalos que ocasionan', declaraban en 1736 los curas del arciprestazgo de Céltigos" (Saavedra; 1994: 266).

A seguinte visita pastoral é a do ano 1729, e foi realizada por D. Gregorio Posse, Consultor do Santo Oficio da Inquisición, no nome do novo arcebispo D. Joseph del Yermo Santibáñez[36]. Recoñeceu as partidas de bautizados e atopounas en "bastante forma", aprobándoas; mandou continuar igual e que se cumprisen os autos da visita anterior (doc. 46).

Co novo párroco *Joseph de Cervigón*, no ano 1740 empézase a anotar á marxe, sistematicamente, os nenos bautizados falecidos nos meses ou anos inmediatos ó nacemento; primeiro indícase o mes e ano da morte do infante ("murió en Abril de 1740", por exemplo) [doc. 48], e máis adiante prefírese utilizar a fórmula "murió este párbulo". Polo tipo de letra –de moi boa factura, por certo- vese claramente que as partidas están redactadas polo propio párroco, malia a expresa delegación que el fixera na persoa do seu vicecura –o presbítero Juan Francisco de Liñares (de Romar, un dos lugares berdoieses), precisamente nomeado por el para este cargo- para ocuparse das cerimonias bautismais. Sen dúbida, non lles debía atraer para nada ós reitores parroquiais a administración do sacramento bautismal.

As partidas iniciadas na época do ministerio do párroco Joseph de Cervigón poden servir de modelo para o tipo de partidas do segundo terzo do séc. XVIII; este

[36] Joseph del Yermo y Santibáñez foi arcebispo de Santiago de 1728 a 1737 (*Guía...*; íbidem).

modelo verase enriquecido polos engadidos ordenados pola visita de 1778, á que faremos referencia no seu momento.

O modelo de partida de Cervigón (vixente de 1740 a 1778), estrutúrase do seguinte xeito (véxase, como exemplo, o doc. 48):

Modelo de partida de bautismo de 1740 a 1778

- á marxe, o nome do bautizado, sen ningún apelido[37];
- a data do bautismo: día, mes e ano (escrita con letra ó completo);
- o nome do crego que se encargou de administrar o sacramento: xa o propio párrroco, xa outro eclesiástico[38];
- a fórmula "bauticé solemnemente"[39];
- lugar onde se realizou a cerimonia sacramental[40];
- sexo do bautizado (neno ou nena), sen aínda dicir o seu nome;
- data de nacemento do bautizado/a[41];
- aclaración de se o fillo/a é lexítimo/a ou ilexítimo/a[42];
- nome do pai e da nai, co seu apelido[43];
- lugar da parroquia onde teñen a veciñanza os pais;
- nome de pía do bautizado/a, sen ningún apelido, introducido coa fórmula: "púsele nombre..."[44];
- nome e apelido do padriño e da madriña[45];
- se os padriños son veciños da mesma parroquia ou non, e, ás veces, o lugar concreto onde moran;
- advertencia formal do parentesco espiritual que adquiren[46];
- sinatura do párroco en primeiro lugar (á esquerda), e despois a do crego oficiante (á dereita), no caso de non ser o titular da parroquia o que administre o sacramento.

[37] No caso de non sobrevivir a primeira etapa da súa vida, levará un breve engadido ("Murió en..." ou, tan só, "Murió este párbulo").

[38] Neste último caso, debe quedar claro o prevalecemento do titular da parroquia, que simplemente delega as súas funcións nun subordinado ("di orden", "con mi licencia"); o párroco berdoiés deixa clara a súa autoridade no goberno da freguesía, cualificando ó presbítero que leva a cabo moitos dos bautismos parroquiais, Juan Francisco de Liñares, como "mi Vicecura" ("por nombramto. que Yo, Dn. Joseph de Cervigon Cura y Rector propio de ellos [os dous beneficios de Berdeogas e Berdoias], le tengo hecho").

[39] Utilizada para distinguir os bautizos con garantías sacramentais oficiados na pía bautismal das igrexas por un eclesiástico, dos bautismos de necesidade que calquera leigo podía facer nas casas ó dereito de naceren as criaturas.

[40] Loxicamente, na igrexa de San Pedro de Berdoias.

[41] Adoitaba ser o mesmo día ou o día anterior, pois procurábase que recibise as augas o máis axiña posible, polo endémico perigo de morte dos primeiros días.

[42] Dáse así cumprimento ós mandatos da visita de 1726; de momento, as partidas rexeitan chamar 'ilexítimos' ós fillos de mulleres solteiras, preferindo denominalos fillos 'naturais'.

[43] "De legítimo matrimonio", no caso de estaren os pais casados, ou de nai solteira e pai "incógnito" (pode aparecer posteriormente o nome do pai á marxe, recoñecendo o fillo ou lexitimándoo ó casar coa nai). Só aparece con máis de un apelido –e non moitas veces- no caso dos fidalgos.

[44] Daquela, con algunha que outra rara excepción, especialmente entre os fidalgos (que gozaban de gran liberdade na escolla dos seus apelidos), os nenos tomaban oficialmente o apelido dos pais e as nenas o das nais.

[45] Co estado civil dos dous ou de un só –especialmente se un dos dous era solteiro-, ás veces tamén a relación de parentesco que tiñan co afillado (avó/avoa, tío/tía, etc.); as madriñas parece que non eran imprescindibles, pois aparecen non poucos padriños in solidum ('que apadriñaban eles sós').

[46] A cognación dalgunhas partidas, e demais obrigas: ás veces a de ensinarlles a doutrina ós afillados.

Cando se realizaba algún bautismo de necesidade por haber perigo de morte para o neno acabado de nacer, o crego podía dalo por válido ou repetilo solemnemente *sub conditione*, debido ás moitas dúbidas que os eclesiásticos tiñan respecto das fórmulas litúrxicas empregadas polo improvisado bautizante leigo ("y no constándome aver pronunciado [o padriño –o seu propio avó-, que fora quen lle botara as augas ó nacer] las palabras de la forma como debia") [ano 1743: doc. 50]. O crego Cervigón amosará pouca confianza no xeito en que se levaban a cabo estes bautismos de necesidade tan frecuentes ó longo de todo o séc. XVIII ("avía hechado agua en casa, por reconocerse necesidad, Luis Perez, su tío soltero, q[uie]n no me dio razon suficiente de aver dho. la forma enteramente" [Libro 2º, fol. 8, rº]) e en anos sucesivos optará por repetilos el mesmo (solemnemente ou *sub conditione*) na igrexa para asegurarse[47].

No tocante ós bautismos de socorro, os visitadores pastorais adoitaban lembrar ós párrocos a obriga de examinaren de doutrina ás parteiras e comadroas "para los casos en que suceda haber de dar agua de socorro, como lo pide asunto tan grave" (Saavedra; 1994: 178, que cita libros de fábrica da diocese de Lugo). A auga de socorro aplicábase a moitos nenos cando aínda se atopaban no ventre da nai ou tan pronto sacaban unha man ou un pé, por temor a que morresen sen estaren en condicións de entraren no ceo.

Na visita pastoral de 1741, realizada polo bispo de Avaren, D. Lorenzo de Taranco y Musarieta, no nome do arcebispo compostelán D. Manuel Isidro Orozco[48], apróbanse as partidas e non se dá ningunha orde nova (doc. 49). O mesmo acontece na visita de 1745, que realiza o cóengo maxistral da catedral de Santiago D. Joseph Francisco Lossada y Quiroga no nome do Deán e Cabido compostelán, pois a sede arcebispal estaba daquela vacante (doc. 51).

O párroco Cervigón non tiña por qué modificar, xa que logo, o formulario das súas partidas nin aumentar nelas máis datos. Durante o seu ministerio dáse remate ó primeiro libro de bautizados de Berdoias e iníciase o *Libro nuevo dela Iglesia Parroq/. y feligrisía de San Pedro de Berdoyas, Aneja ala de Santiago de Berdeogas, que empieza con la Partida de Pedro Antonio, hijo legítimo de Raymundo Barrientos y de Pasqua Vazquez, dejando en blanco este folio, y el siguiente, para resguardo de los demas, en 22 de Agosto de 1746* (trátase do Libro 2º de bautizados, de 226 folios, que vai de 1746 a 1818).

Neste *Libro 2º*, e desde 1746 a 1760 (ano probable do seu falecemento), aparece este párroco asinando máis veces en solitario as partidas; continúa sen variar o formulario e sen incrementar os datos. Durante o seu ministerio bautizáronse case todos os fillos e fillas dos fidalgos de Boallo, Rodrigo Sancho de Leis y Vermúdez e

[47] A comprobación de que os bautismos de urxencia utilizaron formas litúrxicas válidas aínda seguirá vixente a finais do séc. XIX; nunha partida de 1874 dise o seguinte: "padrinos [de Lorenza Pérez] Simon Pérez y su muger Lorenza Camaño: esta fue la que suministró el agua de socorro y de ecsaminada resultó ser válido el bautismo" (*Libro 4º*, fol. 99, aº).

[48] Manuel Isidro Orozco Manrique de Lara foi arcebispo de Santiago de 1738 a 1745 (*Guía...*; íbidem).

Josepha de Santiyán y Valdivieso, que desde 1749 deixaran a parroquia de Soesto pola de Berdoias. Foi el persoalmente quen oficiou todos os bautismos dos numerosos fillos deste matrimonio fidalgo: de 1749 a 1558 (ver docs. 52, 53, 54, 56, 57 e 58); só faltou ó de Luis Vizente Theodoro (1758) por atoparse ausente (doc. 59). Dos pais indica o lugar onde eran veciños, Boallo, pero nada di respecto á procedencia dun e outro, pois ningún dos dous nacera na freguesía: don Rodrigo Sancho nacera en Soesto e dona Josepha procedía das montañas de Cantabria.

Por outra banda, continúa anotando á marxe os infantes mortos párvulos –tres deles dos moi prolíficos fidalgos de Boallo, por certo-, e semella que ten certo reparo ou cargo de conciencia –pouco probable para o pensamento da época- en cumprir co mandato dos visitadores de indicar a ilexitimidade dos fillos de mulleres solteiras: ou non os houbo durante o seu longo ministerio –certamente improbable- ou se os houbo non os pasou ó libro, pois case todos os consignados nas partidas son fillos lexítimos de lexítimo matrimonio. É verdadeiramente estraño que, ó contrario doutros curas da época, este párroco procure evitar escribir no texto da partida nada respecto á "ilexitimidade" dun neno fillo dunha muller solteira; repárese na partida do doc. 55: dise que bautizou solemnemente un neno, Juan, "hijo de María Varela, soltera hija legítima de Mathias de Lagoa y de María Varela su muger (...) y de P[adr]e incógnito"; á marxe indícase que o nacido "se legitimó" polo casamento dos seus pais

No tocante ós fillos de nais solteiras, polos anos seguintes á morte do párroco Cervigón, prefírese denominalos fillos "naturais" no canto de fillos "ilexítimos", que será como se diga anos despois. Véxanse as partidas de fillos naturais por esta época (docs. 62, 64 e 65).

Tras a morte de Joseph de Cervigón, durante o ano 1760 o que fora o seu vicerreitor, o berdoiés Juan Francisco de Liñares, exercerá como cura ecónomo. En 1761 entra un un novo párroco, *Miguel Angel Vermúdez* (sic), rexentando a freguesía deica 1773. As partidas seguen o esquema da época do párroco anterior, coa única novidade de que á marxe, acompañando o nome do bautizado/a, aparece agora o lugar da parroquia onde viven os pais (Berdoyas/Berdoias, [Lugar da] Bouza, Sta. Xptina./Sta. Christina, Boallo, Romar, Grixoa/Grijoa/Grigoa, Casa Nova, Pena do Frade, Petón, Rego [dos Podres]). O presbítero Juan Francisco de Liñares –do que non consta que seguise sendo vicerreitor (e si "patrimonista")- segue oficiando a maior parte dos bautismos por orde ou licencia do párroco.

En 1766 ten lugar outra visita pastoral: a do prior da Colexiata da Coruña, D. Antonio Crisóstomo Montenegro Páramo y Ossorio, que ven en representación do arcebispo de Santiago, D. Bartolomé de Rajoy y Lossada[49]. Poucas novidades respecto a novas directrices para as partidas bautismais (doc. 63):

[49] Bartolomé de Rajoy y Losada foi arcebispo de Santiago de 1751 a 1772 (*Guía...*; íbidem).

- que se observe o mesmo método que se viña observando,
- que se pasen as partidas ó libro o mesmo día en que se fan os bautismos (quizais para evitar os esquecementos), e
- que se folíe con letra e non con algarismos este libro segundo de bautizados.

Este visitador deixou por escrito nos libros de fábrica doutras parroquias (ignoramos se no desta tamén) uns mandatos moi rigoristas dirixidos ós párrocos para que estes vixiasen estreitamente o comportamento moral da mocidade das súas freguesías –especialmente das mozas-, prohibindo expresamente as foliadas que se facían en casas particulares co adaxo das fiadas e calquera outro tipo de traballos comunais propios do mundo rural galego (as muiñadas tamén aparecen incluídas), porque entendían que nestes encontros festivos da mocidade derivaban sempre en relacións sexuais pecaminosas[50]. Por iso chama a atención que neste libro de bautizados non deixase este visitador por escrito ningunha recomendación de tipo moral (sobre as nais solteiras, os fillos ilexítimos, etc.)[51].

[50] Sirva como mostra do celo moralista deste visitador enviado polo arcebispo B. de Rajoy o que deixa por escrito, tamén en 1766, no libro de fábrica de Gándara (actual concello de Zas): "Que no consienta [o párroco] que mozas solteras que vivan a solas, y si amonestadas no se pusieren a servir, ó en comp^a. sin sospecha, auxiliado dela Justi^a. las echarà fuera dela frâ. Que assim^o. no consienta el qe. se junten las mozas de noche á iladas ni Panderadas, multándolas, y alos dueños delas casas que las consientan en quatro rs. hasta quese evite semejante perjudicial concurrencia" (*Libro de Fábrica de Gándara,* 1756-1802, fol. 24, a^o).

Véxase tamén o que deixou escrito este mesmo ano en Serantes (parroquia anexa de Laxe): "Assimismo, y en atención de haverse informado a su mrd. de el escándalo, y ruina espiritual, que se sigue, y experimenta, de concurrir las mozas de dia y noche á ayudar a los Catalanes ala Villa de Lage en el réprobo exercicio, que llaman la espicha, usando de ellas a su voluntad con conocido detrimento y pérdida de sus almas, para remedio de tan grave daño manda su mrd. que ninguna moza baya, ni concurra de noche a semejante exercicio de la espicha, ni otro alguno contal que dho exercicio en lugar público y estando muchas juntas. Y a la que executare lo contrario de lo aquí prevenido, el Cura, auxiliado de la justicia secular la pondrá en la cárcel, y tendrá el t[iem]po que le parezca conveniente multándolas, y a los Padres respectibos en ocho rs. vellón procediendo tambien contra ellos por el mismo rigor de semejante concurrencia" (*Fábrica de Serantes* 1726-1852: fol. 82 a^o e r^o - 83 a^o e r^o [citado en LEMA SUÁREZ; 1993a-III: 673]. Os cataláns eran os Doménech, fomentadores da pesca procedentes do Principado e instalados na vila por esta época; a espicha era un dos traballos da salgadura do peixe.

[51] Loxicamente, o visitador de 1766 non facía máis que seguir unha liña establecida polos anteriores visitadores do séc. XVIII, tendente a reformar os para eles viciados costumes morais do conxunto da poboación. Xa vimos algunhas disposicións de principio de século, vexamos agora outras de mediados da centuria: na súa visita de 1741 a Soesto (actual concello de Laxe), o visitador deixa ordenado por escrito que se multase con medio ducado a aqueles veciños que se negasen a acompañar o Viático á casa dun enfermo (*Fábrica de Soesto*, 1740; fol. 8, r^o [citado en LEMA SUÁREZ; 1993a-III: 697]); na visita de 1745 a Canduas (actual concello de Cabana) déixase ordenado que "ningún hombre de qualquiera estado que sea entre en la igl[esi]a. con pelo atado ni con redilla y las mujeres cubiertas con sus trajes cumplan lo uno y lo otro pena de excomunión late s[enten]tia y un ducado a cada uno" (*Fábrica de Canduas*, 1721; fol. 39, a^o [citado en LEMA SUÁREZ; 1993a-III: 649]). Posteriormente, a finais de século, na visita de 1791 danse normas con respecto ó comportamente que deben ter nos templos homes e mulleres, separados uns das outras: "Asimismo manda [o visitador] qe.los feligreses asistan con el mayor silencio, compostura y veneración al Sto. Sacrificio de la Misa, y mas Oficios divinos, separados los hombres de las mugeres, acomodándose estas en el cuerpo de la iglesia, y sus capillas; y aquellos en la tribuna, capilla maor y sacristia, donde perfectamente unos y otros ven el tabernáculo (...) a los contraventores (...) se les multe por la primera vez en un real cada uno (...) y si contumaces, o rebeldes insistieren en tan perniciosa mezcla de hombres con mugeres en el templo divino, dará cuante a la Justicia jurisdiccional para que proceda a la exacción de la pena ympuesta, y pugnición de la rebeldía opuesta a la brillantez de la mística religión Christiana" (*Fábrica de Cesullas*, 1745; fol. 105 a^o e r^o [citado en LEMA SUÁREZ; 1993a-III: 637]).

A foliación con letra é precisamente a única que aparece neste libro, sen que quedase rastro ningún doutro tipo de foliación con algarismos. Nas partidas posteriores a este ano non observamos variacións substanciais. A partir de 1768 o tamén presbítero –residente na freguesía- Manuel Alonso Regueira, empeza a oficiar cada vez máis bautismos, pasando a substituír a Liñares. Tampouco se aprecian nas novas partidas deste presbítero cambios notables.

Contra 1775, coincidindo coa entrada dun novo párroco, *Francisco García* (rexentará a freguesía de 1774 a 1780), indícase, por vez primeira, o lugar de nacemento dos pais do bautizado ou bautizada (doc. 67). Isto vai ser interesante para o noso estudo, pois permitiranos saber a procedencia de varios apelidos, especialmente daqueles que proceden doutras freguesías. Tamén é interesante a introdución deste novo dato para rastrexar as árbores xenealóxicas particulares, que moitas veces tiñan que quedar por forza incompletas ó tronzarse un elo da cadea (se non se indicaba a procedencia dun pai ou dunha nai, no caso de non seren da parroquia, a investigación por forza había que dala por rematada).

Aínda que algún dos seus axudantes non puxo tanto esmero –por exemplo, o novo tenente de cura, Pablo Antonio Marcote, que empeza a bautizar por volta de 1776-, o certo é que Francisco García tivo unha especial preocupación por indicar a parroquia de nacencia dos pais, ademais do lugar onde moraban naquel momento; grazas a isto cónstanos que o apelido *Vilarnovo*, novo na freguesía, entrara na parroquia nestes anos procedente da afastada parroquia de San Fins de Eirón, nos confíns da Terra de Xallas (hoxe do concello de Mazaricos) [doc. 68].

A visita de 1778, efectuada polo licenciado Miguel Campo Quevedo por encargo do arcebispo de Santiago, Francisco Alejandro Bocanegra[52], traerá unha novidade certamente importante: a obriga de engadir nas partidas os nomes dos avós paternos e maternos, así como as súas veciñanzas (doc. 75). Como é lóxico, este novo engadido nas partidas será de grande axuda para os estudos onomásticos e xenealóxicos, pois ter o dato dos avós paternos e maternos, así como a súa veciñanza, proporcionará pistas seguras á hora da reconstrución de árbores xenealóxicas.

Con isto queda perfilado case definitivamente o esquema da partida de nacemento de finais do séc. XVIII e de case todo o XIX, que constará destes apartados:

Modelo de partida de bautismo a partir de 1778

- á marxe: lugar de veciñanza da familia do bautizado, xunto co seu nome de pía (sen apelido); pai do bautizado (ou nai, no caso de esta ser solteira); "murió párvulo", no caso de non sobrevivir;
- lugar onde se administra o sacramento (igrexa parroquial);
- data do bautizo: día, mes e ano escritos con letra;

[52] Francisco Alejandro Bocanegra foi arcebispo de Santiago de 1773 a 1782 (*Guía*...; ibidem).

- oficiante do bautismo, xunto co cargo que desempeña;
- fórmula do bautismo: "bauticé solemnemente" (co engadido de *sub conditione*, no caso de haber previamente un bautismo de necesidade);
- sexo do bautizado sen dicir aínda o seu nome;
- nome e apelido do pai e e da nai;
- lugar de nacemento e/ou de veciñanza dos pais;
- nome e apelido do avó e da avoa paternos, xunto coa súa veciñanza;
- nome e apelido do avó e da avoa maternos, xunto coa súa veciñanza;
- nome que recibiu o bautizado ou bautizada ("púsele nombre...");
- nome e apelido do padriño; de onde é veciño; ás veces o parentesco que garda co bautizado/a;
- nome e apelido da madriña; de onde é veciña; ás veces o seu parentesco co bautizado/a (pode non haber madriña, no caso de apadriñar só o padriño: padriño in solidum);
- advertencia que fai o oficiante do parentesco espiritual e demais obrigas que adquiren os padriños;
- sinatura do párroco e, no seu caso, do crego oficiante do sacramento (no caso de estaren as dúas, a do párroco é a da esquerda).

Coincidindo con esta disposición pastoral entrará como párroco *Josef María Suárez Rioboo*, que rexerá a parroquia durante case 60 anos (1780-1837)[53]. Co tempo, este eclesiástico converteríase nun personaxe importante, pois será arcipreste de Nemancos e deputado nas Cortes de Cádiz. Os seus principais axudantes na administración do sacramento do bautismo serán os presbíteros Benito Regueira (de 1780 a 1815), Andrés Baltasar de Leis y Caamaño (de 1811 a 1829), Manuel Benito de Leis (de 1815 a 1827) e Simón Manuel de Leis y Lema (de 1827 a 1850).

No tempo en que Suárez Rioboo rexentou a parroquia, o texto das partidas non variou no fundamental: só algúns engadidos que nos permiten ter algunha información máis da vida dos anónimos veciños de Berdoias por estas décadas finais do Século das Luces. Estes engadidos –moi breves- son produto máis ben da colleita dos presbíteros que do párroco, e por eles temos noticia da existencia dunha emigración –quizais escasa- a Madrid (docs. 78 e 79). Pero o presbítero –Benito Regueira- ben seguro que quixo transmitir outro tipo de mensaxe con ese breve engadido que introduce na redacción da súa partida: quizais se fixo eco dos bulebules que corrían pola freguesía (el habería de ser dos mellor informados, sen dúbida), pois non deixaba de ser estraño que unha muller casada dese a luz dúas veces en anos consecutivos (1797 e 1798) co seu marido ausente nunha cidade tan afastada. Podería pensarse que a emigración era temporeira e que o esposo volvía de ano en ano (o feito de que o segundo dos nenos, Matías, fose apadriñado polo irmán do home así o pode dar a entender), pero nese caso o oficiante non se tería molestado en matizar a ausencia do pai legal daqueles dous

[53] Durante o longo período en que Josef Mª Suárez Rioboo estivo á fronte das parroquias de Berdeogas e Berdoias, polo arcebispado de Santiago pasaron os seguintes prelados: Sebastián Malvar y Pinto (1783-1795), Felipe Antonio Fernández Vallejo (1797-1800), Rafael Múzquiz Aldunate (1801-1821) e Fr. Rafael de Vélez (1825-1850). Entre 1821 e 1825 foron elixidos, sucesivamente, como arcebispos de Santiago Juan García Benito e Simón Antonio de Rentería, pero finaron antes de tomaren posesión [*Guía*...; 1965: 80].

infantes; a información que nos está transmitindo non é subliminal, senón diáfana, pois á marxe só indica o nome da nai e no texto non di que o marido ausente sexa o pai das dúas criaturas, senón unicamente que a nai é a súa esposa. A función que a superioridade lles asigna ós cregos de gardiáns da moralidade pública dos membros da súa comunidade, lévaos a permitirse a liberdade de deixaren por escrito noticias coma estas que na linguaxe de hoxe diriamos que só afectan á vida privada das persoas. Daquela, tanto ou máis que agora, a honra das persoas ocupaba un lugar importante. Ó longo do séc. XIX, na que se acrecentará a emigración galega –á América, sobre todo- haberá algún outro caso de fillos de "viúvas de vivos" (doc. 93).

Así como atopamos noticias deste tipo, interesantes desde o punto de vista da antropoloxía social e da historia da vida privada, pouco podiamos supoñer que no texto das partidas, de clixés tan encorsetados, podiamos atopar certas informacións interesantes para a historia política. Estamos a falar do propio párroco berdoiés, Josef Mª Suárez Rioboo, que resultou ser un personaxe 'histórico', pois o seu nome figura na nómina dos primeiros deputados galegos e españois a Cortes, xa que el foi un dos 27 deputados que representaron ó Reino de Galicia nas Cortes de Cádiz de 1810 a 1812.

Temos que confesar que nada sabiamos del, e foi precisamente o texto das partidas as que espertaron a nosa curiosidade, pois de setembro de 1810 a maio de 1812 no seu encabezamento fan mención da condición de deputado en Cortes do párroco de Berdeogas e Berdoias (*Libro 2º*, fol. 205, rº - fol. 209, rº). O seu presbítero Benito Regueira é quen redacta estas partidas, iniciándoas da seguinte maneira:

> "En la Parroquial Yglesia de Sn. Pedro de Berdoyas a quatro dias del mes de septiembre de mil ochocientos y diez yo Dn. Benito Regueira P[resbíte]ro escusando al Sr. Dn. Josef Maria Suarez Rioboo Rector de ella y su Principal, Arcipreste de este Partido de Nemancos y Diputado por esta Provincia de Santiago a Junta de Cortes del Reino bautizé..." (doc. 85) [o subliñado é noso].

Ignoramos qué méritos tería este párroco rural para ser un dos sete deputados da extensa provincia de Santiago en Cádiz. Polo mesmo texto das partidas sabemos que en 1809 fora nomeado arcipreste de Nemancos, o que lle outorgaba certa autoridade sobre os cregos de todo este extenso arciprestado do extremo occidental de Galicia (do actual concello de Camariñas e parroquias occidentais do de Vimianzo a Fisterra, pasando polos concellos de Muxía, Dumbría, Cee e Corcubión); polo menos desempeñará este cargo ata despois de 1818. Pero no terreo político, nada se sabía del, e non é que non tivese oportunidade, pois en 1809 tiveron lugar enfrontamentos de partidas de paisanos nemanquenses, soneiráns e xalleiros contra dous rexementos de soldados franceses que se desprazaran de Santiago a Cee e Corcubión, incendiando o día 13 de abril estas vilas, que foron vilmente saqueadas[54].

[54] O nome do párroco Josef María Suárez Rioboo non aparece por ningures nas crónicas que narran os enfrontamentos contra os franceses na Costa da Morte durante a Guerra da Independencia, malia que as súas parroquias de Berdeogas –onde se sitúa a casa reitoral- e Berdoias case quedaban no 'ollo do furacán'. As improvisadas partidas de paisanos destas comarcas que se enfrontaron ás tropas francesas foran recrutadas por dous cregos: Pedro Lapido –de Morquintián (actual concello de Muxía)- e Juan Domingo Pizpiciro –de Santa Uxía do Ézaro (actual concello de Dumbría)-; as crónicas tamén falan de pasada de certo protagonismo dos cregos de Salto –Vicente Aldao, comisionado para ir falar co Marqués de la Romana-, Dumbría e Cee, e de frades como José Verjano e Juan Pérez, pero en ningún momento aparece o nome de Suárez Rioboo, quen parece que foi arteiro para pasar o máis desapercibido posible. A calquera veciño de Berdeogas e Berdoias teríalle que ser imposible permanecer alleo ó que estaba pasando, pois por estas dúas parroquias forzosamente tiveron que cruzar as partidas de paisanos armados ó mando de Lapido, que primeiro se apostara en Vilastose –parroquia situada ó oeste de Berdeogas e Berdoias, lindeira coas dúas-, en espera de que por alí pasasen uns 600 soldados franceses desprazados a Camariñas, para marchar logo, o 12 de abril, unha vez recibidas armas por mar, cara a Paizás (Cambeda), onde situou o seu cuartel xeral. Para chegar a Paizás, Lapido forzosamente tivo que atravesar territorio berdoiés, e non habería de pasar moi lonxe da casa reitoral de Berdeogas (a un quilómetro ou dous como máximo); logo marcharía o día 13 de abril en dirección a Baíñas e Ponte Olveira coa intención de impedir o paso, na ponte sobre o río Xallas, dunha columna de 2000 infantes e 200 dragóns franceses desprazada desde Santiago. Ese 13 de abril foi o día fatídico do incendio das vilas de Corcubión e Cee polas tropas napoleónicas [MAYÁN (1999: 369-386), PORTELA (1964: 168 e ss.)].

Quizais Suárez Rioboo se librara da ira gala por un acordo que debeu establecer cos invasores, ós que fornecería de carros de palla para os cabalos a cambio de quedaren as súas parroquias tranquilas. No Libro 2º de Fábrica de Santiago de Berdeogas (fol. 141 aº) aparece a seguinte nota: "Por un recibo firmado de todos los vecinos dado a fauor deeste Fabriquero en Mayo deeste año resulta haberen tomado del caudal dela Fabrica quinientos rrs. para pagar los carros de paja qe. a orden delos franceses les obligaron presentar en la Coruña que ajustaron a dinero" (asinan esta nota o 15 de decembro de 1809 o párroco Josef Mª Suárez Rioboo e o fabriqueiro Domingo Antonio de Leis).

Josef Mª Suárez Rioboo, párroco de Berdeogas e Berdoias, deputado nas Cortes de Cádiz (1810)

Barreiro Fernández (2001-I: 662), ofrécenos unha breve biografía de Josef Mª Suárez de Rioboo, que foi párroco de Berdeogas e Berdoias de 1780 a 1837. Naceu en Santo Estevo de Goiáns (comarca de Bergantiños) e estudou Filosofía e Teoloxía na Universidade de Santiago. En 1773 obtivo o grao de bacharel en Filosofía. A última noticia que se ten dos seus estudos é de 1778, ano en que cursaba quinto de Filosofía (Barreiro supón que non rematou a licencia en Teoloxía, seguramente porque obtivera un beneficio eclesiástico que motivaba o abandono da universidade). Convocadas en maio de 1810 as Cortes na cidade de Cádiz pola Xunta de Rexencia, foi el, sen que se teña coñecemento dos seus méritos, un dos 27 deputados do Reino de Galicia enviados a elas (7 pola provincia de Santiago, á que el representaba). Sábese que asistiu á primeira sesión (24 setembro de 1810), pero non consta que participase para nada en ningunha das outras, pois nin sequera aparece votando na do 19 de outubro sobre o proxecto de liberdade de imprenta. O 23 de novembro solicitou licencia para volver á súa terra por asuntos persoais. Xa en Galicia volveu solicitar prórroga en maio de 1811 para permanecer na súa casa reitoral de Berdeogas por motivos de saúde. Xa non retornaría ás Cortes nin xuraría a Constitución, pois o 18 de marzo consta entre os vinte deputados lexitimamente ausentes. "Por conseguinte –conclúe Barreiro- foi un deputado honorífico, porque non consta que permanecese máis de un mes nas Cortes".

Nos poucos datos que sobre el nos puido achegar este *Libro 2º de Bautizados* están os seguintes: que en xaneiro de 1780 xa tomara posesión dos beneficios de Berdeogas e Berdoias (*Libro 2º*, fol. 81, aº), polo cal, as sospeitas de Barreiro de que abandonara os estudos despois de 1778 eran atinadas.

O escaso tempo que botou en Cádiz –tres meses como máximo- coincide coas tres primeiras partidas de bautismo nas que falta a súa sinatura ó lado da do seu vicerreitor Benito Regueira. Corresponden a estas datas: 4-9-1810, 26-10-1810 e 29-11-1810. Nas tres o vicecura xustifica a súa ausencia ("escusando al Sr. Dn. Josef Maria Suárez Rioboo...") pola súa condición de "Diputado por esta Provincia [de Santiago] a Junta de Cortes del Reino". O período no que falta a súa sinatura do pé das partidas coincide coa súa segura estancia na cidade andaluza: de setembro a novembro de 1810. A prórroga que solicitará logo en Galicia para non volver por Cádiz e permanecer en Berdeogas "por motivos de saúde" debeulle aproveitar, pois gozaría dunha longa vida, xa que non finaría ata 1837. A partir da partida datada o 19 de abril de 1811 e ata o 30 de maio de 1812 xa volve asinar as partidas e desaparecerá delas a escusa relativa á súa ausencia, permanecendo a alusión á súa condición de arcipreste e deputado (*Libro 2º*, fol. 205, rº - 209, 2º).

Por estes primeiros anos do séc. XIX, aínda que timidamente, empezan a aparecer algunhas mulleres co apelido do pai e non da nai; en 1804 a nai dunha bautizada (Juana), Victoria Pedreira, dise que era filla de Nicolás Pedreira e Patricia dos Santos, naturais de San Martiño de Ozón (*Libro 2º*, fol. 189 rº - 190 aº). Este dato confírmase en 1809, pois volve aparecer a mesma muller co mesmo apelido e co mesmo pai e nai; non se trata, polo tanto, dunha equivocación (*Libro 2º*, fol. 201, aº). Neste mesmo ano 1809, Elena Perez, muller de Juan Canosa e nai de Manuel, leva o apelido do avó materno: Josef Perez (a avoa materna chamábase María de Lema) [*Libro 2º*, fol. 201, rº].

Quizais se traten de simples anécdotas, pois nas demais partidas séguese o costume secular: apelido paterno para os fillos, materno para as fillas.

Así e todo, contra 1816, 1817 e 1818 xa aparecen cada vez máis (aínda que moi timidamente) os apelidos paternos acompañando o nome de pía das fillas: en 1816 aparecen como padriños de Juan o seu avó paterno Manuel Canosa e Juana Canosa, a filla deste [*Libro 2º*, fol. 219, aº]. Nunha partida de 1817 os padriños son pai e filla (Angel Caamaño e Rosa Caamaño y Canto), e esta leva como primeiro apelido o do pai e de segundo o da nai (doc. 86). Con todo, aínda se segue maioritariamente o vello costume.

Por este primeiro terzo do séc. XIX tamén se aprecia un incremento dos avós e avoas como padriños de bautizo, especialmente os da casa; o feito de que se diga en bastantes partidas que algún destes avós ou avoas xa é defunto –especialmente os primeiros-, é un síntoma máis da curta esperanza media de vida da época: cando algún matrimonio ten o primeiro fillo, algún dos avós xa non existe.

O 15 de abril de 1818 empézase un novo libro de bautizados, o terceiro, que vai desde esta data ó 9 de setembro de 1855; consta de 121 folios escritos e 16 máis en branco, que quedaron sen cubrir (non sabemos por qué). Ó final do libro hai dous folios escritos, nos que se conteñen mandatos do arcebispo compostelán de 1846 comisionando ó párroco para que investigase a partida de bautismo de dous individuos: Antonio Romero e José Canosa.

O 17 de maio de 1827 ten lugar a visita do arcebispo Fr. Rafael de Vélez ó arciprestado de Nemancos. Neste *Libro 3º* recóllese esta Visita, datada en Corcubión, onde debeu ter lugar a reunión xeral do arcebispo cos cregos nemanqueses. Non aparecen normas específicas para as parroquias de Berdoias e Berdeogas, remitíndose ós autos xerais de visita e os das anteriores (doc. 87). Non obstante, no Libro de Veredas[55] doutras freguesías da Terra de Soneira (Gándara e Carreira), si aparecen

[55] No *Libro de Veredas* recollíanse as circulares e decretos que o arcebispo Fr. Rafael de Vélez dirixía ós párrocos da súa arquidiocese. Moitas das súas "veredas" eran de marcado carácter político –de orientación absolutista, loxicamente-, nas que se fomentaba a obediencia cega ó rei absoluto Fernando VII e se instaba ós párrocos a que vixiasen se nas súas freguesías había grupos liberais ou loxas masónicas. Vélez, xunto co seu íntimo secretario Ventura Castañeda, foi preparando o clero diocesano en favor da receptividade do irmán do rei, Carlos María Isidro, e da causa carlista (BARREIRO; 1976: 52). Ademais da orientación política, nas súas Veredas tamén hai disposicións de tipo moral

algunhas disposicións específicas respecto ós bautismos e ás partidas; faise fincapé en que procuren administrar o sacramento os propios curas párrocos –e non os vicerreitores e outros cregos, sobreenténdese (quizais para salientar a importancia deste sacramento)-, e que o fagan o máis axiña posible despois do nacemento, pois considerábase moi grave que algún neno morrese sen bautizar; respecto das partidas, insístese en que se redacten de inmediato unha vez celebrada a cerimonia sacramental –tal vez para evitar os esquecementos, que debían ser moi frecuentes-, e nelas debe constar o día do nacemento e o lugar onde se bautiza (é dicir, en qué igrexa: é de supoñer que para evitar os bautismos de necesidade nas casas) [doc. 88].

En suma, que o arcebispo Fr. Rafael de Vélez non introduce ningunha novidade substancial respecto á redacción das partidas de bautismo, que van continuar en principio co esquema da visita de 1778 (doc. 75).

Cambios na década 1830-1840: apelido do pai tamén para as mulleres, xeneralización do sufixo *–ez* nos apelidos antroponímicos, desaparición das preposicións entre nome e apelido, etc.

Con todo, quizais motivados sobre todo polos cambios administrativos civís da época –as reformas iniciadas polos gobernos liberais en 1833- imos apreciar pouco a pouco unha serie de cambios relativos á grafía dos apelidos e á súa ordenación despois do nome de pía.

Durante este primeiro terzo do séc. XIX algúns apelidos de orixe antroponímica aínda seguen rematando no sufixo *–es* (*Alvares, Fernandes, Gonzales, Peres, Sanches, Suares, Vasques*) [doc. 89], pero xa desde o século anterior este remate non era unha constante, pois alternaban cos rematados en *–ez* (*Álvarez, Fernández, González, Pérez, Suárez, Vásquez / Vázquez*). Apreciamos unha xeneralización practicamente definitiva do sufixo *–ez* a partir de 1832 (doc. 90).

Contra 1834 xa empeza a xeneralizarse que tamén as mulleres tomen o apelido do pai: nunha partida do 21-3-1834, o presbítero Simon Manuel de Leis bautiza unha nena filla de Domingo Antonio Romero y de Benita Trillo, neta pola nai de "Andres Trillo y Juliana dos Santos" (*Libro 3º*, fol. 45, rº); o 24-3-1834 o mesmo oficiante bautiza un neno fillo de José Alborés e Rafaela Ramos, neto pola nai de "Ventura Ramos y Catalina dos Santos" (Libro 3º, 46, aº), etc. Non se dá en todos os casos, pois o mesmo oficiante a 30-3-1834 bautiza un neno, de nome Manuel Simón, fillo de Pedro de Lema e de María del Rio, e neto pola nai de "Pedro Torreiro

para reformar os costumes "desordenados" dos fieis, seguindo a liña dos visitadores do séc. XVIII: "Para que las costumbres publicas se reformen y nosotros hagamos cuanto esté de nuestra parte en la salvación delas Almas que se nos han encomendado llenando nuestro ministerio por todos los medios posibles, mandamos a todos los S.S. curas que en la primª. semana de quaresma hagan y tomen una información. reservadas delas mugeres que viven de sus cuerpos, delos matrimonios desunidos y que vivan con escandalo delos que esten amancebados delos que dan dinero á usura delas mugeres que se dán a pronosticar ó decir las cosas ocultas por medio delas cartas ó qualqª. otro feligrés suyo que viva malamte. o de qualqr. pecado publico (...) [*Libro de Veredas de Gándara e Carreira*, 1827; s/f].

y María del Río" (*Libro 3º*, 46, aº e rº); o 26-5-1834 bautiza unha nena, Florentina Manuela, filla de Francisco de Pazos e Teresa Pérez, neta pola nai de "Luis da Costa y Andrea Pérez" (*Libro 3º*, 46, rº)[56].

Tamén empezan a aparecer os dous apelidos, especialmente nas mulleres: Dominga Barrientos y Varela, madriña dun bautizado de 1835 (Libro 3º, fol. 51, rº).

As novas divisións administrativas oficiais, tras a creación das provincias polo ministro Javier de Burgos, tamén se rexistran nas partidas, pois a partir de 1836 aparecerá durante uns anos a "Prob[inci]a de la Coruña" (doc. 91). Debeu haber unha contraorde deste o Arcebispado, pois a partir de 1839 desaparece esta referencia (*Libro 3º*, fol. 79 aº e ss.).

Por volta do ano 1838 apréciase a supresión das preposicións entre o nome e o apelido. Ata este ano, e xa desde o séc. XVII, moitos apelidos de orixe toponímica ían precedidos das preposicións *de, da, do(s)*: Alonso de Lema, Rodrigo de Leis, Antonio da Bouza, Aurelio do Monte, Patricio do Outeiro, Teresa dos Santos, etc.[57].

Vexamos algúns exemplos dos últimos anos nos que aínda se conservaba a ligazón da preposición entre o nome e o apelido, nesta década iniciada en 1830: en 12-3-1834 nace unha nena, Josefa Gregoria, "nieta por su madre de Andres Alborés, difunto, y Maria de Lema" (*Libro 3º*, fol. 45, aº); nunha partida de 7-10-1834 aparece un pai chamado Jorge de Leis, fillo á súa vez de Miguel de Leis (*Libro 3º*, 47, aº); nunha partida de 4-3-1835 aparece unha avoa e madriña chamada Josefa dos Santos (*Libro 3º*, 49, aº); o 31-11-1835 bautízase un neno fillo de José de Lema e neto de Manuel de Lema (*Libro 3º*, fol. 52, rº), e o 8-4-1836 outro neno fillo de Pedro de Lema e neto de Pedro de Lema (*Libro 3º*, fol. 54, aº). O cambio empeza a producirse contra 1838, na pluma do mesmo presbítero, Simón Manuel de Leis y Lema: o 11-5-1838 bautiza un neno, José Mª, fillo de José Touriñán e de Genobeba Santos, neto por parte materna de Juan dos Santos, difunto, e de Antonia Lema; os seus padriños foron Pablo Leis e María Caamaño (Libro 3º, fol. 59, aº); en 28-9-1838 bautiza unha nena, Manuela, filla natural de Teresa Santos, neta de Manuel dos Santos e Casamira [sic] do Outeiro (Libro 3º, 64, rº). Como se pode ver, precedendo os apelidos Santos, Lema e Leis xa non aparece a preposición que non faltaba nunca nos anos anteriores. No doc. 92 xa aparecen Lemas sen a preposición *de*, que nunca faltaba ata aquelas datas[58].

[56] Os subliñados son nosos.

[57] ¿Cando se empezaron a suprimir as preposicións entre nome e apelido? Non temos constancia certa disto. Un dos máximos especialistas galegos actuais en antroponimia e toponimia, G. Navaza, tampouco lograra precisar o momento concreto en que se produciu este cambio; nun artigo de divulgación de hai uns anos dicía o seguinte ó respecto: "Se ben a perda [da preposición] puido producirse en diferentes momentos históricos, a súa xeneralización deuse en época relativamente recente, e se consultámo-los datos do Catastro de Ensenada, de 1753, veremos que moitos apelidos toponímicos actuais mantiñan daquela a preposición hoxe perdida" (NAVAZA; 2000: 18).

[58] Sospeitamos que tivo que haber algunha disposición oficial por estes anos de tanta reforma para regular o uso dos apelidos: primeiro o do pai e despois o da nai (tanto para home como para muller), a eliminación das

Por 1838 tamén se rexistran nas partidas os oficios e profesións de pais e avós. Como era de esperar, a maior parte dos berdoieses eran labregos (doc. 89); ás veces mesmo se especifica que os pais son "de oficio jornaleros pobres" (*Libro 3º*, fol. 64, aº)

Contra 1850, coincidindo coa entrada dun novo párroco –*Manuel Romero* (1850-1880)- empeza a poñerse nas marxes o apelido do bautizado ou bautizada ademais do nome, que a partir de entón xa vai ser unha constante. Con este novo dato xa constatamos que xa se xeneralizara definitivamente por estes anos o uso do apelido paterno para as mulleres (doc. 96). Completan a nómina de párrocos das décadas finais do séc. XIX, *José Bravo Taboada* (1881-1886) e *Andrés Montero Moreira* (1893-1918).

Aínda sen rematar o Libro 3º -quedaron 16 folios en branco- o novo crego inicia en 1856 un novo libro de bautizados que abranguerá case toda a segunda metade do séc. XIX, pois vai de 1856 a 1899. No esquema tradicional das partidas –vixente desde 1778- unicamente aparecerá unha novidade a partir de 1875: a inclusión no encabezamento, despois de "En la iglesia parroquial de Berdoyas", a pertenza da parroquia ó "distrito municipal de Vimianzo, provincia de la Coruña" (doc. 103 e ss.).

No período de cinco anos nos que o cura José Bravo rexentou a parroquia (1881-1886) as partidas aparecen máis sintetizadas, mellórase moito o tipo de letra e case sempre colocan os tiles sobre as vocais que os deben levar (faise por vez primeira); como non todo pode ser perfecto, neste período déixase de rexistrar o lugar de procedencia dos avós e dos padriños (*Libro 4º*, fol. 143, aº e ss.). A partir de 1883 este mesmo párroco aumenta o volume de datos dos bautizados na marxe que encabeza a partida: ademais do lugar onde naceu, aparece o seu nome e os dous apelidos e o nome do pai e da nai (anteriormente o da nai non aparecía, a non ser que fose solteira). Sirva de exemplo a nota á marxe desta partida: "Piedra del Fraile. José Pazos y Caamaño, hijo de Joaquín y Andrea" (*Libro 4º*, 150, rº).

Para o demais non vai haber cambios substanciais.

Precisamente aquela disposición de 1788 de incluír nas partidas os nomes dos avós paternos e maternos, así como os seus lugares de residencia, de nacencia ou de procedencia, facilitaranos moito a investigación sobre a procedencia dos apelidos, especialmente cando se producen cambios dunha parroquia a outra, dunha comarca a outra ou mesmo dun país a outro. Por esta disposición xa soubemos que o apelido Rey dun pai berdoiés de 1842 lle fora imposto na Inclusa de Santiago, en sendo como fora un neno abandonado (doc. 95). Neste *Libro 4º*, unha partida de 1863

preposicións, etc. Non obstante, o coñecido *Diccionario de la Administración Española* (varios tomos) de M. MARTÍNEZ ALCUBILLA, nada nos indica ó respecto (consultamos as seguintes voces: "Apellido de Familia", tomo I, 1914; "Nombre", t. X, 1923, e "Registro Civil", t. XIII, 1930).

revélanos que o apelido Coo –aínda hoxe existente na parroquia de Berdoias- procedía dun inmigrante italiano casado na parroquia veciña de San Cristovo de Carnés, avó paterno da criatura que se bautiza o 29 de xuño dese ano (doc. 98)[59].

Con todo, os cambios administrativos iniciados na década 1830-1840, especialmente os relacionados coa orde dos apelidos, son os que a fin de contas traerán algún que outro problema legal que tamén se acaba reflectindo nas partidas de bautismo. Véxase o caso de 1866 do paisano Joaquín Leis, xa pai de familia, coñecido con este nome e apelido durante a vida que levaba vivida, pero que na partida de bautismo aparecía como Bernardo Pérez; nunha nota que se pon á marxe das partidas de cada un dos fillos que este home tivo, que foron uns cantos[60], xa se proporciona unha explicación sinxela para a incómoda confusión: na partida impuxéraselle o apelido de súa nai, "como entonces se estilaba", muller solteira, que levaba o apelido Pérez da avoa materna e non o de Leis, do avó materno; ó final, o nome oficial do interesado será *Bernardo Joaquín Leis Pérez* (doc. 101).

Creación do Rexistro Civil (1870)

Chegados a este punto, debemos facer fincapé na lei do 17 de xuño de 1870 pola que se crean en España os rexistros civís, co cal os rexistros parroquiais deixan de ser o único medio de proba do estado civil das persoas.

Durante esta segunda metade do séc. XIX continuará a preocupación da xerarquía eclesiástica polo incremento dos chamados 'fillos ilexítimos' ou 'fillos naturais' (a partir de 1880 volve preferirse 'natural'). A emigración masiva dos galegos á América –Cuba, Arxentina, Uruguai, sobre todo- prodúcese precisamente na segunda metade desta centuria, e quizais esta fose unha das causas do incremento de fillos de mulleres solteiras, pois eran os homes os que maioritariamente emigraban. Nunha comunidade tan fechada como a parroquia rural, o párroco e demais cregos estaban ó tanto de todo: da infinidade de nais solteiras, e tamén das nais viúvas (mesmo algunha da

[59] O apelido Coo chegou ós nosos días, e rexístrase tanto en Berdoias coma nalgunha parroquia da súa redonda. Nos membros das familias que o levan corre a tradición de que se trata dun apelido francés, e de feito a casa da familia Coo berdoiesa chámase a Casa do Francés. Para explicar a súa introdución dise que foi debida a que un soldado napoleónico quedara por estas terras en 1809. Non obstante, é sabido que en moitas zonas de Galicia todo nome ou apelido estranxeiro tradicionalmente adóitase dicir que é francés.

Sobre a orixe de certos apelidos de orixe estranxeira, Teresa Rodríguez Castelao –a xa falecida irmá do ilustre prócer galego- dicía o seguinte respecto do apelido *Gemme* (o segundo da súa nai): "Aquí [en Rianxo] dicíase que [os *Gemme*] eran de orixe francesa porque, naqueles tempos, non se coñecían máis estranxeiros cós franceses. Sen embargo, tamén dicían que ese apelido era genovés; pero non se averiguou". O entrevistador –M. Dourado- aventuraba que podían ser franceses de orixe italiana, e engadía o seguinte: "Hai quen opina, Xavier Baltar entre eles, que os *Gemme* podían ser franceses provenientes daqueles 'Cen Mil Fillos de San Luís' que viñeron aquí [en 1823] a repoñer no trono a un rei español' (M. DOURADO DEIRA.- *Conversas con Teresa Castelao*; Sotelo Blanco Edicións, Santiago, 1999; p. 11).

[60] Aparece a nota nas actas de bautismo de Andrea Leis, o 26-7-1869 (*Libro 4º*, fol. 71, rº), Valentín Leis, o 13-8-1872, María Leis, o 28-6-1874 (*Libro 4º*, 99 aº e rº), Manuel Leis, o 16-9-1876 (*Libro 4º*, 113, aº).

guerra de Filipinas: doc. 107) e das mulleres casadas co seu marido na emigración anos e anos: as viúvas de vivos de Rosalía. Os oficiantes dos bautismos non perderán a ocasión de deixaren por escrito nas partidas estas circunstancias, mesmo con certa retranca: nunha partida de 1840 especifícase que o marido da nai dunha bautizada levaba ausente cinco anos no Brasil, país distante da parroquia "según voz común de trescientas leguas" (doc. 93). Que ninguén fose pensar que o Brasil quedaba alí ó lado... En 1880 outra muller casada dá a luz estando o marido ausente en Madrid había tres anos (doc. 104).

O que si debe quedar clara é a conciencia de pecado, non só no tocante ós adulterios, senón a toda relación sexual realizada entre unha muller e un home solteiros, que para a Igrexa se convertía nun delito. Así, nunha partida de 1879, unha nai solteira vese na obriga de explicarlle ó oficiante do bautismo da súa filla, con testemuñas diante, "el motivo de haber delinguido" (sic) co pai da súa filla –do que tamén se cita o nome-; ese motivo delituoso non era outro que a promesa de matrimonio que había entre os dous (doc. 103). En 1895 deuse o caso dunha parella, curmáns entre si, que, cansos de agardaren pola dispensa vaticana polo grao de consanguinidade, parece que optaron por forzaren a situación co nacemento dun fillo (doc. 105).

Do texto das partidas parece desprenderse moito interese en que os pais dos fillos naturais ou ilexítimos recoñezan a súa paternidade. En 1868, o párroco Manuel Romero, dá por boa unha paternidade dun destes fillos naturais por simple declaración da nai; escribe na partida o nome do suposto pai e mesmo lle impón ó bautizado o seu apelido (doc. 101). Neste mesmo ano un pai dunha filla natural vai onda o cura recoñecer a súa paternidade da bautizada, que nacera varios meses antes (doc. 102). Loxicamente, non será un caso único, senón que se repite ó longo destas dúas derradeiras décadas do séc. XIX e nas primeiras do XX.

E, falando de recoñecementos paternos de fillos naturais, ¿que pensar deses dous misteriosos cabaleiros franceses –dos que se fala na partida transcrita no doc. 108 (Libro 5º de bautizados)- que na mañá do 11 de novembro de 1906 se presentaron ante o párroco Andrés Montero para que lles bautizase unha nena, filla, ó parecer, dun deles? Estamos ante un caso único de nai incógnita (fronte ós abundantísimos de pai incógnito). Polos datos da partida, o pai chamábase *Leopoldo Clotaire Masurier* –ou Masunier (non se le con claridade)- e estaba de dentista na vila de Cee; o outro cabaleiro que o acompañaba, de nome Augusto Michel Romaire, curtidor de profesión, foi o padriño do bautismo, e unha veciña de Berdoias –Manuela Alborés- a madriña. É quizabes a partida máis misteriosa de toda a relación de bautizados de Berdoias. ¿Coñecía de antemán o párroco a estes dous franceses residentes en Cee? ¿Non preguntou máis nada, como, por exemplo, quen era a nai da criatura? ¿Sería quen se afirma como pai da criatura o verdadeiro pai e a anónima nai algunha muller comprometida –quizais casada- pertencente a unha familia da pequena burguesía

ceense ou corcubionesa? ¿Podería tratarse dunha nena abandonada e recollida por esta parella de franceses? ¿Que relación tiñan estes entre si? Algunha causa de forza maior tivo que haber para que esta parella de estranxeiros se desprazase uns 35 km cara ó interior para bautizar dunha maneira case clandestina unha nena da que un deles afirmaba ser o seu pai: certamente, non se desexaba que trascendese o feito na vila onde vivían. Por outra banda, ¿porque a nena non se bautizou e inscribiu en Berdeogas, a parroquia principal, que era onde estaba situada a casa reitoral, en vez de vir facelo á parroquia anexa? Son unha chea de preguntas –algunhas case de intrigante novela romántica- que, loxicamente, nos quedarán sen responder; unicamente podemos dicir que do apelido francés da bautizada, Masurier ou Masunier, non temos noticia de que exista nin existise na Costa da Morte, ó contrario doutros apelidos estranxeiros como o bretón Gweguen, que persiste actualmente en Galicia disfrazado polas formas acastrapadas de Juega e Jueguen.

Nos oficiantes segue habendo interese por teren noticia dos descoñecidos pais ('padres incógnitos') das criaturas de nais solteiras, como aconteceu en 1867 cun fillo natural dun canteiro –oficio itinerante-, de nome Andrés Poseiro, que "se presume sea de la provincia de la Coruña esto segun manifestación de la madre del niño" (*Libro 3º*, fol. 59, aº)[61].

A preocupación da xerarquía eclesiástica polos fillos naturais é patente e ponse de manifesto na visita Pastoral de 1899[62], que tomamos do Libro 11º de bautizados de Vimianzo: o visitador chama a atención do párroco sobre o número considerable de "hijos ilegítimos", recomendándolle que predique a fin de evitar "las relaciones ilícitas y reuniones peligrosas" que ocasionan a perdición das almas (doc. 106). O párroco segue de gardián do comportamento moral da súa comunidade; non se cambiou nada ó longo do séc. XVIII e do XIX que estaba a rematar. Na visita tamén se ordena facer un resumo numérico de homes e mulleres, fillos lexítimos e ilexítimos; tamén en Berdoias se debeu recibir este mandato, pero ata 1918, con José García Gándara como párroco, non se inicia este reconto (que se fai conxunto das parroquias de Berdeogas e Berdoias).

[61] Durante o ano 1868 houbo unha cuadrilla de canteiros na parroquia ou na redonda, que na súa maioría eran da provincia de Pontevedra, da Terra de Montes en concreto: varios foron padriños de bautizos (José Martínez Villanueva, que era de San Salvador da Lama; Jesús Álvarez, que era de Ponte Caldelas; Manuel Vázquez que tamén era da Lama). José Lage (de Salcedo) casaría na parroquia e quedaría a vivir nela, introducindo o seu apelido na freguesía, co que se proba que este non procede, como sería o esperado, da cercana vila de Laxe, senón posiblemente de San Martiño de Laxe (Moraña) [*Libro 3º*, varias partidas, do fol. 62, aº ó 65, aº]. Entre 1865 e 1868 había canteiros en Berdoias construíndo a torre-campanario da igrexa, que fora derrubada por un furacán en 1853, e tamén se estaba facendo a estrada A Coruña-Fisterra, pois precisamente o primeiro dos citados, José Martínez Villanueva, aparece documentado como contratista dela (LÓPEZ VÁZQUEZ; 1978: 240).

[62] Como xa se expresa no propio texto da visita, era daquela arcebispo de Santiago (e despois cardeal), José Martín de Herrera (1889-1922) [*Guía...*; 1965: 80].

O séc. XX

O *Libro 5º* de bautizados é común ás parroquias de Berdeogas e Berdoias (no que a esta última se refire, vai de 1899 a 1910). Tamén é común ás dúas freguesías o Libro 6º (1910-1932).

Escasas novidades neste primeiro terzo do séc. XX; unicamente a mala letra e peor ortografía do cura *Andrés Montero*, pois nas súas partidas parece haber unha volta atrás no tempo, especialmente contra 1916, pois rexístranse abundantes gueadas ('Grigoa', 'igo de'...) e seseos (revive o sufixo *–es* para os apelidos antroponímicos: Peres, Vasques, etc.); as faltas de ortografía son impropias dunha persoa de estudos: 'Dunbría', 'Probincia', 'Berdoiyas', etc. (*Libro 6º*, fol. 71 rº - 73, aº).

A partir de 1918 o párroco *José García Gándara* empeza a facer unha relación de fillos nacidos durante o ano nas parroquias de Berdeogas e Berdoias, dividíndoos por sexos e indicando se son lexítimos ou ilexítimos ("varones legítimos / varones naturales [despois: 'ilegítimos']; hembras legítimas / hembras naturales [despois: 'ilegítimas']). Realizarase este reconto de ano en ano ata 1951. Por ser realizado conxuntamente para as dúas parroquias, pouco nos pode achegar de interese para o noso estudo e optamos por non reproducir os datos. A José García sucederalle como reitor *Jesús Tuñas* (1921-1930).

Nas dúas primeiras décadas do séc. XX emigran a Galicia un gran número de serradores portugueses, dedicados á corta de árbores coas súas serras de man. Procedían dos distritos de Leiría e Coímbra, na súa maior parte. Moitos deles casarán con mozas da comarca e quedarán a vivir nela definitivamente. En 1920 rexístrase en Berdoias a primeira partida dun bautizado fillo dun cidadán portugués, de nome Eulogio Pereira Lema, fillo lexítimo de Manuel Pereira "natural de la parroquia de Carvide – Leiria, Diócesis de Coimbra, Portugal" e de María Lema Valiña, de Berdoias (*Libro 6º*, fol. 114, aº)[63].

Ó contrario do que se estila no país veciño, os pais portugueses inmigrantes en Galicia adoitan transmitir o seu primeiro apelido, con frecuencia castelanizado polos escribáns. En 1935 nace Manuel González Espasandín, fillo de Antonio González da Costa, de "Villa de Cuña – Portugal", e de Dolores Espasandín, de Berdoias; avós paternos: Manuel González e Ana da Costa, tamén de "Villa de Cuña – Portugal" (*Libro 7º*, fol. 52, aº); seguramente o apelido orixinario do pai e dos avós paternos era Gonçalves, pero o redactor da partida non se complicou a vida e castelanizouno decontado. Na partida do seu segundo fillo, de 1937, Antonio González da Costa mesmo perderá a preposición de enlace co seu segundo apelido: aparece como Antonio González Costa (*Libro 7º*, 88, rº).

[61] Está por facer un estudo dos apelidos introducidos polos inmigrantes portugueses en Galicia, así como da súa case inmediata castelanización, na súa maior parte. A este respecto dispoñemos dunha breve pero interesante relación de inmigrantes portugueses establecidos no séc. XX en Baio e outras parroquias da súa redonda, realizada polo erudito baiés Braulio Astray Romero, falecido hai poucos anos.

Tamén aparece algún/unha emigrante retornado/a como pai ou nai dalgún bautizado: en 1927 rexístrase a primeira nai berdoiesa nacida na Arxentina, María Pazos; o seu pai –avó materno da criatura- era de Berdoias, e a nai –a avoa materna- de Berdeogas (*Libro 6º*, fol. 172, aº).

O *Libro 7º* de bautizados de Berdeogas e Berdoias vai de 1932 a 1945. A partir de agora en cada folio ou páxina as partidas responderán a un esquema prefixado, impreso, e o crego oficiante só vai ter que cubrir os ocos cos datos do bautizado ou bautizada. De 1930 a 1940 é párroco *Andrés D. Pérez Cambeiro*.

Nunha partida de 1939 faise referencia a unha filla póstuma dun morto na fronte de batalla, no contexto da Guerra Civil: María del Carmen Paz, nacida o 7-5-1939, filla de Eduardo Paz "fallecido gloriosamente en Cartagena el siete de marzo" e de Aurora Caamaño (*Libro 7º*, 114, rº).

Nas marxes de partidas de bautizados da década 1940-1950 empezan a aparecer notas (datadas a finais da década dos sesenta e ó longo da dos setenta) que fan referencia ós seus casamentos en diversas cidades europeas; son os testemuños dos pasos seguidos polos mozos desta parroquia na emigración europea, case multitudinaria por estes anos: así H. G. V. –nacida en 1943- casou o 11-4-1970 na Misión Española de París (Libro 7º, 177, aº); M. del C. C. C., filla de L. C. –que nacera en Buenos Aires (Arxentina)- e de M. C. –de Berdoias-, casa o 2-7-1976 en Karlsruhe-Freiburg (Alemaña) con Müller R. E.; adxúntase un documento da parroquia alemá escrito en latín (*Libro 7º*, 186, rº). Tamén hai noticia dos casamentos realizados na América: E. R. L., nado en Berdoias en 1946, casa con C-J. Buadygan no bispado de Avellaneda (Arxentina), en novembro de 1976 (*Libro 8º*, 17, rº). A partir destas datas tan próximas ós nosos días prefiro poñer só as iniciais dos bautizados e bautizadas, por razóns obvias.

O *Libro 8º* de bautizados de Berdeogas e Berdoias vai de 1945 a 1967. Este libro tamén ven impreso, cuns ocos para poñer os datos de cada partida e de cada bautizado. *Manuel Cambeiro Figueiras* rexe as dúas parroquias de 1940 a 1952, e *Jesús Concheiro Lesta* de 1954 a 1976.

A partir do ano 1945 xa espezamos a apreciar certa distancia entre o día do nacemento e o do bautismo, aínda que non en todos os casos. Poden pasar tres días, dez ou quince; a distancia temporal vai acrecentándose a medida que imos avanzando no tempo.

Neste libro séguense anotando nas marxes os casamentos realizados na emigración polos bautizados e bautizadas na parroquia. Así, J.M.A.C. –nado en 1950 en Berdoias-, casará en Caracas (Venezuela) en 1973 (*Libro 8º*, 73, aº); M.C.F.C. –nada en Berdoias en 1950-, casará en Delemont (Suíza) con P.O. –de Navales (Salamanca)- en 1980 (*Libro 8º*, 22, rº); P.S.L., nada en Berdoias en 1954, casará en Allergeiligen-Limburg (Alemaña) con J.M.B.T., de Liñaio-Negreira, en 1976 (*Libro 8º*, 161, rº). Tamén se anotan as vodas realizadas na propia Galicia; na marxe da partida de nacemento de A.M.B.G. (nacido en Berdoias en 1953), aparece esta nota (a primeira redactada en

galego): "Casouse en Sto. Tomás da Coruña con X.C.M. o 20 de xuño do 92" (*Libro 8º*, 146, aº). Tamén se informa das confirmación nos lugares da emigración, como a de A.I.M.A. –nacida en Berdoias en 1968-, que se confirma en Montreal (Canadá), en 1980 (*Libro 9º*, 80, rº).

Coa entrada do párroco Jesús Concheiro Lesta, en 1954, os bautizos volven realizarse o mesmo día ou ó día seguinte do nacemento, e os fillos de pais descoñecidos levan un N. no lugar do segundo apelido (ás veces, en vez do N., escríbese "sin segundo"); obviamente, segue reseñando os fillos lexítimos e ilexítimos. A partir de 1955 os avós e os padriños levan os dous apelidos sempre.

O *Libro noveno* de bautizados de Berdeogas e Berdoias comprende de 1960 a 1977. Neste período aínda segue de párroco Jesús Concheiro, que falece en 1976. De 1976 a 1977 *Juan Bautista Nemiña Insua* foi o cura encargado.

Neste libro xa aparecen partidas de nenos nacidos na emigración española ou europea. Xa estamos nunha época plenamente postconciliar[64] e, entre outras disposicións, xa se permiten períodos máis ou menos longos entre o nacemento e o bautismo dos nenos e nenas que veñen ó mundo. Deste xeito, a distancia entre o nacemento e o bautismo será agora de varios meses, pois niso ten que ver moito o desexo dos pais, que prefiren agardar ós meses do verán –no seu período vacacional- para que os seus fillos reciban as augas bautismais na súa parroquia de orixe, e poder celebrar un banquete cos avós e padriños dos infantes. Por unha parte está o desexo de compartir cos familiares máis achegados estes momentos; pola outra, a fachenda de poder ofrecer un banquete co adaxo da cerimonia sacramental, ó que se convida tamén ós amigos: os cartos da emigración europea permiten estes dispendios –ás veces excesivos- e xa quedan lonxe os tempos nos que o simple convite do día do bautismo ós compadres supoñía para os pais da criatura un grande esforzo económico (disque esta fora en tempos unha das causas de que fosen os avós e os tíos da casa os padriños: así aforrábase este convite dos compadres, xa que todo quedaba dentro dela).

Tampouco nos debe pasar desapercibido o interese dos pais emigrados

Modelo de partida de 1977

- data do bautismo, con letra (día, mes, ano);
- lugar (igrexa parroquial de...);
- diocese;
- oficiante do sacramento;
- a fórmula "bauticei solemnemente";
- nome do/a bautizado/a;
- lugar de nacemento do/a bautizado/a;
- día do nacemento;
- fillo/as (lexítimo/a ou ilexítimo/a)
- nome e os dous apelidos do pai e da nai;
- de onde son naturais o pai e a nai;
- avós paternos (nome e os dous apelidos de cada un);
- de onde son naturais os avós paternos;
- avós maternos (nome e os dous apelidos de cada un);
- de onde son naturais os avós maternos;
- padriños (nome e os dous apelidos dos dous);
- de onde son veciños os padriños;
- remate coa fórmula "E para que conste, asínoo";
- sinatura do oficiante (o párroco).

[64] O Concilio Vaticano II, convocado por Xoán XXIII en 1962 e clausurado por Paulo VI en 1965.

en países europeos de ligar os seus fillos nacidos en terras estranxeiras á parroquia de onde proceden: hai niso un alto grao de identificación cos eidos nativos. A maior parte dos emigrantes que a partir do anos sesenta marcharon a Europa nunca pensou en quedar nos países de acollida –de idiomas moi distintos, e xa non falemos dos costumes...-, senón en volver ó cabo duns anos; no caso de teren fillos, a volta sempre debería ser anterior a que os fillos se fixesen mozos, para que a integración deles fose o menos traumática posible. Por iso procurarán non perderen a ligazón coa familia, coa parroquia e con Galicia (ou con España). Os fillos poderían nacer en terra allea – algunha nai houbo que veu dar a luz á parroquia-, pero serán bautizados na parroquia dos pais, e tamén nela recibirán a primeira comuñón.

A partir de 1972, xa que logo, unha serie de berdoieses nacidos na diáspora, virán, non obstante, recibir as augas bautismais á parroquia dos seus devanceiros e inscribirse no Libro 9º de bautizados. Como no Libro 10º de bautizados aínda aparecerán moitos máis bautizados berdoieses nados fóra da parroquia, daremos unha relación no apartado seguinte (ademais, o Concheiro deixa de inscribir a varios, que aparecerán no Libro 10º fóra de lugar):

O último libro é o *Libro X de Bautizados de Santiago de Berdeogas e San Pedro de Berdoias*, iniciado o 8 de decembro de 1977; chega á actualidade. No ano 1977 entra de párroco *Ramón Romero Carril*, que na actualidade segue sendo o reitor destas dúas freguesías. Na nota inicial indícase que conta 200 folios (doc. 110).

A novidade máis notoria deste libro é que o párroco realizou todos os asentamentos en idioma galego, para o que mandou facer na imprenta un patrón estándar deixando os ocos correspondentes para os datos do bautizado (doc. 113).

Este modelo estándar de partida de bautismo de 1977 responde ó modelo imposto en 1778, pois séguense contemplando os apartados que se expresan no cadro de texto adxunto.

Outra das particularidades dos asentamentos deste *Libro 10º* é que todos os nomes propios están en galego, tanto os dos bautizados como os dos pais, avós e padriños. Tendo claro que nin pais, nin avós nin padriños tiveran en orixe o nome en galego, o noso interese estaba en se os bautizados recibiran o nome en galego por parte dos pais e/ou padriños ou non. Consultamos ó párroco e el recoñeceu que en ningún caso, que o feito de que aparecesen os nomes duns e outros en galego, fora iniciativa súa, que os traducira con axuda de obras como a pioneira de Xaime Seixas (*400 nomes galegos para homes e mulleres*; Sept, Vigo, 1977) ou a posterior de X. H. Costas (*1000 Nomes Galegos. É de xustiza*, 1991).

Con moito pesar, e aínda considerando a boa vontade desta medida (a contribución á normalización lingüística da antroponimia galega no mundo eclesiástico, que tan alleo segue estando a ela), por vez primeira vinme na obriga de non facer caso da outrora sacrosanta forma documental –unha vez que sabía por outro conduto que non respondía á realidade (ningún dos pais ou padriños lle impuxo ós bautizados e

bautizadas de Berdoias das derradeiras décadas do séc. XX o nome na forma galega)- e botar man da información oral. Anotaremos, polo tanto, as formas en castelán, habida conta de que así están no Rexistro Civil en tanto os propios interesados non reclamen oficialmente a súa tradución ó galego.

A característica máis sobresaliente que se observa nestas partidas do derradeiro terzo do séc. XX é a boa cantidade de bautizados berdoieses que naceron na emigración, case todos en países europeos como Alemaña, Gran Bretaña e Suíza, pero tamén nalgunha provincia española, na Coruña capital ou mesmo nalgunha vila da Costa da Morte (Corcubión, Cee, Fisterra).

A emigración foi tamén a causa principal da ruptura definitiva da endogamia parroquial ou comarcal, que se viñera mantendo durante séculos entre os matrimonios de Berdoias, aínda que xa en diversos momentos da séc. XX –tamén por causa da emigración- se viñan observando certos cambios. Nos lugares da emigración europea os mozos e mozas berdoieses e berdoiesas adoitan contraer matrimonio con outros mozos e mozas das parroquias da redonda (comarcas de Fisterra e Terra de Soneira), pero tamén se estableceron lazos matrimoniais con persoas doutras partes de Galicia, España e mesmo do estranxeiro.

No tocante ós bautizados nacidos na emigración segue sendo manifesta a vontade dos pais de inscribilos na súa parroquia de oriundez. Deste xeito, ademais dos nenos nacidos na emigración que veñen bautizarse á parroquia ó cabo duns meses do nacemento, neste *Libro 10º* aparecen tamén inscritos os nenos e nenas nacidos e bautizados nos lugares de residencia dos pais: o libro ten entre os seus folios determinado número de partidas en follas soltas asinadas por cregos e capeláns españois de emigrantes de cidades e vilas de Suíza, Alemaña ou Gran Bretaña. Está claro que os pais non queren perder as raíces e que só consideran circunstancial, pasaxeira, a inscrición no estranxeiro, pois aquilo non é o seu medio, senón terra estraña e, ás veces, hostil: o lugar definitivo para eles e para os seus fillos é na parroquia de sempre, a dos antepasados. O asento dos bautizados permite que se poida estar inscrito en dúas parroquias, a do lugar do nacemento na emigración e a dos pais (onde eles pensan que vai vivir o fillo ou filla bautizado/a); o Rexistro Civil non admite estes dobretes: se un nace en Suíza, alí se debe inscribir; ata hai pouco, se un nacía no hospital da Coruña tiña que se inscribir nesta cidade, o cal non era moi real.

[65] O párroco berdoiés, un dos escasísimos sacerdotes non só da Costa da Morte senón tamén de toda Galicia que ofician habitualmente no noso idioma propio todos os actos litúrxicos, admite que no caso de que algún dos bautizados ou bautizadas precisase algunha certificación de bautismo para a vida civil, el expediríalle o documento respectando o seu nome oficial do Rexistro Civil.

a) Nacidos/as no estranxeiro e bautizados/as en Berdoias (1965-2000):

-Jesús B. L. nace o 21-9-1965 en Caracas (Venezuela), onde tamén se bautiza o 19-12-1968. Inscribiuse a súa partida no Libro 10º de Berdoias, con esta nota: "Esta partida tiña que estar no Libro IX, fol. 84, vto. Foi extendida con autorización da Vicaría Xeral da diócese de Santiago" (Libro 10º, 99, rº).
-Manuel Leandro C. F. nace (n.) en Ettelingen (Alemaña) o 23-3-1972 e bautizarase (baut.) en Berdoias o 11-6-1972 (*Libro 9º*, 118, rº).
-María Isabel V. de la S. n. en París (Francia) o 21-8-1972 e baut. en Berdoias o 15-7-1973 (*Libro 9º*, 130, rº).
-Raquel R. A., n. en Leamington (Warwick, Gran Bretaña) o 21-7-1973 e baut. en Berdoias o 16-9-1973 (*Libro 9º*, 122, rº).
-Sonia M. L. nace [n.] en Wupertal (Alemaña) o 29-4-1974 e bautízase [baut.] en Berdoias [B.] o 29-6-1974 (o crego anterior, J. Concheiro, esqueceuse de pasar a partida ó *Libro 9º*, e faise agora no 10º (fol. 97, rº).
-Inés L. C. n. en Breitenbach (Solothurn, Suíza) o 25-2-1975 e baut. en B. o 5-7-1975 (*Libro 10º*, 104, rº).
-Plácido C.O. n. o 27-5-1976 en Delemont (Jura-Suíza) e baut. en Berdoias o 7-8-1976 (*Libro 9º*, 164, aº).
-Martín C.A. n. en Zúric (Suíza) o 15-5-1978; baut. o 18-7-1978 en Berdoias (*Libro 10º*, fol. 5, rº); confírmase o 7-6-1996 en Zúric.
-Bibiana P. M. n. en Breitenbach (Suíza) o 10-4-1980 e baut. en B. o 9-8-1981 (*Libro 10º*, 37, aº).
-Maico [sic] G. P. n. en Canden-Londres o 23-2-1982; baut. en B. o 29/6/1982 (*Libro 10º*, 43, aº).
-Esteban P. M. n. en Breitenbach (Suíza) o 20-4-1982; baut. en B. o 31-7-1982 (*Libro 10º*, 45, rº).
-Cristián F. F. n. en Grabs (St. Gallen, Suíza) o 4-10-1984; baut. en B. 25-12-1984 (*Libro 10º*, 65, aº).
-Cristián C. A. n. en Zúric (Suíza) [8-1-1984] e baut. en B. o 21-6-1984 (*Libro 10º*, 69, aº).
-Ana Belén L. S. n. o 31-3-1985 en Laufen (Berna, Suíza) e baut. en B. o 30-6-1985 (*Libro 10º*, 68, rº).
-Silvio S. F. n. en Delemont (Jura, Suíza) o 25-9-1985 e baut. en B. o 25-12-1985 (*Libro 10º*, 72, aº).
-Sergio C. M. n. en Breitenbach (Suíza) [10-5-1986] e baut. en B. o 24-7-1986 (*Libro 10º*, 76, aº).
-Karina L. R. n. en Canden (Londres, Gran Bretaña) [22-7-1986] e baut. en B. o 27-12-1986 (*Libro 10º*, 76, rº).
-David Alejandro A. R. n. en Lausana (Vaud, Suíza) o 5-12-1986 e baut. en B. (2-8-1987). O pai é de Vimianzo, a nai de Ponferrada, os avós paternos de Salto, o avó materno de Verín e a avoa materna de Jaén; só os padriños son de Berdoias (*Libro 10º*, 79, rº).
-Diana S. S. n. en Delemont (Jura, Suíza) [4-9-1987] e baut. en B. (10-7-1987) [*Libro 10º*, 83, aº].
-José S. S. n. en Delemont (Suíza) o 20-12-1988 e baut. en B. (10-9-1989) [*Libro 10º*, 88, aº].
-Mónica C. M. n. en Breitenbach (Suíza) [15-7-1989] e baut. en B. (29-7-1989) [*Libro 10º*, 87, aº].
-Miguel V. G. n. en Lausana (Suíza) [28-1-1989] e baut. en B. (30-7-1989) [*Libro 10º*, 87, rº].
-Adrián C.G. n. en Lausana (Suíza) [22-9-1993] e baut. en B. (2-1-1994) [*Libro 10º*, 111, aº].
-Sergio. G. C. n. en Basilea (Suíza) [28-8-1994]; baut. en B. (30-12-1994) [*Libro 10º*, 115, rº].
-Susana R.V. n. en Londres (13-12-1994); baut. en B. (11-6-1995) [*Libro 10º*, 117, rº].

b) Nacidos/as e bautizados/as no estranxeiro (e tamén inscritos/as en Berdoias) [1972-2000]:

-Sandra C. L. n. en Londres (2-2-1974); baut. tamén en Londres; confírmase na Coruña o 24-5-1991 (*Libro 10º*, 20, aº).
-Begoña F. A. n. en Londres (29-12-1975), onde se bautiza o 6-4-1976; confírmase na Pastoriza (Arteixo) o 7-6-1976 (*Libro 10º*, 20, rº).
-Alcira Mª. P. M., de pai berdoiés e nai portuguesa de Aveiro, n. en Londres o 7-12-1975, onde se bautiza o 1-2-1976; confirmarase en Berdoias o 31-10-1992 (*Libro 10º*, 21, aº)[66].
-Tomás T.P. n. en Breitenbach (Suíza) [19-9-1979] e baut. no mesmo lugar o 4-5-1980; o certificado para inscribilo en Berdoias expídese en 1984 (*Libro 10º*, 26, rº).

[66] O seu irmán J.Mª P. M. nacerá o 25/8/1982 en Berdoias, onde se bautizará (Libro 10º, 48, rº).

c) Nacidos/as noutros lugares de Galicia (e bautizados/as en Berdoias) [1972-2000]:

-Carlos C. Villar n. en Brens-Cee o 27-7-1973 e baut. en Berdoias (*Libro 9º*, 130, rº)
-Alberto A. S. n. na Coruña –onde residían os pais- o 19-10-1976 e baut. en Berdoias meses despois (*Libro 9º*, 167, aº).
-Julio Arturo P.M. n. na Coruña (24-5-1978) e baut. en B. (15-8-1978) [*Libro 10º*, 6, rº].
-Carmen Mª. N. A. n.en Fisterra (2-10-1978) e baut. en B. (15-12-1979) [*Libro 10º*, 18, aº].
-Vanesa M. de S. n. en Corcubión (22-9-1987) e baut. en Berdoias (8-5-1988). Tanto o pai como a nai naceran no Río de Janeiro (Brasil); avó paterno de Berdoias, avoa paterna de Ozón (Muxía); avós maternos de Río de Janeiro (Brasil); padriños de Corcubión (*Libro 10º*, 82, rº).
-Joel C. M. nace na Coruña (31-7-1997); baut. en B. (9-11-1997) [*Libro 10º*, 125, aº].
-Ángel P. F. nace en Corme (10-4-1998); baut. en B. (4-7-1998) [*Libro 10º*, 126, rº].
-Raúl C. D. nace en Corcubión (13-9-2000); baut. en B. (7-1-2001) [*Libro 10º*, 135, rº].
-Yerai M. F. nace en Baíñas (14-8-2000); baut. en B. (7-1-2001) [*Libro 10º*, 136, aº].
-Manuel C.R. nace en Brens-Cee (6-11-2000); baut. en B. (6-1-2001) [*Libro 10º*, 136, rº].

d) Nacidos/as noutras provincias españolas (e bautizados/as en Berdoias) [1972-2000]:

-Daniel F. V. nace en Soria (12-4-2000); baut. en B. (25-12-2000). O seu pai é de Valladolid e a súa nai de Berdoias; avó paterno de Cuevas del Valle (Ávila) e avoa paterna de Pinilla de Toro (Zamora); avó materno de Baíñas e avoa materna de Berdoias (*Libro 10º*, 133, rº)[67].

e) Nacidos/as e bautizados/as en Berdoias, e confirmados/as fóra (1972-2000):

-Mario S. F. n. en Berdoias (2-10-1978), confírmase en Delemont (Suíza) o 16-3-1991 (*Libro 10º*, 6, rº).
-Vanesa P. C. n. en Berdoias (22-11-1981); baut. en B. (21-2-1982); confírmase na Church of Our Lady and St. Peter de Londres o 8-8-1995 (*Libro 10º*, 43, aº).

En suma, que de 1972 a 2000 (28 anos), dun total de 156 berdoieses bautizados, 39 naceron fóra da parroquia (o que supón o 25 %); 27 bautizados/as naceron no estranxeiro, en países europeos (17,3 % do total de bautizados/as berdoieses/as; 69,23 % do total de bautizados/as nacidos fóra) e 12 en territorio español (11 en Galicia, 1 en Castela).

Dos bautizados nacidos no estranxeiro, a maior parte fórono en Suíza (17 en total: o 43,58 % dos nados fóra da parroquia); a colonia berdoiesa en Suíza concentrábase especialmente na rexión noroeste da Confederación Helvética, a pé da cordilleira do Jura: nas cidades de Breitenbach -cantón de Solothurn, de fala alemá (onde naceron 7 fillos de berdoieses: o 17,94 % dos nacidos fóra)- e Delémont –cantón do Jura, de fala francesa (onde naceron 4 fillos de berdoieses: 10,25 % dos nacidos fóra)-; o resto dos nacidos en Suíza quedan espallados pola rexión norte (Zúric, 2 nacidos; Grabs-St. Gallen: 1), pola central (Berna: 1 nacido) e pola sueste (Lausanne: 3 nacidos).

[67] A irmá maior deste bautizado, Beatriz F. V., nacera en Berdoias o 23-1-1998, onde tamén se bautizara o 19-3-1998 (Libro 10º, 125, aº).

Seguen os nacidos en Gran Bretaña, 7 en total (17,94 % dos que naceron fóra), case todos naturais de Londres ou arredores (6).

En base ás datas dos nacementos, a emigración a Suíza e a Gran Bretaña permaneceu ó longo de case 20 anos, pois foi de 1973-1975 a 1992-1994.

A xulgar polo escaso número de nacementos e polo breve período de anos –de 1972 a 1974- a emigración a Francia e Alemaña foi apenas imperceptible.

De 1976 a 2000 os fillos de berdoieses nacidos fóra da parroquia en territorio español foron 12 (30,73 % dos nacidos fóra).



Libro 1º de Bautizados de Berdoias (1607-1746):

Primeiro folio existente, anverso: partidas asinadas polo primeiro párroco Pedro de Castiñeira (ano 1607)

Libro 1º de Bautizados de Berdoias (1607-1746):

Partidas asinadas polo crego "galeguista" Joán Romero da Costa y Leis (ano 1638).

Libro 1º de Bautizados de Berdoias (1607-1746):

Un dos últimos folios do libro: partidas asinadas conxuntamente polo párroco Joseph de Cervigón e o presbítero Juan Francisco Liñares (ano 1744)

Berdoyas. Maria Manuela de Jesus de Lima. Bautizo

En la Parroquial Yglesia de S.n Pedro de Berdoyas a veinte y nueve dias del mes de noviembre, año de mil ochocientos y diez yo D.n Benito Requeixa Pbro. examinado al S.r D.n José Maxia Suarez Rioboo Cura propio de ella y su Principal, y Diputado de la Junta de Cortes bautizé solemnemente, y puse los Santos Oleos a un niño, que nacio el dia antecedente hijo legitimo de Antonio Alboxes natural de ella, y de Vicenta de Lima su muger natural de S.n Juan de Cambeba y vecinos de aquella, lugar de Santa Christina: es nieto por su Padre de otro dicho Alboxes ahora difunto, y Juliana de Lima su muger naturales y vecinos de la dicha de Berdoyas; y por su madre de Luis Perez, y Maria de Lima su muger vecinos de la Retrida de Cambeba. Pusele nom[illegible] Alboxes. Fue parrin [illegible] Parroquia de San [illegible] rentico espiritua[illegible] ne el Renal Ron[illegible] año de arriba =

Benito Requeixa

Libro Nuevo [2º] de Bautizados de Berdoias (1746-1818):

O presbítero Benito Regueira disculpa a ausencia do seu párroco Josef Mª Suárez Rioboo pola súa condición de deputado nas Cortes de Cádiz (novembro 1809), fol. 206, rº.

S.ta Christina. José Saturnino. de Antonio Alboxes.

NUM. 10

BERDOIAS (Coruña)

Lucía Martínez Lens de Manuel e Mª Teresa de Xesús

O dia Uns nove de xunio do ano mil novecentos setenta e catro, na igrexa parroquial de S. Pedro de Berdoias, Vimianzo-Coruña Diócese de Santiago Eu, D. Xesús Concheiro Lestón, párroco bauticei solemnemente e puxenlle de nome Lucía a unha nena que naceu en Wuppertal Alemania o dia 29 abril 1974

É filla de Manuel Martínez López e Mª Teresa, ~~Xesús Lens Espasis~~, naturais de Berdoias e Berdoia; neta paterna de Xesús Martínez Cantorna e Xesefa López Oreiro naturais de Berdoias e Baíña e materna de Manuel Lens e Lagrario Espasis naturais de Berdoias e Berdoias.

Foron padriños avós maternos veciños de Berdoias. E para que conste asinoo.

NOTA: Esta partida tiña que estar no L. IX f. 141.

Libro X de Bautizados de Berdoias (1977-):

Partidas redactadas en galego polo párroco Ramón Romero Carril. Ano 1974.

V. Os naturais de Berdoias: 3493 berdoieses ó longo de catro centurias

Cadro 1: Número de nacidos/as por ano e porcentaxes (totais e de sobreviventes á infancia)

séc. XVII			séc. XVIII			séc. XIX			séc. XX		
ano	núm°. nacidos	mortos párvulos (m.p.)	ano	núm°. nacidos	m.p.	ano	núm°. nacidos	m.p.	ano	núm°. nacidos	m.p.
			1701	12		1801	8	1	1901	19	
			1702	11		1802	9	1	1902	16	2
			1703	7		1803	9	2	1903	20	2
			1704	15		1804	10	4	1904	14	1
			1705	11		1805	8		1905	13	1
			1706	11		1806	14	2	1906	13	1
1607	7		1707	10		1807	8	1	1907	17	2
1608	5		1708	11		1808	12	4	1908	13	
1609	1		1709	7		1809	11	1	1909	16	1
1610	6		1710	12		1810	14	6	1910	15	
1611	3		1711	13		1811	10	2	1911	9	
1612	3		1712	8		1812	8	2	1912	9	
1613	3		1713	8		1813	9	2	1913	7	
1614	3		1714	9		1814	13	4	1914	10	
1615	2		1715	5		1815	8	2	1915	10	
1616	4		1716	6		1816	15	5	1916	16	
1617	7	1	1717	7		1817	13	2	1917	11	
1618	2		1718	8		1818	9	3	1918	14	1
			1719	4		1819	11	3	1919	12	
			1720	6		1820	11	1	1920	15	1
			1721	10		1821	11	2	1921	9	2
			1722	10		1822	10	1	1922	12	1
			1723	10		1823	12	2	1923	12	1
			1724	9		1824	11	3	1924	7	2
			1725	9		1825	13	2	1925	16	1
			1726	8		1826	6	1	1926	11	1
			1727	8		1827	15	1	1927	13	
1628	2		1728	10		1828	16	5	1928	10	
1629	3		1729	12		1829	16	6	1929	11	
1630	2		1730	8		1830	8	3	1930	8	
1631	-		1731	12		1831	10	2	1931	7	
1632	2		1732	11		1832	6	1	1932	13	2
1633	1		1733	15		1833	15	1	1933	13	
1634	1		1734	11		1834	9	1	1934	19	2
1635	2		1735	13		1835	19	3	1935	13	
1636	1		1736	8		1836	14	3	1936	16	
1637	2		1737	7		1837	7	1	1937	12	
1638	5		1738	16		1838	17	4	1938	10	
1639	2		1739	9		1839	14	1	1939	11	1
1640	1		1740	10	3	1840	14	5	1940	14	
1641	3		1741	11		1841	10	4	1941	12	2
1642	6		1742	9	2	1842	10	1	1942	6	

ano	núm°. nacidos	mortos párvulos (m.p.)	ano	núm°. nacidos	m.p.	ano	núm°. nacidos	m.p.	ano	núm°. nacidos	m.p.
1643	4		1743	9	4	1843	15	2	1943	20	1
1644	2		1744	13	3	1844	13	2	1944	17	3
1645	-		1745	8	1	1845	11	4	1945	15	
1646	2		1746	7	1	1846	12	4	1946	11	
1647	2		1747	12	3	1847	12	4	1947	10	
1648	-		1748	9	5	1848	9	1	1948	16	2
1649	1		1749	9		1849	8	1	1949	12	1
1650	2		1750	11		1850	11	3	1950	8	
1651	-		1751	12	6	1851	10	2	1951	16	1
1652	2		1752	12	5	1852	2		1952	12	1
1653	-		1753	10	4	1853	11	1	1953	7	
1654	4		1754	11	4	1854	9	2	1954	5	1
1655	3		1755	8	5	1855	13	2	1955	5	
1656	6		1756	9	5	1856	8	3	1956	13	2
1657	4		1757	10	7	1857	15	1	1957	7	
1658	2		1758	12	2	1858	12	3	1958	5	
1659	-		1759	12	4	1859	9	3	1959	10	1
1660	5		1760	10		1860	14	2	1960	6	
1661	3		1761	6		1861	9	1	1961	11	1
1662	4		1762	13	3	1862	15	3	1962	6	
1663	11		1763	9	3	1863	16	3	1963	6	
1664	10		1764	10	2	1864	16	1	1964	9	1
1665	11		1765	14	1	1865	13	3	1965	7	
1666	7		1766	9		1866	17	1	1966	12	1
1667	8		1767	7	2	1867	14	3	1967	3	
1668	10		1768	14	3	1868	21	5	1968	8	
1669	12		1769	15	4	1869	16	3	1969	4	
1670	16		1770	4	1	1870	19	1	1970	5	
1671	9		1771	16	2	1871	16	8	1971	6	
1672	3		1772	10	5	1872	21	2	1972	12	
1673	1		1773	11	3	1873	19	3	1973	5	
			1774	12	1	1874	9	1	1974	11	
			1775	10		1875	16	3	1975	8	
			1776	13	2	1876	11	3	1976	11	
			1777	8		1877	8	1	1977	8	
			1778	12		1878	15	6	1978	6	
			1779	7	1	1879	14	4	1979	8	
			1780	13	3	1880	10	1	1980	10	
			1781	19	5	1881	9		1981	8	
			1782	10	4	1882	9		1982	5	
			1783	11	4	1883	7	2	1983	7	
			1784	17	2	1884	14	3	1984	8	
			1785	8	1	1885	12	4	1985	6	
			1786	8	1	1886	7	1	1986	5	
			1787	9	2	1887	15	2	1987	2	
			1788	13	5	1888	7	3	1988	1	
			1789	10	3	1889	9	3	1989	4	
			1790	14	6	1890	5		1990	3	
			1791	15	4	1891	12	5	1991	1	
1692	10		1792	10	1	1892	8		1992	5	
1693	14		1793	7	2	1893	13	1	1993	6	
1694	6		1794	13	3	1894	13		1994	4	
1695	8		1795	8	1	1895	15		1995	-	
1696	13		1796	13	6	1896	20	1	1996	2	
1697	9	1	1797	14	5	1897	13	1	1997	1	
1698	12		1798	13	3	1898	15	1	1998	2	
1699	3		1799	11	4	1899	14	2	1999	1	
1700	10		1800	14	3	1900	14	1	2000	6	
	308	2		1040	165		1193	227		952	43
308: 67 anos = 4,6 nacidos por ano (totais)			1040 : 100 anos = 10,4 nacidos por ano (totais)			1193 : 100 anos = 11,93 nacidos por ano (totais)			952: 100 anos = 9,52 nacidos por ano (totais)		
(sen datos)			875: 100=7,58 nacidos por ano (sobreviventes á infancia)			966: 100 = 9,66 nacidos por ano (sobreviventes á infancia)			909: 100 = 9 nacidos por ano (sobreviventes á infancia)		
séc. XVII			séc. XVIII			séc. XIX			séc. XX		

Transcribimos 3493 partidas dos libros de bautizados de Berdoias, unha a unha e anotando o nome do bautizado ou da bautizada, os nomes e apelidos dos seus pais e nais, os dos seus padriños e madriñas e, a partir de certa data, tamén os dous seus avós e avoas, tanto paternos/as como maternos/as.

Estes 3493 nenos/as distribúense do seguinte xeito: 308 do séc. XVII, 1040 do séc. XVIII, 1193 do séc. XIX e 952 do XX. A diferencia numérica entre os bautizados/as da primeira centuria e as outras tres é evidente.

A todas luces vese que os datos do séc. XVII son moi incompletos, escasos e ás veces non moi fiables. Deste xeito, para a primeira metade só dispoñemos de partidas de 35 anos, nos que só se contabilizaron 26 nenos e nenas (unha media de 0,74 nenos/as por ano). Para a segunda metade van mellorando algo os datos e, ou moito medrara a natalidade, ou é que os párrocos empezaron a preocuparse máis por iren anotando as partidas (coa excepción do período 1673-1692), pois dos 32 anos dos que temos partidas contabilizamos 282 nenos/as (unha media de 8,81 nenos/as anuais, que xa se achega ó claro incremento poboacional do século seguinte).

A natalidade da primeira e a segunda metade do séc. XVIII é parella, pois de 1701 a 1750 nacen 518 nenos/as (unha media de natalidade anual de 10,36 nenos/as), e de 1751 a 1800, 522 nenos/as (unnha media de natalidade anual de 10,44 nenos/as).

No séc. XIX houbo un apreciable incremento da natalidade, superior en máis dun punto na segunda metade. No período 1801-1850 naceron 564 nenos/as (o que representa un 11,28 nenos/as por ano), e de 1851 a 1900 naceron 629 nenos/as (12,58 nenos/as por ano).

No séc. XX houbo un abismo entre a primeira e a segunda metade. O período 1901-1950 foi practicamente parello á segunda metade da centuria anterior, pois naceron 633 nenos/as (un promedio de 12,66 nenos/as anuais), e no período seguinte de 1951-2000 tan só viñeron ó mundo pouco máis da metade do período anterior: 319 nenos/as (o que representa un 6,38 nenos/as anuais: unha natalidade anual inferior á segunda metade do séc. XVII).

A mortalidade infantil tamén vai decaendo de século en século, e da primeira á segunda metade de cada centuria ata ser practicamente inexistente nos últimos anos do séc. XX. Dado que os párrocos empezan a anotar os nenos e nenas mortos nos primeiros anos de vida a partir de 1740, empezaremos a ter en conta estes datos a partir de 1751, coa finalidade de establecer períodos de 50 en 50 anos. Deste xeito, a partir da segunda metade do séc. XVIII observamos a evolución seguinte: de 1751 a 1800 faleceron párvulos 143 nenos/as (2,86 por ano); de 1801 a 1850 apréciase unha lixeira baixa de mortalidade: 122 nenos/as (2,44 por ano); baixa algo máis notoria de 1851 a 1900: 105 nenos (2,10 por ano); o descenso é xa de case un punto e medio de 1901 a 1950 (34 nenos/as: un promedio de 0,68 por ano); no período 1951-2000 o promedio é case insignificante (0,16 nenos falecidos por ano), e iso debido ós 9

infantes que morreron nas dúas primeiras décadas do período; de facermos caso ós datos das partidas, afortunadamente non finou infante ningún na primeira infancia de 1967 a 2000.

Finalmente, de reseñarmos unicamente os nenos e nenas que hipoteticamente sobreviviron os primeiros anos da súa vida –ignoramos se sequera chegaron ós 5 ou ós 10 anos-, teriamos os seguintes datos: de 1751 a 1800, 379 nenos/as 'sobreviventes', o que ocasiona que a media real de incremento poboacional da parroquia sexa de 7,58 nenos/as por ano; de 1801 a 1850: 442 nenos/as que sobreviven (unha media de incremento poboacional de 8,84 nenos/as anuais); 1851-1900: 524 nenos/as vivos (10,48 por ano de media); 1901-1950: 599 nenos/as vivos (11,98 por ano); 1951-2000: 310 nenos/as (6,2 por ano).

En fin, non cabe dúbida de que, para ter constancia exacta dos infantes e infantas que sobreviviron á infancia e tiveron oportunidade de usar o seu nome e mesmo de perpetualo, teriamos que acudir ós libros de defuncións da parroquia e descontar os que non sobrepasaron os 15 ou 16 anos, polo menos. Os historiadores falan de que "unha cousa era nacer e outra máis traballosa sobrevivir": arredor dun 3-5 por cento dos nenos e das nenas morrían co bautismo de necesidade; outro 10-12 por cento non chegaba a cumprir un mes; unha cuarta ou quinta parte ía á tumba antes dun ano; despois as posibilidades de durar "vida cumprida" crecían, e un 60-70 por cento dos nenos chegaba ós 7 anos, "excepto en las comarcas de monocultivo vitícola y en la principales poblaciones urbanas, en donde antes de esa edad desaparecía la mitad de las criaturas por lo menos hasta fines del [siglo] XVIII, cuando desciende la mortalidad de párvulos" (Saavedra; 1994: 181). As taxas de mortalidade infantil en Galicia eran, polo xeral, baixas (agás nas comarcas vtivinícolas), con relación ós nacidos na España interior ou en rexións de Francia, e iso atribúese a que os nenos galegos tiñan unha lactancia prolongada –duns dous anos- e ó feito de que moitas familias labregas dispoñían de leite de vaca para alimentar o infante na fase decisiva do destete (cousa que nas comarcas produtoras de viño non tiñan, pois carecían de gando vacún e apenas cultivaban cereais) [Saavedra; *ibidem*].

Así e todo, malia as taxas relativamente baixas, nas parroquias galegas os funerais de menores de 7 anos representaban dun terzo á metade dos celebrados.

VI. Todos os nomes de Berdoias (1607-2000): I. Os nomes masculinos.

Centrarei o fundamental do meu estudo nos primeiros nomes recibidos polos bautizados, aínda que ben sei que non sempre foron estes os nomes polos que se coñeceron en vida, pois cántas veces os primeiros nomes eran un simple 'adorno' introdutor do segundo, que era o importante (nas partidas aparece algún que outro caso). Por outra parte, neste cómputo entran tamén os nomes únicos, que son os maioritarios nas catro centurias estudadas. Tanto foi así, que no séc. XVII apenas rexistramos nomes compostos, que se empezan a "poñer de moda" na primeira metade do séc. XVIII.

Empezarei polos nomes masculinos, cun cómputo total de 1791 partidas, distribuídas do seguinte xeito: 164 dos 67 anos do séc. XVII dos que temos datos, 533 do séc. XVIII (cen anos completos), 588 do séc. XIX (cen anos completos) e 506 do séc. XX (cen anos completos). Descontando os nenos mortos ó nacer ou nos primeiros anos da infancia (248 desde 1740), a cifra total descendería a 1543 bautizados (164 no séc. XVII, 443 no XVIII, 457 no XIX e 479 no XX).

Con todo e iso, o meu estudo sobre os nomes máis frecuentes de nenos fareino sobre o total dos bautizados, con independencia de que 248 deles non superaran o primeiro ou o segundo ano da infancia: non sería un estudo equilibrado se o fixera unicamente sobre os nenos sobreviventes á infancia, pois ó longo de todo o séc. XVII e case toda a primeira metade do XVIII –só a partir de 1740 se empezaron a anotar nas marxes das partidas os "mortos párvulos"- non hai datos dos nenos que non superaron os primeiros anos de vida. Por outra banda, o certo é que non son moi notorias as variacións de porcentaxes dos nomes máis habituais entre o total dos bautizados co dos que sobreviviron ós primeiros anos.

Cadro 2: Relación de todos os **Nomes Principais Masculinos**[68] dos bautizados de Berdoias (1607 a 2000)

NOME	SÉC. XVII	SÉC. XVIII	SÉC. XIX	SÉC. XX	TOTAL (1607-2000)
	total baut. do século: 164	total baut. do século: 533	total baut. do século: 588	total baut. do século: 506	total absoluto de bautizados: 1791
1º. José	1	39	129	133	302 (16,86 %)
2º. Manuel	-	26	109	82	217 (12 %)
3º. Juan	41	77	13	10	141 (7,87 %)
4º. Andrés	13	48	52	8	121 (6,7 %)
5º. Francisco	10	27	27	17	81 (4,5 %)
6º. Domingo	18	41	15	-	74 (4,13 %)
7º. Pedro.	11	32	18	5	66 (3,68 %)
8º. Jesús	-	-	8	42	50 (2,8 %)
9º. Antonio	9	20	11	1	41 (2,3 %)
10º. Vicente	1	11	16	1	29 (1,6 %)
11º. Joaquín.	-	3	23	2	28 (1,56 %)
Pablo	1	13	13	1	28 (1,56 %)
Ángel	3	13	9	3	28 (1,56 %)
12º. Ramón	-	9	13	4	26 (1,45 %)
Miguel	1	11	12	2	26 (1,45 %)
13º. Benito	1	9	13	2	25 (1,4 %)
14º. Simón.	2	5	15	-	22 (1,22 %)
15º. Celestino	-	-	4	17	21 (1,17 %)
16º. Gregorio	1	8	7	-	16 (0,89 %)
17º. Alonso	11	1	-	1	13 (0,72 %)
Matías	1	11	1	-	13 (0,72 %)
18º. Ignacio	1	11	-	-	12 (0,67 %)
19º. Luis	2	6	2	1	11 (0,61 %)
Ricardo	-	-	3	8	11
Bernardo		5	6		11
Tomás	1	8	1	1	11
20. Alberto.	5	3	-	2	10 (0,55 %)
Evaristo	-	-	4	6	10
21º. Silvestre	-	4	5	-	9 (0,5 %)
Felipe	2	7	-	-	9
Daniel	-	-	5	4	9
Jacobo	-	4	5	-	9
22º. Enrique	-	-	-	8	8 (0,44 %)
Faustino			4	4	8
Rafael	1	3	4	-	8
23º. Alejandro	-	-	-	7	7 (0,39 %)
Fernando	-	3	4	-	7
Martín	3	1	1	2	7
Aurelio	-	-	1	6	7
24º Agustín	1	1	3	1	6 (0,33 %)
Bartolomé	4	2	-	-	6
Eduardo	-	-	-	6	6

[68] Entendo por Nomes Principais [NP] os nomes únicos e os primeiros nomes dos compostos.

NOME	SÉC. XVII	SÉC. XVIII	SÉC. XIX	SÉC. XX	TOTAL (1607-2000)
Marcos	1	3	1	1	6
Perfecto	-	-	4	2	6
Salvador	1	2	3	-	6
25º. Carlos	-	3	1	1	5 (0,27 %)
Fructuoso	-	2	-	3	5
Lorenzo	2	3	-	-	5
26º. Caetano	-	4	-	-	4 (0,22 %)
Cristovo	1	3	-	-	4
David	-	-	-	4	4
Esteban		1	1	2	4
Julio	-	-	-	4	4
Bernabé	2	2	-	-	4
Diego		2		2	4
Eulogio	-	-	-	4	4
Julián	-	4	-	-	4
Roque	1	2	1	-	4
Valentín	-	-	2	2	4
27º. Cándido				3	3 (0,16 %)
Santiago		1		2	3
Mariano			2	1	3
Modesto			1	2	3
Victorio			2	1	3
Baltasar		1	2		3
Eliseo			1	2	3
Gabriel		3			3
Guillelmo	1	2			3
Ventura	1	1	1		3
Constantino			2	1	3
Cesáreo				3	3
Cristián				3	3
Luciano			2	1	3
Plácido		1		2	3
Severino				3	3
28º. Ciprián	1			1	2 (0,11 %)
Teodoro		2			2
Adrián		1		1	2
Alejo(s)		2			2
Amador				2	2
Crisanto				2	2
Eusebio		1		1	2
Iván				2	2
Jorge		2			2
Lucas		2			2
Mario				2	2
Primitivo				2	2
Sebastián		1	1		2
Ambrosio		2			2
Avelino			1	1	2
Basilio		2			2
Blas		2			2
Campio				2	2

NOME	SÉC. XVII	SÉC. XVIII	SÉC. XIX	SÉC. XX	TOTAL (1607-2000)
Casimiro			1	1	2
Celso				2	2
Ernesto				2	2
Félix		1		1	2
Gumersindo				2	2
Isidoro	1		1		2
Jacinto	1	1			2
Marcelino				2	2
Paulino		1		1	2
Raimundo		2			2
Roberto				2	2
Rodrigo		1		1	2
Sancho	2				2
Sergio				2	2
Timoteo	1	1			2
Víctor				2	2
29º. Florencio	1				1 (0,055 %)
Javier				1	1
Alfredo				1	1
Baldomero				1	1
Clemente	1				1
Fermín				1	1
Fidel				1	1
Jaime				1	1
Mateo		1			1
Patricio		1			1
Rosendo	1				1
Segundo				1	1
Serafín				1	1
Amadeo			1		1
Amaro/Mauro		1			1
Armando				1	1
Atilio				1	1
Bonaventura		1			1
Bonifacio				1	1
Bruno				1	1
Cecilio			1		1
Cornelio			1		1
Demetrio				1	1
Electo				1	1
Fabián				1	1
Federico			1		1
Feliciano				1	1
Florencio		1			1
Fructo		1			1
Generoso				1	1
Genís				1	1
Ildefonso				1	1
Jairo				1	1
Joel				1	1
Justo			1		1

NOME	SÉC. XVII	SÉC. XVIII	SÉC. XIX	SÉC. XX	TOTAL (1607-2000)
Maico				1	1
Máximo			1		1
Melchor		1			1
Nelson				1	1
Nicolás		1			1
Oscar				1	1
Quirino		1			1
Raúl				1	1
Rubén				1	1
Rufino				1	1
Secundino				1	1
Silvio				1	1
Teófilo				1	1
Toribio				1	1
Valeriano				1	1
Wenceslao				1	1
Yerai				1	1
Yonatán				1	1

--- o ---

Gráfica 1: Os nomes principais [NP] masculinos de maior uso (Berdoias 1607-2000).



Gráfica 2: Os 20 nomes principais [NP] masculinos de máis uso, por orde de antigüidade



1º. Alonso (1607): 13	2º. Juan (1607): 141	3º. Pedro (1608): 66	4º Domingo (1614): 74	5º Gregorio (1614): 16	6º Antonio (1637): 41	7º Andrés (1638): 121	8º Francisco (1642): 81	9º. Vicente (1650): 29	10º. Simón (1656): 22
11º. Miguel (1662): 26	12º. Ángel (1663): 28	13º. José (1670): 302	14º. Ignacio (1692): 12	15º. Pablo (1694): 28	16º. Benito (1697): 25	17º. Matías (1698): 13	18º. Manuel (1730): 217	19º. Joaquín (1736): 28	20. Jesús (1866): 50

Cadro 3: Relación de todos os Nomes Secundarios [NS] masculinos[69] dos bautizados de Berdoias (1607 a 2000)

Nº ORDE	NOME	SÉC. XVII	SÉC. XVIII	SÉC. XIX	SÉC. XX	TOTAL ABS. (1607-2000)
		total bautizados 164	total bautizados 533	total bautizados 588	total bautizados 506	número total bautizados: 1791
1º	Antonio	4	104	19	9	136 (9,8 %)
2º	Manuel	-	7	20	39	66 (3,68 %)
3º	Ramón	-	18	10	2	30 (1,67 %)
4º	José	-	3	10	11	24 (1,34 %)
5º	Andrés	1	13	-	9	23 (1,28 %)
6º	Francisco	1	12	2	5	20 (1,11 %)
7º	Vicente	-	11	4	1	16 (0,89 %)
8º	Jesús	-	-	-	14	14 (0,78 %)
9º	Simón	-	2	10	-	12 (0,67 %)
10º	Domingo	-	3	8	-	11 (0,61 %)
	Benito	-	7	4	-	11 (0,61 %)
11º	Juan	-	2	5	2	9 (0,5 %)
12º	Luis					7 (0,39 %)
	Ricardo					7
13º	Bernardo					5 (0,27 %)
	Carlos					5
	Ignacio					5
	Carmen					5
	Pascual					5
	Pedro					5
	Silvestre					5
	Tomás					5
14º	Alejandro					4 (0,22 %)
	Caetano					4
	Cándido					4
	Carmelo					4
	Joaquín					4
	Pablo					4
15º	Alonso					3 (0,16 %)
	Ángel					3
	Bautista					3
	Fernando					3
	Inocencio					3
	Martín					3
	Santiago					3
16º	Agustín					2 (0,11)
	Bartolomé					2
	Celestino					2
	Ciprián					2
	Felipe					2
	Florencio					2
	Fructuoso					2
	Gabriel					2
	Gregorio					2
	Guillelmo					2
	Javier					2
	Mariano					2
	Miguel					2
	Saturnino					2
	Teodoro					2
	Ventura					2
	Victorio					2
17º	Adrián					1 (0,05 %)
	Alberto					1
	Alejo(s)					1
	Alfredo					1
	Amador					1
	Aquilino					1
	Arturo					1
	Baldomero					1

[69] Entendo por Nomes Secundarios (NS) os segundos e terceiros nomes dos compostos.

Nº ORDE	NOME	SÉC. XVII	SÉC. XVIII	SÉC. XIX	SÉC. XX	TOTAL ABS. (1607-2000)
	Baltasar					1
	Benicio					1
	Chrisólogo					1
	Chrisóstomo					1
	Claudio					1
	Clemente					1
	Cosme					1
	Crisanto					1
	Cristovo					1
	Custodio					1
	Damián					1
	Daniel					1
	David					1
	Eduardo					1
	Enrique					1
	Esteban					1
	Eugenio					1
	Eusebio					1
	Evaristo					1
	Ezequiel					1
	Faustino					1
	Fermín					1
	Fidel					1
	Florido					1
	Franco					1
	Fulgencio					1
	Hilario					1
	Hipólito					1
	Isidro					1
	Iván					1
	Jacobo					1
	Jaime					1
	Jerónimo					1
	Jorge					1
	Julio					1
	Lazarino					1
	Leandro					1
	León					1
	Lucas					1
	Mario					1
	Mateo					1
	Matías					1
	Mauricio					1
	Nepomuceno					1
	Patricio					1
	Ponciano					1
	Primitivo					1
	Rafael					1
	Romualdo					1
	Rosalino					1
	Rosendo					1
	Rudesindo					1
	Samuel					1
	Sebastián					1
	Segundo					1
	Serafín					1
	total: 116 NS diferentes					Total: 565 baut. con NS

A relación de NS non é tan ampla como a dos NP, pero non deixa de ser importante, pois comprende un total de 116 nomes diferentes, nos que se inclúen 34 que foron utilizados en exclusiva como nomes secundarios, pois nunca apareceron en ocasión ningunha como primeiros nomes.

Gráfica 3: Os Nomes Secundarios [NS] masculinos de máis uso (Berdoias, 1607-2000).



	ord	nome	nº baut.
	1º	Antonio	136
	2º	Manuel	66
	3º	Ramón	30
	4º	José	24
	5º	Andrés	23
	6º	Francisco	20
	7º	Vicente	16
	8º	Jesús	14
	9º	Simón	12
	10º	Domingo, Benito	11

Cadro 4: **Cómputo total absoluto** dos principais nomes masculinos [NP + NS] dos bautizados de Berdoias (1607 a 2000)

Nº ORDE	NOME	SÉC. XVII	SÉC. XVIII	SÉC. XIX	SÉC. XX	TOTAL ABS. (1607-2000)
		total bautizados 164	total bautizados 533	total bautizados 588	total bautizados 506	número total abs. de baut.: 1791
1º	José	1	42	139	144	326 (18,2 %)
2º	Manuel	-	33	129	121	283 (15,8 %)
3º	Antonio	13	124	30	10	177 (9,8 %)
4º	Juan	41	79	18	12	150 (8,3 %)
5º	Andrés	14	61	52	17	144 (8 %)
6º	Francisco	11	39	29	22	101 (5,6 %)
7º	Domingo	18	44	23	-	85 (4,75 %)
8º	Pedro	11	33	20	7	71 (3,96 %)
9º	Jesús	-	-	8	56	64 (3,5 %)
10º	Ramón	-	27	23	6	56 (3,1 %)
11º	Vicente	1	23	20	2	46 (2,56 %)
12º	Benito	1	16	17	2	36 (2 %)

Nº ORDE	NOME	SÉC. XVII	SÉC. XVIII	SÉC. XIX	SÉC. XX	TOTAL ABS. (1607-2000)
13º	Simón	2	7	25	-	34 (1,9 %)
14º	Pablo	1	16	14	1	32 (1,78 %)
	Joaquín	-	5	25	2	32
15º	Ángel	3	13	10	5	31 (1,73 %)
16º	Miguel	1	13	12	2	28 (1,56 %)
17º	Celestino			4	19	23 (1,28 %)
18º	Gregorio	1	10	7		18 (1 %)
	Luis	3	7	3	5	18
	Ricardo			3	15	18
19º	Ignacio	1	15	1		17 (0,94 %)
20º	Alonso	11	1		4	16 (0,9 %)
	Bernardo		9	7		16
	Tomás	1	11	3	1	16
21º	Matías	1	12	1		14 (0,78 %)
	Silvestre		7	7		14
22º	Alberto	5	3		3	11 (0,83 %)
	Alejandro				11	11
	Evaristo			4	7	11
	Felipe	2	7	1	1	11
23º	Carlos		5	2	3	10 (0,55 %)
	Daniel			5	5	10
	Jacobo		5	5		10
	Fernando		5	5		10
	Martín	4	2	1	3	10
24º	Enrique				9	9 (0,5 %)
	Faustino			5	4	9
	Rafael	1	3	5		9
25º	Agustín	1	1	4	2	8 (0,44 %)
	Bartolomé	4	3	1		8
	Caetano		8			8
26º	Cándido		2	1	4	7 (0,39 %)
	Eduardo				7	7
	Fructuoso		4	3		7
27º	Mariano			3	3	6 (0,33 %)
	Marcos				6	6
	Perfecto			4	2	6
	Salvador	1	2	3		6
	Santiago	1	2		3	6
28º	Carmen			5		5 (0,27 %)
	Cristovo	1	4			5
	David		2	1	2	5
	Esteban		2	1	2	5
	Julio				5	5
	Pascual		5			5
	Victorio			3	2	5
29º	Baltasar		1	3		4 (0,22 %)
	Carmelo			1	3	4
	Diego		2		2	4
	Eulogio				4	4
	Gabriel		4			4
	Guillelmo	2	2			4
	Julián		4			4
	Roque	1	2	1		4
	Valentín			2	2	4
	Ventura	1	2	1		4
30º	Bautista			1	2	3 (0,16 %)

Gráfica 4: Cómputo total absoluto dos nomes masculinos principais e secundarios [NP + NS] de máis uso (Berdoias, 1607-2000).



1. Estudo diacrónico dos Nomes Principais masculinos de Berdoias. Consideracións previas

O ***cadro 2*** e as ***gráficas 1*** e ***2*** están dedicados ós Nomes Principais. Entendo por Nome Principal [NP] os nomes únicos e os primeiros dos compostos.

O ***cadro 2*** recolle todos os NP masculinos dos bautizados de Berdoias de 1607 a 2000. A ***gráfica 1*** amosa visualmente a diferenza cuantitativa entre os 28 NP de maior uso (repárese na diferenza entre o 1º e o 2º e os outros). A ***gráfica 2*** amosa, por orde de antigüidade, o mesmo cá anterior (obsérvese como non foi preciso ser dos nomes máis antigos para acadar os primeros postos clasificatorios: repárese nos nomes de *José*, *Manuel* e *Jesús*, por exemplo).

O ***cadro 3*** e a ***gráfica 3*** están dedicados ós Nomes Secundarios [NS]. Entendo por Nome Secundario [NS] os segundos, terceiros e, nun (único) caso, os cuartos nomes dos bautizados. O ***cadro 3*** recolle todos os NS da parroquia de 1607 a 2000. A ***gráfica 3*** amosa visualmente a diferenza cuantitativa entre os 11 NS de maior uso (repárese na diferencia entre o 1º e os outros).

O ***cadro 4*** e a ***gráfica 4*** recollen a suma dos NP e dos NS; constitúen o Cómputo Total Absoluto (CTA). Repárese na ***gráfica 4*** a diferenza cuantitativa do CTA dos 25 nomes de maior uso; repárese na distancia dos dous primeiros nomes e os outros.

Observando estes cadros, podemos sacar estas primeiras **conclusións**:

1º. ***Cadro 2*** e ***gráficas 1*** e ***2*** [NP]:

- Os dous primeiros nomes, *José* e *Manuel*, con 519 bautizados, supoñen case un terzo do total dos bautizados de Berdoias das catro centurias (o 29 % dos 1791 bautizados totais).
- Os cinco primeiros nomes (*José*, *Manuel*, *Juan*, *Andrés* e *Francisco*), con 662 bautizados, supoñen case a metade do total dos bautizados de Berdoias das catro centurias (o 48,12 %). Iso quere dicir que estes cinco nomes xuntan tantos bautizados coma os 156 restantes.
- Os dez primeiros nomes (os cinco citados e máis *Domingo*, *Pedro*, *Jesús*, *Antonio* e *Vicente*), con 1122 bautizados, supoñen o 62,64 % do total de bautizados berdoieses das catro centurias. Isto quere dicir que os restantes 151 nomes só reúnen o 37,36 % dos bautizados.

2º. ***Cadro 3*** e ***gráfica 3*** [NS]:

- Os dous primeiros nomes (*Antonio* e *Manuel*), con 202 bautizados, representan máis dun terzo dos bautizados que tiveron un NS (35,75 % dos 565) e o 11,3 % do total absoluto dos 1791 bautizados. De por si, *Antonio* xa supoñería o 24 % dos 565 bautizados con NS.
- Os cinco primeiros nomes (Antonio, *Manuel*, *Ramón*, *José* e *Andrés*), con 279 bautizados, supoñen a metade dos 565 con NS (o 49,4 %) e o 15,6 % do total absoluto de bautizados.

- Os restantes 111 nomes secundarios, con 286 bautizados, supoñen a outra metade (50,6 % dos 565).

3º. ***Cadro 4*** e ***gráfica 4*** [Cómputo Total Absoluto: CTA]:

- Os dous primeiros nomes (*José* e *Manuel*), con 609 bautizados, supoñen máis dun terzo do total dos bautizados das catro centurias (o 34 % dos 1791 bautizados totais).
- Os cinco primeiros nomes (*José, Manuel, Antonio, Juan, Andrés*), con 1080 bautizados, superan amplamente a metade do total dos bautizados berdoieses das catro centurias (o 60,3 % do total de 1791).
- Os dez primeiros nomes (os cinco citados e máis *Francisco, Domingo, Pedro, Jesús* e *Ramón*), con 1457 bautizados, superan os dous terzos do total de bautizados de Berdoias das catro centurias (81,35 %).

4º. A relación dos cinco primeiros nomes do cadro de NP (*José, Manuel, Juan, Andrés* e *Francisco*) coincide bastante coa do CTA (*José, Manuel, Antonio, Juan* e *Andrés*); só hai o cambio de *Francisco* por *Antonio*, da primeira relación á segunda. Onde hai maiores diferenzas é entre o cadro dos NP e o dos NS (*Antonio, Manuel, Ramón, José* e *Andrés*), pois neste entran con forza *Antonio* –que pasa a ocupar o primeiro posto- e *Ramón*, que ocupa o terceiro, desbancando a *Juan* e *Francisco*.

5º. A relación dos 10 primeiros nomes do cadro de NP (*José, Manuel, Juan, Andrés, Francisco, Domingo, Pedro, Jesús, Antonio* e *Vicente*) coincide case por enteiro con algún cambio de lugar coa relación dos do CTA (*José, Manuel, Antonio, Juan, Andrés, Francisco, Domingo, Pedro, Jesús* e *Ramón*), pois son coincidentes en 9 nomes (só cambian no nome nº 10, que no cadro dos NP é *Vicente* e no CTA é *Ramón*). A relación dos dez (once, en realidade) primeiros NS é a seguinte: *Antonio, Manuel, Ramón, José, Andrés, Francisco, Vicente, Jesús, Simón* e *Domingo* e *Benito*; entran *Ramón, Simón* e *Benito* desbancando a *Juan* e *Pedro*.

--- o ---

Cadro 5: RELACIÓN COMPARADA DE TODOS OS **NOMES PRINCIPAIS [NP] MASCULINOS** DOS BAUTIZADOS DE BERDOIAS (SÉCULOS XVII, XVIII, XIX E XX):

orde	nome	Séc. XVII (1607-1700: 67 anos); 164 nenos. Total (porc.):	nome	Séc. XVIII (1701-1800: 100 anos); 533 nenos. Total (porc.)	nome	Séc. XIX (1801-1900: 100 anos): 588 nenos. Total (porc.)	nome	Séc. XX (1901-2000: 100 anos): 506 nenos. Total (porc.)
1º	Juan[71]	41 (25 %)	Juan	77 (14,5 %)	José	129 (22,9 %)	José	133 (26,3%)
2º	Domingo[72]	18 (10,9 %)	Andrés	48 (9 %)	Manuel	109 (18,5 %)	Manuel	82 (16,2 %)
3º	Andrés	13 (7,9 %)	Domingo	41 (7,7 %)	Andrés	52 (8,8 %)	Jesús	42 (8,3 %)
4º	Alonso Pedro	11 (6,7 %)	Joseph/Josef	39 (7,3 %)	Francisco	27 (4,6 %)	Celestino Francisco	17 (3,3 %)
5º	Francisco	10 (6 %)	Pedro	32 (6 %)	Joaquín	23 (3,9 %)	Juan	10 (1,9 %)

orde	nome	Séc. XVII	nome	Séc. XVIII	nome	Séc. XIX	nome	Séc. XX
6º	Antonio	9 (5,5 %)	Francisco	27 (5 %)	Pedro	18 (2,7 %)	Andrés Enrique Ricardo	8 (1,58 %)
7º	Alverto[73]	5 (3 %)	Manuel	26 (4,9 %)	Vicente	16 (2,7 %)	Alejandro	7 (1,38 %)
8º	Bartolomé[74]	4 (2,4 %)	Antonio	20 (3,75 %)	Domingo Simón	15 (2,5 %)	Aurelio Eduardo Evaristo	6 (1,18 %)
9º	Angel Martín	3 (1,8 %)	Angel Pablo	13 (2,4 %)	Benito Juan Pablo Ramón	13 (2,2 %)	Pedro	5 (0,98 %)
10º	Bernabé Lorenzo Luis Philipe[75] Sancho Simón	2 (1,2 %)	Ignacio Mathías Miguel Vicente	11 (2 %)	Miguel	12 (2 %)	Daniel David Eulogio Faustino Julio Ramón	4 (0,8 %)
11º	Agustín Benito Bentura[76] Ciprián Clemente Christobo[77] Gregorio Guillelmo[78] Ignacio Isidoro Joseph[79] Marcos Mathías Miguel Paulo[80] Rafael[81] Roque Rosendo Salbador Thimoteo Thomás[82] Vinçente[83].	1 (0,5 %)	Benito Ramón	9 (1,68 %)	Antonio	11 (1,87 %)	Ángel Cándido Cesáreo Cristián Fructuoso Severino	3 (0,6 %)

[70] O Libro 1º de Bautizados non chega a recoller todas as partidas do séc. XVII; entre outras faltan as que van de 1618 a 1628 e as de 1673 a 1692: uns 30 anos ou máis, ás que hai que sumar as partidas estragadas dos anos 1607, 1608, 1642 e 1671.

[71] Outras formas ou grafías: Joan (8 bautizados, entre 1630 e 1657).

[72] Outras formas ou grafías: Domingos (4 bautizados, entre 1630 e 1643).

[73] Outras formas ou grafías: Alverte (2 bautizados: 1617, 1693). Ne séc. XVIII, con –b- (Alberte, 1738; Alberto, 1782).

[74] Outra grafía: Bartholomé (1 bautizado en 1693 e outro na no séc. XVIII: en 1727).

[75] Outras formas ou grafías: Felipe, que aínda aparecerá por primeira vez a fins do séc. XVIII (1784).

[76] Os tres únicos bautizados con este nome nos séc. XVII (1664), XVIII (1780) e XIX (1834) aparecen inscritos con B-.

[77] Outra forma, no século seguinte: Christóbal (1713, 1771).

[78] Outra grafía, no século seguinte: Guillermo (1756).

[79] Joseph é a grafía máis arcaica; nesta parroquia aparece a fins do séc. XVII (1670) e consérvase ó longo de todo o séc. XVIII (de 1702 a 1799). A evolución seguinte foi Josef, que se utiliza de 1777 a 1822. A forma actual, simplificada, José, empézase a utilizar contra 1816.

[80] Outra forma ou grafía: Pablo, xa desde principios do séc. XVIII:

[81] Así grafado, coa grafía actual (Rafael), en 1694. Curiosamente, no século seguinte haberá un breve retorno á grafía arcaica: Raphael (1748, 1757).

[82] A grafía actual xa aparece a finais do séc. XVIII e principios do XIX: Tomás (1795, 1831).

[83] Outras formas ou grafías, xa no séc. XVIII: *Vizente e Vicente*. Mesmo se rexistra en *Bisente* (1737). No séc. XX é *Vicente*.

12º			Gregorio Thomás	8 (1,5 %)	Ángel	9 (1,5 %)	Alberto Amador Benito Campio Celso Crisanto Diego Eliseo Ernesto Esteban Gumersindo Iván Joaquín Marcelino Mario Martín Miguel Modesto Perfecto Plácido Primitivo Roberto Santiago Sergio Valentín Victor	2
13º			Felipe	7 (1,3 %)	Jesús	8 (1,36 %)	Adrián Agustín Alfonso Alfredo Antonio Armando Atilio Avelino Baldomero Bonifacio Bruno Carlos Casimiro Cipriano Constantino Demetrio Electo Eusebio Fabián Feliciano Félix Fermín Fernando Fidel Generoso Genís Ildefonso Jaime Jairo Javier Joel Luciano Luis Maíco Marcos Mariano Nelson Oscar Pablo Paulino Raúl Rodrigo Rubén Rufino Secundino Segundo Serafín Silvio Teófilo Tomás Valeriano Vicente Victorio Wenceslao Yerai Yonatán	1
14º			Luis	6 (1,1 %)	Gregorio	7 (1,2 %)		
15º			Bernardo Simón	5 (0,9 %)	Bernardo	6 (1 %)		
16º			Caetano[84], Jacobo Julián Silbestre[85]	4 (0,75 %)	Daniel Jacobo Silvestre	5 (0,85 %)		

17º			Alberto Carlos Christobo Fernando Gabriel Joaquín Lorenzo Marcos Rafael	3 (0,56 %)	Celestino Evaristo Faustino Fernando Perfecto Rafael	4 (0,68 %)		
18º			Alejo(s) Ambrosio Baçilio Bartolomé Bernabé Blas Diego Frutuoso86 Guillelmo Lucas Raimundo Roque Salbador Theodoro Xorxe[87]	2	Agustín Ricardo Salvador	3 (0,5 %)		
19º			Adriano Agustín Alonso Amaro/Mauro[88] Balthasar[89] Bentura Bonaventura Estebo[90] Eusebio Félix Florencio Fructo Jacinto Martín Matheo Melchor Nicolás Patricio Paulino Plácido Rodrigo, Quirino Santiago Sebastián Thimoteo	1	Baltasar Constantino Esteban Luciano Luis Mariano Valentín Victorio	2		
20º					Amadeo Aurelio Avelino Bentura Carlos Casamiro[91] Cecilio Cornelio Eliseo Federico Isidoro Jacinto Justo Marcos Martín Máximo Mathías Modesto Roque Sebastián Thomas	1		
	(39 NP masc. diferentes en 67 anos do séc. XVII)		(76 NP masc. diferentes no séc. XVIII)		(61 NP masc. diferentes no séc. XIX)		(108 NP masculinos diferentes no séc. XX)	
		porcentaxes sb os 164 baut. do séc. XVII		porcentaxes sb os 533 baut. do séc. XVIII		porcentaxes sb os 588 baut. do séc. XIX		porcentaxes sb os 506 baut. do séc. XX

[84] Dous Caetanos de 1775; dous *Cayetanos* en 1712 e 1771.
[85] Outras grafías, a mediados do séc. XIX: *Silvestre* (1847). Nunha partida anterior mesmo aparece a forma *Silbestro* (1710).
[86] Así grafado en 1792 e 1797. No séc. XX: *Fructuoso* en 1904 e 1919; *Frutuoso* en 1929.
[87] Os dous bautizados con este nome, con grafía arcaica: *Xorxe / Xeorxe* (1701) e *Xorge* (1791).
[88] *Amaro* á marxe e *Mauro* no texto de partida.
[89] No séc. XIX simplifícase a grafía: *Baltasar*.
[90] Outra forma ou grafía, xa no séc. XIX: *Esteban*.
[91] Así escrito, en 1871. O único do séc. XX xa aparece como *Casimiro* (1908).

2. Outros aspectos a ter en conta no estudo diacrónico

No ***Cadro 5*** temos a 'Relación comparada por séculos dos NP masculinos de Berdoias de 1607 ó ano 2000'. Considero que este debe ser o cadro principal, pois o máis lóxico é a maior parte dos bautizados fosen coñecidos ó longo da súa vida por este NP, aínda que ben sabemos de que niso houbo e hai excepcións e que en ocasións foi o segundo nome o que se impuxo.

En resumo: en Berdoias houbo un total de 161 NOMES PRINCIPAIS masculinos diferentes (158 na listaxe dos que sobreviviron a infancia) ó longo das catro centurias, dos que 39 corresponderon ós 67 anos computables do séc. XVII, 76 do séc. XVIII, 61 ó séc. XIX e 108 ó séc. XX.

Dos 39 nomes do séc. XVII, 3 fórono en 'exclusiva', pois desaparecerían da onomástica berdoiesa e nunca máis se volverían utilizar: *Clemente*, *Rosendo* e *Sancho*.

O séc. XVIII tivo 17 nomes exclusivos: *Alejo(s)*, *Ambrosio*, *Basilio*, *Blas*, *Bonaventura*, *Florencio*, *Fructo*, *Jorge*, *Julián*, *Lucas*, *Mateo*, *Melchor*, *Patricio*, *Quirino*, *Raimundo*, *Teodoro* e *Timoteo*.

O XIX tan só 7: *Amadeo*, *Cecilio*, *Cornelio*, *Justo*, *Máximo* e *Victorio*.

O máis innovador foi o pasado séc. XX, pois contou con 53 nomes exclusivos: *Alfredo*, *Amador*, *Armando*, *Atilio*, *Baldomero*, *Bonifacio*, *Bruno*, *Campio*, *Cándido*, *Celso*, *Cesáreo*, *Crisanto*, *Cristián*, *David*, *Demetrio*, *Electo*, *Eulogio*, *Fabián*, *Feliciano*, *Fermín*, *Fidel*, *Generoso*, *Genís*, *Gumersindo*, *Ildefonso*, *Iván*, *Jaime*, *Jairo*, *Javier*, *Joel*, *Julio*, *Maico*, *Marcelino*, *Mario*, *Nelson*, *Oscar*, *Primitivo*, *Raúl*, *Rubén*, *Rufino*, *Secundino*, *Segundo*, *Serafín*, *Sergio*, *Silvio*, *Teófilo*, *Toribio*, *Valeriano*, *Víctor*, *Victorino*, *Wenceslao*, *Yerai* e *Yonatán*.

En realidade hai un desequilibrio bastante notable entre os bautizados dos **cinco** ou dez primeiros nomes e os restantes.

Deste xeito, dos 39 nomes distintos do séc. XVII, os cinco primeiros (*Juan*, *Domingo*, *Andrés*, *Alonso* e *Pedro*), con 94 bautizados, supoñen máis da metade dos 164 bautizados totais (o 57,3 %). Engadindo os cinco nomes seguintes (*Francisco*, *Antonio*, *Alberto*, *Bartolomé* e *Ángel*) chégase á cifra de 125 bautizados (o 76,2 %).

Dos 76 NP diferentes do séc. XVIII, os cinco primeiros (*Juan*, *Andrés*, *Domingo*, *José* e *Pedro*), con 237 bautizados, supoñen case a metade dos 533 bautizados da centuria (o 44,46 %). Co engadido dos cinco nomes seguintes (*Francisco*, *Manuel*, *Antonio*, *Ángel* e *Pablo*) chégase á cifra de 336 bautizados (o que supón o 63 % dos totais).

Dos 61 NP diferentes do séc. XIX, os cinco primeiros nomes (*José*, *Manuel*, *Andrés*, *Francisco* e *Joaquín*), con 340 bautizados, supoñen máis da metade dos bautizados (o 57,8 % dos 588 totais do século). Engadíndolles os cinco nomes seguintes (*Pedro*, *Vicente*, *Domingo*, *Simón* e *Benito*) acádase a cifra de 417 bautizados (o 70,9 % dos totais).

Dos 108 NP diferentes do séc. XX, os cinco primeiros nomes (*José*, *Manuel*, *Jesús*, *Celestino* e *Francisco*), con 291 bautizados, supoñen máis da metade dos bautizados (o 57,5 % dos 506 bautizados do século). Con engadido dos cinco nomes seguintes (*Juan*, *Andrés*, *Enrique*, *Ricardo* e *Alejandro*) acádase a cifra de 332 bautizados (65,6 %).

Como consecuencia, no séc. XVII os 34 NP seguintes ós cinco primeiros, con 70 bautizados, supoñen o 42,68 % do total de 164 do século, e os 29 seguintes ós dez primeiros, con só 39 bautizados, o 23,78 %.

No séc. XVIII os 71 nomes seguintes ós cinco primeiros, con 296 bautizados, supoñen o 55,5 % dos 533 totais; e os 66 nomes seguintes ós dez primeiros, con 197 bautizados, o 36,96 %.

No séc. XIX os 56 NP seguintes ós cinco primeiros, con 248 bautizados, supoñen o 42,2 % dos 588 bautizados totais; e os 51 seguintes ós dez primeiros, con 171 bautizados, o 29 %.

No séc. XX, os 103 NP seguintes ós cinco primeiros, con 215 bautizados, supoñen o 42,5 % dos 506 totais do século; e os 98 que seguen ós dez primeiros, con 174 bautizados, o 34,4 %.

Observando o ***Cadro 2*** ('Relación total de todos os **NP** masculinos dos bautizados de Berdoias de 1607 a 2000'), pensamos que establecer as porcentaxes en base ós cinco ou ós dez primeiros nomes non responde á realidade, pois mesmo entre eles hai notables desequilibrios entre si.

En base a isto, coidamos que se deben establecer CATRO GRUPOS. Un primeiro grupo de nomes destinado a aqueles que superen os 300 bautizados; obviamente, só hai un nome que o supera, *José*, que cos seus 302 baut. aproxímase en por si á 1/5 parte dos bautizados totais (achégase ó 17 %). O segundo grupo, reservado para os que superen os 200 baut., ocúpao, tamén en solitario, *Manuel*, que cos seus 217 baut. representa máis da 1/10 parte dos totais (12 %); entre estes dous primeiros nomes xa suman 519 bautizados (case a 3ª parte do total: o 29 %). O terceiro grupo compóñeno dous nomes, *Juan* e *Andrés*, que logran superar a barreira dos 100 bautizados; entre os dous suman 262 baut. (o 14,6 % do total). O cuarto grupo confórmano cinco nomes (*Francisco*, *Domingo*, *Pedro*, *Jesús* e *Antonio*) que superan a barreira dos 40 bautizados; entre todos suman 312 baut. (o 17,42 % dos totais).

Estes nove primeiros nomes da listaxe de **NP** suman 1093 baut., que supoñen o 61 % dos totais. Os 152 nomes restantes unicamente chegarían á cifra de 698 bautizados, o que supón o 39 % dos totais. Se xa había desequilibrio entre os nove primeiros nomes entre si, non digamos entre este grupo e os restantes. Desta maneira, case podemos afirmar que o protagonismo onomástico histórico de Berdoias no tocante ós NP xirou en torno a este GRUPO DE NOVE NOMES que coparon o 61 % dos 1791 bautizados: *José*, *Manuel*, *Juan*, *Andrés*, *Francisco*, *Domingo*, *Pedro*, *Jesús* e *Antonio*. Para non esaxerarmos, quizais poderiamos ampliar esta relación ós

outros nove nomes seguintes que deron superado a vintena de bautizados: *Vicente, Joaquín, Pablo, Ángel, Ramón, Miguel, Benito, Simón* e *Celestino* (teñen entre 21 e 28 bautizados). Os que quedan case se poderían considerar simples anécdotas, pois na súa maior parte non tiveron continuidade, pois só un chega ós 16 bautizados (*Gregorio*) e ningún dos outros 142 restantes chega a superar os 13.

Aínda así, non todos estes primeiros nomes tiveron presenza importante nas catro centurias, empezando polos dous primeiros (*José* e *Manuel*), que practicamente non existían no séc. XVII. *Jesús* estivo totalmente ausente nas dúas primeiras centurias e no XIX foi unha pequena anécdota (practicamente só estivo presente no séc. XX). *Vicente, Joaquín, Pablo, Ángel, Ramón* e *Miguel* practicamente só tiveron "vida" nos séculos XVIII e XIX, e *Domingo* e *Antonio* desapareceron no séc. XX. Por todo isto, os únicos nomes que permaneceron "vivos" nas catro centurias cun número respectable de bautizados en cada unha delas só foron catro: *Juan, Andrés, Francisco* e *Pedro*.

Ollando o ***Cadro 4*** ('Cómputo total absoluto dos NP e NS nomes masculinos dos bautizados de Berdoias (1607-2000)', observamos que as cifras e porcentaxes se incrementan a favor dos primeiros postos, como era de esperar. Tamén aquí se poden establecer CATRO GRUPOS, pero desta vez entre os once primeiros nomes. O primeiro grupo (reservado ós de máis de 300 baut.) vólveu ocupar *José*, que, con 326 baut., representa case a quinta parte dos bautizados totais (18,2 %). O segundo grupo (reservado ós de máis de 200 baut.) tamén vai ocupado por *Manuel*, que, cos seus 283 baut., supera a 1/6 parte dos totais (15,8 %). Entre estes dous nomes suman 609 baut.: máis de 1/3 dos totais (34 %).

O terceiro grupo (destinado ós que sobrepasan os 100 bautizados), confórmano catro nomes (*Antonio, Juan, Andrés* e Francisco); suman 572 baut. (case outro terzo dos totais: o 32 %) Repárese que entre o 1º, 2º, e 3º grupo xa case se chega ós 2/3 dos bautizados totais (1181 baut.: o 66 %).

O cuarto grupo (destinado ós que superan os 40 bautizados), confórmano cinco nomes (*Domingo, Pedro, Jesús, Ramón* e *Vicente*); suman 322 bautizados, que representan o 18 % dos totais.

En suma, que estes once primeiros nomes suman a cantidade de 1503 bautizados, que sobrepasa amplamente os 2/3 dos bautizados da historia onomástica berdoiesa (o 84 %). O desequilibrio é manifesto, pois isto quere dicir que a inmensa maior parte dos nomes masculinos berdoieses veranse repartidos por tan só 288 bautizados (o 16 % dos totais).

No cómputo absoluto o protagonismo onomástico tamén corresponde, xa que logo, a estes ONCE PRIMEIROS NOMES (*José, Manuel, Antonio, Juan, Andrés, Francisco, Domingo, Pedro, Jesús, Ramón* e *Vicente*), e quizais tamén, para non pecarmos de esaxerados, tamén a *Benito, Simón, Pablo, Joaquín, Ángel* e *Miguel*, que estiveron entre os 23 e os 36 bautizados. Entre os outros houbo algúns que tiveron certo protagonismo en determinado século ou época (*Celestino, Gregorio, Luis, Ricardo, Ignacio, Alonso, Bernardo...*), pero sen moita continuidade. Os restantes case se pode dicir que só supuxeron simples anécdotas ou curiosidades onomásticas.

O ESTUDO DIACRÓNICO da onomástica de Berdoias proporciónanos unha visión bastante clara da evolución do uso dos nomes –masculinos neste caso- de principios do séc. XVII ó 2000. No apartado anterior xa vimos a historia concreta do uso de cada nome, a súa evolución particular ó longo de todos estes anos. No presente apartado faremos unha análise comparada do uso dos nomes máis usados por centurias.

Observando os nomes que ocupan os cinco primeiros lugares do ***Cadro 5*** –os únicos que mantiveron un número de bautizados a ter en conta- vemos que só dous dos nomes (*Andrés* e *Francisco*) se mantiveron de principio a fin dentro destes seis primeiros postos ó longo dos 400 anos. Tamén *Juan* case o logra, de non ser por ese descenso ó 9º lugar no séc. XIX. Nos outros postos houbo cambios sensibles, pois mentres que uns nomes foron perdendo 'usuarios' co paso dunha centuria a outra –e, nalgúns casos, mesmo desaparecendo-, outros foron entrando con forza na clasificación ata ocuparen os lugares de privilexio (o caso de *José* e *Manuel* é ben clarificador).

Observando as clasificacións de cada século comprobaremos a efectividade dos cambios onomásticos, suxeitos antano ás devocións relixiosas e hogano ás modas, ós contactos culturais e mesmo ós movementos migratorios.

COMPARACIÓN DOS RESULTADOS DE BERDOIAS CON OUTROS ESTUDOS ANTERIORES

Podemos comparar os datos achegados neste estudo diacrónico da onomástica de Berdoias cos xerais de Galicia, que, loxicamente, son máis ben escasos.

Tan escasas son estas investigacións que no *Diccionario dos Nomes Galegos* só se lle dedica á evolución diacrónica un breve apartado ("Variacións da frecuencia no tempo"), no que se inclúe un pequeno cadro cos oito nomes masculinos máis usados en Galicia entre os séculos VIII e XIII, no séc. XVIII e no séc. XX [FERRO RUIBAL ET ALII; 1992: 44]. Máis completa é a lista dos nomes de home máis frecuentes do séc. XX, pois aparece un total de 62 nomes: de José (211.646 en total) a Raúl (2035 en total); a listaxe fora confeccionada polo Prof. D. Kremer en base a un censo electoral que se supoñía de 1980, polo que se deducía que correspondía a homes nados antes de 1962 (FERRO RUIBAL ET ALII; 1992: 41); o estudo de. Kremer publicaríase en 1994.

Cadro 6.- OS OITO NOMES MASCULINOS MÁIS USADOS [EN GALICIA]: SÉC. VIII Ó XX

SÉCULOS VIII-XIII	SÉC. XVIII	SÉC. XX (n. antes de1962)
1. Pedro	1. Xoán	1. Xosé
2. Paio	2. Antón	2. Manuel
3. Xoán	3. Domingos	3. Antón
4. Martiño	4. Francisco	4. Ramón
5. Roi	5. Xosé	5. Xoán
6. Fernando	6. Pedro	6. Luís
7. Vermudo	7. Andrés	7. Xesús
8. Munio	8. Manuel	8. Francisco

Fontes: os dos séculos VIII-XIII (KREMER; 1980: 75-155); os do séc. XVIII (SAAVEDRA (1991-IV: 487-506); os do séc. XX (KREMER; 1994).

Dous anos máis tarde, o historiador P. Saavedra (1994: 324 e 326) publica calas onomásticas en momentos determinados dos séculos XV (ano 1454), XVI (ano 1597) e XVIII (ano 1750), referidas nos tres casos á cidade de Ourense:

Cadro 7.- Nomes masculinos máis frecuentes entre os veciños de Ourense en 1454, 1597 e 1750*						Nomes masculinos nas freguesías rurais da Baixa Limia (Ourense)**	
1454		1597		1750		1750	
1	Johán (21,1 %)	1	Juan (18,8 %)	1	José (14,6 %)	1	Francisco (12,2 %)
2	Afonso (11,4 %)	2	Pedro (14,6 %)	2	Francisco (10,2 %)	2	José (6,9 %)
3	Roi (10,8 %)	3	Antonio (8,6 %)	3	Juan (9,6 %)	3	Benito (6,7 %)
4	Álvaro (7,6 %)	4	Francisco (8,4 %)	4	Antonio (6,1 %)	4	Juan (6,6 %)
5	Gonzalvo (7,3 %)	5	Bartolomé (5,4 %)	5	Manuel (5,7 %)	5	Domingo (6,4 %)
6	Pero (7,3 %)	6	Alonso (5 %)	6	Pedro (5,1 %)	6	Pedro (4,7 %)
7	Fernán (6,7 %)	7	Domingos (4,4 %)	7	Domingo (3,9 %)	7	Manuel (4,4 %)
8	Gómez (6,1 %)	8	Gregorio (3,4 %)	8	Benito (3,4 %)	8	Miguel (2,8 %)

*Fontes: para 1454, elaboración a partir de X. Ferro Couselo (1967: 58-66); para 1597, Archivo General de Simancas (Expedientes de Hacienda, atado 96); para 1750, Catastro de Ensenada, Personal de legos.
**Fontes: Catastro de Ensenada (1750): persoal de legos de San Torcuato de Santa Comba, San Pedro Félix de Bande, San Miguel de Carballeda, Beade e San Breixo de Queirogás (1.013 casos de homes).

Cinco anos despois deste cadro, os filólogos Ana Boullón e Fernando Tato (1999: 39) publican o que ven a continuación, con datos dos séculos VIII-XIII, do XV, XVII e XVIII e de dous momentos do séc. XX (1962 e 1980).

Cadro 8: Desenvolvemento histórico dos dez nomes masculinos máis frecuentes de Galicia

Séc. VIII-XIII	*Séc. XV*	*Séculos XVII-XVIII*	*Nados antes de 1962*	*Nados en 1980*
1. Petrus	1. Johan	1. Juan (Joan)	1. José	1. David
2. Pelagius	2. Afonso	2. Domingo	2. Manuel	2. Pablo
3. Rodericus	3. Roy	3. Andrés	3. Antonio	3. Javier
4. Iohannes	4. Álvaro	4. Pedro	4. Ramón	4. Manuel
5. Munnio	5. Fernando	5. Antonio	5. Juan	5. Carlos
6. Froila	6. Gonçalvo/ Pedro	6. Francisco	6. Luis	6. Alberto
7. Martinus	7. Gomes	7. Joseph	7. Jesús	7. Óscar
8. Veremundus	8. Diego	8. Alonso	8. Francisco	8. Diego
9. Fredenandus	9. Ares / Nuno	9. Manuel	9. Carlos	9. Jorge / Rubén
10. Didacus	10. Vaasco	10. Ignacio	10. Fernando	10. Miguel

Fontes: os datos dos séculos VIII-XIII (Boullón; 1994); os do séc. XV (Kremer; 1991: 205); os dos séculos XVII e XVIII (Lema; 1993a: 118-123); os nacidos antes de 1962 (Kremer; 1994 = Ferro; 1992: 41); os nacidos en 1980 (recollidos por Boullón / Tato; 1999: 39).

Para Elixio Rivas (1991: 16) os nomes máis comúns de Galicia nos séculos XIV e XV eran estes: Johan, Payo, Gonçalvo, Afonso, Álvaro, Roy, Pedro/Pero, Martiño, Vasco, Mendo, Diego/Diago, Fernán e Estevo.

Por termos unha referencia xeográfica próxima, segundo un estudo de sete documentos procedentes do desaparecido mosteiro bieito de San Mamede de Seavia (actual concello de Coristanco), datados entre 1423 e 1487, estes eran no séc. XV os nomes máis comúns de parte da comarca de Bergantiños (lindeira coa Terra de Soneira): Afonso, Áluaro, Vasco, Fernán, Garçia, Gil, Gomes, Gonçalo/Gonçaluo/ Gonçal, Johán/Iohán/Juan, Lopo, Martino, Pero e Roy (Aira González; 2004: 464).

Como remate, para facilitar unha comparación visual inmediata, vou repetir os datos de Berdoias contidos no *Cadro 5* neste *Cadro 9* que segue, pero de forma abreviada, só referidos ós oito primeiros nomes:

Cadro 9: Os oitos primeiros nomes masculinos [NP] de Berdoias (1607-2000)

Séc. XVII			Séc. XVIII			Séc. XIX			Séc. XX		
1	Juan	25 %	**1**	Juan	14,5 %	**1**	José	22,9 %	**1**	José	26,3 %
2	Domingo	10,9 %	**2**	Andrés	9 %	**2**	Manuel	18,5 %	**2**	Manuel	16,2 %
3	Andrés	7,9 %	**3**	Domingo	7,7 %	**3**	Andrés	8,8 %	**3**	Jesús	8,3 %
4	Alonso Pedro	6,7 %	**4**	José	7,3 %	**4**	Francisco	4,6 %	**4**	Celestino Francisco	3,3 %
5	Francisco	6 %	**5**	Pedro	6 %	**5**	Joaquín	3,9 %	**5**	Juan	1,9 %
6	Antonio	5,5 %	**6**	Francisco	5 %	**6**	Pedro	2,7 %	**6**	Andrés Enrique Ricardo	1,58 %
7	Alberto	3 %	**7**	Manuel	4,9 %	**7**	Vicente	2,7 %	**7**	Alejandro	1,38 %
8	Bartolomé	2,4 %	**8**	Antonio	3,7 %	**8**	Domingo Simón	2,5 %	**8**	Aurelio Eduardo Evaristo	1,18 %

Fonte: elaboración propia a partir dos datos dos libros de bautizados de Berdoias.

A simple vista, o primeiro que apreciamos é un cambio bastante notable entre os nomes da Idade Media (séculos VIII ó XV) e os dos séculos seguintes, particularmente a partir da segunda metade do séc. XVI. Non cabe dúbida de que o Concilio de Trento (rematado en 1563) influíu o seu.

En ningunha listaxe destes cadros se rexistra a presenza de nomes non cristiáns, pois a administración eclesiástica, xa con anterioridade a Trento, puxera moito empeño en que os oficiantes non admitisen outros nomes que os de santos e santas. Repitamos unha vez máis a xa famosa recomendación do Sínodo de Ourense de 1543-1544, dirixido ós cregos da diocese:

"Cuando baptizardes (...) ponedles los nombres de los sanctos e sanctas que están en el cielo, porque les deis por abogados, e no Hector ni Roldan, que habeis acostumbrado a le poner" (García y García; 1981: 153).

Parece que había certo costume –seguramente entre as clases altas- de impoñer nomes da tradición literaria, maiormente da francesa (Roldán, Oliveiros) ou da bretona do ciclo artúrico (Tristán, Galaz, Galaor, Lanzarote, etc.) [Boullón/Tato; 1999: 30].

3. A onomástica masculina do séc. XVII

Xa se advertíu que o primeiro dos libros de bautizados de Berdoias (o de 1607-1746) non recolle na súa totalidade as partidas dos nacidos/as do séc. XVII, quedando sen rexistrar os dez anos que van de 1618 a 1628 e máis case vinte de 1673 a 1692; hai tamén catro partidas ilexibles ou estragadas (as dos anos 1607, 1608, 1642 e 1671). Por outra parte, o máis probable é que non se rexistrasen no libro todos os nenos e nenas bautizados/as, e quizais neste do séc. XVII só estean con seguridade os fillos e fillas das familias fidalgas e os das familias labregas ricas ou de tipo medio (na particular vara de medir a riqueza da época); os fillos e fillas dos pobres caseteiros e xornaleiros posiblemente non había excesivo interese en rexistralos, e xa non digamos os de nais solteiras. Hai que contar tamén cos inevitables esquecementos e coa preguiza de moitos cregos á hora de pasaren as partidas ós libros.

Berdoias, de nos fiarmos dos datos do cardeal J. Del Hoyo (1607), empeza o séc. XVII coa reducida poboación de 20 veciños; supoñendo unha media de catro persoas por casa, que xa é supoñer, a freguesía tería como máximo 70 ou 80 habitantes. Aínda que a poboación iría incrementándose ó longo da centuria, non debe estrañar, polo tanto, esa reducida cifra de 164 nenos e 144 nenas contabilizada nas partidas.

Polos estudos que se levan feito en Galicia, nomes moi comúns a mediados dos séc. XV son descoñecidos ou pouco usados a principios do séc. XVII, que é o que marca o principio do noso estudo. Xa non imos atopar en ningures ningún Roi, Ares, Gómez nin Vasco. Outros nomes ocupan o seu lugar: Antonio, Francisco, Bartolomé e Domingo(s), xa están presentes no séc. XVI.

Os padróns fiscais de Lugo e Ourense permiten comprobar como entre 1540 e 1590 se producen na onomástica cambios rápidos: o retroceso de nomes como Álvaro, Gonzalo, Roi, Lopo e Fernán correspóndese co avance de Antonio, Domingo, Francisco, Bartolomé ou Miguel. Nalgúns concellos rurais a evolución é quizais máis parsimoniosa: na Terra de Cervantes, os oito primeiros nomes masculinos na década de 1590 eran, por esta orde: Pedro, Juan, Bartolomé, Alonso, Francisco, Domingo, Luis e Diego (Saavedra; 1994: 325).

Estes oito primeiros nomes das montañas orientais de Galicia da derradeira década do séc. XVI coinciden case ó completo cos de 1597 da cidade de Ourense (ver *Cadro 7* da páxina 86) e cos rexistrados ó longo de todo o séc. XVII en Berdoias (*Gráfica 5* da páxina 90): os nomes unicamente cambian de lugar, pero en todo caso son os mesmos (só están ausentes dos primeiros lugares en Berdoias: Luís, Diego e Gregorio, pero non eran descoñecidos).

Gráfica 5: Os NP masculinos de máis uso en Berdoias no séc. XVII (total: 164 baut.)



orde	nome	nº baut.
1º.	Juan	41
2º.	Domingo	18
3º.	Andrés	13
4º.	Alonso, Pedro	11
5º.	Francisco	10
6º.	Antonio	9
7º.	Alberto	5
8º.	Bartolomé	4

Pasando xa os datos de Berdoias, vemos que o primeiro lugar do período 1607-1700 ocúpao ***Juan***, con 41 bautizados, xustamente a 4ª parte dos 164 bautizados totais do século (*Gráfica 5*).

En toda a centuria tivo esta grafía, exceptuando o período comprendido entre 1630 e 1657 –que correspondeu na súa maior parte á reitoría do crego 'galeguista' *Joán Romero da Costa*- no que se bautizaron 8 nenos inscritos coa forma galega *Joán*.

Un nome que lle viña legado á parroquia do séc. XVI, pois xa aparece entre os primeiros bautizados (os do ano 1607). Como xa adiantei, o lugar primixenio deste nome coincide coa tendencia xeral en Galicia, tanto no mundo rural coma no urbano. Xoán xa era dos primeiros nomes entre os séculos VIII e XIII (ver *Cadros 6* e *8* das páxinas 85 e 86); no séc. XV pasara ó primeiro lugar (*Cadro 7*, ano 1454, e *8*, séc. XV), que conservaría tamén no séc. XVI (*Cadro 7*: ano 1597).

A devoción a san Xoán Bautista permaneceu e mesmo se vería incrementada ó longo dos séculos XVI e XVII, coa fundación de moitas capelanías.

Nesta centuria foron os padriños (e algunha madriña) que xa tiñan o mesmo nome os seus máximos propagadores, pois 53 dos 77 bautizados (case o 69 %) o recibiron deles. Despois veñen as causas descoñecidas (o 28 %), dentro das que hai que incluír a vixencia do culto a san Xoán e a inercia do costume imperante. Tamén os pais (e nais) con este nome foron importantes na progagación (11,7 %). A proximidade da festa onomástica co día do bautismo só influíu en un bautizado.

No séc. XVIII este nome continuará de 1º, pero xa non no XIX, no que sufrirá unha contundente caída, pois baixou ó 9º lugar. Este descenso hai que atribuílo á introdución de novas devocións (como a de san Xosé, que recibe un gran pulo), que se foron introducindo cada vez máis e foron substituíndo as antigas. No séc. XX lograría ascender ó 5º lugar.

É un dos nomes máis antigos da freguesía, pois xa se documenta nas primeiras partidas (as do ano 1607). Nome antigo e lonxevo –xunto con *Antonio*, outro dos 'matusaléns' da onomástica berdoiesa-, pois chegou con vida ó ano 2000, aínda que leva anos en decadencia.

O segundo lugar deste século ocúpao ***Domingo***, pero a unha considerable distancia de *Juan* (que o dobra en número de bautizados); levárono 18 bautizados (10,9 % dos totais do século). En toda a centuria tivo esta grafía, agás 4 bautizados de entre 1630 e 1643 que aparecen coa forma galega *Domingos* (partidas asinadas polo crego Joán Romero da Costa).

A introdución do nome (1614) debeuse á traslación do nome da madriña (Dominga) na súa forma masculina ó primeiro bautizado, aínda que sen dúbida xa existía na freguesía na centuria anterior. No espallamento do nome durante o século influíron os pais en primeiro lugar (en 11 bautizados, o 26,8 %) e despois os padriños (8 en total, o 19,5 %); dáse a circunstancia de que foron máis as nais (6) cós pais (5) e as madriñas (6) cós padriños (2). Houbo 12 bautizados que o recibiron por causas descoñecidas (29,2 %).

O privilexiado lugar ocupado por este nome nesta centuria tamén entra dentro do esperado e da tendencia xeral en Galicia, polas escasas calas que se teñen feito. A causa do elevado número de homes co nome de Domingo (e tamén de mulleres co de Dominga) tense explicado pola influencia dos frades dominicanos e das súas misións, moi activas xa desde finais do séc. XVI, orientadas a propagar o rezo do santo rosario en familia; non é casual que ó longo destes séculos se incrementase o culto á Virxe do Rosario e a devoción ás ánimas do purgatorio: as disposicións teolóxicas do Concilio de Trento pouco a pouco ían tendo efecto (Saavedra; 1991: 500). Unha tradición atribuíralle, equivocadamente, a san Domingos de Guzmán a invención do rosario; en realidade seica fora outro frade dominicano: o bretón Alain de la Roche (Ferro et alii; 1992: 231). Ó mesmo tempo que impulsaban este rezo piedoso tamén suxerían a imposición do nome do seu santo fundador da orde.

No séc. XVIII manterase nos postos altos (o 3º). A decadencia empezará no séc. XIX, no que descenderá ó 9º lugar, para desaparecer por completo a partir do derradeiro terzo desta centuria.

Trátase doutro dos nomes máis antigos da parroquia, pois documentámolo en 1614. Non obstante, non chegou ó nosos días: aínda que soe a esaxeración, podemos dicir que este nome para Berdoias "morreu" de vello, despois de máis de 250 anos de vida documentada. Loxicamente, en onomástica nada hai definitivo e no presente século XXI pode resucitar en calquera momento.

Andrés ocupa o terceiro lugar dos nomes de Berdoias desta centuria, con 13 bautizados (7,9 % dos totais do século).

A súa introdución produciuse no segundo terzo do século, con un bautizado do ano 1638 –do que ignoramos as causas da súa imposición-, pero non tivo un

espallamento decidido ata finais deste mesmo terzo (a partir de 1665: deste ano ó final da centuria naceron 11 dos 13 bautizados). Maioritariamente non houbo causas coñecidas que explicasen a propagación do nome (ignorámolas en 11 bautizados; o 84,6 %), de tal maneira que coidamos que pesou a forza do costume ou a tendencia xeral en Galicia por esta época.

Non se debe esquecer que santo André foi desde tempos inmemoriais un santo moi popular en Galicia. O seu santuario de Santo André de Teixido era e segue sendo lugar obrigado de peregrinación popular, para non ter que facela de morto; ademais, nesta paraxe crece a "herba empreñadeira", e por iso tamén acudían a el os matrimonios que non lograban descendencia ("a San Andrés van dous e veñen tres").

Esta tendencia xeral a favor do espallamento do nome –alimentada polo incremento do culto ó santo André- favorecerá o ascenso ó 2º posto no séc. XVIII, para despois manterse no 3º no XIX e baixar ó 6º no XX. Xunto con Juan e Francisco foi un dos escasos nomes que se mantiveron nos seis primeiros lugares ó longo das catro centurias.

Alonso ocupa, xunto con *Pedro*, o 4º posto dos nomes de Berdoias deste século, con 11 bautizados (6,7 % dos totais da centuria).

Mantívose durante toda a centuria coa forma castelanizada, aínda que quedan restos da forma galega *Afonso*, non no nome de ningún bautizado, senón no dalgún padriño e/ou pai.

Trátase doutro dos nomes máis antigos da freguesía, pois xa se documenta en 1607; o primeiro bautizado da centuria recibira o nome do seu padriño. Non obstante, podemos asegurar que xa existía na freguesía no séc. XVI.

Foi un nome practicamente circunscrito ó séc. XVII, pois dos seus 13 bautizados totais como NP, 11 fórono desta centuria. Só houbo dous máis (como NP): un a mediados do séc. XVIII e outro a mediados do XX (este xa coa nova forma, tamén castelá, de *Alfonso*). No séc. XVII a propagación do nome debeuse maioritariamente ós padriños (36 %, idéntica porcentaxe cá das causas descoñecidas); a transmisión do nome dos pais e a coincidencia do bautismo coa festa onomástica do santo titular (santo Ildefonso, neste caso, que daquela se consideraba o mesmo santo) só afectou a pouco máis do 18 % dos bautizados. Cómpre engadir tamén que *Alonso* foi en parte un nome dinástico da familia fidalga dos Lema, pois *Alonso de Lema II* intentou perpetualo na liñaxe impoñéndollo a dous dos seus fillos (o segundo recibiuno porque o primeiro lle morrera ó nacer).

Pedro comparte con *Alonso* o 4º lugar dos nomes da centuria, e tamén a súa antigüidade na freguesía, pois xa se documenta no ano 1608.

Este primeiro bautizado de 1608 era fillo do fidalgo *Alonso de Lema II*, que lle terá un especial afecto a este nome, pois impoñerallo a dous dos seus afillados (en 1613 e 1616). Sospeitamos que foi outro dos nomes de liñaxe desta familia fidalga, pois o fillo de Alonso de Lema II, *Martiño de Castiñeira*, impoñerallo a un dos seus fillos

(1647). Esta querenza da fidalguía local por este nome quizais se deba á condición de san Pedro de patrón parroquial (sería para eles algo así coma un recordo, un sinal inequívoco ou unha marca de que as raíces familiares do que se presumía unha ilustre liñaxe estaban en Berdoias).

O nome fíxose bastante común en Berdoias, de tal xeito que nos son descoñecidas a maior parte das causas do seu espallamento durante o séc. XVII (nun 63 % dos bautizados). Nestas causas descoñecidas están comprendidas as que acabamos de referir, e tamén cómpre que engadamos a tendencia xeral na Galicia do momento ó seu favor, que se incrementará no século seguinte.

Manterase nos primeiro lugares nos séculos XVIII (no 5º) e no XIX (no 6º), para descender ó 9º no XX e desaparecer inexplicablemente a partir de 1939.

Francisco foi o nome que ocupou o 5º lugar dos nomes masculinos deste século, con 10 bautizados (o 6 % dos da centuria).

Entrou na parroquia a mediados do século -en 1642, por causas descoñecidas- e espallouse ó longo da segunda metade (maioritariamente tamén por causas descoñecidas).

Tan só nunha ocasión se impuxo o nome pola coincidencia do día do bautismo coa festa onomástica; os outros 9 bautizados do século (o 90 %) recibírono por causas que ignoramos. Detrás destas causas ignotas seguramente están as misións dos frades franciscanos que, coma os dominicanos, foron os grandes propagadores das disposicións do Concilio de Trento, poñendo especial empeño nos sufraxios ás ánimas do purgatorio e no rezo do santo rosario.

Manteríase nos primeiros lugares nas tres centurias seguintes, pois ocupou o 6º lugar no séc. XVIII, e o 4º no XIX e XX, chegando ó ano 2000 con boa saúde. Foi o nome que mantivo unha porcentaxe máis uniforme ó longo das catro centurias.

Antonio, con 9 bautizados (o 5,5 % dos do século), ocupa o 6º lugar.

Aínda que non tanto como *Juan*, *Pedro*, *Alonso* e *Alberto*, este nome é tamén un dos documentados desde máis antigo na parroquia: de 1617 é o primeiro bautizado, de quen ignoramos a causa pola que recibiu o nome.

Nesta centuria recibiron o nome dos seus padriños só 2 bautizados; dos outros 7 (70 %) ignoramos os motivos, pero sospeitamos que estes non foron outros có crecente culto ó santo Antón de Padua (ou de Lisboa), propagado tamén polos franciscanos; este santo substituíu o seu homónimo santo Antón Abade na protección dos animais domésticos e tamén se converteu no avogado das mozas casadeiras; por estes motivos, en ningunha igrexa vai faltar unha imaxe do santo, xa desde o terceiro terzo do séc. XVII ou mesmo antes.

O nome permanecería na freguesía deica o ano 2000, pero máis ben grazas á súa extraordinaria aceptación como NS, xa que como NP as súas cifras e porcentaxes foron máis ben modestas de século a século: no XVIII descendeu ó 8º lugar, no XIX ó 11º e no XX case nin se estrea (1 só bautizado, en 1938). O alento veulle en cada

centuria como NS (104 no séc. XVIII, 30 no XIX e 10 no XX). Isto permitiulle chegar con vida ó ano 2000.

Alberto ocupou o 7º posto, con 5 bautizados (3 % dos totais da centuria).

En realidade neste século aparece sempre grafado con –v- e baixo dúas formas: *Alverto* e *Alverte* (esta última en 1617 e 1693, ó principio e ó final do século). Xunto con *Juan*, *Pedro* e *Alonso*, foi outro dos nomes masculinos máis antigos da parroquia, pois o primeiro bautizado rexistrámolo en 1610. Ignoramos as causas da súa introdución neste primeiro bautizado (quizais xa viña do séc. XVI), pero non do segundo, que o recibiu como nome de día.

Non tivo moito éxito pois non conseguíu espallarse moito: nas centurias seguintes xa nin por asomo figurou en ningún dos primeiros lugares (só 3 bautizados no séc. XVIII, ningún no XIX e 2 no último terzo do XX, o que lle permite seguir soñando cunha inesperada resurrección).

Bartolomé ocupa o posto 8º con 4 bautizados.

Introduciuse en 1665 (por causas que descoñecemos). Foi para Berdoias un nome fugaz que habería de morrer no primeiro terzo do séc. XVIII.

O posto 9º ocúpano conxuntamente os nomes de ***Ángel*** e ***Martín***, con 3 bautizados, uns e outros relacionados coa familia de *Martiño* ou *Martín de Castiñeira* e a súa esposa *María Alvares*, os fidalgos de Boallo.

O bautizado que introduciu o primeiro dos nomes, *Ángel Martín*, en 1663, era fillo deste matrimonio, que parecía ter unha devoción moi especial polo santo Anxo da Garda –sen dúbida pola condición de militar do fidalgo (consta como capitán)- e mesmo fundou unha capelanía na ermida de san Roque, da súa propiedade. *Martín* viña sendo nome de estirpe (o seu primeiro bautizado, de 1615, era fillo do fidalgo *Alonso de Lema*, e o segundo o seu neto), pero non tivo continuidade digna de mencionar. En cambio, *Ángel* vería incrementado o seu número de bautizados no séc. XVIII (mantívose no 9º lugar desta centuria) e no XIX pasaría a un lugar discreto (o 12º).

O posto 10º ocúpano conxuntamente –con tan só 2 bautizados- os nomes de ***Bernabé***, ***Lorenço***, ***Luis***, ***Philipe***, ***Sancho*** e ***Simón***.

Os dous únicos *Bernabés* da centuria (de 1656 e 1667) introducíronse como nomes de día.

Os dous únicos *Lorenços* –así grafados- (un de 1664 e o outro de 1700) entraron por causas que descoñecemos.

Luis introducirase na derradeira década do século (en 1693 e 1697) por causas que ignoramos; con todo, o nome xa era coñecido na forma máis enxebremente galega –*Lois*- como NS desde o primeiro terzo da centuria (levábao o fidalgo *García Lois de Lema*).

Simón intentará introducirse en dúas ocasións sen ningún éxito (as dúas como nome de día: en 1656 e 1663); terá que esperar a principios do século seguinte para conseguir implantarse.

Philipe –así grafado- tentou introducirse, sen éxito, en dúas ocasións: en 1665 e 1672; as dúas como nome de día; non tivo continuidade e terá que agardar a principios do século seguinte (en 1711) para intentalo de novo e lograr implantarse (tería nesta centuria 7 bautizados).

Sancho será un nome exclusivo do séc. XVII, pois endexamais volverá aparecer. Os dous únicos bautizados naceron en 1642 e 1650, respectivamente; eran membros da fidalguía local, dos Lema (un fillo de Martiño de Castiñeira e o outro do seu irmán García Lois de Lema) e ambos foron apadriñados polo seu tío Sancho de Lema, arcediago de Trastámara. Tentou ser, polo tanto, un nome de liñaxe, sen dalo conseguido.

O 11º lugar ocúpano un total de 25 nomes con 1 bautizado; por orde alfabética aparecen na súa correspondente columna do *Cadro 5* (páx. 79).

Joseph –así grafado- sería de todos os nomes introducidos no séc. XVII ó que lle esperaba un futuro máis esplendoroso nas centurias seguintes. Neste séc. XVII só haberá un único bautizado, en 1670, que recibirá o nome pola coincidencia do bautismo coa festa onomástica, pero o nome xa era coñecido, pois só tres anos antes (1667) bautizárase a primeira nena co nome de Josepha, que recibira o nome dun seu padriño compostelán tamén chamado Joseph. O nome non tería continuidade no que quedaba de século e terá que agardar ó séc. XVIII para iniciar o seu imparable despegue que o levará a gozar do primeiro posto da onomástica berdoiesa durante os séculos XIX e XX.

A introdución do nome de ***Vinçente*** –así grafado- dáse no ano 1650; non constan os motivos da súa imposición. Non haberá outro neno con este nome ata ben entrado o séc. XVIII, que será o do seu despegue (terá o 10º lugar).

O nome de ***Paulo*** –así, coa forma netamente galega- introducirase moi a finais da centuria, en 1694, por mor dunha das súas festas onomásticas (a que conmemora o martirio de san Paulo, o 25 de xaneiro). Tamén terá que agardar ó século seguinte para iniciar o seu despegue (ocupará o 9º lugar no séc. XVIII).

A introdución do nome de ***Miguel*** terá lugar en 1662 (como nome de día). Terá que agardar a finais do primeiro terzo do séc. XVIII para iniciar o seu despegue.

A introdución do nome de ***Benito*** –así, coa forma castelá- é nos últimos anos do século, en 1697, e será como nome de día. O seu despegue tamén será no século seguinte, no que gozará da 10º praza xunto con Miguel, Ignacio e Mathias.

Ignacio tamén documenta a súa introdución na derradeira década do século, en 1692 (ignoramos as causas da imposición do nome no único bautizado). Será un nome do século seguinte, como Mathías e Thomás.

Mathías –así grafado, mantendo o *–th-* etimolóxico- introdúcese en 1698, como nome de día. O seu período máximo –e case único- de expansión será o seculo seguinte.

Thomás –tamén mantendo o *–th-* etimolóxico- introdúcese en 1693, tamén como nome de día. Así mesmo, o seu período máximo, e case único, de expansión será o séc. XVIII.

Un amplo grupo de nomes introduciranse no séc. XVII pero non terán moita continuidade nas seguintes centurias: ***Agustín*** farao en 1700, como nome de día; ***Bentura***–así grafado- farao en 1664, como nome de día (pero do día de san Boaventura, pois daquela en Galicia considerábase o mesmo nome); ***Ciprián*** introducirase en 1696, por causas que ignoramos; ***Cristovo*** –en realidade só aparece a abreviatura *Xpº* na partida- entrará moi cedo, en 1617 (o único bautizado recibe o nome de seu pai), pero non terá continuidade ata principios do séc. XVIII; ***Guille(l)mo*** –na partida aparece sen o –l- entrará en 1662, por causas descoñecidas; ***Isidoro*** entrará en 1692, por causas descoñecidas (o segundo e último bautizado nacerá en 1866); ***Marcos*** introdúcese en 1661, por causas que descoñecemos (ata 1704 non volverá aparecer); ***Raphael*** –así grafado na partida, pero *Rafael* na marxe- entrará a finais da centuria, en 1694, por causas descoñecidas (desaparecerá ata 1748); ***Roque*** introducirase en 1655, como nome de día, pero non terá continuidade ata 1773. ***Salvador*** introducirase en 1700, por causas descoñecidas; finalmente, ***Thimoteo*** –así grafado, cun *-th-* antietimolóxico- tivo a súa entrada en 1693 como nome de día (o segundo e último bautizado será de 1706).

Finalmente, ***Clemente*** e ***Rosendo*** considerámolos, xunto co citado *Sancho*, "nomes exclusivos" do séc. XVII, posto que nunca máis se volveron impoñer na parroquia. *Rosendo* entrará en 1656 como nome de día (o único bautizado, *Rosendo de Lema y Carantoña*, fillo do fidalgo Martiño de Castiñeira); *Clemente* haberao facer en 1699 por causas descoñecidas.

4. A onomástica masculina do séc. XVIII

Neste século xa dispuxemos, practicamente ó completo, das partidas dos cen anos, as que van de 1701 a 1800. En total, 533 nenos bautizados (e 509 nenas), co que é manifesto o incremento poboacional da parroquia respecto da centuria anterior. Sobre estes 533 bautizados efectuarei as porcentaxes de cada nome.

Os historiadores da Idade Moderna galega teñen falado arreo do beneficioso que foi para o incremento poboacional de Galicia a xeneralización dos novos cultivos procedentes da América, tales como o millo e a pataca, que melloraron a alimentación e evitaron moitas das fames crónicas dos séculos anteriores. A mediados do século, analizando os datos do Catastro de Ensenada (1753), aproximadamente habitaban en Berdoias 87 veciños; contabilizando unha a unha as persoas que se di que vivían en cada casa, danos un total de 339 habitantes; o incremento respecto da centuria anterior é notorio, pois a poboación triplicouse ou cuadriplicouse.

O historiador P. Saavedra (1994: 324) afirma que na diocese de Mondoñedo, na primeira metade do séc. XVIII, o nome máis usado era Juan (15 % dos bautizados); seguíanlle: Domingo, Antonio, Francisco, Pedro, José e Andrés. En base ós datos do Catastro de Ensenada sabemos cales era os oito primeiros nomes masculinos da cidade de Ourense e de cinco freguesías da Baixa Limia en 1750 (ver *Cadro 7* da páxina 86). Non difiren moito estes datos dos que imos analizar a continuación, nin tampouco da "foto fixa" do ano 1753 en Berdoias proporcionada polos datos do Catastro de Ensenada (*Cadro 10* da páxina 105)[92].

Gráfica 6: Os NP masculinos de máis uso en Berdoias no séc. XVIII (total: 533 baut.)



orde	nome	nº baut.
1º.	Juan	77
2º.	Andrés	48
3º.	Domingo	41
4º.	Joseph	39
5º.	Pedro	32
6º.	Francisco	27
7º.	Manuel	26
8º.	Antonio	20
9º.	Ángel, Pablo	13
10º.	Ignacio, Mathias, Miguel Vicente	11
11º.	Benito,Ramón	9

[92] Non teño en conta os datos dos séculos XVII-XVIII do *Cadro 8* da páx. 86, por seren parciais e, polo tanto, incompletos: foran recollidos do primeiro dos traballos que publiquei sobre a onomástica de Berdoias [Lema Suárez (1993c): "Os nomes de persoa dunha parroquia rural: Berdoias (1607-1760)", en *Cadernos da lingua*, 8], no que se incluíran os sesenta primeiros anos do séc. XVIII sen esperar a completar a centuria. Xa postos na autocrítica, tampouco fora moi afortunado o feito de xuntar nun mesmo saco os datos das dúas centurias.

Nesta centuria, ***Juan*** mantívose no 1º lugar: case dobrará o número de bautizados (de 41 do séc. XVII pasará a 77), pero o aumento poboacional da parroquia fará que perda dez puntos e medio na porcentaxe (do 25 % sobre 164 bautizados pasará ó 14,5 % sobre 533). O número de bautizados entre a primeira e a segunda metade do século será moi equilibrado (39 e 38 bautizados, respectivamente).

O feito de seguir mantendo este nome o primeiro lugar nesta centuria coincide coa tendencia xeral en Galicia, pois nalgunha cala que se ten feito, no decorrer do séc. XVIII, os nomes máis correntes para homes, tanto no mundo urbano coma no rural, eran, por esta orde: *Juan, Antonio, Domingo, Francisco, José, Pedro, Andrés* e *Manuel*, que se impoñían a dous terzos dos bautizados galegos (Saavedra; 1991-IV: 500). Nalgunha medida, disque isto era reflexo das devocións populares existentes na centuria. Esta cala na onomástica histórica galega serviranos de referencia para os outros nomes deste século.

O segundo lugar ocúpao ***Andrés***, que neste século incrementará tanto o número de bautizados (de 13 do séc. XVII pasará a 48) como a porcentaxe (do 7,9 % ó 9 %).

Entra dentro da listaxe dos nomes máis correntes de Galicia que acabo de citar, pero aquí ben máis arriba có posto sétimo. Un nome que nesta parroquia vai in crescendo ó longo do século, pois pasa de 19 bautizados na primeira metade a 29 na segunda.

Domingo baixa un chanzo respecto do século anterior e ocupa agora o 3º lugar (coincide plenamente coa tendencia xeral en Galicia); aínda que incrementa o número de bautizados (pasa de 18 a 41), baixa case dous puntos a porcentaxe (do 10,9 % ó 9 %).

Entre a primeira e a segunda metade do século hai escasa diferencia, aínda que se detecta un lixeiro descenso: de 23 bautizados pásase a 18. A influencia dos frades dominicanos e das súas misións segue sendo intensa en Galicia e iso explica que este nome se manteña nos postos altos.

O 4º posto ocúpao ***Joseph*** –*Josef* a partir de 1777- con 39 bautizados e unha porcentaxe do 7,3 %. Isto si constitúe unha gran novidade, pois na centuria anterior este nome practicamente non existía (lembremos só tivera un bautizado, en 1670).

Este notorio incremento do uso do nome do pai terreal de Xesús Cristo e esposo da Virxe María debeuse ó impulso que empezou a recibir no séc. XVII: o papa Gregorio XV instituíra a súa festa o 19 de marzo, e, polo que respecta a Galicia, na segunda metade deste século aumentará a devoción a este santo, como se verá reflectido na onomástica e disposicións testamentarias (Saavedra; 1991-IV: 500, que cita estudos de D. González Lopo). Nos retablos das igrexas empeza a ser imprescindible a presenza da súa imaxe, primeiro levando da man o neno Xesús, que camiña polo seu pé –finais do séc. XVII-principios do XVIII-, despois alzándoo no colo; tómase como modelos de pai e esposo, e da pureza conxugal (leva como

atributo unha vara florida). O seu culto tivo unhas orixes un tanto elitistas, pois foi promovido por cregos e fidalgos (Saavedra; 1994: 181, 182). A imaxe que conserva na igrexa de Berdoias data de 1732 (López Vázquez; 1978: 245).

Como o primeiro bautizado con este nome (o da centuria anterior, o de 1670) non tivo continuidade, houbo que agardar á entrada do séc. XVIII para intentalo de novo. O primeiro bautizado desta centuria nace en 1702 (deberalle o nome a unha madriña chamada *Josepha*) e será a partir deste momento cando se inicie o despegue definitivo do nome; primeiro timidamente, con bautizados illados en 1704, 1711, 1714 e 1721, pero despois, un pouco antes da metade do século, o incremento será xa imparable. O pulo definitivo virá a partir de 1739, coincidindo coa entrada do párroco *Joseph de Cervigón* (quen será o padriño do único neno bautizado ese mesmo ano); desta data ó final da centuria bautizaranse 34 dos 39 nenos con este nome, que serán a frutífera semente dos dous séculos seguintes (nos que *José* ocupará un destacadísimo 1º posto). Xunto con *Manuel, José* será o nome de moda da segunda metade do séc. XVIII (en Galicia empezará tamén a ter protagonismo, pois a cala antes citada sitúao no 5º posto).

O posto 5º ocúpao ***Pedro*** que, malia acrecentar o número de bautizados respecto da centuria anterior (pasa de 11 a 32 bautizados), baixa a porcentaxe en sete décimas (de 6,7 % pasa a 6 %). Na Galicia da época este nome ía no 6º lugar, pero en Berdoias hai que ter en conta que se trata do nome do santo titular da freguesía (malia a escasa influencia que, segundo algún historiador, tiña daquela o patrón parroquial á hora de escoller o nome dos cativos [Saavedra; *ibidem*]). A segunda metade do século baixa en número de bautizados respecto da primeira (de 19 pasa a 13).

Francisco é o nome que ocupa o 6º lugar (dous postos menos có xeral de Galicia no século). Respecto da centuria anterior baixa un chanzo, aínda que -loxicamente, dada a alza poboacional-, incrementa o número de bautizados (de 10 pasa a 27), e baixa tamén un punto na porcentaxe (do 6% ó 5 %). A influencia dos frades franciscanos en Galicia seguía sendo moi alta, pois colaboraban cos dominicanos na propaganda do santo rosario e no culto ás ánimas do purgatorio.

O 7º posto foi ocupado por ***Manuel***, con 26 bautizados e o 4,9 % do total dos 533 bautizados do século (en Galicia estaba no posto 9º).

Trátase dun nome totalmente novo, que se introduce neste século, pois no séc. XVII non existía. Isto era debido a que se consideraba un nome irreverente, pois non se debe esquecer que é un dos nomes de Cristo (como Jesús, que aínda tardará moitos anos máis en empregarse). Tivo unha evolución moi semellante á de José: aínda que a súa entrada foi máis serodia (en 1730), a súa decidida propagación tivo lugar tamén na segunda metade do séc. XVIII.

O 8º posto ocúpao en solitario ***Antonio***, con 20 bautizados e o 3,75 % dos totais.

Malia incrementar o número de bautizados respecto da centuria anterior, baixa dous postos (no séc. XVII estaba no 6º) e case dous puntos porcentuais (tiña o

5%). Non houbo un corte co século anterior, senón todo o contrario, pois desde os primeiros anos que se recolle a testemuña e hai un continuum claro entre un período e outro. Santo Antón foi un santo que no séc. XVIII ve incrementado o seu culto cada vez máis, e desta centuria data a fundación de moitas das capelanías e confrarías na súa honra, enchéndose as igrexas galegas de imaxes barrocas que o representan (o seu padroado pola protección dos animais domésticos e o feito de ser invocado para os bos casamentos, xustifica esta devoción). A imaxe que del se conserva na igrexa parroquial data de 1761 (López Vázquez; 1978: 246). Con todo e iso chama a atención que, nunha parroquia eminentemente agrícola como Berdoias, estea nun lugar clasificatorio que xulgamos baixo, polo menos en comparanza co que se lle atribúe na Galicia da época (o 2º posto, como indicamos anteriormente).

Quizais os berdoieses preferiron invocar a protección do santo impoñendo o seu nome de NS en vez de NP, pois neste século nada menos que 104 nenos van levar Antonio de 2º ou de 3º nome; unha cifra elevadísima (supón o 19,5 % dos bautizados da centuria), que triplica e cuatriplica nesta posición os de calquera outro nome.

A causa maioritaria da súa imposición como NP foi o traslado do nome dos padriños (o 90 %), e como NS as causas descoñecidas (53,8 %) en primeiro termo, e en segundo o traslado do nome dos padriños (26 %); non cabe dúbida de que detrás desas 'causas descoñecidas' está o culto ó santo.

Ángel e ***Pablo*** ocupan conxuntamente o posto 9º dos nomes deste século.

O primeiro pasou de 3 bautizados da centuria anterior a 13, e de 1,8 % de porcentaxe a 2,4 %. Foi acrecentando o número de bautizados ó longo do século (de 3 na primeira metade pasou a 10 na segunda). A introdución do nome na parroquia (a mediados do séc. XVII) debérase á devoción do fidalgo e capitán *Martiño de Castiñera* (e esposa) polo santo Anxo da Garda, pero no séc. XVIII non se aprecia a imposición deste nome dentro desta familia fidalga; máis ben hai que pensar nos padriños como máximos impulsores.

O ascenso de *Pablo* foi máis notorio, pois pasou de un único bautizado no séc. XVII (en 1694, a finais da centuria) a 13, e do 0,5 % ó 2,4 %. Na tónica xeral de Galicia non aparece este nome entre os primeiros. Convén salientar que ata 1777 só houbo dous bautizados con este nome, e que os 11 restantes naceron no derradeiro terzo da centuria, período que coincide coa presenza na parroquia como oficiante do presbítero *Pablo A. Marcote y Canle* –(a) *Pablo da Canle*-, interesado en propagar o seu nome de pía.

O 10º posto compárteno, con 11 bautizados e o 2 % dos 533 totais, catro nomes: ***Ignacio***, ***Mathías***, ***Miguel*** e ***Vicente***.

Ignacio introducírase na parroquia na última década do século anterior, e nesta vai acadar o seu máximo (e definitivo) desenvolvemento. Considerámolo, polo tanto, un nome exclusivo do séc. XVIII. Entrou nesta centuria xa na segunda década,

como nome de día (pola proximidade do bautismo coa festa de santo Ignacio de Antioquía, o 1 de febreiro), pero o seu espallamento debeuse case ó cento por cento pola transmisión do nome dos padriños (deuse en 8 bautizados: o 72,72 %). No seu espallamento cómpre ter en conta a propaganda dos misioneiros xesuítas, que defendían a súa avogacía para os partos, en competencia coa Virxe da Esperanza e con san Ramón. O nome desapareceu por completo no último terzo da centuria (o derradeiro bautizado é de 1776), un pouco despois de que Carlos III decretase a extinción da Compañía de Xesús e ordenase o desterro dos xesuítas.

Mathías é, como o anterior, outro dos nomes que podemos considerar exclusivo do séc. XVIII. Como Ignacio, a introdución tivera lugar nos últimos anos do séc. XVII, pero non logrará a implantación definitiva ata a teceira década do XVIII; o primeiro bautizado desta centuria, nado en 1722, recibirao como nome de día. A súa propagación deberase maioritariamente ós padriños (54,5 %), a escasa distancia da festa onomástica (45,4 %). A "vida" do nome na parroquia rematará a principios do séc. XIX, pois o único bautizado desta centuria (nado en 1806) finará ó nacer. Desde aquela non volverá haber na freguesía outro neno así chamado.

Miguel, tras o frustrado intento de introducirse na parroquia en 1662, terá que esperar á terceira década do séc. XVIII para intentalo e novo. Este primeiro bautizado desta centuria naceu en 1732 e recibiu o nome polo santo do día. Non obstante, a propagación posterior deberase maioritariamente ós padriños (7 bautizados recibírono deles, o que supón o 63,6 %).

Vicente, como Miguel, tras o frustrado intento introdutorio de 1650, terá que agardar á terceira década do XVIII para intentalo de novo. Tamén aquí os primeiros bautizados desta centuria (un en 1723 e outro en 1727) deberanlle o nome ó santo do día en que se bautizaron. Con todo e iso a propagación onomástica neste século será cousa dos padriños maioritariamente (en 6 bautizados de 11: o 54,5 %).

O 11º lugar é ocupado por dous nomes: ***Benito*** e ***Ramón***, con 9 bautizados (1,68 % dos 533 do século).

Benito non lograra implantarse co único bautizado da centuria anterior (de 1697) e tampouco o logrará co primeiro do séc. XVIII (nacido en 1715; recibirá o nome polo santo do día e pola madriña, chamada *Venita* [sic]). O despegue definitivo será a partir de 1740, pois desde esta data ó remate do século nacerán os outros 8 bautizados. A propagación do nome debeuse maioritariamente a 5 padriños e 2 madriñas (o 77,7 % dos bautizados); tamén hai que ter en conta o labor individual propagandístico dunha persoa, o presbítero *Benito Regueira*, que foi padriño de dous bautizados e oficiante de cerimonias bautismais entre 1780 e 1815. A "sementeira" deste século prenderá e terá continuidade na centuria seguinte, no que mesmo se incrementará o número de bautizados.

Ramón é un nome que se introduce en Berdoias no derradeiro terzo do séc. XVIII: o primeiro bautizado que o tivo de NP naceu en 1780 (ignoramos as causas da súa

imposición). Nos vinte anos que van de 1780 e 1800 naceron os 9 bautizados desta centuria que tiveron o nome de NP, pois de NS xa o recibiran outros desde 1754. Dá a impresión de que o nome preferiu entrar timidamente "pola porta de atrás" (como NS) para despois irse atrevendo como NP. Iso debeuse a que con anterioridade a 1750 a forma que se utilizaba era ***Raimundo*** no canto da de Ramón; de feito, os dous únicos Raimundos berdoieses naceron en 1708 e 1716, respectivamente, e recibiron o nome por cadrar a data dos seus bautismos coa festa onomástica do 31 de agosto, a que hoxe temos para san Ramón Nonato. A onomástica berdoiesa proporciónanos unha visión gradual de cómo Ramón foi substituíndo a Raimundo, proceso que parece que tivo lugar ó longo do segundo terzo do XVIII. Na ficha correspondente xa explicamos que a diferenciación entre Raimundo e Ramón só se dá en catalán, e, por influencia deste idioma, en castelán e galego; nos outros só existe a forma primitiva.

Non podemos deixar de salientar a importancia que foi adquirindo a imposición deste nome como NS, que, como acabo de dicir, mesmo se adiantou en bastantes anos á súa introdución como NP. Desde 1754 a 1796 houbo 10 bautizados que o levaron secundariamente.

A propagación do nome no séc. XVIII –tanto como NP como NS- debeuse a causas descoñecidas maioritariamente (nun 64,3 % dos bautizados); obviamente, detrás destas causas está o culto a san Ramón en constante alza.

O posto 12º ocúpano ***Gregorio*** e ***Thomás***, con 8 bautizados (1,5 %).

Gregorio non lograra implantarse na parroquia malia a súa introdución de cedo na centuria anterior (1614). Intentara introducirse de novo en 1704 (a data do día foi a causa da súa imposición), pero outra vez sen ningún éxito. Terá que agardar ata mediados do século, cando en 1751 se bautice o neno que significará o arrinque definitivo (7 dos 8 bautizados naceron na segunda metade da centuria). Gregorio pódese considerar no séc. XVIII berdoiés un clásico nome de día, pois 6 dos 8 bautizados (o 75 %) o recibiron pola coincidencia do seu bautismo coa festa onomástica. No séc. XIX xa serán os padriños os máximos propagadores.

Thomás é un nome que tivo o seu máximo desenvolvemento no séc. XVIII. Introducírase sen éxito na última década da centuria anterior (1693), volvéndose repetir a experiencia en dúas ocasións na primeira metade do XVIII: en 1711 e 1736 (nas dúas ocasións fora nome de día). O seu despegue definitivo terá lugar na segunda metade do séc. XVIII (a partir de 1757) e serán os padriños os máximos propagadores do nome (debéronllelo o 62,5 % dos bautizados desta centuria).

O posto 13º ocúpao en solitario ***Phelipe*** –con esta grafía- con 7 bautizados (1,3 % da centuria).

Non callaran os dous intentos de introdución do séc. XVII (en 1665 e 1672) e volverase intentar de novo no XVIII, a principios de século (1711) e a mediados (1757 e 1759); tampouco callaron e haberá que esperar a 1784 para que haxa unha continuidade real (entre este ano e 1795 nacerán 5 dos nenos que levarán este nome,

todos eles xa inscritos coa forma *Felipe*, xa coa ortografía simplificada). O nome morrerá con este século e endexamais volverá a haber na parroquia outro bautizado que o tivese de NP. A maior parte dos bautizados (o 44 %) recibiron o nome dun único padriño.

O 14º lugar ocupouno ***Luis***, con 6 bautizados (1,1 %).

O nome introducírase na derradeira década da centuria anterior (1693 e 1697) e tivo continuidade ó longo de todo o XVIII, de 1709 a 1775; a imposición do nome estivo repartida en porcentaxes idénticas (o 33 %) entre a data do día, os padriños e as causas descoñecidas.

O 15º lugar ocupárono ***Bernardo*** e ***Simón***, con 5 bautizados (0,9 %).

Bernardo é un nome que se introduce a principios do séc. XVIII, en 1710, pola data do día, pero non terá continuidade en toda a primeira metade da centuria. A implantación definitiva terá lugar en 1761 nun dos fillos do fidalgo Rodrigo Sancho de Leis (o nome veulle do seu padriño, un curmán seu estudante en Santiago, que levaba este nome). Os outros bautizados da centuria recibiran o nome de causas descoñecidas.

Simón tentara introducirse na centuria anterior (en 1656 e 1663), pero sen éxito. Volverao intentar en 1702 e 1722, con idéntico resultado. O seguinte intento, en 1750, será o definitivo, pois o bautizado deste ano exercerá en 1771 e 1777 como padriño dos outros dous. O nome será espallado nesta centuria, ó cento por cento, polos padriños.

O posto 16º ocúpano conxuntamente ***Caetano***, ***Jacobo***, ***Julián*** e ***Silvestre***, con 4 bautizados (0,75 % dos 533 da centuria). Os catro nomes introduciríanse nesta centuria e terían unha evolución moi semellante.

Caetano tivo un primeiro intento para introducirse en 1712, como nome de día, pero non callou o intento; a implantación definitiva será case 60 anos despois, en 1771 (a causa da imposición do nome, como dos outros dous bautizados, serán os padriños).

Jacobo tamén terá un primeiro intento frustrado en 1710, e o segundo e definitivo quince anos despois, en 1725; nos dous casos a innovación onomástica sen dúbida partiu dun mesmo padriño: o presbítero *Bartolomé de Leis*.

O primeiro intento frustrado de ***Julián*** foi en 1704, tendo que esperar a 1726 para o definitivo.

Por último, ***Silbestre*** –sempre grafado co *–b-*, tenta introducirse tamén nos primeiros anos do século (en 1710, como nome de día), pero, coma nos casos anteriores, sen éxito. Terán que pasar nada menos que oitenta anos para outro novo intento, o definitivo, en 1790 (os tres bautizados que houbo entre 1790 e 1792 recibiron o nome dun mesmo padriño así chamado, responsable do nome dos outros tres bautizados do séc. XIX).

O posto 17º ocúpano un conxunto de nove nomes: ***Alberto***, ***Carlos***, ***Christobo***,

Fernando, ***Gabriel***, ***Joaquín***, ***Lorenzo***, ***Marcos*** e ***Rafael***.

Deles, cinco xa existían no século anterior, aínda que na maior parte dos casos non houbo conexión entre unha e outra centuria (*Alberto*, *Christobo*, *Lorenzo*, *Marcos* e *Rafael*). Os outros catro introducíronse nesta centuria: *Fernando* en 1723, *Carlos* en 1729, *Joaquín* en 1736 (grafado, en realidade, de tres formas distintas: *Juachín*, *Joachín* e *Jachín*) e *Gabriel* en 1757.

Un grupo de 15 nomes ocupan o posto 18º, con 2 únicos bautizados.

Algúns xa existían no século anterior (***Bartolomé***, ***Bernabé***, ***Guillelmo***, ***Roque*** e ***Salvador***); os outros introducíronse nesta centuria: ***Xorxe*** (1701), ***Ambrosio*** (1705), ***Diego*** (1706), ***Theodoro*** (1706), ***Raimundo*** (1708), ***Basilio*** (1710), ***Lucas*** (1711), ***Alejo*** (1735), ***Blas*** (1735) e ***Frutuoso*** (1762).

Finalmente, un total de 24 nomes ocupan o posto 19º, con un único bautizado.

Só uns poucos xa existían na parroquia na centuria anterior (***Agustín***, ***Alonso***, ***Martín*** e ***Thimoteo***), pois os máis foron produto da innovación onomástica deste século: ***Félix*** (1701), ***Quirino*** (1703), ***Patricio*** (1706), ***Adriano*** (1708), ***Amaro*** –ou ***Mauro***, pois considerábanse o mesmo nome- (1708), ***Plácido*** (1710), ***Balthasar*** (1714), ***Estebo*** –así, coa forma galega- (1719), ***Matheo*** (1723), ***Jacinto*** (1728), ***Nicolás*** (1735), ***Melchor*** (1740), ***Florencio*** (1742), ***Rodrigo*** (1754), ***Fructo*** (1756), ***Bonaventura*** (1759), ***Paulino*** (1759), ***Eusebio*** (1763), ***Sebastián*** (1766) e ***Santiago*** (1789).

Como xa adiantamos, 18 dos nomes citados nacen e morren neste século, sen teren máis continuidade: *Alejos*, *Amaro*, *Ambrosio*, *Basilio*, *Blas*, *Bonaventura*, *Florencio*, *Fructo*, *Julián*, *Lucas*, *Matheo*, *Melchor*, *Patricio*, *Quirino*, *Raimundo*, *Theodoro*, *Thimoteo* e *Xorxe*.

A gran 'foto estática' da onomástica de Berdoias a mediados do séc. XVIII

O 4 de xuño de 1753, na parroquia de San Pedro do Porto, o intendente D. Pedro Alonso de Arredondo tomaba nota dos datos que sobre a parroquia de Berdoias lle subministraban o mordomo pedáneo *Andrés de Lema* e os peritos *Simón de Pazos* e *Juan Martínez*.

En base a estes datos, quixemos reconstruír os nomes dos veciños da parroquia na data aludida. Fixemos unha primeira aproximación unicamente cos nomes masculinos que aparecen na relación catastral, que eran os cabos de casa e algúns dos seus fillos ou xenros maiores de idade que vivían baixo o mesmo teito que algúns dos patrucios. Conscientes da escaseza de datos que iso supón, tentamos xuntar coa axuda

das partidas de bautismo (revisándoas unha a unha polo menos desde principios do século) o maior número de nomes masculinos existentes na parroquia nesta data. Unha vez eliminados todos os nomes dos que non tiñamos constancia clara da súa existencia en 1753, teriamos na freguesía esta 'foto estática' dos seus nomes:

Cadro 10: Os nomes dos homes de Berdoias en 1753*

Nomes masculinos (segundo o Catastro)		Nomes masculinos totais (Catastro + datos partidas bautismo)	
nomes	75 homes cabos de casa **total (porc.)**	**nomes**	134 homes en total **total (porc.)**
1º. Juan	12 (16 %)	1º. Juan	21 (15,67 %)
2º. Domingo	8 (10,66 %)	2º. Domingo	19 (14,18 %)
3º. Pedro	7 (9,33 %)	3º. Andrés	11 (8,2 %)
4º. Antonio	6 (8 %)	4º. Pedro	10 (7,46 %)
5º. Andrés	3 (4 %)	5º. Antonio	7 (5,22 %)
Ignacio	3	6º. Alberto	4 (2,98 %)
6º. Alberto	2 (2,66 %)	Benito	4
Ángel	2	Francisco	4
Benito	2	7º. Ángel	3 (2,23 %)
Carlos	2	Gregorio	3
Francisco	2	Ignacio	3
Gregorio	2	Joseph	3
Mathías	2	Mathías	3
Simón	2	Manuel	3
Vizente	2	Simón	3
7º. Adrián	1	8º. Carlos	2 (1,5 %)
Agustín	1	Lorenzo	2
Bartolomé	1	Vizente	2
Buenaventura	1	9º. Adrián	1 (0,74 %)
Cayetano	1	Agustín	1
Clemente	1	Alexo	1
Dionisio	1	Amaro / Mauro	1
Esteban	1	Bartolomé	1
Fernando	1	Buenaventura	1
Gerónimo	1	Caietano	1
Martín	1	Clemente	1
Mauro	1	Dionisio	1
Pasqual	1	Estebo / Esteban	1
Raimundo	1	Fernando	1
Rodrigo	1	Gerónimo	1
Santiago	1	Jacinto	1
Theodoro	1	Joachín	1
Thomás	1	Julián	1
33 NP masc.diferentes	75 homes cabos de casa	Marcos	1
		Martín	1

		Miguel	1
		Nicolás	1
		Pablo	1
		Pasqual	1
		Raimundo	1
		Raphael	1
		Rodrigo	1
		Santiago	1
		Theodoro	1
		Thomás	1
		(un total de 45 NP masculinos diferentes)	134 homes

*Fonte: *elaboración propia a partir do Personal de Legos de Berdoias (Catastro de Ensenada; 1753) e dos datos dos Libros 1º e 2º de Bautizados de Berdoias.*

Nesta imperfecta 'instantánea fotográfica' do 4 de xuño de 1753 –que debemos comparar cos datos dos nomes masculinos do Catastro en Ourense e na Baixa Limia (ver *Cadro 7* - páx. 86)- vemos que nos nomes que ocupan os tres primeiros lugares (*Juan*, *Domingo* e *Andrés*) mantense a pauta marcada desde finais do séc. XVII. As porcentaxes son semellantes tamén, aínda que *Domingo* terá un descenso importante na segunda metade deste século XVIII (ó igual que *Juan*, aínda que este en menor medida).

Ata mediados desta centuria, parece reinar na freguesía unha inercia atávica, pois tamén se manteñen nos primeiros lugares outros nomes que xa figuraban nos postos altos no séc. XVII: *Pedro*, *Antonio*, *Alberto* e *Francisco*. Por outra parte, parecen arrincar con certo pulo novos nomes como *Joseph* e *Manuel*, que pouco a pouco irán gañando partidarios na segunda metade ata acadaren, a finais do século, os postos 5º e 7º, respectivamente[93].

En suma: no ano 1753 os labios dos aproximadamente 339 habitantes de Berdoias xa podían pronunciar a cotío ata 45 nomes diferentes masculinos para nomear os 134 homes que vivían na freguesía, do total de 76 nomes diferentes contabilizados ó longo de toda a centuria. Agás tres (*Dionisio*, *Gerónimo* e *Pasqual*), ou poida que algún máis, todos os outros nomes eran os que viñamos rexistrando das partidas. Lembremos que o Catastro recollía os nomes e apelidos dos veciños que habitaban na freguesía sen reparar en se eran nativos dela ou non.

[93] Na cidade de Ourense e nas freguesías da Baixa Limia (ver *Cadro 7* - páx. 86), os nomes de José e Francisco xa desbancaran dos dous primeiros postos a Juan (descendido ó posto 3º e 4º, respectivamente) e a Domingo (relegado ó 7º e 5º, respectivamente). Son as diferenzas máis notables; no demais, hai bastante coincidencia nos nomes que ocupan os primeiros lugares.

5. A ONOMÁSTICA MASCULINA DO SÉC. XIX

Neste século tamén dispuxemos, practicamente ó completo, das partidas dos cen anos, as que van de 1801 a 1900. En total, 588 nenos bautizados (nenas foron agora máis: 599), co que aínda se incrementa máis a poboación respecto da centuria anterior. As porcentaxes están tomadas sobre estes 588 bautizados.

Que se saiba, do séc. XIX non se tiña levado a cabo en Galicia ningún estudo onomástico dos nomes máis frecuentes, nin total nin parcial, co que se deduce que os datos achegados polo presente traballo pode que sexan os pioneiros.

O primeiro lugar ocúpao en Berdoias, de maneira moi destacada, ***José*** –ata 1819 mantívose a grafía *Josef*- con 129 bautizados (case o 23 % dos 588 totais da centuria).

O séc. XIX foi o do ascenso meteórico deste nome, resultado sen dúbida do acrecentamento da devoción ó santo (patrón, ademais, dos pais). Pasou de ocupar a 4ª praza na centuria anterior á 1ª, relegando a *Juan*, que baixará ó 9º lugar. De 39 bautizados e o 7,3 % de porcentaxe, pasará agora a 129 bautizados e o 23 % (case ¼ dos bautizados do século). Na primeira metade da centuria bautizáronse 47 nenos con este nome: practicamente non houbo ano en que non se bautizarase un neno así chamado, ás veces dous ou tres. Pero a cifra dobraríase na segunda metade, pois dela son os 82 bautizados restantes (unha media de 1,64 bautizados por ano).

A popularización do nome contou coa axuda de 74 padriños e 23 madriñas, que trasladaron o seu nome ós afillados (97 en total, o 75 %); tamén houbo 11 pais e 17 nais que o legaron en herdanza ós seus fillos (28 en total, case o 22 %); a data do día da festa só contou nun 7 % escaso e as causas descoñecidas significaron o 21 % (un nome posto de moda xa non precisaba doutros impulsos exteriores). Loxicamente, ás veces confluíron nun mesmo bautizado varias causas impositivas, de aí que as cifras e porcentaxes superen os topes.

O 2º lugar é de ***Manuel***, a pouca distancia: 109 bautizados (18,5 % dos totais).

A evolución foi moi semellante á de *José*, xa desde a súa entrada no segundo terzo do séc. XVIII. O XIX significou tamén non só a implantación, senón a eclosión definitiva (pasou de 26 bautizados e de case o 5 % dos totais do século anterior a 109 bautizados e o 18,5 %). Na primeira metade bautizáronse 34 nenos con este nome e na segunda os 74 restantes (a media de neno por ano neste segundo período foi de 1,5: case idéntica á de *José*).

A propagación do nome debeuse maiormente a 52 padriños e 19 madriñas (71 en total, o 65 %), aínda que as causas descoñecidas tamén importaron o seu (un 35 %, o que pode significar que era un nome que ó estar de moda apenas precisaba máis pulos); tamén cómpre ter en conta a herdanza do nome de 14 nais e dun único pai (o 14 %).

Andrés ocupa o 3º lugar, con 52 baut. (8,8 % dos totais da centuria).

Neste século "mantivo o tipo", pois lembremos que na centuria anterior tivera 48 bautizados e o 9 % dos totais (e estaba no 2º lugar). Como acontecía cos nomes anteriores, tamén neste houbo menos bautizados na primeira metade do século (21) que na segunda (31); iso debeuse ó aumento da natalidade neste segundo período. A causa maioritaria da propagación do nome foron 36 padriños e 7 madriñas (43 en total, o 83 %).

Francisco ocupa o 4º posto, con 27 bautizados (4,6 % dos totais da centuria).

Outro nome que, como *Andrés*, logra manterse nos primeiros postos resistindo o empuxe de *José* e *Manuel*; na centuria anterior tiña idéntico número de bautizados e aproximadamente a mesma porcentaxe (5 %). Ó contrario dos nomes anteriores, tivo máis bautizados na primeira metade do século (17) ca na segunda (10), proba da súa paulatina decadencia. Os máximos espalladores do nome foron os padriños, nunha porcentaxe moi alta (o 89 %).

Joaquín é o ocupante do 5º posto, con 23 bautizados (3,9 % dos totais).

Chama verdadeiramente a atención este ascenso, pois o nome tivera tres intentos frustrados de introducirse na centuria anterior e parecía non ter en Berdoias un campo propicio. Non obstante, o cuarto intento de introdución –este xa na terceira década do séc. XIX, en 1821- si vai ter continuidade e o nome acadará un notable éxito nesta centuria (23 dos seus 28 bautizados totais nacerán nela). Este éxito na propagación do nome cómpre atribuírllelo ó cento por cento a 19 padriños e 4 madriñas que o levaban.

Pedro ocupa o 6º posto, con 18 bautizados (2,7 % dos totais).

Sufriu un notable descenso respecto da centuria anterior, na que ocupaba o 5º lugar con 32 bautizados e o 6 % dos totais. Nesta centuria, a medida que pasan os anos foi perdendo bautizados (pasa de 11 na primeira metade a 7, o que constitúe outro indicio da súa progresiva decadencia. A propagación do nome foi maioritariamente debida ós padriños que o levaban (nun 83 % dos bautizados).

Vicente ocupa o 7º posto, con 16 bautizados (e o 2,7 % dos totais).

Xa tivera unha cifra de bautizados apreciable na centuria anterior (11) e agora increméntaa; trátase dun nome en alza na primeira metade do século (12 bautizados); na segunda empezará a decaer (4 bautizados) para desaparecer da parroquia a principios do século seguinte. A propagación do nome debeuse maioritariamente á vontade dos padriños (trasladáronllelo a 14 bautizados, o 87,5 %).

O posto 8º ocúpano conxuntamente ***Domingo*** e ***Simón***, con 15 bautizados (2,5 % dos totais).

Domingo principiou o séc. XIX en franca decadencia -con 41 bautizados e o 7,7 % dos totais-, pois non esquezamos que na centuria anterior estaba no 3º posto (despois de *Juan* e *Andrés*). A dicir verdade, a primeira metade do século aínda vai resistindo, pois nela 12 bautizados levan este nome; cae en picado na segunda, na que

tan só se bautizan 3 que o levan de NP (como NS hai algúns máis). En 1870 nace o derradeiro bautizado berdoiés co nome de *Domingo* de NP. O nome propagouse nesta centuria maioritariamente grazas ós padriños (nun 80 %).

Simón logra no séc. XIX a súa cota máxima; pasou de tan só dous 5 bautizados (e o 0,9 %) no séc. XVIII a 15 (e ò 2,5 %). Contra o que se poda pensar, a 'semente' plantada no século anterior de pouco ou nada serviu pois apenas tivera continuidade e non se conseguira enlazar coa nova centuria. Houbo que sementar de novo, e desta vez si prendeu ben. A semente que deu froito no séc. XIX foi o nacemento do primeiro bautizado con este nome nesta centuria, *Simón Manuel de Leis*, nado en 1802, que recibiu o nome do santo do día. Este personaxe sería o principal motor propagandístico de case todos os *Simóns* deste século.

Gráfica 7: Os NP masculinos de máis uso en Berdoias no séc. XIX (total: 588 baut.)



orde	nome	nº baut.
1º.	José	129
2º.	Manuel	109
3º.	Andrés	52
4º.	Francisco	27
5º.	Joaquín	23
6º.	Pedro	18
7º.	Vicente	16
8º.	Domingo, Simón	15
9º.	Benito, Juan, Pablo, Ramón	13
10º.	Miguel	12
11º.	Antonio	11

Observando os 'Datos básicos' deste nome (ver FICHA 17 do minidisco adxunto), vemos que, a non ser o primeiro, todos os que o levaron (15 como NP, 10 como NS) están concentrados basicamente entre 1825 e 1845, uns vinte anos en total; despois deste período desaparece da onomástica berdoiesa. Outro factor a ter en conta é que case todos os bautizados deste período recibiron o nome por 'causas descoñecidas' (13 como NP, o 86,6 %; 9 como NS, o 75 %), e convén dicir que detrás desas 'causas descoñecidas' amparábase a acción proselitista do vicerreitor da parroquia, que oficiou case todos os bautismos de 1825 a 1850, e ese crego non foi outro có primeiro bautizado da centuria: *Simón Manuel de Leis*; dun xeito ou doutro el exerceu presión sobre pais e padriños para que impuxesen o nome del ós bautizados. O seu triunfo foi só temporal, pois a súa morte o nome desapareceu por completo da parroquia.

O posto 9º ocúpano conxuntamente catro nomes (***Benito***, ***Juan***, ***Pablo*** e ***Ramón***), con 13 bautizados (2,2 % dos 588 totais).

Benito é no séc. XIX un nome en moderada alza, pois no século anterior tiña 9 bautizados (1,68 % dos totais) e estaba no posto 11º. Desta vez si houbo relación de continuidade entre os bautizados do XVIII e do XIX, pois pódese afirmar que os desta última centuria foron consecuencia da semente que prendera a partir de 1774 na parroquia. O nome tivo un óptimo desenvolvemento na primeira metade do séc. XIX, no que naceron 12 dos 13 bautizados; a partir de 1850 practicamente desaparece e só un extemporal bautizado de 1887 aparece a xeito de 'canto de cisne'. A propagación do nome debeuse maioritariamente ós padriños (61 %), vindo despois as causas descoñecidas (46 %).

Juan sofre unha forte baixa no séc. XIX, pois perde definitivamente o primeiro posto que gozara nos séculos XVII e XVIII (e quizais nos anteriores). Do séc. XVIII ó XIX perde 64 bautizados (pasa de 77 a 13) e máis de 12 puntos nas porcentaxes (baixa do 14,4 % ó 2,2 %). Un nome que, sen desaparecer, pouco a pouco vai pasando de moda, sen dúbida polo pulo imparable e constante dos novos nomes en alza que ocupan o seu lugar, polos que parece haber unha febre contaxiosa: *José* e *Manuel*.

Na primeira metade do século bautízanse 9 nenos co nome de *Juan*; na segunda tan só 4, indicio claro da progresiva decadencia. A maior parte dos bautizados recibiron o nome dos seus padriños e madriñas (12 en total; o 92 %).

O nome de ***Pablo*** está practicamente na mesma situación que na centuria anterior, pois conserva o mesmo posto, ten o mesmo número de bautizados e aproximadamente a mesma porcentaxe (mesmo a incrementa unhas décimas, pois pasa do 2 % ó 2,2 %). Houbo continuidade entre un século e outro, sendo os desta centuria consecuencia da recuperación do nome iniciada no derradeiro terzo do séc. XVIII, a partir de 1877. Houbo bastante equilibrio entre as dúas metades do séc. XIX, pois na primeira bautizáronse 8 nenos e na segunda 5. Co remate do século (o

derradeiro bautizado naceu en 1895) o nome desaparece por completo durante case un cento de anos. A maior parte dos bautizados do XIX debéronlle o seu nome ós padriños (nun 77 %).

Ramón, un nome que practicamente xurdira no derradeiro terzo do séc. XVIII (de 1780 é o primeiro bautizado que o tivo de NP), vai ter un aceptable desenvolvemento no séc. XIX, no que incluso se vai mellorar a colleita: sobe do 11º posto ó 9º, de 9 a 13 bautizados e do 1,68 % ó 2,2 %. A causa deste incremento moderado debeu ser a crecente invocación a san Ramón como protector das mulleres durante o parto e da fráxil vida dos seus fillos e fillas ó naceren (así e todo, a mortalidade infantil non descendeu moito na primeira metade do século). Non sei cómo interpretar o radical descenso de bautizados con este nome que se produce na segunda metade da centuria, pois de 12 na primeira pásase a tan só 2 na segunda (¿perda de confianza no poder protector do santo?). A maior parte dos bautizados que levaron este nome debéronllo ós seus padriños (o 77 %). Como se fixo notar no comentario ó século anterior, convén reparar na boa cantidade de bautizados que levaron este nome de NS, 10 en total (5 na primeira metade e outros 5 na segunda).

Miguel ocupa en solitario o 10º posto, con 12 bautizados (o 2 % dos totais), un bautizado máis que na centuria anterior, aínda que con idéntica porcentaxe (no séc. XVIII tamén se atopaba no mesmo posto).

Como acontecía co nome anterior, *Ramón*, non houbo corte co século anterior, de tal xeito que os bautizados do séc. XIX veñen sendo produto da sementeira do XVIII, pois houbo relación de continuidade entre eles. Os bautizados do séc. XIX repartíronse equilibradamente entre as dúas metades (5 en cada unha). A causa da imposición do nome debeuse, case ó cento por cento, ó traslado do nome dos padriños.

Antonio ocupa en solitario o 11º posto, con 11 bautizados (1,87 % dos totais).

Foi este outro dos nomes que, como *Juan*, entraron en decadencia como consecuencia da crecente alza de *José* e *Manuel*; respecto do século anterior, *Antonio* cedeu tres postos na clasificación ó perder 9 bautizados (tiña 20) e baixar case dous puntos nas porcentaxes (tiña o 3,75 %). A crise do nome tivo o seu cume no derradeiro terzo do século, pois a partir de 1876 (data de nacemento do derradeiro bautizado) desapareceu por completo, ata o punto de que no séc. XX só haberá un bautizado que o leve de NP (nado en 1938), algo verdadeiramente insólito se se pensa que en todas partes seguía sendo un dos nomes máis populares. Esta decadencia tamén se apreza no seu uso como NS, pois pasou da alta cifra de 104 bautizados do séc. XVIII (o 19,5 % dos totais da centuria) a 19 (o 3,2 %). As causas da imposición do nome repousan maioritariamente no traslado do nome dos padriños, como NP (practicamente ó cento por cento); como NS repártense entre os padriños (47 %) e as causas descoñecidas (53 %).

Ángel ocupa en solitario o posto 12º, con 9 bautizados e o 1,5 % dos totais.

Trátase dun nome que se introducira na parroquia nos últimos anos do séc. XVII

e que se viñera mantendo ó longo do todo o XVIII ata enlazar con esta centuria. No séc. XIX baixa algo no número de bautizados respecto ó século anterior (perde 4) e case un punto porcentual (tiña o 2,4 %); como consecuencia, pasou do posto 9º ó 12º. O certo é que este nome soubo manterse na onomástica berdoiesa resistindo o tirón dos nomes en alza (*José* e *Manuel* principalmente), mercé quizais a unha longa tradición de orixe fidalga relacionada co culto ó santo Anxo da Garda na parroquia. A proba do mantemento da devoción a este santo é que a imaxe que hoxe se conserva na igrexa de Berdoias data do séc. XIX (López Vázquez; 1978: 253). A causa da imposición do nome estivo, ó cento por cento, na traslación do nome dos padriños.

Jesús ocupa o posto 13º, con 8 bautizados e o 1,3 % dos totais da centuria.

Este nome é a principal innovación onomástica de todo o séc. XIX en Berdoias. Entrou na parroquia en 1866, sendo o aparente motivo da súa imposición a proximidade da súa festa onomástica (1º de xaneiro) co día do bautismo do primeiro neno que o levou (14 de xaneiro). Este nome non se utilizou con anterioridade porque se consideraba unha irreverencia chamar a un humano co nome do Fillo de Deus; de feito, a zona de uso do nome de Xesús redúcese a España e ós límites do que fora o Imperio español. Como acontecera no século anterior con *Manuel* –outro dos nomes de Cristo-, neste tamén custara ferro e fouce "atreverse" a ser dos primeiros en impoñer un nome con estes condicionantes a un neno, e o feito de que fose madriña do primeiro bautizado unha señora de Berdeogas que recibía o tratamento de "dona" (Dna Concha de Leis), favoreceu a súa introdución e posterior popularización, que lle permitiría un venturoso futuro no século seguinte. O 50 % dos bautizados do XIX recibiron o nome de causas descoñecidas, e o 37,5 % dos padriños. Un destes padriños, *Jesús Álvarez*, apadriñara ó segundo bautizado en 1868; era oriúndo de Ponte Caldelas (provincia de Pontevedra), o iso constitúe un indicio de que o nome xa estaba imposto noutras zonas de Galicia e a súa entrada en Berdoias xa era un tanto retardada.

Gregorio ocupa o posto 14º, en solitario, con 7 bautizados (o 1,2 % dos totais).

Respecto do século anterior, apenas hai un pequeño descenso: baixa dous postos (estaba no 12º), un bautizado (tiña 8) e tres décimas porcentuais (tiña o 1,5 %). Malia pasaren trinta longos anos entre o último bautizado do séc. XVIII (do ano 1788) e o primeiro do XIX (de 1818), houbo relación de continuidade entre unha centuria e outra; hóuboa porque o primeiro foi o padriño do segundo. A cadea onomástica mantivo, logo, intactos os seus elos. O espallamento do nome nesta centuria debeuse ós padriños ó cento por cento, especialmente a un tal *Gregorio Vázquez*, que apadriñou a catro. Os sete bautizados naceron na primeira metade do século, pois a partir de 1846 non volveu haber outro neno na parroquia con este nome, nin de NP nin de NS. Un dos máis antigos nomes da freguesía (xa existía en 1614) fenecía a mediados do séc. XIX tras unha existencia documentada de 250 anos.

Bernardo ocupa en solitario o 15º lugar dos nomes masculinos do séc. XIX, con 6 bautizados (e o 1 % dos totais).

Foi este un nome dos séculos XVIII e XIX para Berdoias, pois introduciuse en 1710 e desapareceu por completo en 1863. Houbo, ademais, relación de continuidade entre as dúas centurias. O nome ocupou nos dous séculos o mesmo lugar practicamente co mesmo número de bautizados (no XVIII tiña 5) e porcentaxes (no XVIII tiña o 0,9 %). A maior parte dos bautizados recibiron o nome dos padriños (80 %).

O posto 16º ocúpano conxuntamente tres nomes (***Daniel***, ***Jacobo*** e ***Silvestre***), con 5 bautizados (o 0,85 % dos totais).

Daniel foi un dos novos nomes que se introduciron na onomástica berdoiesa no derradeiro terzo do séc. XIX. O primeiro bautizado naceu en 1879; descoñecemos o motivo da imposición deste nome (o mesmo que dos outros catro). Aínda que non temos ningunha proba, pensamos que entrou por algunha nova moda onomástica que estaba no ambiente, moda quizais traída pola emigración americana que daquela estaba en auxe. De feito, neste derradeiro terzo do séc. XIX entrarán nomes como *Faustino*, *Evaristo*, *Perfecto*, *Celestino* e *Aurelio*. O nome terá continuidade no século seguinte.

Jacobo foi para Berdoias un nome dos séculos XVIII e XIX, tendo unha vida case paralela á de *Bernardo* –que xa vimos- e a de *Silvestre* –que veremos a continuación-: introduciuse en 1710 e feneceu uns anos despois de 1876. Pouco máis de 166 anos de vida: despois de 1876 non se volveu bautizar ningún neno con este nome na parroquia. Os bautizados do séc. XIX recibiron o nome case ó cento por cento dos padriños.

Silvestre foi o outro nome dos séculos XVIII e XIX; como *Bernardo* e *Jacobo* introduciuse en 1710, desaparecendo da onomástica berdoiesa cun bautizado de 1847, o derradeiro que levou este nome na freguesía. Tamén aquí houbo continuidade entre as dúas centurias, e non se produciu ningún corte. Dos cinco bautizados do séc. XIX, catro recibiron o nome dun único padriño (*Silvestre Caamaño*) e un da festa onomástica (31 de decembro).

O posto 17º ocúpano conxuntamente seis nomes (***Celestino***, ***Evaristo***, ***Faustino***, ***Fernando***, ***Perfecto*** e ***Rafael***), con 4 bautizados (0,68 % dos totais do século).

De todos eles, ***Rafael*** era o que tiña máis antigüidade na freguesía, pois introducírase en 1694 e tivera un irregular desenvolvemento no séc. XVIII (só tres bautizados, e en anos bastante distantes entre si). Case podemos consideralo un nome dos séculos XVIII e XIX, como *Bernardo*, *Jacobo*, *Silvestre* e *Fernando*. Dos catro bautizados do séc. XIX, dous recibiron o nome de cadansúa madriña e un dun padriño. O nome desapareceu da onomástica berdoiense en 1850, data que en naceu e morreu o derradeiro bautizado.

Fernando é outro dos nomes circunscritos ós séculos XVIII e XIX, pois introducírase en 1723 e permanecerá na parroquia ata 1885, ano de bautismo do

derradeiro neno que levou este nome. Pouco máis de 170 anos de vida. Os padriños foron os máximos difusores do nome.

Os outros catro nomes constitúen outras tantas novidades na onomástica berdoiesa, que recibe unha fonda renovación no derradeiro terzo do séc. XIX. Repito unha vez máis que quizais esta renovación sexa consecuencia da emigración xeralizada de galegos á América que se produce neste período. O primeiro en ser introducido foi ***Faustino***, en 1872; ***Evaristo*** en 1879 (ó mesmo tempo que *Daniel*), ***Perfecto*** en 1884 e ***Celestino*** en 1886; o motivo introdutorio do nome entra dentro do capítulo de 'causas descoñecidas', o que é indicio de que se trataba dalgunha moda imperante. De todos estes nomes, o de Celestino será o de maior espallamento no século seguinte.

O posto 18º ocúpano tres nomes (***Agustín***, ***Ricardo*** e ***Salvador***), con 3 bautizados.

Agustín e *Salvador* entraran na onomástica parroquial exactamente o mesmo ano (1700), pero mentres o segundo xa desaparece a principios do séc. XIX (de 1806 é o seu derradeiro bautizado), o primeiro aínda chegará mal que ben ó séc. XX (con todo, o seu derradeiro bautizado do séc. XIX é de 1836).

Ricardo é outra das novidades onomásticas decimonónicas; entrou en 1879 (ó mesmo tempo que *Daniel* e *Evaristo*) e forma parte da ampla fornada de nomes que se introduciron na parroquia no derradeiro terzo do séc. XIX.

No posto 19º, con tan só 2 bautizados, hai oito nomes (ver *Cadro 5*, páx. 81).

O de maior antigüidade na parroquia foi ***Luis***, que xa se introducira a finais do séc. XVII (en 1693 e 1697); no séc. XVIII tivera o seu maior número de bautizados (6) e os do XIX naceron no primeiro terzo (1808, 1820); haberá que agardar aínda 150 anos para que volva aparecer outro máis.

O segundo en antigüidade foi ***Baltasar***, que entrara (sen éxito) en 1714. Os dous bautizados do XIX foron de 1833 e 1870; non volveu haber outro na parroquia.

O terceiro foi ***Esteban***, que entrara en 1719 (coa forma galega *Estebo*); o único bautizado do XIX é de 1840.

Os outros cinco nomes introdúcense nesta centuria, catro deles no segundo terzo e un no terceiro. ***Victorio*** entrou en 1838, ***Luciano*** e ***Valentín*** en 1840, ***Mariano*** en 1861. O último en introducirse, ***Constantino***, fíxoo en 1892, e podemos engadilo ó numeroso grupo de nomes que renovan a onomástica berdoiesa no derradeiro terzo do século (xunto con *Daniel*, *Evaristo*, *Faustino*, *Perfecto*, *Celestino*, *Ricardo*, *Aurelio*, entre outros). Ningún deles tivo moito éxito, pois non tiveron continuidade.

O posto 20º (e último) do séc. XIX berdoiés intégrano 21 nomes con un único bautizado. Neste grupo hai nomes que xa existían na parroquia e outros novos.

Entre os nomes de longa traxectoria, o máis antigo é ***Martín***, que xa viña do séc. XVII (bautizados en 1615, 1637 e 1656); desde aquela só tivera un bautizado no séc. XVIII (1724); o do XIX naceu en 1839).

Roque tamén se documenta no séc. XVII (un bautizado en 1655); tivera dous no último terzo do XVIII e este do XIX (1816) será o derradeiro.

Marcos tamén entrara no séc. XVII (1661); tivera tres bautizados na primeira metade do XVIII e este do XIX naceu en 1849.

Bentura –así sempre escrito- tivera un bautizado no XVII (1664), outro no XVIII (1780) e este do XIX (1834) será o derradeiro.

Isidoro tivera o seu primeiro bautizado en 1692; este de 1866 será o derradeiro.

Mathías entrara en 1698 e tivera un notable desenvolvemento no séc. XVIII (11 bautizados, o 10º posto). O seu único bautizado do séc. XIX (de 1806) será o derradeiro, pois desaparecerá da onomástica berdoiesa.

Tomás tivera unha historia semellante á de *Mathías*, pois entrara tamén a finais do séc. XVII (1693), contara cun bo espallamento no séc. XVIII (11 bautizados, o 10º posto) e sufrira unha caída fulminante no séc. XIX (o único bautizado, de 1831); non obstante aínda terá outra bautizado no séc. XX (en 1979).

Outro grupo de nomes introducírase no séc. XVIII. Foron estes: ***Carlos***, que entrara en 1729 (o bautizado do séc. XIX, de 1843); ***Jacinto*** (entrara en 1728; o segundo e último bautizado, este do séc. XIX, de 1827); ***Sebastián*** (entrara en 1766; o segundo e último bautizado, o do XIX, do ano 1863).

O terceiro grupo de nomes son novos, e forman parte da fornada que intentou renovar a onomástica berdoiesa no segundo terzo do século e, especialmente, no terceiro. ***Cornelio*** foi o que entrou máis cedo (en 1840); o único bautizado morreu ó nacer. ***Modesto*** foi o seguinte: entrou en 1868 (terá continuidade no séc. XX). Xa entrando no derradeiro terzo: ***Casimiro*** –en realidade escrito *Casamiro*- e ***Cecilio*** (ambos de 1871), ***Justo*** (1872), ***Federico*** (1878), ***Avelino*** (1886), ***Aurelio*** (1893; dos poucos que terán espallamento no séc. XX, con 5 bautizados), ***Eliseo*** (1895) e ***Amadeo*** e ***Máximo*** (1899).

Con isto poñemos fin á onomástica do séc. XIX, que asistiu á subida meteórica de nomes como *José* e *Manuel*, e ó descenso de *Juan* ou *Antonio*, entre os nomes principais, así como a introdución doutros.

O XIX foi un século no que se intentou acometer unha importante renovación onomástica na parroquia. Algúns deses nomes novos entraron contra mediados do século, na segunda centuria: o principal de todos estes foi *Jesús*, que rachou con prexuízos seculares e logrou introducirse definitivamente (en 1866) cun notorio éxito, pois na centuria seguinte vaise converter no terceiro nome en número de bautizados. Outros nomes que entraron neste período foron *Cornelio*, *Modesto*, *Victorio*, *Luciano*, *Valentín*, *Mariano* e *Modesto*. A partir de 1870 é cando entra o grupo máis numeroso: *Casimiro*, *Cecilio*, *Justo*, *Federico*, *Daniel*, *Evaristo*, *Faustino*, *Perfecto*, *Celestino*, *Constantino*, *Avelino*, *Aurelio*, *Eliseo*, *Amadeo*, *Máximo*. O certo é que só algúns gozaron dun relativo éxito (*Celestino* e *Evaristo*, por exemplo) e lograron popularizarse minimamente na centuria seguinte.

6. A ONOMÁSTICA MASCULINA DO SÉC. XX

Neste século tamén se dispuxo, practicamente ó completo, das partidas dos cen anos, as que van de 1901 a 2000. En total, 506 nenos bautizados (as nenas foron moitas menos: 442). As porcentaxes están tomadas sobre estes 506 bautizados.

Os datos que achego na presente investigación non se poden poñer en comparación cos que para Galicia aparecen nas dúas últimas columnas do *Cadro 8* da páxina 86, posto que estes están localizados só na segunda metade da centuria e en dous momentos moi determinados: os galegos nacidos antes de 1962 e os que o fixeron en 1980.

No cadro apréciase un cambio bastante substancial na onomástica dunha data a outra, pois os nomes rexistrados en 1962 son aínda os coincidentes cos da primeira metade do século: son os nomes de sempre, os tradicionais, que na súa maior parte eran xa os que viñan prevalecendo desde principios do séc. XVII e, particularmente, desde a segunda metade do séc. XVIII (José, Manuel, Antonio, Ramón, Juan, Luis, Jesús e Francisco)[94]. Non obstante, na listaxe de 1980 hai unha renovación profunda, pois José, Antonio, Juan, Jesús e Francisco desaparecen dos oito primeiros lugares e Manuel baixa ó 4º posto, en tanto que irrompen con forza novos nomes como David, Pablo, Javier, Carlos, Alberto, Óscar e Diego.

Nesta nosa investigación sobre a onomástica masculina de Berdoias tamén se apreciará un cambio radical semellante no tocante ós oito nomes máis frecuentes, cambio que na maior parte dos casos se inicia a partir da segunda metade do século, aínda que noutros hai que esperar ó derradeiro terzo. Grosso modo, podemos afirmar que a 'revolución onomástica' masiva dos bautizados de Berdoias non empezou ata a década 1951-1960, pois durante máis de 350 anos mantivéronse na freguesía os nomes tradicionais, que nin difiren dos xerais de Galicia. Ó longo da súa historia só houbo pequenos 'conatos revolucionarios' –como o que acabamos de ver a finais do séc. XIX- que non chegaron ter éxito masivo.

En Berdoias, o 1º lugar ocúpao, como no séc. XIX, ***José***, con 133 bautizados (o 26,3 % dos 506 totais da centuria). Se o século anterior fora o do ascenso meteórico do uso deste nome, neste confírmase esta tendencia á alza, pois mesmo se contabilizan catro bautizados máis ca na centuria pasada e un máis que notable aumento porcentual, de catro puntos (subiuse do 22 % ó 26,3 %). Con esta porcentaxe queda claro que este nome foille imposto á máis da cuarta parte dos nenos berdoieses do séc. XX.

Nas tres cuartas partes primeiras do século o ritmo de bautizados co nome de *José* continuou o ritmo intenso da centuria anterior: 32 bautizados entre 1901 e 1925; 49 entre 1926 e 1950 e 39 entre 1951 e 1975. Malia que o nome chega á actualidade con boa saúde, entrou en franca crise no derradeiro terzo do século, pois

[94] Na páxina 122 aparece a *Gráfica 9* ['Os dez nomes masculinos de máis uso en Galicia (nacidos antes de 1962)'], que elaboramos para establecer unha mínima comparanza entre os datos xerais de Galicia e os de Berdoias da *Gráfica 8* (páx. 118).

de 1976 a 2000 unicamente lles foi imposto a 10 bautizados. Esta caída hai que atribuíla simplemente ó cansazo de repetir durante tantos anos o mesmo nome (polo menos uns 275 anos): veremos máis adiante como precisamente neste derradeiro terzo do século pais e padriños se esforzaron por renovar a onomástica parroquial. O desequilibrio entre a primeira e a segunda metade da centuria (81 bautizados na primeira e 49 na segunda), foi causado por esta baixa radical dos vinte e cinco anos finais. O segundo cuarto de século foi o de maior número de bautizados.

O espallamento do nome seguíu sendo maioritariamente debido ós 50 padriños e 12 madriñas (62 en total), pero non cunha porcentaxe tan alta coma no séc. XIX (do 75 % pásase agora ó 46,6 %). Pola contra, aumenta o número de proxenitores que intenta perpetuar o seu nome nos fillos (41 pais e 10 nais: 51 en total, o 38,3 %, mentres que na centuria anterior eran 28, o 22 %) e, sobre todo, o de bautizados que reciben o nome por causas descoñecidas (44, o 33 %); este aumento das 'causas descoñecidas' indica que moitos bautizados reciben o nome pola forza da moda dominante, ás veces simplemente porque toda a familia estaría medio coxa se nela non había un Pepe. Como acontecía na centuria anterior, en moitas ocasións confluíron nun mesmo bautizado varias causas impositivas: o nome do pai e o do padriño, o nome da madriña e a festa onomástica, etc.

O 2º lugar, coma no séc. XIX, ocúpao o nome de ***Manuel***, con 82 bautizados (o 16,2 % dos 506 totais do século). Mantén un alto número de bautizados e porcentaxes, pero, ó contrario de *José*, acusa un descenso en forma notable respecto da centuria anterior, pois perde 27 bautizados (no XIX tiña 109) e máis de dous puntos porcentuais (no XIX tiña o 18,5 %).

Cómpre salientar que estes dous primeiros nomes –*José* e *Manuel*- xuntan case a metade dos bautizados de Berdoias do séc. XX (215 bautizados, o 42,5 %); o desequilibrio é evidente, pois dous nomes xuntan case tantos bautizados coma os outros 107.

Na evolución do uso do nome de Manuel ó longo do séc. XX houbo un desequilibrio moi claro e tallante entre a primeira e a segunda metade. Mentres que na primeira a imposición do nome mantén un ritmo alto de bautizados (69 en total) tanto no primeiro cuarto (31) coma no segundo (38) -un ritmo case comparable ó que estaba tendo *José*-, na segunda prodúcese unha sorprendente caída en picado, pois nos 50 anos que van de 1951 a 2000 soamente se rexistran 13 bautizados (8 no terceiro cuarto e 5 no último). O cansazo pola repetición do nome empezou antes con *Manuel* que con *José*, polo que se ve, pois a baixa deste último aínda se atrasaría ó derradeiro cuarto. Con todo e iso, *Manuel* chega a principios do ano 2000 gozando de boa saúde e con esperanza certa de futuro, pois no ano 2000 aínda tivo lugar o nacemento dun neno así chamado.

Cómpre salientar a vitalidade que seguíu tendo *Manuel* como **NS**, pois foi o máis utilizado como segundo nome no séc. XX (39 bautizados), dobrando case o seu uso da centuria anterior (tivera 20). Esta porcentaxe supón o 7,7 % dos bautizados do século.

No tocante ás causas do espallamento do nome, a maior parte do mérito hai que atribuírllo, coma no século anterior, ós padriños, que llelo impuxeron a 45 bautizados (o 55 % dos 82 totais); as causas descoñecidas afectaron a 32 bautizados (39 %) e a influencia dos pais a 18 (22 %). Como acontecía con *José*, tamén aquí se produciu ás veces xustaposición de causas nun mesmo bautizado, coincidindo o nome do pai co da nai ou co do padriño ou a madriña, a festa do día, etc.

Jesús ocupa o 3º posto, con 42 bautizados (o 8,3 % dos 506 totais).

É o nome que rexistra o maior ascenso, pois no séc. XIX ocupaba o lugar 13º con tan só 8 bautizados e o 1,3 % de porcentaxe. Subiu, polo tanto, 34 bautizados e sete puntos porcentuais. Este ascenso ten aínda máis mérito se pensamos na incorporación serodia do nome á onomástica berdoiesa, a finais do segundo terzo do séc. XIX (en 1866).

O nome foi de maior uso na primeira metade do século (32 bautizados), que na segunda (10). A partir dos anos cincuenta, como acontecía con *Manuel*, acusou unha sensible baixa. Non obstante, chega ó séc. XXI con boa saúde, pois en 1995 aínda celebrou o bautizo dun neno.

No tocante ás causas da imposición do nome, neste caso foron as descoñecidas as maioritarias (déronse en 27 bautizados, o 64 %); iso indica o poder da moda imperante, que leva a bautizar a un neno con ese nome simplemente porque tamén o levan outros. Os padriños só influíron en 9 bautizados (21,4 %) e moi pouco os pais e a festa onomástica.

Gráfica 8: Os NP masculinos de máis uso en Berdoias no séc. XX (total: 506 baut.)



orde	nome	nº baut.
1º.	José	133
2º.	Manuel	82
3º.	Jesús	42
4º.	Celestino, Francisco	17
5º.	Juan	10
6º.	Andrés Enrique Ricardo	8
7º.	Alejandro	6
8º.	Aurelio, Eduardo, Evaristo	6
9º.	Pedro	5
10º.	Daniel David, Eulogio Faustino Julio Ramón	4

Finalmente, cómpre facer notar que, xuntando os bautizados destes tres primeiros nomes (*José*, *Manuel* e *Jesús*), sobrepasariamos a metade dos bautizados deste século (257); estes tres nomes representan o 50,8 % dos totais do século: o desequilibrio entre estes tres nomes e os outros 106 é evidente.

O 4º lugar ocúpano conxuntamente os nomes de ***Celestino*** e ***Francisco***, cada un con 17 bautizados (o 3,3 % dos 506 totais).

A diferenza en número de bautizados entre os do cuarto lugar e o terceiro é abismal, e xa non digamos se establecemos a comparanza co segundo ou co primeiro.

O primeiro nome, ***Celestino***, é un nome novo, pois introducírase moi a finais do séc. XIX (en 1886), nesa fornada do derradeiro terzo; por unhas causas ou por outras, adquiriu moito uso na primeira metade do séc. XX, na que tivo 14 bautizados, para entrar en decadencia na segunda, con tan só tres (o último de 1980). O inusual espallamento deste nome novo explícase polo empeño dos padriños que xa o levaban, que llelo impuxeron a 9 bautizados (53 %).

O outro nome, ***Francisco***, é un dos máis antigos da parroquia, pois entrara a mediados do séc. XVII (1642). Foi un dos poucos nomes que se mantivo nos primeiros postos de principio a fin nas catro centurias. Mantivo o mesmo posto que no séc. XIX, pero rexistrou unha notable baixa con respecto a este, pois perdeu 10 bautizados e 1,25 puntos porcentuais (no XIX tiña 27 bautizados, o 4,6 %). Case todos os bautizados foron da primeira metade do século (13), producíndose unha baixa na segunda metade (só 4 bautizados; o último de 1982, o que lle permite chegar con vida ás portas do séc. XXI). No tocante ós motivos de imposición do nome foron maioritarios os descoñecidos (65 %), fronte ó traslado do nome dos padriños (29 %).

O posto 5º ocúpao en solitario ***Juan***, con 10 bautizados (1,9 % dos totais do século).

Lembremos que este nome ocupara o primeiro posto en número de bautizados nos séculos XVII e XVIII. No séc. XIX iniciara unha profunda decadencia que se confirma agora no XX, coa perda de tres bautizados e cinco décimas porcentuais respecto da centuria anterior (na que tiña 13 bautizados e 2,2 % de porcentaxe). Con todo, foi un nome que chegou vivo ás portas do séc. XXI, pois, ó contrario dos que acabamos de analizar, este tivo máis bautizados na segunda metade do séc. XX (7) que na primeira (3), o que pode ser un indicio de recuperación (o último bautizado naceu en 1992). As causas descoñecidas foron maioritarias á hora da imposición do nome, o que pode indicar que se volve poñer de moda sen necesidade doutras axudas.

O 6º posto ocúpano, con 8 bautizados e o 1,58 % dos totais do século, tres nomes: ***Andrés***, ***Enrique*** e ***Ricardo***.

O primeiro –***Andrés***- é un dos nomes clásicos desta freguesía, dos máis antigos, pois entrou en 1638. Mantivérase nos tres primeiros postos nas tres primeiras centurias, pero no séc. XX entrou en franca decadencia, perdendo tres postos clasificatorios e, principalmente, 44 dos 52 bautizados que tivera no séc. XIX (isto supúxolle perder máis de sete puntos porcentuais pasando do 8,8 % ó citado 1,58 %). Con todo e iso,

o nome chega con vida á portas do séc. XXI, pois o último bautizado naceu en 1982. Os padriños foron maioritariamente os seus maiores propagadores.

Enrique é un dos novos nomes deste século, pois foi introducido en 1911. Aínda que pareza mentira, con anterioridade non houbo ningún outro bautizado con este nome. Ignoramos a causa da súa imposición no primeiro bautizado. Nos outros, 3 recibírono dos seus padriños, 3 de seus pais e 2 da festa onomástica. Un nome que chega con vida ó séc. XXI, pois o último bautizado naceu en 1973.

Ricardo é outro dos nomes de entrada tardía, pois introducírase en 1879. Crecerá en número de bautizados respecto do século anterior, especialmente na primeira metade da centuria. O último bautizado é de 1960. As causas descoñecidas e o traslado do nome dos padriños foron os principais motivos para a imposición do nome.

O posto 7º ocúpao en solitario ***Alejandro***, con 7 bautizados (e o 1,38 % dos totais do século).

Alejandro á outro dos nomes 'modernos' de Berdoias, pois tamén entrou, xunto con *Enrique* e outros, nas dúas primeiras décadas do séc. XX; en concreto, en 1915. A introdución produciuse por causas descoñecidas. Na popularización tamén foron as causas incógnitas as maioritarias (só en dúas ocasións entraron os padriños en liza). O nome chegou ás portas do séc. XXI con vida, pois o último bautizado é de 1990.

O posto 8º ocúpano, con 6 bautizados e o 1,18 %, tres nomes: ***Aurelio***, ***Evaristo*** e ***Eduardo***. Os tres entraron tardiamente na parroquia: os dous primeiros na fornada dos últimos anos do séc. XIX (*Evaristo* en 1879 e *Aurelio* en 1893); o terceiro (*Eduardo*) nos primeiros anos do XX (1902). Introducíronse por causas descoñecidas.

O posto 9º ocúpao ***Pedro***, con 5 bautizados.

Pedro é un dos nomes clásicos da freguesía, dos máis antigos xunto con *Alonso* e *Juan*. Veuse mantendo con dignidade nos seis primeiros lugares nas tres primeiras centurias, e será no séc. XX cando caia nunha profunda crise (respecto da centuria anterior perdeu 15 bautizados –tiña 18- e baixou máis de dous puntos porcentuais –de 3 % pasou ó 0,98 %-). Ignoro as causas desta crise. Os cinco únicos bautizados deste século eran do primeiro terzo, pois a partir de 1939 non se volveu bautizar ningún berdoiés co nome do seu patrón parroquial: o nome 'morreu' para a freguesía hai máis de 60 anos; é de supoñer que 'resucite' no séc. XXI.

O posto 10º ocúpano, con 4 bautizados, un grupo de seis nomes.

Deles, ***Ramón*** é o máis antigo na parroquia; entrara en 1780 e tivera un desenvolvemento crecente no séc. XIX, no que ocupara o 9º posto con 13 bautizados; no séc. XX sufriu unha boa crise, que o levou a perder 9 bautizados respecto do século anterior e a baixar case punto e medio porcentual (do 2,2 % pasou ó 0,8 %).

Os outros cinco nomes son de entrada relativamente recente: dous fixérono no último terzo do séc. XIX (***Faustino*** en 1872, ***Daniel*** en 1879) e os outros tres na primeira metade do XX (***Julio*** en 1904, ***Eulogio*** en 1912 e ***David*** en 1943). Todos eles teñen en común que a súa imposición foi debida, maioritariamente, ás causas descoñecidas (o que indica a súa suxeición ás modas do momento). Unicamente *Julio*

e *David* se achegan ás portas do séc. XXI con alento e esperanzas de futuro (os seus últimos bautizados naceron, respectivamente, en 1978 e 1986).

O posto 11º, con tan só tres bautizados, ocúpano cinco nomes.

Deles, o máis antigo na parroquia é ***Ángel***, cunha entrada datada no segundo terzo do séc. XVII (1664); tivera un uso aceptable no séc. XVIII (13 bautizados, o 3,4 % dos totais) e mesmo no XIX (9 bautizados, 1,5 %), para acusar este forte descenso no XX; con todo, o feito de ser o seu último bautizado do ano 1998 fai pensar nunha recuperación do nome no séc. XXI.

En orde de antigüidade o outro nome é ***Fructuoso***, que entrara nos últimos anos do séc. XVIII (1792 e 1797); non tivera ningún bautizado no XIX e os do XX van de 1904 (nome imposto polo padriño) a 1929. Nome, polo tanto, hoxe practicamente desaparecido da parroquia.

Os outros catro nomes son novos: tres deles entraron nas dúas primeiras décadas do séc. XX (***Cesáreo*** en 1907, ***Cándido*** en 1922 e ***Severino*** en 1917) e o cuarto, o máis moderno, na fornada de finais da centuria (***Cristián***, en 1984); polo tanto, é este último ó que se lle albisca un mellor futuro no séc. XXI. As causas descoñecidas foron para todos eles as imperantes á hora da súa imposición.

O posto 12º, con só 2 bautizados, intégrano un numeroso grupo de 26 nomes, dos que algúns teñen unha longa pero moi irregular historia na onomástica berdoiesa e outros foron de recente entrada na segunda metade do séc. XIX e no propio séc. XX.

Entre os primeiros atópanse nomes como o de ***Alberto***, un dos máis antigos, pois xunto con *Alonso*, *Juan* e *Pedro* xa aparecía nas primeiras partidas do séc. XVII; no séc. XVIII só tivera 3 bautizados, no XIX ningún, e volveu renacer das súas cinzas –tras case 200 anos en branco- a finais do séc. XX, con dous bautizados (en 1976 e 1985) que lle dan esperanza de futuro cara ó séc. XXI. Eis un exemplo claro de que non se pode nunca decretar a morte dun nome, pois este pode resucitar en calquera momento.

Martín foi outro dos nomes máis antigos da parroquia (de 1615 era o primeiro bautizado) que chegou ó séc. XX despois dunha historia moi irregular, en certo modo semellante á de *Alberto*: tres bautizados no séc. XVII (entre 1615 e 1656), un só no XVIII (1724), outro no XIX (1839) e dous no XX (1977 e 1979). Outro dos nomes que rexorde cal Ave Fénix das súas cinzas, tras 138 anos de hibernación. E rexorde para presentarse con vida ante o séc. XXI con dous mozos que o levarán consigo.

Miguel tamén entrara no séc. XVII, na segunda metade (1662); tivera un bo desenvolvemento nos séculos XVIII (o 10º posto, con 11 baut. e o 2 % dos totais do século) e no XIX (o mesmo 10º posto, con 12 baut. e tamén o 2 % de porcentaxe), para caer nunha profunda crise no XX (só 2 baut.). Con todo, o feito de naceren eses dous bautizados nos anos 1975 e 1989, respectivamente, permítelle entrar no séc. XXI con vida e con forza para o futuro (como acontecera cos dous anteriores, este nome rexurdiu despois de moitos anos practicamente 'morto': exactamente 94 anos).

Benito tamén entrara na parroquia no séc. XVII, pero xa nos anos finais (1697). O seu desenvolvemento foi semellante ó de *Miguel*, pois gozou dun bo ascenso

no séc. XVIII (9 bautizados e o 1,68 % de porcentaxe; estivo no 11º posto), que incrementou no XIX (13 bautizados, o 2,2 % de porcentaxe; subiu ó posto 8º), para caer en picado no séc. XX. En contraste co nome anterior, a este non se lle ven perspectivas de futuro de cara ó séc. XXI, pois o último bautizado é de 1939.

Gráfica 9: Os dez nomes masculinos de maior uso en Galicia en 1980 (homes nacidos antes de 1962)



	orde	nome	nº total en Galicia
	1º.	José	211.646
	2º.	Manuel	139.616
	3º.	Antonio	68.119
	4º.	Ramón	62.540
	5º.	Juan	40.392
	6º.	Luis	39.450
	7º.	Jesús	39.409
	8º.	Francisco	36.409
	9º.	Carlos	20.348

[fonte: elaboración propia a partir dos datos de Kremer (1992) = Ferro Ruibal et alii (1992: 41)].

Outro grupo de cinco nomes entraran na parroquia no séc. XVIII: o primeiro en facelo foi ***Diego*** (1706); tivera outro bautizado en 1781 e pasou "en branco" exactamente 201 anos, ata que en 1982 e 1984 se lles impuxo de novo a dous bautizados. Outro exemplo de resurrección onomástica.

Plácido entrara en 1710 e despois de case 240 anos tivo o seu segundo bautizado (en 1948). O feito de que o terceiro e último bautizado nacera en 1976 permítelle achegarse ó séc. XXI con esperanza de futuro.

Esteban entrara en 1719. Ata 1840 non tivera o segundo bautizado e, 142 anos depois, tivo o terceiro (1982); o cuarto é de 1992. Outros dos nomes que chega vivo ó séc. XXI malia a súa precaria historia.

Joaquín introducírase en 1736, pero non tivera moito éxito; non obstante, atopará no séc. XIX o seu período cume (23 bautizados, o 3,9 % de porcentaxe e o 5º posto clasificatorio); entrou en crise a partir de 1881 e só terá unha leve recuperación en 1927 e 1936; desde aquela non volveu haber outro bautizado con este nome.

Santiago entrara en 1789, cun único bautizado, e desde aquela non volvera haber outro con este nome deica o séc. XX (en 1903). O neno nacido en 1974 permítelle chegar ó séc. XXI con esperanza de futuro.

Outro grupo de catro nomes introducírase no séc. XIX: ***Valentín*** en 1840, ***Modesto*** en 1868, ***Eliseo*** en 1895 e ***Perfecto*** en 1884. Ningún deles parece ter asegurado o futuro no séc. XXI, pois non tiveron bautizados nos últimos anos do século.

Finalmente, un nutrido grupo de 13 nomes tiveron a súa entrada no séc. XX. Cinco no primeiro terzo: ***Crisanto*** e ***Gumersindo*** (1904), ***Primitivo*** (1916), ***Marcelino*** (1919) e ***Celso*** (1925); catro no segundo: ***Campio*** (1940), ***Ernesto*** (1941), ***Roberto*** (1966) e ***Amador*** (1968), e outros catro na fornada máis nova, a do derradeiro terzo: ***Víctor*** (1976), ***Mario*** (1978), ***Sergio*** (1986) e ***Iván*** (1987).

No posto 13º, o derradeiro, con un único bautizado, compóñeno o grupo máis numeroso de nomes: 56 en total.

Neste nutrido grupo hai nomes dos máis antigos da parroquia, que levan estando presentes nela cerca de 400 anos, e hai nomes de moi recente introdución (dos últimos anos do séc. XX). Entre os nomes máis antigos, un grupo de nove xa se introduciran na parroquia no séc. XVII.

Deste xeito, ***Alfonso*** (o bautizado é de 1953) xa estaba presente na freguesía –aínda que coa forma *Alonso*- desde 1610; o séc. XVII fora o do seu máximo desenvolvemento (ocupou a 4º lugar, con 11 bautizados, o 6,7 % de porcentaxe), para entrar despois nunha rotunda decadencia: só un bautizado en 1747 anterior a este de 1953.

Sorprende que ***Antonio***, outro dos nomes máis antigos (entrara en 1617) e de maior uso na parroquia ó longo da historia, só tivese un bautizado no séc. XX (1938). No séc. XVII ocupaba o 6º lugar (9 bautizados, 5,5 % de porcentaxe), no XVIII o 8º

(20 bautizados, 3,75 % de porcentaxe) e a partir de 1889 desapareceu por completo deica 1938; polo tanto, desde hai máis de 60 anos non volveu bautizarse na freguesía outro neno co nome deste popular santo do mundo rural galego. É de esperar que no séc. XXI se produza a resurrección do nome.

Vicente entrara en 1650; tivera un desenvolvemento apreciable nos séculos XVIII (10º posto) e XIX (7º posto, con 16 bautizados e 2,7 % de porcentaxe) e, inexplicablemente, desaparece a partir de 1871. Só intentou 'revivir' en 1923 co único bautizado do séc. XX; polo tanto, levamos máis de 75 anos sen que se volvese bautizar outro neno con este nome.

Marcos entrara en 1661, pero a súa presenza foi testemuñal en cada centuria: 3 bautizados no séc. XVIII, un no XIX e outro no XX (1920). Leva máis de 80 anos inédito.

Luis tamén mantivo unha presenza testemuñal en cada centuria, como o nome anterior: entrou en 1693, tivo 6 bautizados no séc. XVIII (a súa cota máxima), dous no XIX e un no XX. Este último naceu en 1969, o que favorece a continuidade do nome.

Tomás, que entrara o mesmo ano que *Luis*, en 1693, presenta unha evolución calcada deste nome: 8 bautizados no séc. XVIII (a súa cota máxima), un no XIX e outro no XX. Este último naceu en 1979, o que favorece o continuidade do nome no séc. XXI.

Pablo entrou en 1694 –coa forma galega *Paulo-*, e tamén a súa evolución foi semellante á dos dous nomes anteriores, aínda que a súa presenza foi máis que testemuñal no séculos XVIII e XIX (nos que contou con 13 bautizados en cada un). A decadencia produciuse coa entrada no séc. XX, pois houbo un lapso de 95 anos (de 1891 a 1986) sen que se bautizase ningún neno con este nome. O feito de que este último bautizado nacese a finais da centuria favorece a súa continuidade de cara ó séc. XXI.

Ciprián, que entrara en 1696, tardou 270 anos en ter o segundo bautizado (en 1965, coa forma *Cipriano*).

Agustín entrara no 1700; tivera un bautizado no séc. XVIII, tres no XIX e o do XX fora dos primeiros anos (1908); desde aquela non houbera outro.

Un segundo grupo de nomes antigos tiveran a súa entrada no séc. XVIII; foron estes ***Félix***, ***Adrián***, ***Fernando***, ***Carlos***, ***Rodrigo***, ***Paulino*** e ***Eusebio***.

Un terceiro grupo de nomes introducidos no séc. XIX: ***Victorio***, ***Luciano*** e ***Máximo*** no segundo terzo; ***Casimiro*** e ***Constantino*** no terceiro.

Un cuarto grupo, moi amplo, confórmano un total de 31 nomes introducidos no séc. XX. Oito no primeiro terzo do século: ***Rufino*** (1901), ***Baldomero*** (1906), ***Atilio*** (1920), ***Generoso*** (1922), ***Armando*** (1923), ***Serafín*** (1926), ***Secundino*** (1928) e ***Fermín*** (1932). Once do segundo terzo: ***Valeriano*** (1936), ***Ildefonso*** e ***Teófilo*** (1937), ***Jaime*** (1941), ***Segundo*** (1944), ***Electo*** (1946), ***Alfredo*** (1948),

Oscar (1950), ***Demetrio*** (1952), ***Bonifacio*** (1954) e ***Genís*** (1966). Finalmente, trece do terceiro terzo: ***Bruno*** (1976), ***Javier*** (1977), ***Fidel*** (1978), ***Wenceslao*** (1981), ***Maico*** (1982), ***Nelson*** (1983), ***Silvio*** (1985), ***Rubén*** (1989), ***Jairo*** (1992), ***Fabián*** (1993), ***Yonatán*** (1999) e ***Raúl*** e ***Yerai*** (2000).

É lóxico pensar que os do derradeiro terzo sexan en boa medida os nomes do futuro onomástico da parroquia berdoiesa xunto cos tradicionais que chegaron con vida ó comezo do séc. XXI (*José*, *Manuel*, *Jesús*, *Francisco*, *Andrés*, *Enrique*, *Celestino*, *Ricardo*, etc.). Malia que neste século houbo nomes innovadores e nada comúns –coma ese *Atilio* de 1920, o *Electo* de 1946 ou o *Genís* de 1966-, non cabe dúbida de que os do último terzo entraron sen medo para darlle unha renovación completa á onomástica berdoiesa; o tempo dirá se o lograrán ou non. Algúns deles son nomes máis ou menos tradicionais (*Javier*, *Fidel*, *Raúl*...), pero noutros vese a influencia clara do mundo da emigración noutros lugares de España ou de Europa (*Maico*, *Nelson*, *Jairo*, *Yonatán* e *Yerai*). O que si é de lamentar é a total ausencia de nomes galegos, e iso que se contaba coa favorable acollida do párroco dos últimos anos, de clara sensibilidade galeguista (unicamente temos que saudar catro *Campios*).

LEMA OLD

7. A 'VIDA' DOCUMENTADA DOS NOMES MASCULINOS BERDOIESES: DOS MÁIS ANTIGOS ÓS MÁIS RECENTES

A vida dos nomes é só en parte parecida ó dos homes. Hai nomes que nacen e viven máis ou menos tempo, pero non se pode asegurar con rotundidade que morren. Por iso dicimos o de *en parte*, pois na historia onomástica de Berdoias houbo nomes que parecía que estaban definitivamente desaparecidos, mortos e enterrados, e resulta que resucitaron despois de noventa, cen ou mesmo douscentos anos de hibernación. A diferencia coa vida humana, en onomástica é posible a 'resurrección'. Quizais no canto de falarmos de *morte* onomástica teremos que falar mellor de longa 'enfermidade' ou de sono ou letargo prolongado.

Convidamos a dar unha ollada á ***Gráfica 10*** da páxina 127 ("A 'vida' documentada dos 52 nomes masculinos de máis uso [NP + NS] de Berdoias [1607-2000]") para que nos fagamos unha idea do tempo que levan ou levaron na freguesía os 52 nomes de máis uso ó longo da historia, para o que incluímos tanto os NP coma os NS, pois a 'vida' do nome puido transcorrer por unha vía principal ou por un vieiro secundario. Este cadro compleméntase cos ***Cadros 11*** ("Eixe cronolóxico coas datas de introdución dos 52 NP masculinos de máis uso de Berdoias") e ***12*** ("Data de nacemento dos últimos bautizados dos 52 NP masculinos de máis uso de Berdoias") das páxinas 128 e 129, respectivamente.

Nestes cadros cómpre termos sempre presente o número de bautizados de cada nome, pois non é o mesmo unha presenza intensísima de 326 bautizados (*José*), de 283 (*Manuel*) ou de 177 (*Antonio*), que unha mediana alta de 85 (*Domingo*) ou 71 (*Pedro*), unha mediana baixa de 34 (*Simón*) ou 23 (*Celestino*), que outra simplemente testemuñal, como as de *Jacobo*, *Fernando* e *Carlos* (10) e xa non digamos as de *Lorenzo* e *David* (5). Así e todo, o feito de ter escasos bautizados non quere dicir que o nome non permaneza vivo durante tempo prolongado se estes están repartidos, como foi o caso de *Martín*, de *Marcos* ou de *Agustín*.

Gráfica 10: A 'VIDA' DOCUMENTADA DOS 52 NOMES MASCULINOS DE MÁIS USO [NP+NS] DE BERDOIAS (1607-2000).



Cadro 11: Eixe cronolóxico coa data de introdución dos 52 NP masculinos de máis uso (Berdoias, 1607-2000)

Nome e data	Década
Alonso, Juan (1607) Pedro (1608) Alberto (1610)	1601-1610
Domingo, Gregorio (1614) Martín (1615) Cristovo (1617)	1611-1620
	1621-1630
Antonio (1637) Andrés (1638)	1631-1640
Francisco (1642)	1641-1650
Vicente (1651) Bernabé, Simón (1656)	1651-1660
Marcos (1661) Ángel, Lorenzo (1664) Bartolomé, Felipe (1665) José (1670)	1661-1670
	1671-1680
	1681-1690
Luis, Tomás (1693) Ignacio, Pablo, Rafael (1694) Benito (1697) Matías (1698) Agustín, Salvador (1700)	1691-1700
Bernardo, Jacobo, Silvestre (1710)	1701-1710
Caetano (1712) Esteban (1719)	1711-1720
Fernando (1723) Carlos (1729) Manuel (1730)	1721-1730
Joaquín (1736)	1731-1740
	1741-1750
	1751-1760
	1761-1770
	1771-1780
	1781-1790
Fructuoso (1792)	1791-1800
	1801-1810
	1811-1820
	1821-1830
	1831-1840
	1841-1850
	1851-1860
Jesús (1866)	1861-1870
Faustino (1872) Daniel, Evaristo, Ricardo (1879)	1871-1880
Perfecto (1884) Celestino (1886)	1881-1890
Aurelio (1893)	1891-1900
Eduardo (1902)	1901-1910
Enrique (1911)	1911-1920
Alejandro (1915)	1921-1930
	1931-1940
David (1943)	1941-1950
	1951-1960
	1961-1970
	1971-1980
	1981-1990
	1991-2000

Cadro 12: Data de nacemento dos últimos bautizados dos 52 NP masculinos de máis uso (Berdoias, 1607-2000)

Nome e ano	Década
	1601-1610
	1611-1620
	1621-1630
	1631-1640
	1641-1650
	1651-1660
	1661-1670
	1671-1680
	1681-1690
	1691-1700
	1701-1710
	1711-1720
Bartolomé (1729)	1721-1730
	1731-1740
Lorenzo (1746)	1741-1750
Julián (1754)	1751-1760
	1761-1770
Cristóbal (1771) Caetano (1775) Ignacio (1776)	1771-1780
Bernabé (1790)	1781-1790
Felipe (1795)	1791-1800
Matías, Salvador (1806)	1801-1810
Roque (1816)	1811-1820
	1821-1830
	1831-1840
Simón (1844) Gregorio (1846) Silvestre (1847) Rafael (1850)	1841-1850
	1851-1860
Bernardo (1863) Domingo (1870)	1861-1870
Jacobo (1876)	1871-1880
Fernando (1885)	1881-1890
	1891-1900
Agustín (1906)	1901-1910
Marcos (1920)	1911-1920
Vicente (1923) Fructuoso (1929)	1921-1930
Evaristo (1935) Joaquín, Valentín (1936) Antonio (1938) Benito, Pedro (1939)	1931-1940
Perfecto (1943) Faustino (1948) Aurelio (1949)	1941-1950
Alfonso (1953) Cándido, Eulogio (1956) Andrés (1957) Ricardo (1960)	1951-1960
Eduardo (1961) Alejandro (1963) Ramón (1967) Luis (1969)	1961-1970
Enrique (1973) Julio, Martín (1978) Tomás (1979) Celestino (1980)	1971-1980
Francisco (1982) Diego (1984) Alberto (1985) David, Pablo (1986) Miguel (1989)	1981-1990
Esteban, Juan (1992) José (1993) Jesús (1994) Ángel (1998) Daniel, Manuel (2000)	1991-2000

Postos a establecermos semellanzas entre a vida dos nomes e a dos humanos, observamos na ***Gráfica 10*** (páx. 127) os catro nomes que parecen ser os máis antigos da freguesía: *Juan*, *Pedro*, *Alonso* e *Alberto*.

Salta á vista a distinta evolución vital que tiveron uns e outros. Deste xeito, o único nome que chegou 'vivo' á meta do ano 2000 sen aparentes contratempos, cunha continuidade apenas interrompida, foi ***Juan***, a quen consideraremos, facendo un atrevido símil mitolóxico bíblico, o 'matusalén' dos nomes berdoieses. Considerando que este nome xa existía en Berdoias no séc. XVI, podemos dicir que o collemos ó inicio do XVII "medradiño" e con excelente saúde, tivo unha mocidade e/ou madurez envexables (os séculos XVII e XVIII, nos que acadou a cota máxima de "popularidade"), para logo iniciar a curva descendente cara á vellez coa entrada do séc. XIX, coa perda progresiva desa "popularidade" da que antes falabamos; na vellez leva ben arredor duns douscentos anos –os séculos XIX e XX-, pero trátase dunha vellez pausada e tranquila, coas forzas algo debilitadas (a perda notable de bautizados), sen que se albisque para nada unha doenza grave e menos o fantasma da morte. Leva 400 anos de existencia documentada e semella que non terá maiores problemas para sobrevivir no séc. XXI, unha vez que aínda tivo un bautizado en 1992.

Pedro, aínda que non coa forza e vitalidade de *Juan*, presenta unha evolución bastante semellante. A principios do séc. XVII atopámolo xa cunha infancia avanzada, e terá unha mocidade (o séc. XVII) de crecemento lento e moderado (11 bautizados), para despois gozar dunha segunda mocidade ou xa primeira madurez bastante exitosa, cunha notoria cota de popularidade (especialmente no século XVIII); na segunda madurez (séc. XIX) baixa en popularidade e acabará caendo nunha repentina vellez coa entrada do século XX, no que entrou nunha longa enfermidade que o ten prostrado desde 1939. Tivo, de momento, unha prolongada existencia cercana ós 345 anos; agardemos que se recupere no séc. XXI do letargo de 60 anos no que agora se atopa.

Os dous seguintes nomes máis antigos, ***Alonso*** e ***Alberto***, tiveron unha traxectoria vital case paralela. Os dous xa naceran e estaban medianamente crecidos a principios do séc. XVII; este século significou unha xuventude moi breve de relativa popularidade (11 bautizados), que se veu truncada a principios do século seguinte. Semellaba que os nomes morreran en plena mocidade, pero polo visto tanto un coma o outro caeron nunha longa enfermidade ou letargo de arredor de dous séculos e medio: *Alonso* "acordou" do seu sono en 1953, probando sorte, sen excesivo éxito, cunha forma "máis moderna" (*Alfonso*), para caer de novo nun sono do que aínda non espertou; *Alberto* espertou –mellor habería que dicir que "resucitou" porque o seu letargo foi de 300 anos- ó fío da entrada no séc. XXI, en 1985, e iso permitiulle tomar alento no último momento para entrar con vida na nova centuria.

Outro grupo de nomes teñen documentada a súa entrada uns anos despois – entre 1614 e 1617- destoutro que acabamos de comentar, pero seguramente tamén existían no séc. XVI coma o grupo anterior.

Deles, ***Domingo*** parece que gozou dunha mocidade feliz (séc. XVII: 18 bautizados como NP, o 2º posto clasificatorio) e mellor madurez (42 bautizados NP, o 3º posto); o séc. XIX significou unha vellez doce (15 bautizados NP, o 8º posto), ata que entrou nun "coma profundo" na segunda metade desta centuria (tivo unha existencia duns 270 anos). É de esperar que no séc. XXI supere esta circunstancia e se recupere este nome tan histórico da freguesía.

A evolución de ***Gregorio*** é como se fose a dunha persoa que caeu enferma na infancia cunha convalecencia prolongada (de máis de 125 anos), para espertar xa en plena madurez (período que lle durou 150 anos); volveu caer nun longo letargo desde mediados do séc. XIX, do que aínda non espertou. De momento, tivo unha existencia de 232 anos, interrompida por un lapso de 125 de profundo sono.

Martín semella a evolución dunha persoa enfermiza, con altos e baixos (véxase *Gráfica 10*); recuperouse nos últimos anos do séc. XX.

Antonio é outro dos nomes máis antigos e lonxevos (383 anos de existencia) que, non obstante, leva consigo unha profunda crise no séc. XX.

Cristovo presenta o perfil dun neno enfermizo que non logrou superar a mocidade polos seus sucesivos achaques; nada se sabe del desde mediados do séc. XVIII.

Andrés e ***Francisco*** "naceron" no segundo terzo do séc. XVII e foron outros dos nomes que se mantiveron, cos seus altibaixos, sen maiores problemas, chegando nunha relaxada "vellez" ós albores do séc. XXI. Levan ás costas uns 360 anos de existencia.

Vicente e ***Simón*** "naceron" a mediados do séc. XVII, tendo os dous uns primeiros anos moi dificultosos que case os leva a desaparecer. O primeiro recuperouse para despois levar una existencia "normal" durante uns 225 anos (de 1700 a 1923), pero o segundo continuou cos seus altos e baixos ata gozar dunha breve "primavera" de pouco máis de 50 anos na primeira metade séc. XIX; foi o seu canto do cisne, pois logo dela, desapareceu.

No segundo terzo do séc. XVII introdúcense varios nomes: *Marcos* (1661), *Miguel* (1662), *Ángel* e *Lorenzo* (1664), *Bartolomé* e *Felipe* (1665). A evolución de ***Marcos***, ***Lorenzo*** e ***Bartolomé*** –e mesmo a de ***Felipe***- foron semellantes, pois tiveron unha vida máis ben breve (con algún intento de recuperación posterior). ***Miguel*** e ***Ángel***, malia a dificultosa "infancia" gozaron dunha mocidade e/ou madurez prolongada (uns 125 anos) para caeren na somnolencia a mediados do séc. XIX, longo letargo dun cento de anos do que parece que están saíndo nos últimos anos do séc. XX.

José 'naceu' en 1670 e tivera –contra o que se puidese pensar- unha infancia nada doada, 'enfermiza' e lenta, coas súas dificultades (de máis ou menos 70 anos: de 1670 a 1740). Non obstante, a partir das 'vitaminas' que recibiu a partir de 1740 entrou nunha 'eterna xuventude' chea de éxitos cada vez maiores, pois comandou o primeiro posto da clasificación nos séculos XIX e XX; só nos últimos anos do séc. XX, a partir da segunda metade, pareceu acusar o cansazo e o esgotamento por tanta popularidade, e desde mediados desta centuria iniciou unha curva descendente cara á vellez, pero unha curva de pendente ben suave, pois o 'vello' aínda se mantén ben rufo e con forzas (en 1993 tivo o seu último bautizado). Leva este nome, logo, uns 330 anos de existencia na parroquia.

Un numeroso grupo de nove nomes introducíronse na última década do séc. XVII. Deles, ***Ignacio*** e ***Matías*** tiveron unha existencia paralela, pois a súa vida foi máis ou menos de 125 anos como máximo (o séc. XVIII basicamente), máis ou menos como a de ***Luis***, aínda que este tivo unha 'resurrección' posterior no segundo terzo do séc. XX.

Tomás, ***Pablo*** e ***Rafael*** fóronse mantendo con vida entre 175 e 200 anos (de 1700 a 1875 ou 1900); despois desapareceron, pero mentres os dous primeiros parece que reviven a finais do séc. XX, o terceiro aínda non saíu do letargo.

As curtas 'vidas' de ***Agustín*** e **Salvador** coméntanse por si mesmas, polas extremas dificultades vitais que os levaron moi axiña á desaparición.

Tampouco se pode dicir que tivesen moito éxito os nomes introducidos nas dúas ou tres primeiras décadas do séc. XVIII: ***Bernardo***, ***Silvestre***, ***Fernando*** e ***Jacobo*** (os tres primeiros con certas dificultades iniciais) aínda se mantiveron arredor de 150 anos (ata finais do segundo terzo do séc. XIX), para despois desapareceren por completo. ***Caetano*** semella que morreu na súa infancia ou primeira mocidade no mesmo séc. XVIII no que nacera.

Dos tres nomes 'nacidos' a finais do primeiro terzo do séc. XVIII e a principios do segundo, ***Manuel*** (1730) sería o que gozaría dunha vida máis 'regalada', semellante nalgúns aspectos á de *José*. O seu nacemento foi un resultado dun 'parto' difícil, pois os prexuízos relixiosos impediron durante anos –quizabes séculos- o emprego como nome de persoa dun dos nomes de Cristo. Superados os prexuízos –na data antes citada- o seu ascenso foi meteórico a partir da súa introdución na onomástica berdoiesa, pois empezou a subir desde a primeira infancia (non tivo as dificultades iniciais de *José*). Así gozou dunha longa 'primavera' de máis de 200 anos inzada de éxitos, pois leva ocupando a 2ª praza clasificatoria ó longo dos séculos XIX e XX (no séc. XVIII, o do seu nacemento, xa se colocara na 7ª praza). Esta primavera vital durou ata mediados do séc. XX, pois empezou a acusar o cansazo 25 anos antes que *José* e iniciou un camiño inexorable cara á vellez; malia ser a súa curva descendente máis acusada que a de *José*, o certo é que o nome non corre perigo ningún e goza de boa saúde á entrada do séc. XXI, pois no mesmo ano 2000 viu bautizar un neno con el.

Joaquín ('nacido' en 1736) gozou dunha vida sen sobresaltos maiores durante case 200 anos (deica 1936); agora leva uns 60 anos desaparecido.

Carlos ('nacido' en 1729), tivo unha vida sen dificultades maiores durante 75 anos ou máis e despois entrou nun letargo duns 175 anos (espertou a última hora en 1993).

De ***Ramón*** podemos dicir que naceu con moito medo (quen o ía dicir, cando precisamente o santo era protector dos nenos no momento en que nacen), pois primeiro tentou entrar por unha porta secundaria (como NS, en 1754), para probar se era aceptado. Tardou 26 anos en 'atreverse' a entrar pola porta principal (de 1780 foi o primeiro bautizado que o tivo de NP). Como a *Gráfica 10* xunta os NP e os NS, digamos que o nome iniciou a mediados do séc. XVIII unha existencia exitosa e ininterrompida de máis de 275 anos (de 1754 a 1971), levando unicamente un lapso de 30 anos a finais do séc. XX.

Fructuoso, un nome nacido no segundo terzo do XVIII, tivo dous curtos períodos de vida: a segunda metade do XVIII e a primeira do XX.

Despois deste nome prodúcese un corte bastante profundo, pois ata un cento de anos despois non xorde outro que lograra popularizarse. Temos que agardar ata finais do segundo terzo do séc. XIX para atoparmos unha serie de nomes que conseguiron un número importante de bautizados que lles outorgasen permiso para entraren nesta listaxe dos 52 nomes de máis uso.

O primeiro e máis importante destes nomes do segundo terzo do XIX foi o de ***Jesús***, quizais o último que entrou a través dos tradicionais e seculares condutos relixiosos. O seu 'nacemento' na parroquia tivo lugar en 1866 nun "parto" difícil, pois quizais houbo que se enfrontar a certos prexuízos (¿fundamentalistas?) relixiosos: os que daquela consideraban irreverente a utilización dun dos nomes de Cristo para uso dos mortais. Lembremos que *Manuel* abrira unha porta rompendo o xeo 136 anos antes. O nome de *Jesús* tivo unha 'infancia' de rápido crecemento, pois abondáronlle os 34 anos finais do séc. XIX para colocarse no 13º lugar dos nomes de maior uso desta centuria, a escasa distancia de nomes de tan longa traxectoria como *Antonio*, *Miguel*, *Juan*, *Pablo*, *Benito* ou *Domingo*. A primeira metade do séc. XX foi para el a súa espléndida 'mocidade' respecto do seu uso, para entrar nunha madurez pausada na segunda metade; á entrada do séc. XXI goza de boa saúde e a vellez aínda debe esperar, pois o seu último bautizado aínda naceu en 1994.

No derradeiro terzo do séc. XIX e nas dúas primeiras décadas do XX entra na parroquia unha boa fornada de nomes novos que nos atrevemos a asegurar que xa non entraron polos condutos tradicionais e seculares, os relixiosos, dos que o principal e case único era o santoral. Aínda que non hai ningún que non teña a súa orixe nun santo, o certo é que teñen un certo aire de exotismo que fai pensar que ben puideran entrar na parroquia como consecuencia da emigración galega á América, que empezara a xeneralizarse na segunda metade do séc. XIX. Entre 1870 e

1925 introducíronse na freguesía nada máis nin nada menos que 33 nomes novos e esta forte corrente renovadora da onomástica por forza ten que ter unha explicación externa á propia parroquia: eran nomes que seguramente se empezaron a poñer de moda en Galicia ó longo destes cincuenta anos, un dos períodos álxicos do éxodo galego a Cuba, Arxentina ou ó Uruguai.

Máis de dous terzos destes 33 nomes novos non tiveron case ningún éxito – quedaron en cifras testemuñais-, pero o outro terzo restante si o logrou (10 nomes en total: ***Faustino***, ***Ricardo***, ***Daniel***, ***Evaristo***, ***Perfecto***, ***Celestino***, ***Aurelio***, ***Eduardo***, ***Enrique*** e ***Alejandro***); foron nomes que recibiron certa aceptación e que se viron popularizados ó longo do séc. XX –especialmente grazas a algúns padriños que o levaron-, chegando nalgún caso ás portas do séc. XXI con vida e forza. De todos, o de *Celestino* foi o de maior éxito (23 bautizados en cen anos).

Máis tardiamente entrou o nome de ***David*** (en 1931 de NS, en 1943 de NP), que tamén se podería incluír dentro deste grupo.

8. As innovacións onomásticas de cada século: causas da introdución de novos nomes

Indubidablemente, a onomástica berdoiesa non se mantivo estática ó longo de tanto tempo, pois foise renovando de centuria en centuria. Deste xeito, os trece nomes masculinos que só parecía haber na freguesía na primeira metade do séc. XVII, convertéronse en 39 ó rematar a centuria: na segunda metade incorporáronse nada menos que 26 novos nomes.

Mentres algúns destes foron desaparecendo coa entrada do séc. XVIII, ou antes, nesta nova centuria enriqueceríase a onomástica parroquial con 41 nomes máis. O mesmo proceso se deu coa entrada do séc. XIX, que significou a incorporación de 23 nomes, en tanto que foron desaparecendo ou entrando nun profundo letargo nomes seiscentistas ou setecentistas. O século XX foi o que quixo ser máis innovador, pois incorporou a alta cifra de 57 novos nomes, ben distribuídos ó longo de practicamente toda a centuria.

En principio, á pregunta que se nos pode formular de quen foron os principais axentes das innovacións onomásticas, teriamos que contestar que, polo menos nos primeiros 275 anos (séculos XVII, XVIII e os dous primeiros terzos do XIX) non foron nin os pais nin os padriños do bautizado (a non ser que eses padriños fosen eclesiásticos), seguramente porque uns e outros non dispoñían de moita información sobre este tema: unha poboación case enteiramente analfabeta malamente podería acceder a lecturas capaces de inspirar novos nomes (santorais, etc.); a pouca información de fóra da parroquia recibiríase por vía oral, e nas parroquias da redonda era tan escasa coma na propia.

Polo que puidemos observar na nosa investigación, os principais **axentes introdutores** de novos nomes nas tres primeiras centurias foron, como era de esperar, os cregos: xa os propios párrocos (os menos), xa os vicerreitores e aínda algún que outro crego patrimonialista (ó cargo dunha capelanía de devoción familiar); mesmo os escasos estudantes de teoloxía en Santiago aparecen en non poucas ocasións introducindo novos nomes. Concretando: os principais axentes da innovación onomástica foron, sen dúbida, **os cregos** nos que delegaba o párroco as cerimonias bautismais.

Estes presbíteros estaban ó tanto do santoral e das festas onomásticas de cada santo, tanto dos de sempre, os tradicionais, como dos que levaban poucos anos canonizados. Algúns mesmo estaban ó tanto das festas secundarias.

Con isto xa adiantamos que a causa máis clara para a introdución dun novo nome foi nas tres primeiras centurias a coincidencia do nacemento e/ou bautismo dun neno coa **festa onomástica** dalgún santo. Como ata ben entrado o séc.XX era obrigatorio celebrar o bautismo o máis axiña posible –na maior parte dos casos ó día seguinte do nacemento, polo medo que había a que o infante morrese sen bautizar-, unha e outra data practicamente coincidían.

Temos a proba documental disto en presbíteros que foron padriños, como Bartholomé de Leis, introdutor do nome de Jacobo (1710), Francisco de Leis, introdutor do nome de Manuel (1730), Juan Francisco Liñares, introdutor do nome de Ramón (como NS), en 1754, etc., etc. (por falarmos só dos nomes de máis uso). Os estudos teolóxicos proporcionan unha sabencia especial a estes padriños eclesiásticos: Bartholomé de Leis introducira o nome de *Luis* (1693) cando aínda era estudante. Este Bartholomé de Leis, xa presbítero, sería o padriño dun neno que recibiu en 1704 o rimbombante nome de *Juan Chrisóstomo*; a introdución deste nome composto sería de difícil explicación con calquera outro padriño, pero este crego estaba ó tanto das festas onomásticas do santoral, pois a suxestión do nome veu claramente pola proximidade do día do bautismo (28 de xaneiro) coa festa do santo do día anterior (que fora o día do nacemento, por outra parte).

Por outra banda, sospeitamos con bastante fundamento que en case todos os nomes que entraron como 'nomes de día' estiveron os presbíteros oficiantes da cerimonia bautismal por atrás, proporcionando unha cumprida información ós pais ou ós padriños indecisos á hora de escolleren un novo nome (vese claramente en *Bernardo, Mathías, Thomás, Philipe, Ignacio, Silvestre*, etc.).

Os padriños e madriñas pasan por ser os máximos **propagadores** dos nomes, pero non os seus introdutores. Con todo, hai as súas excepcións, especialmente cando se trata de padriños e madriñas da clase considerada alta, á que se lle supón certa formación ou información algo superior á media (coas limitacións culturais que nos séculos XVII e XVIII, sobre todo, tiñan os fidalgos rurais). Así, o nome de *Vinçente* foi introducido en 1650 polo fidalgo D. García Lois de Lema; o de *Simón* en 1656 polo seu sobriño Martín de Castiñeira o Mozo (fillo do fidalgo Martiño de Castiñeira); o de *Jesús* (1866) debeu ser cousa dunha señora madriña que levaba o distintivo de "dona" diante do nome: Dna Concha de Leis (de Berdeogas).

A conxunción das dúas causas –padriños estudantes ou eclesiásticos e ó mesmo tempo membros da fidalguía como introdutores de nomes- deuse de forma paradigmática nos fillos e fillas do fidalgo Rodrigo Sancho de Leis. Case todos estes padriños e madriñas parecen ter especial interese en introduciren os nomes –especialmente de NS (porque de NP adóitanse reservar os nomes de 'liñaxe')- pola proximidade bo bautismo coa festa onomástica dalgún santo ou santa non moi habituais. Así, o seu segundo fillo, Antonio Bartholomé *Luis* (1752) recibiu o seu terceiro nome por bautizarse o 25 de agosto (día de san Lois) [doc. 53]. Rodrigo Joseph Pedro *Silvestre* (1754), fillo terceiro, recibiu o seu cuarto nome por nacer o derradeiro día do ano (día de san Silvestre); o seu padriño, un tío cóengo en Santiago [doc. 54]. Luis Vizente *Theodoro* (1758), recibiu o seu terceiro nome por bautizarse dous días antes da festa de san Teodoro (12 de novembro) [doc. 59]. A introdución do nome segundo de Bernardo *Cándido* (1761), sexto fillo do citado D. Rodrigo de Leis, non foi pola onomástica, pero deuse a casualidade de que o padriño da criatura,

o seu curmán Bernardo Valdivieso, estudante (doc. 61), algunha querenza especial debía ter polo nome, pois tamén llo impuxera dous anos antes a outro afillado de NS. Este padriño estudante de filosofía debía estar moi ó día nas novidades do santoral, pois o summum da súa vocación innovadora no eido da onomástica acadárao uns anos antes –o 22 de maio de 1756-, ó apadriñar o cuarto fillo do seu tío D. Rodrigo, ó que impuxo o rimbombante nome de *Juan Nepomuceno Bernardo* (doc. 57); a modernidade do nome era evidente, pois san Xoán Nepomuceno de Praga apenas levaba 30 anos canonizado, e cabe pensar que este "estudiante filósopho" era o bastante espilido para rebuscar no santoral un santo do que poucos haberían de ter coñecemento na época.

Este panorama cambia totalmente no derradero terzo do séc. XIX e ó longo de todo o XX. A vaga de nomes que entraron nestes últimos 125 anos non parece seguir as pautas introdutorias observadas ata aquel momento: a meirande parte dos nomes xa non entran co adaxo de coincidir o nacemento e/ou o bautismo –cada vez máis distanciados no tempo un e outro- cunha festa onomástica, nin parece que por detrás estea a información dun crego. Sospeitamos que a partir de 1870, máis ou menos, os novos nomes introdúcenos pais e padriños –ou padriños e pais, non sabemos en qué orde- polo simple feito de que os escoitaron por algures e gustoulles. O mundo da emigración como fonte de inspiración está presente: nas últimas décadas do XIX e primeiras do XX, a emigración americana, nas derradeiras décadas do XX, a europea.

Cadro 13: A renovación onomástica século a século.
Data de entrada dos novos NPm de cada centuria

Séc. XVII		Séc. XVIII		Séc. XIX		Séc. XX	
data	**nome novo**	**data**	**nome novo**	**data**	**nome novo**	**data**	**nome novo**
1601		**1701**	Félix, Xorxe	**1801**		**1901**	Rufino
		1703	Quirino			1902	Eduardo
1607	Alonso, Juan	1704	Julián			1904	Crisanto, Julio, Gumersindo
1608	Pedro	1705	Ambrosio			1906	Baldomero
1610	Alberto	1706	Diego, Patricio, Theodoro			1907	Cesáreo
		1708	Adriano, Amaro/Mauro, Raimundo			1911	Enrique
		1710	Basilio, Bernardo, Jacobo, Plácido, Silbestre			1912	Cándido, Eulogio
1614	Domingo, Gregorio	1711	Lucas			1915	Alejandro
1615	Martín	1712	Caetano			1916	Primitivo
1617	Christovo	1714	Balthasar			1917	Severino
		1719	Estebo			1919	Marcelino
						1920	Atilio
	[sen partidas de 1618 a 1628]					1922	Generoso
		1723	Fernando, Matheo			1923	Armando, Toribio
1625		**1725**		**1825**		**1925**	Celso
		1728	Jacinto			1926	Serafín
		1729	Carlos			1928	Secundino
		1730	Manuel			1932	Fermín
						1936	Valeriano
		1735	Alejo(s), Blas, Nicolás			1937	Ildefonso, Teófilo
1637	Antonio	1736	Joachin	1838	Victorio		
1638	Andrés	1740	Melchor	1840	Cornelio, Luciano, Valentín	1940	Campio
1642	Francisco, Sancho	1742	Florencio			1941	Ernesto, Jaime
						1943	David
						1944	Segundo
						1946	Electo
						1948	Alfredo, Feliciano
1650	Vinçente	**1750**		**1850**		**1950**	Oscar
						1952	Demetrio
		1754	Rodrigo			1954	Bonifacio
1655	Roque	1756	Fructo				
1656	Bernabé, Rosendo, Simón	1757	Gabriel				
		1759	Bonaventura, Paulino				
1661	Marcos			1861	Mariano		
1662	Miguel	1763	Eusebio				
1664	Ángel, Bentura, Lorenço	1766	Sebastián	1866	Jesús	1966	Genís, Roberto
1665	Bartholomé, Philipe			1868	Modesto	1968	Amador
1667	Guillelmo						
1670	Joseph			1871	Casamiro, Cecilio		
				1872	Faustino, Justo		
1675		**1775**		**1875**		**1976**	Bruno, Víctor
				1878	Federico	1977	Javier
	[sen partidas de 1670 a 1692]	1780	Ramón	1879	Daniel, Evaristo, Ricardo	1978	Fidel, Mario
						1981	Wenceslao
				1884	Perfecto	1982	Maico
				1886	Avelino, Celestino	1983	Nelson
						1984	Cristián
		1789	Santiago			1985	Silvio
1692	Ignacio, Isidoro					1986	Sergio
1693	Luís, Thimoteo, Thomas	1792	Frutuoso	1892	Constantino	1987	Iván
1694	Pablo, Raphael			1893	Aurelio	1989	Rubén
1696	Ciprián			1895	Eliseo	1992	Jairo
1697	Benito					1993	Fabián
1698	Mathías					1997	Joel
1699	Clemente			1899	Amadeo, Máximo	1999	Yonatán
1700	Agustín, Salbador	1800		1900		2000	Raúl, Yerai
total	*39 nomes*	**total**	*41 novos nomes*	**total**	*23 novos nomes*	**total**	*58 novos nomes*

8.1) Os nomes introducidos no séc. XVII

O ***Cadro 13*** da páxina anterior ('A renovación onomástica século a século. Data de entrada dos novos NPm de cada centuria') proporciónanos unha visión clara dos novos nomes principais masculinos de cada centuria, así como a data da súa introdución. Teremos presente este cadro en todo este apartado.

Observamos na primeira columna os nomes correspondentes ó séc. XVII, xunto coas datas da súa (aparente) introdución. Digo o de 'aparente' porque, por non dispoñermos de documentación do séc. XVI, malamente se pode saber se o nome xa estaba introducido na parroquia ou non.

Non obstante, o ***Cadro 14*** ('Causas da introdución dos NPm no séc. XVII')- que amoso a continuación- pode proporcionarnos algunha información máis diáfana tocante ós nomes que xa viñan legados do séc. XVI e os que se verdadeiramente se introduciron no XVII.

Cadro 14: Causas da introdución dos NPm no séc. XVII

Séc. XVII				
data	< nome pais	< nome padriños	festa onomástica	causas descoñecidas
1607		Alonso		Juan
1608				Pedro
1610				Alberto
1614		Domingo Gregorio		
1615				Martín
1617	Christovo			
1637				Antonio
1638				Andrés
1642		Sancho		Francisco
1650			Vinçente	
1655			Roque	
1656			Bernabé Rosendo Simón	
1661				Marcos
1662			Miguel	
1664			Bentura Lorenço	Ángel
1665				Bartholomé Philipe
1670			Joseph	
1692			Isidoro	Ignacio
1693			Thimoteo Thomás	Luis
1694			Pablo	Raphael
1696				Ciprián
1697			Benito	
1698				Mathias
1699				Clemente
1700			Agustín	Salbador
total	1 nome	4 nomes	15 nomes	18 nomes

A diferenza entre a primeira metade e a segunda salta á vista (ver ***Cadro 13***). Na primeira, a maior parte dos nomes semella que entraron por causas descoñecidas

primeiro (7 en total), e despois polo traslado do nome dos padriños (4); mesmo houbo un introducido polo propio pai do primeiro bautizado que o levou. O único nome introducido pola festa onomástica foi *Vinçente*, e foino o último ano desta primeira metade (1650).

Está claro que se o nome xa o tiñan padriños e/ou pais, non se pode falar da súa introdución na freguesía, posto que xa existía nela; con todo, tanto padriños como pais podían ser de fóra da comunidade, e neste caso si que se podería falar de introdución. No apartado de causas descoñecidas ben é certo que cabe de todo, pero nesta época hai que pensar que, se non hai referencias expresas a algunha causa concreta xustificadora da introdución, é porque o nome se impón pola forza do costume, porque xa era habitual entre a veciñanza e xa o tiñan outras persoas de máis idade. Nomes que no séc. XVIII eran os de maior uso en toda Galicia (*Juan, Antonio, Andrés, Domingo, Francisco, Pedro*, etc.), probablemente xa eran os máis habituais polo menos desde a segunda metade do séc. XVI. *Domingo* e *Francisco*, por exemplo, empezaron a propagarse con máis forza despois do Concilio de Trento (1563), unha vez que dominicanos e franciscanos se converteron coas súas misións nos máximos divulgadores das doutrinas emanadas daquel conclave.

O panorama da segunda metade é totalmente distinto da primeira, pois, en primeiro lugar, os nomes dos primeiros bautizados de cada nome xa non aparecen introducidos nin por padriños nin por pais; iso significa que case con toda certeza xa se pode falar de **nomes novos**. O feito de que unha cantidade importante de nomes se introduzan na freguesía polo método da coincidencia ou proximidade do día do bautismo do primeiro bautizado coa festa onomástica do santo correspondente, constitúe unha firme garantía de que efectivamente estemos ante nomes novos. Entre 1655 e 1700 introdúcense na parroquia por este método 14 nomes, ós que ben podemos sumar o de *Vinçente* de 1650 (ver ***Cadro 13*** na páx. 138)[95].

Quédannos outros 11 nomes que se introduciron por causas descoñecidas, dentro as que cabe tanto a inercia dun costume xa establecido (a existencia de pais e padriños con algún destes nomes xa na primeira metade da centuria así o proba: *Guillelmo, Miguel, Lorenço*, etc.) como unha disfrazada innovación onomástica da man de cregos ou persoas de certo status social (ós que se lles supón unha información superior ó común da poboación). Así, *Ángel* aparécenos en 1663 introducido por causas incógnitas, pero sabemos que a causa foi a devoción do pai do primeiro bautizado –*Martiño de Castiñeira*- polo santo Anxo da Garda (o padriño fora o arcediago *Sancho de Lema*, tío da criatura). Noutro caso, *Clemente* –introducido en 1699 tamén por causas non coñecidas- tivera un padriño fidalgo: *Rosendo de Lema*.

[95] Mesmo os nomes de *Marcos* e *Raphael*, introducidos sen éxito en 1661 e 1994 –respectivamente– por 'causas descoñecidas', víronse obrigados a reintroducírense por culpa do seu inicial fracaso bastantes anos despois; valeríanse do método da festa onomástica no segundo intento (en 1744 e 1748, respectivamente).

Como se pode comprobar cunha simple ollada ó ***Cadro 13***, a primeira metade foi conservadora e a segunda innovadora. O modelo estándar dun nome novo desta centuria sería o dun que se introduciría na segunda metade –na década de 1660-1670 ou na de 1690-1700- como nome de día, ou por causas descoñecidas tendo un padriño fidalgo. O nome máis significativo entrado neste período foi o de *Joseph*, que tería que agardar á entrada do novo século para o seu espallamento.

8.2) Os nomes introducidos no séc. XVIII

Neste século introducíronse 41 nomes novos, do que 31 corresponderon á primeira metade e 10 á segunda. Como se ve, a primeira metade foi bastante máis innovadora cá segunda, prolongándose así o frutífero período innovador iniciado na segunda metade do séc. XVII: entre 1651 e 1750 introducíronse na freguesía 57 nomes, cifra ben alta se ademais temos en conta o lapso de 22 anos sen partidas entre 1670 e 1792. Ata o derradeiro terzo do séc. XIX a onomástica masculina berdoiesa estivo alicerzada nos 57 nomes deste frutífero período de 78 anos e nos 13 da primeira metade do XVII (ver ***Cadro 13,*** páx. 138).

¿Por qué causas se incrementaría tanto a innovación onomástica a finais do séc. XVII e na primeira metade do XVIII? Non o sabemos con certeza. Tan só temos algunha que outra suposición. A primeira que se nos ocorre é o aumento de poboación –de Berdoias e de Galicia en xeral- iniciada na segunda metade do séc. XVII e incrementada ó longo do chamado Século das Luces: cos 70 ou como máximo 80 habitantes que tiña Berdoias na primeira metade do séc. XVII abondaba esa ducia longa de nomes 'históricos', pero cando aumenta o número de fillos por familia xa se necesitan máis nomes distintos para diferencialos.

En Berdoias non se deu –e coidamos que en Galicia tampouco- ese para nós desconcertante costume de "la repetición de nombre entre varios hermanos, con casos en los que realmente no hay más que un único nombre, muy común, para los varones, y otro igualmente repetido para las mujeres" (Zabalza; 2003: 11). Isto acontecía na Navarra dos séculos XVII e XVIII; como posible explicación, apúntase o feito de que para as casas que tiñan como obxectivo a elección dun herdeiro único esta reiteración podía non presentar grandes problemas, pois os irmáns separábanse axiña e, de feito, o herdeiro era máis un pai que un irmán para os outros irmáns (Zabalza; *ibidem*). Claro que este costume dábase máis entre a fidalguía que entre os plebeos, pero ben sabemos o espello que sempre supuxeron as clases privilexiadas para o resto dos humanos.

Cadro 15: Causas da introdución dos NPm no séc. XVIII

Séc. XVIII				
data	< nome pais	< nome padriños	festa onomástica	causas descoñecidas
1701				Félix Xorxe
1703			Quirino	
1704				Julián
1705			Ambrosio	
1706			Diego Patricio Theodoro	
1708		Amaro	Adriano Raimundo	
1710			Basilio Bernardo Plácido Silvestre	Jacobo
1711			Lucas	
1712			Caetano	
1714			Balthasar	
1719				Estebo
1723	Matheo	Matheo	Fernando	
1728			Jacinto	
1729				Carlos
1730				Manuel
1735		Blas Nicolás		Alejo(s)
1736				Joachin
1740			Melchor	
1742		Florencio		
1754	Rodrigo			
1756			Fructo	
1757			Gabriel	
1759			Bonaventura Paulino	
1763			Eusebio	
1766			Sebastián	
1780				Ramón
1789		Santiago		
1792		Frutuoso		
total	1 nome	7 nomes	23 nomes	10 nomes

Outra causa foi tamén o incremento notable e a difusión que houbo de cultos a novos santos en Galicia a finais do XVII e principios do XVIII, como o demostran algúns estudos recentes (González Lopo; 1992).

Non obstante a innovación onomástica decaeu notablemente na segunda metade do século, como antes se adiantou, especialmente no derradeiro terzo, no que unicamente se introduciron tres nomes (*Ramón*, *Santiago* e *Frutuoso*). ¿A que se debería estes estancamento? Non é doado adiviñalo. Por unha parte pódese pensar que os cen anos anteriores (de 1651 a 1750) foran tan produtivos pola variedade de nomes, que poucos había máis para introducir: aqueles 39 do séc. XVII e os 31 da primeira metade do XVIII –70 en total- chegaban e sobraran para nomear os 339 habitantes de Berdoias de mediados do Século das Luces.

En páxinas anteriores introducimos o que denominamos unha 'foto estática' dos nomes masculinos de Berdoias en 1753, segundo os datos do Catastro de Ensenada (ver ***Cadro 10,*** páx. 105). Polos nosos cálculos, por volta do ano citado utilizábanse na parroquia arredor de 45 nomes masculinos. Posiblemente este número de nomes abondada para nomear os 134 homes que daquela vivían na freguesía, e naquel momento non se sentiu a necesidade de incorporar moitos máis. Con todo e iso, nos doce anos que van de 1754 a 1766 aínda entraron 7 nomes. A partir da última data o baleiro innovador foi case total, pois deuse inicio a un prolongado período -cercano ó cento de anos (de 1766 a 1861)- caracterizado por unha extrema ausencia de innovación onomástica.

Pasando a analizar o ***Cadro 15*** da páx. 142 ('Causas da introdución dos NP masculinos do séc. XVIII') vemos que a maior parte dos nomes entraron como 'nomes de día' (23 en total); nisto séguese a pauta marcada no século anterior a partir da segunda metade.

Isto lévanos a supoñer que a maior parte dos novos nomes serían suxeridos polo crego oficiante, especialmente cando nin padriños nin pais tiñan tomado unha decisión clara de cara á súa imposición. O método era claro, imparcial e mesmo 'provindencial', pois parecía motivado pola Divina Providencia; se esta desexaba que o neno viñese ó mundo o día da festa onomástica de determinado santo, había que tomalo como signo de bo augurio: ¿que mellor que impoñerlle o nome do santo sinalado para que este se convertese no seu protector de por vida?

Dez nomes introducíronse por causas descoñecidas, e dentro deste capítulo atópase a entrada de dous dos de maior espallamento posterior: *Manuel* e *Ramón*. A 'causa descoñecida' que motivara a introdución do primeiro foi seguramente a vontade do seu padriño, o presbítero *Francisco de Leis* (lembremos a condición de innovadores de moitos cregos). *Ramón* entrou como NP en 1780, pero consideramos a súa introdución efectiva a de 1754, como NS (o introdutor fora tamén un presbítero: *Juan Francisco de Liñares*). Tamén *Carlos* fora introducido por un padriño eclesiástico (1729).

Só dous nomes se transmitiron por herdanza dos pais: *Matheo* (o primeiro bautizado recibiuno á vez do pai e do padriño) e *Rodrigo*; este último era nome de liñaxe (dos *Leis*), e seu pai viña de fóra da parroquia.

Dos padriños que introduciron o seu propio nome na parroquia hai que dicir que, como é lóxico, a maior parte eran de fóra da freguesía: o de *Amaro* (ou *Mauro*), estudante en Santiago; o de *Nicolás*, de Castrelo; o de *Florencio*, de Carnés (era unha madriña neste caso: *Florencia*), o de *Santiago*, de Ozón. Os padriños de *Matheo*, *Blas* e *Frutuoso* consta que eran veciños da freguesía, pero non naceran nela.

8.3) Os nomes introducidos no séc. XIX

Este século non foi, en conxunto, tan innovador e produtivo como o XVIII, pois unicamente se introduciron 23 novos nomes (pouco máis da metade do anterior). Claro que non todos os períodos se comportaron da mesma forma, pois mentres a primeira metade foi moi parca en innovacións onomásticas masculinas (só 4 nomes novos), a segunda foi totalmente ó contrario, pois nela introducíronse 19 nomes (12 deles no derradeiro terzo do século) [véxase ***Cadro 13,*** páx. 138].

Observando este cadro que acabamos de citar, chama a atención o deserto improdutivo dos 60 primeiros anos do séc. XIX no tocante á introdución de novos nomes, período que non foi máis que a continuación dos 40 últimos anos da centuria anterior: nos cen anos que van de 1760 a 1860 unicamente houbo 9 novidades onomásticas masculinas da freguesía; sen dúbida ningunha, o período máis pobre da historia onomástica de Berdoias.

Observando o ***Cadro 16*** da páx. 145 ('Causas da introdución dos nomes principais masculinos no séc. XIX'), as diferenzas son substanciais respecto do cadro do século anterior, pois agora a inmensa maior parte dos novos nomes que se introducen foron motivados por 'causas descoñecidas' (lembremos que a festa onomástica viña sendo a causa maioritaria desde a segunda metade do séc. XVII e ó longo de todo o XVIII).

Agora só un dos nomes (*Luciano*, 1840) se introduciu polo vello método do 'nome de día'. De 23 novos nomes, 20 (case o 87 %) entran por causas descoñecidas e, agora estas causas si que nos son totalmente incógnitas, pois a maior parte dos padriños xa non son cregos nin personaxes pertencentes á 'clase alta' (a fidalguía levaba anos en declive). Con todo e iso, nomes como *Jesús*, que entrou en 1866, quizais precisou do 'atrevemento' dunha madriña de certo rango social para introducirse.

Non nos atrevemos a desbotar por completo a influencia dos cregos oficiantes no tocante á imposición dos novos nomes, pero o feito de que estes nomes xa non veñan dados pola coincidencia das festas onomásticas do santoral fainos pensar na existencia doutro conduto. ¿Cal seria esoutro vieiro? De momento non dispoñemos de probas, pero supoñemos que a masiva emigración galega iniciada a mediados do séc. XIX á América –especialmente a Cuba, Arxentina e Uruguai- está por detrás. A medida que nos aproximamos ó derradeiro terzo da centuria, unha ampla fornada de novos nomes masculinos renova a onomástica berdoiesa que levaba máis dun cento de anos estática. Algúns deses nomes vanse poñer despois de moda; outros non pasarán do intento. Ademais de *Jesús* (quizais dos poucos nomes introducidos polo método tradicional a partir da suxestión dalgún crego oficiante), entrarán na parroquia nomes que gozarán de certa popularización no século seguinte (*Faustino, Perfecto, Daniel, Evaristo, Ricardo* ou *Celestino*) e outros que quedarán en un ou dous bautizados (*Federico, Casimiro, Constantino, Aurelio, Eliseo, Amadeo, Máximo...*).

Cadro 16: Causas da introdución dos NPm no séc. XIX

Séc. XIX				
Data	< nome pais	< nome padriños	festa onomástica	causas descoñecidas
1838				Victorio (p.i.)
1840		Cornelio	Luciano	Valentín (p.i.)
1861				Mariano
1866				Jesús
1868				Modesto (p.i.)
1871				Casimiro Cecilio
1872		Justo		Faustino
1878				Federico
1879				Daniel Evaristo Ricardo
1884				Perfecto
1886				Avelino (p.i.) Celestino
1892				Constantino (p.i.)
1893				Aurelio
1895				Eliseo
1899				Amadeo (p.i.) Máximo
total		2 nomes	1 nome	20 nomes
p.i.: pai incógnito				

Chegamos a pensar se algúns destes nomes 'raros' deste período non se deberían a que os primeiros bautizados eran fillos de nai solteira, e que, neste caso, podería ser posible a suxestión do crego oficiante. Malia que varios destes primeiros bautizados consta que eran fillos de 'pai incógnito' (*Victorio, Valentín, Modesto, Avelino, Constantino* e *Amadeo*), non hai ningunha razón que nos leve a pensar que houbo algún tipo de diferenza de trato respecto dos demais bautizados. Queremos dicir que ningún destes nomes nos parece que fosen considerados daquela nomes-estigma, discriminatorios para os nenos que os levaban por vez primeira. Esta época é particularmente intensa no tocante ó número de nenos fillos de nais solteiras –quizais pola ausencia de homes por causa da emigración- e en calquera outro nome 'normal' aparecen rexistrados nenos desta condición (por exemplo: de 1851 a 1900, 20 dos 91 nenos que houbo co nome de *José* eran fillos de pai incógnito; o 22 %).

En suma, que esta segunda metade do séc. XIX foi outro dos períodos vizosos da innovación onomástica berdoiesa, tanto polo número de novos nomes introducidos (19 en total) como polo éxito posterior que tiveron algúns deles: *Jesús* pasaría a ocupar no séc. XX o 3º posto dos NP masculinos (8,3 % do total de bautizados deste século), e o 8º na relación global das catro centurias (co 2,8 % dos 1791 bautizados totais); *Celestino* pasaría a ocupar no séc. XX o 4º posto do NP masculinos (3,3 %) e o 15º no total das catro centurias. Aínda que en moita menor medida, tamén *Ricardo* e *Evaristo* ían ter certo espallamento na parroquia no séc. XX.

8.4) Os nomes introducidos no séc. XX

Volvendo a ollar o ***Cadro 13*** (páx. 138), vemos como o século XX foi, polo número total de nomes introducidos (57), o máis innovador de todos. Distínguese tamén dos outros tres séculos en que os novos nomes se foron introducindo de forma moi esparexida e mesmo equilibrada –como en pequenas doses- ó longo da centuria: en todas as décadas entraron novos nomes (unha media de 5,7 nomes por década), aínda que as máis prolíficas foron as tres primeiras (de 1901 a 1910, 6 novos nomes; de 1911 a 1920, 8; de 1921 a 1930, 6), unha dos anos centrais (a de 1941-1950, con 8 nomes) e as dúas últimas (de 1981 a 1990, 8 nomes; de 1991 a 2000, 6 nomes); a década de 1931 a 1940 introduciu 5 nomes novos e as menor "produtividade" foron a de 1951-1960 (2 nomes), a de 1961-1970 (3) e a de 1971-1980 (4). Con estes datos, vemos que a primeira metade da centuria superou á segunda en 10 nomes: entraron 33 na primeira metade e 23 na segunda.

Pasando agora a observar polo miúdo o ***Cadro 17*** da páxina seguinte ('Causas da introdución dos nomes principais masculinos no séc. XX'), salta á vista o desequilibrio existente entre os nomes introducidos por 'causas descoñecidas' (49, o 86 %) e os introducidos polas causas que noutras centurias eran as tradicionais, en especial pola festa onomástica, que agora só vai xustificar a entrada de tres nomes (*Toribio*, 1923; *Amador*, 1968; *Wenceslao*, 1981) e, posiblemente, doutros dous máis (*Julio*, 1904 e *Joel*, 1997); en todo caso, só 5 nomes por este conduto (o 8,8 %).

Neste século consúmase (e increméntase en grao sumo), polo tanto, a tendencia iniciada na segunda metade do séc. XIX pola que se racha definitivamente co vello costume de séculos anteriores de que a introdución dos nomes viñese motivada pola coincidencia do nacemento e/ou bautismo coa festa onomástica do santo. Serán agora as 'causas descoñecidas' as imperantes.

Tales causas incógnitas non foron do mesmo tipo a principios do século, na metade da centuria e a finais. Unha ollada á longa listaxe do citado ***Cadro 17***, abonda para decatármonos da diferenza existente entre o tipo de nomes dos setenta primeiros anos e os dos trinta derradeiros. Digamos de pasada que a onomástica dos dous primeiros terzos semella ser moito máis tradicional –os únicos nomes exóticos son os de *Atilio* (1920), *Electo* (1946) e *Genís* (1966)- e a do derradeiro terzo máis exótica, cun arrecendo máis que probable de influencias de nomes estranxeiros (*Maico, Nelson, Cristián, Iván, Yerai...*).

Consideramos que tal diferenza estriba no feito de que os nomes da primeira metade da centuria –particularmente os do primeiro terzo- son continuación da prolífica fornada entrada no derradeiro terzo do século anterior. Tamén neste caso estaría como fonte de inspiración o mundo da emigración americana, que seguíu sendo moi intensa en Galicia durante as primeiras décadas do séc. XX. Con todo e iso, chama a atención de que a década 1941-1950 fose tan prolífica en novos nomes,

pois a emigración non podía ser naqueles momentos fonte de inspiración, dadas as trabas que se puxeran ó fluxo emigratorio; simplemente continuou nela a tendencia das décadas anteriores.

Cadro 17: Causas da introdución dos NPm no séc. XX

Séc. XX				
data	< nome pais	< nome padriños	festa onomástica	causas descoñecidas
1901				Rufino
1902				Eduardo
1904				Crisanto Gumersindo Julio*
1906				Baldomero
1907				Cesáreo
1911				Enrique
1912				Cándido Eulogio
1915				Alejandro
1916				Primitivo
1917				Severino
1919				Marcelino
1920				Atilio
1922				Generoso
1923			Toribio	Armando
1925				Celso
1926				Serafín
1928				Secundino
1932				Fermín
1936		Valeriano		
1937		Ildefonso		Teófilo
1940				Campio
1941				Ernesto Jaime
1943				David
1944				Segundo
1946				Electo
1948	Feliciano	Alfredo		
1950				Oscar
1952				Demetrio
1954		Bonifacio		
1966				Genís Roberto
1968			Amador	
1976				Bruno Víctor
1977				Javier
1978		Fidel		Mario
1981			Wenceslao	
1982				Maico
1983				Nelson
1984				Cristián
1985				Silvio
1986				Sergio
1987				Iván
1989				Rubén
1992				Jairo
1993				Fabián
1997				Joel*
1999				Yonatán
2000				Raúl Yerai
total	1 nome	5 nomes	3 nomes	49 nomes

* Posiblemente tamén influíse a proximidade da festa onomástica

A emigración masiva de galegos a Europa empezou a ser importante en Galicia a partir da década 1961-1970. Tamén emigrarán berdoieses e berdoiesas (a Inglaterra primeiro e despois a Suíza, principalmente), e iso, ademais da ruptura decidida da tradicional endogamia (na emigración casarán non só con persoas doutras parroquias da redonda, senón con outras de varias provincias españolas) vaise notar na innovación onomástica posterior, en especial nas dúas últimas décadas: nomes 'exóticos' como *Maico* –transcrición case fonética do nome inglés *Michael-* e *Nelson* son produto claro da emigración a Gran Bretaña, e os outros é difícil relacionalos con algunha outra zona de emigración ou con algún idioma estranxeiro. Nas últimas páxinas da INTRODUCIÓN (páx. 51 e ss.) xa proporcionamos unha relación de nenos e nenas nacidos en países estranxeiros e noutras cidades e vilas galegas: en ningún deles se aprecia ningunha marca distintiva especial, pois en Suíza nacen nenos co nome de *Martín*, *Sergio*, *David* ou *Adrián*; na Coruña nacen outros chamados *Carlos*, *Julio*, *Joel*, *Raúl* e *Yerai*. Cómpre aclarar que, en xeral, todos os novos nomes son nomes postos de moda por esta época en Galicia e en España.

Quizais *Silvio* –nacido en Delemont (Suíza) en 1985- delate dalgún xeito a influencia do contacto con emigrantes italianos, e dous *Cristián* -naturais tamén da Confederación Helvética (os dous de 1984)- deixen albiscar contactos con outras comunidades de emigrantes.

Atribuíbles ou non ós contactos na emigración poden ser os nomes de inspiración bíblica (*Jairo*, *Yonatán* e *Joel*, aínda que este último foi dos poucos que puideron entrar pola festa onomástica) ou o que supoñemos saído dalgunha fotonovela ou telenovela suramericana (*Yerai*).

As campañas de imposición de nomes en galego, que a partir da Lei do 4 de xaneiro de 1977[96] iniciaron en Galicia asociacións e colectivos galeguistas, non influíron para nada na onomástica berdoiesa, polo que a pais e padriños respecta: nas partidas destes anos non aparece nin un só nome masculino galeguizado ou coa forma galega. O común da veciñanza foi totalmente impermeable ás sucesivas campañas de normalización lanzadas por non poucos colectivos galeguistas[97]. A única persoa sensible a esta galeguización onomástica pareceu ser unicamente o propio párroco, quen, como xa dixemos nas últimas páxinas da INTRODUCIÓN, quixo levar a cabo unha galeguización 'de oficio' inscribindo todos os bautizados e bautizadas, padriños e pais con nomes en galego, galeguización de boa fe que non se correspondía –infortunadamente- coa realidade.

[95] Esta Lei veu modificar substanciamente o artigo 54 do Rexistro Civil, que obrigaba a consignar os nomes en castelán. Malia as súas limitacións, esta lei puxo fin a unha situación anómala e inxusta, con esta nova redacción: "En la inscripción se expresará el nombre que se dé lal nacido.Tratándose de españoles, los nombres deberán consignarse en alguna de las lenguas españolas" (GARCÍA RAMOS; 1992: 661).

[96] Non atopamos en Berdoias ningún dos nomes que coa forma galega se empezan a poñer de moda en Galicia a partir desta data, do tipo de Brais, Iago, Cibrán, Breixo, Roi, Breogán ou Xurxo, que foron os que tiveron máis éxito.

CAUSAS DA IMPOSICIÓN DOS NOMES MASCULINOS BERDOIESES, E DATAS DE ENTRADA

Como remate a este apartado, observemos na páxina seguinte o ***Cadro 18*** da páxina seguinte ('Causas –e datas- da introdución dos 60 primeiros nomes principais masculinos de Berdoias (1607-2000) '), que case se comenta por si mesmo.

Vemos, primeiramente, que a maior parte dos nomes se introduciron por *causas descoñecidas*, polo menos de forma directa (37 nomes; o 61,66 % dos 60 analizados). Lembremos que nestas causas ignoradas entrarían factores moi diversos: nos séculos XVII, XVIII e os dous primeiros terzos do XIX o protagonismo innovador seguramente descansou en gran parte nos cregos oficiantes de bautismos, como informadores de novos nomes a padriños e pais indecisos; no derradeiro terzo do XIX e en todo o séc. XX dependeuse máis das modas pasaxeiras que estaban no ambiente, modas que sen dúbida procedían da emigración (a América a finais do XIX e principios do XX; a Europa no derradeiro terzo do XX). Tamén hai unha parte –os primeiros nomes do séc. XVII- correspondente ós nomes que xa viñan do séc. XVI.

O segundo conduto de entrada de nomes novos foi a coincidencia ou proximidade do día do nacemento e/ou bautismo co día dunha festa onomástica dun santo. Habitualmente o día do bautismo era o seguinte do do nacemento, pois temíase que o neno acabado de nacer morrese nas horas posteriores ó parto; non foron poucos os bautismos de urxencia, administrados por calquera familiar ou veciño que, na maior parte dos casos, se convertía no padriño da criatura, pois case sempre era un home o ocasional oficiante. Isto aconteceu ata ben sobrepasada a segunda metade do séc. XX, na que se empezaron a distanciar no tempo os bautismos dos nacementos. O número de nomes que se introduciron como *nomes de día* foron 17, o que significou o 28,3 % destes 60 primeiros nomes. Este sistema 'funcionou' durante o período máis longo, especialmente de 1650 a 1850 (arredor de 200 anos).

Finalmente, non debe estrañar que tan poucos nomes entrasen na parroquia da man dos padriños (8,5 %) ou dos pais (1,6 %): se xa tiñan o nome uns ou outros, xa nada novo se introducía. Como é lóxico, os casos introdutorios por estes dous condutos déronse a través de padriños e pais que naceran noutra parroquia distinta de Berdoias.

Cadro 18: Causas (e datas) da introdución dos 60 primeiros NPm en Berdoias (1607-2000)

NOME	1. NOME DOS PADRIÑOS	2. NOME DOS PAIS	3. FESTA ONOMÁSTICA	5. CAUSAS DESCOÑECIDAS
1. José			1670	
2. Manuel				1730
3. Juan				1607
4. Andrés				1638
5. Francisco				1642
6. Domingo	1614			
7. Pedro				1607
8. Jesús				1866
9. Antonio				1617
10. Vicente			1650	
11. Joaquín				1736
12. Pablo			1694	
13. Ángel				1664
14. Ramón				1780
15. Miguel			1697	
16. Benito			1697	
17. Simón			1656	
18. Celestino				1886
19. Gregorio	1614			
20. Alonso	1607			
21. Matías			1698	
22. Ignacio				1692
23. Bernardo			1710	
24. Luis				1693
25. Ricardo				1879
26. Tomás			1693	
27. Alberto				1610
28. Evaristo				1879
29. Silvestre			1710	
30. Felipe				1665
31. Daniel				1879
32. Jacobo				1710
33. Enrique				1911
34. Faustino				1872
35. Rafael				1694
36. Alejandro				1915
37. Fernando			1723	
38. Martín				1615
39. Aurelio				1893
40. Agustín			1700	
41. Bartolomé				1665
42. Eduardo				1902
43. Marcos				1661
44. Perfecto				1884
45. Salvador				1700
46. Carlos	1729			
47. Fructuoso	1792			
48. Lorenzo			1664	
49. Caetano			1712	
50. Cristovo		1617		
51. David				1943
52. Estebo				1719
53. Julio				1904
54. Bernabé			1656	
55. Diego			1706	
56. Eulogio				1912
57. Julián				1704
58. Roque			1655	
59. Valentín				1840
60. Cándido				1912
TOTAL nomes	5 (8,3 %)	1 (1,6 %)	17 (28,3 %)	37 (61,6 %)

9. A introdución dos nomes compostos: outro medio de innovación onomástica

No séc. XVII só se utilizaba un único nome, tanto para homes como para mulleres. Polo menos isto é o que se aprecia en Berdoias. Os segundos nomes empezan a entrar nesta parroquia na derradeira década desta centuria, e con certa timidez. O uso de nomes compostos foi unha das novidades onomásticas que se verían desenvolvidas ó máximo no séc. XVIII e na primeira metade do XIX. A maior parte das combinacións foron de dous nomes, pero non faltaron de tres e –nunha ocasión- unha de catro.

A mellor evidencia de que a introdución de nomes compostos constituíu unha innovación onomástica que, aínda que se iniciara nos últimos anos do séc. XVII, verdadeiramente irradiou no séc. XVIII, podemos tela ollando as árbores xenealóxicas da fidalguía (véxase máis adiante o apartado dedicado á Onomástica da fidalguía berdoiesa). A nobreza foi sen dúbida, aquí e en todas partes, a primeira en incorporar nomes compostos, quizais como un elemento distintivo máis de clase[98].

No primeiro terzo do séc. XVII, os fillos e fillas de *Alonso de Lema II* e da súa esposa *María Franqueira* recibiron no bautismo un nome único: Sancho (ca. 1601), Pedro (1608), María (1610), Teresa (1613), Martiño (1615), Alonso (1617), o segundo Alonso (1618). A única excepción foi o pechacancelas, *García Lois* (ca. 1619-1622).

O mesmo aconteceu no segundo terzo da centuria cos fillos e fillas de *Martiño de Castiñeira*: Martín (1637), Sancho (1642), María (1644), Pedro (1647), Dominga (1649), Rosendo (1656), Jacinta (1657), Lorenza (1661); como no caso de seu pai, a única excepción foi o seu fillo derradeiro, que xa recibiu, en 1663, dous nomes: *Ángel Martín* (tan excepcional foi este caso que se adiantou en trinta anos ós primeiros berdoieses con nome composto).

Case un século despois, o matrimonio fidalgo formado por *Rodrigo Sancho de Leis* –bisneto de Martiño de Castiñeira- e *Josepha Vicenta Santiyán*[99], impuxéronlles a todos os seus fillos e fillas dous nomes, ás veces tres e, nunha ocasión, catro.

Con tanta ristra de nomes, algúns ben pouco comúns, a familia posiblemente acrecentase o seu prestixio perante os seus iguais, pero máis aínda ante os inferiores de rango.

Non obstante, a imposición dun segundo ou terceiro nome era tamén un medio de alternar nun mesmo bautizado ou bautizada un nome de estirpe, outro pola festa onomástica do día do bautismo e outro polo padriño ou pola madriña. Así

[98] Nun estudo sobre a onomástica navarra de 1550 a 1725, constátase que "hasta el siglo XVIII los nombres compuestos son infrecuentes; se dan sobre todo en la nobleza, mientras el campesinado asigna uno único" (Zabalza; 2003: 11).

[99] Repárase no feito de que tanto el coma ela xa tiñan tamén nomes compostos, acordes coa moda que debeu entrar a principios do séc. XVIII.

contentábase a todos e ó mesmo tempo non só se invocaba a protección dun santo ou santa para o neno acabado de vir ó mundo, senón de dous ou tres á vez, e iso dáballe un bo reforzo para iniciarse na andaina vital.

Os fillos e fillas deste prolífico matrimonio fidalgo[100] de Boallo poden servir de exemplo ben claro do todo isto:

A primeira filla, *Vizenta Luisa Francisca* (doc. 52), nace o 22-9-1749 e bautízase ó día seguinte. Recibe o seu primeiro nome do segundo que tiña súa nai[101]. Ignoramos o motivo dos outros dous nomes, pois o seu padriño chamábase *Andrés* (quizais no de *Luisa* quedase o recordo familiar do segundo nome de *García Lois de Lema*, do segundo terzo do séc. XVII).

Antonio Bartholomé Luis (doc. 53), o segundo fillo, naceu o 22-8-1752 e bautizouse tres días despois, o 25 de agosto. Recibiu o segundo e o terceiro nome pola coincidencia do día do seu bautismo coas festas de san Bartolo (24 agosto) e san Lois (25 agosto); ignoramos a causa do primeiro nome, pois o seu padriño non se chamaba *Antonio*, senón *Joachin*.

Rodrigo Joseph Pedro Silbestre (doc. 54), o terceiro fillo, naceu o 31 de decembro de 1954 e bautizouse dez días despois, o 10 de xaneiro de 1755 (un dos escasísimos casos da época de longo distanciamento temporal entre nacemento e bautismo). O seu primeiro nome está claro que o recibiu de seu pai (nome de estirpe), o segundo do seu padriño (*Joseph de Valdivieso*, cóengo en Santiago), o terceiro ignorámolo (poida que fose considerado nome da liñaxe familiar, pois levárano algúns dos seus membros do séc. XVII; tamén puido ser para invocar a protección do patrón parroquial) e o último, *Silbestre*, por nacer o neno o día da festa deste santo (31 de decembro). Este infante foi, ademais, o único da historia onomástica da parroquia que puido presumir por levar catro nomes de pía.

Juan Nepomuceno Bernardo (doc. 57), o quinto fillo, naceu o 16 de marzo de 1755 e bautizouse seis días despois, o 22 do mesmo mes. O nome composto inseparable –coidamos- de *Juan Nepomuceno* foille imposto polo seu padriño e curmán o estudante de filosofía *Bernardo de Valdivieso* (que transmitiu o seu nome como segundo). Na escolla deste nome tan exótico nada tivo que ver a proximidade da festa onomástica do santo (16 de maio): na época debeu ser considerado un fachendoso 'achado' especial do padriño (os padriños de estudos quizais tamén competían entre si por impoñeren nomes inéditos e de certa clase).

[100] Por principio, todos os matrimonios –non só os fidalgos– procuraban ter unha extensa prole, pois había que asegurarse a descendencia e sabían por experiencia propia e allea que certo número de nenos e nenas non eran quen de sobreviviren ó primeiro ano infancia.

[101] É curioso que na partida de bautismo desta nena non conste o seu primeiro nome, pero debeu correr con el pois así aparece na partida do seu irmán menor Luis Vizente Theodoro (doc. 59), de quen foi madriña.

Manuela Josepha (doc. 58), terceira filla, nacida o 16 de setembro de 1757 e bautizada ó día seguinte. Recibiu o seu primeiro nome do seu padriño in solidum, Manuel de Valdivieso, e o segundo da súa nai.

Luis Vizente Theodoro (doc. 59), quinto fillo, nacido o 9 de novembro de 1758 e bautizado ó día seguinte, recibiu os dous primeiros nomes da súa irmá maior e madriña, Vizenta Luisa Francisca de Leis y Santiyán, e o terceiro da festa onomástica do día.

Bernardo Cándido (doc. 61), sexto e último fillo, naceu e bautizouse o 11 de setembro de 1761; recibiu o primeiro nome do seu curmán e padriño in solidum, *Bernardo Valdivieso*. Ignoramos o motivo da imposición do segundo, pois a festa onomástica do santo nada tivo que ver; quizais algunha devoción especial deste padriño estudante ('eterno estudante', polo que se ve), pois tamén llo impuxera como segundo a outro seu afillado.

Puidera pensarse que o uso de nomes compostos era considerado un privilexio máis das clases privilexiadas, empezando pola fidalguía. Pero o certo é que non foi así, pois nesta parroquia de Berdoias o uso de dous ou máis nomes estendeuse a calquera fillo ou filla de veciño con independencia do seu status social.

O xa citado *Ángel Martín* (1663), derradeiro fillo do capitán Martín de Castiñeira, e *Philipe Sanctiago* [*Pérez*], fillo de Leandro Pérez e María de Lema, foron os dous primeiros bautizados berdoieses con nomes compostos. Constituíron unha especie de avanzada, pois o certo é que non ata a última década do séc. XVII non volven aparecer bautizados con dous nomes (teñamos en conta o longo período de ausencia de partidas entre 1670 e 1792). As escasas variantes combinatorias desta derradeira década foron as seguintes: *Francisco Andrés* (1693), *Paulo Antonio* (1694), *Andrés Guillelmo* e *Juan Antonio* (1697), *Andrés Antonio* e *Juan Adrián* (1698) e *Pedro Antonio* (1699).

O séc. XVIII foi o da gran eclosión dos nomes dobres e mesmo triples. Por iso dicimos que debeu constituír por si mesma unha das novidades onomásticas desta centuria, que acompañou o gran esforzo que se fixo na primeira metade con introdución de novos nomes (31 nomes masculinos en total)[102]. Esta práctica foise impoñendo ó longo do Século das Luces e espallouse tamén polo séc. XIX, especialmente na primeira metade, para ir decaendo despois. O séc. XX foi algo máis parco en nomes compostos e moderou algo a súa imposición, pero aínda se mantivo en cifras altas.

[102] O feito de que en Berdoias a introdución máis ou menos masiva de nomes compostos coincida cun intenso incremento de novos nomes propios, oponse totalmente ó que se aprecia en rexións como Navarra pola mesma época, pois alí o recurso ó uso de nomes compostos tomouse como unha maneira de distinguir os individuos "sin que aumente el repertorio onomástico". Claro que nesta Comunidade, como xa dixemos en páxinas anteriores, un dos seus trazos máis rechamantes polos séculos XVII e XVIII era a repetición de nomes entre varios irmáns (Zabalza; 2003: 11). Polo que levamos visto, en Berdoias non se deu o complicado fenómeno da repetición de nomes entre irmáns, polo menos estando todos vivos.

Realicei unha análise dos 20 primeiros nomes masculinos ó longo da historia –de *José* a *Alonso*-, que xuntan 1355 bautizados (o 75,6 % dos 1791 totais, co cal queda probado que a mostra é ben significativa), dando o resultado seguinte:

Cadro 19: Variantes combinatorias dos nomes compostos [NP masculinos]	
	número de variantes
Séc. XVII	8
Séc. XVIII	110
Séc. XIX	89
Séc. XX	67

Como primeiro nome ou nome principal (NP), o nome masculino no que se ensaiaron máis combinacións foi ***José***, cun total de 39 nun longo período que vai de 1704 a 1990 (12 no séc. XVIII, 14 no séc. XIX e 24 no XX).

Case a metade dos bautizados que o tiveron de NP levárono acompañado dun segundo nome: 139 do total de 302 (o 46 %). A primeira combinación foi *José Antonio* (1704), e as que conseguiron unha maior implantación as seguintes: *José María* (39 bautizados en total desde 1785 a 1983: 1 no séc. XVIII, 29 no XIX e 10 no XX); *José Manuel* (24 bautizados: 1 no séc. XVIII, 4 no XIX e 19 no XX) e *José Antonio* (15 bautizados: 7 no séc. XVIII, 1 no XIX e 7 no XX)[103].

O segundo nome foi ***Manuel***, case a par con José, pois rexistrou un total de 38 variantes de 1739 a 1984 (9 no séc. XVIII, 22 no XIX e 16 no XX); 60 bautizados que tiveron este nome de NP levárono acompañado dun segundo (o 27,6 % dos 217 totais)[104].

Manuel Antonio foi cronoloxicamente a primeira das variantes, e esta tamén sería a máis repetida, pois levárona 6 bautizados en total (4 no XVIII, 1 no XIX, e outro no XX).

Andrés foi o terceiro dos nomes, pois con el de primeiro rexistramos un total de 24 variantes combinatorias nun longo período que vai de 1697 a 1949 (2 do séc. XVII, 13 do XVIII, 13 do XIX e 2 do XX); 43 dos 121 bautizados con este nome levárono acompañado dun segundo (35,5 %).

Foi dos primeiros nomes en aparecer acompañado: *Andrés Guillelmo* (1697) e *Andrés Antonio* (1698). As combinacións máis usadas foron: *Andrés Antonio* (8

[103] Véxanse as outras variantes combinatorias no apartado correspondente da Ficha de *José*, 8 (nº 1) do minidisco adxunto, recomendación que estendemos para os nomes que veñen a continuación. No séc. XX, no total de Galicia, José foi tamén a forma que creou máis compostos: un total de 88.000 contra 1962; as combinacións máis frecuentes fanse por esta época con Manuel (24.840), Luís (18.853), María (11.110) e Ramón (7.752) [Kremer; 1994 / Ferro Ruibal et alii; 1992: 41].

[104] Para este nome e os seguintes, véxanse as variantes nas fichas do minidisco nos cadros correspondentes ás "Grafías, abreviaturas e variantes combinatorias".

bautizados: 1 no séc. XVII, 5 no XVIII e 2 no XIX) e *Andrés Vizente* (4 bautizados: todos do séc. XVIII).

Juan ven inmediatamente despois, con 22 variantes (de 1697 a 1982): 2 no séc. XVII, 16 no XVIII, 3 no XIX e 6 no XX; 61 dos 141 bautizados totais levaron este nome na compaña doutro (43,2 %).

Tamén foi dos nomes máis antigos con compaña: *Juan Antonio* (1697) e *Juan Adrián* (1698). A variante combinatoria que tivo un éxito máis rotundo foi *Juan Antonio* (25 bautizados: 23 no séc. XVIII er 2 no XX)[105]. Algunhas das súas variantes combinatorias deberon formar un todo inseparable, como *Juan Chrisóstomo* (1704), *Juan Nepomuceno* (1756) e, quizais, *Juan Bautista* (1895 e 1946). Nunha das partidas aparece a combinación *Juan Rey* (1720), fillo de Matheo Caamaño, o que xustifica a condición de segundo nome (e non de apelido, como se puidese pensar) de *Rey*.

A continuación, e a considerable distancia, vén ***Francisco***, con 13 variantes comprendidas entre 1693 e 1846: 1 no séc. XVII (*Francisco Andrés*, 1693, das máis antigas), 8 no XVIII, 6 no XIX e 1 no XX; 23 dos 81 bautizados con este nome levaron un segundo (28,4 %). A variante combinatoria máis repetida e con certo éxito foi *Francisco Antonio* (8 bautizados: 7 do séc. XVIII e 1 do XIX).

No hipotético sexto lugar estaría ***Pablo***, con 11 variantes que van de 1694 a 1891: 1 no séc. XVII (*Paulo Antonio*, 1694, das máis antigas), 7 no XVIII e 1 no XIX. *Pablo Antonio* (5 bautizados: 1 no XVII e 5 no XVIII) foi a combinación máis repetida.

O sétimo lugar é de ***Jesús***, malia a súa entrada tardía: 10 variantes de 1879 a 1980 (2 no séc. XIX, 9 no XX). 17 dos 50 bautizados con este nome levárono acompañado dun segundo (34 %). *Jesús Manuel* (5 bautizados) e *Jesús María* (4) foron as variantes de máis uso.

O oitavo lugar é de ***Pedro***, con 9 variantes de 1699 a 1899: 1 no séc. XVII (*Pedro Antonio*, 1699, das máis antigas), 10 no XVIII e 1 no XIX. *Pedro Andrés* (6 bautizados: 2 do XVIII e 4 do XIX) foi a variante máis repetida.

O noveno posto compárteno ***Antonio*** e ***Joaquín***, con 8 variantes.

Antonio de 1746 a 1861 (6 no séc. XVIII, 3 no XIX e 1 no XX); como primeiro nome non tivo moito éxito, pois ningunha variante pasou de un bautizado (como segundo nome, como despois veremos, tivo a maior aceptación). *Joaquín*, de 1736 a 1927 (2 no séc. XVIII, 5 no XIX e 1 no XX); soamente *Joaquín José*, con dous bautizados, foi repetido máis dunha vez.

O décimo posto, con 7 variantes, compárteno ***Domingo***, ***Benito*** e ***Ramón***.

[105] Contra o ano 1962 este nome conformaba no total de Galicia moitos compostos, por enriba dos 16.000; as combinacións máis frecuentes dábanse con José e con Carlos (Kremer; 1994 / Ferro Ruibal et alii; 1992: 41).

Domingo, de 1709 a 1846 (6 variantes no séc. XVIII e 2 no XIX); a variante *Domingo Antonio* tivo unha extraordinaria aceptación no séc. XVIII (16 bautizados), prolongándose no XIX (8); en total: 24 bautizados. Noutras parroquias da Costa da Morte esta variante xa existía no séc. XVII: abonde con citarmos o famoso arquitecto barroco *Domingo Antonio de Andrade*, natural de Cee. *Benito* tivo variantes combinatorias de 1746 a 1909 (4 no séc. XVIII, 3 no XIX e 1 no XX); *Benito Domingo* (3 bautizados do XIX) foi a máis repetida. *Ramón* tivo variantes de 1780 a 1971 (2 no XVIII, 3 no XIX e 2 no XX); ningunha delas logrou repetirse.

Con 6 variantes combinatorias temos como NP a ***Gregorio***, e con 5 a ***Ángel***, ***Miguel*** e ***Simón***. ***Vicente*** tivo catro, ***Celestino*** dúas e ***Alonso*** só unha.

Nos cadros correspondentes a cada un destes nomes pódese observar a cantidade inmensa de variantes combinatorias que ensaiaron os berdoieses, especialmente os do séc. XVIII, entre uns nomes e outros. A maior parte delas non pasaron de un bautizado e desapareceron. Quizais porque non soaban moi ben ós cada vez máis afinados oídos dos berdoieses.

--- o ---

Houbo nomes que resultaron **máis axeitados como NS** –como segundo nome ou mesmo como terceiro- que como NP.

Este foi o caso de ***Antonio***, que como NS levárono 136 bautizados, moitos máis que como NP (que non pasou de 41). Como NS formou parte de 25 variantes combinatorias diferentes entre 1694 e 1985 (4 no séc. XVII, 24 no XVIII, 8 no XIX e 3 no XX). Véxase a súa ficha no minidisco adxunto.

A súa aceptación neste posto secundario foi total, pois xa aparecía nas primeiras variantes combinatorias de finais do séc. XVII: *Paulo Antonio* (1694), *Juan Antonio* (1697), *Andrés Antonio* (1698) e *Pedro Antonio* (1699).

Practicamente combinou con todos os nomes, aínda que as variantes combinatorias de maior aceptación foron as seguintes: *Juan Antonio* (23 bautizados: 1 no séc. XVII e os outros 22 no XVIII), *Domingo Antonio* (23 bautizados: 18 no séc. XVIII e 5 no XIX), *José Antonio* (15 bautizados: 7 no XVIII, 1 no XIX e 7 no XX), *Pedro Antonio* (10 bautizados: 1 no séc. XVII, 5 no XVIII e 4 no XIX), *Andrés Antonio* (8 bautizados: 1 no XVII, 5 no XVIII e 2 no XIX), *Francisco Antonio* (outros 8 bautizados: 4 no XVIII e 4 no XIX), *Manuel Antonio* (6 bautizados: 4 no XVIII, 1 no XIX, 1 no XX), *Pablo Antonio* (5 bautizados: 1 no XVII, 4 no XVIII), *Vicente Antonio* (4 bautizados do séc. XVIII).

Como terceiro nome, *Antonio* tivo 10 variantes combinatorias, todas no séc. XVIII; ningunha delas se repetiu (ver ficha das 'variantes combinatorias' deste nome no minidisco).

Manuel foi o segundo nome máis usado dos NS, pois tivo, de 1734 a 1983, ata 22 variantes combinatorias (4 no séc. XVIII, 10 no XIX e 13 no XX). Como terceiro

nome só foi usado en dúas ocasións (unha no séc. XIX, outra no XX).

A combinación de maior uso foi *José Manuel* (24 bautizados: 1 no séc. XVIII, 4 no XIX e 19 no XX). Séguelle a boa distancia *Juan Manuel* (7 bautizados: 4 no XVIII, 1 no XIX, 2 no XX), *Jesús Manuel* (5 bautizados, todos do séc. XX) e *Andrés Manuel* (4 bautizados: 2 no XVIII, 2 no XIX).

Ramón foi outro dos nomes máis usados como NS que como NP (30 bautizados fronte a 26). Xa temos dito que entrou na freguesía antes como NS, anticipándose en 26 anos á súa entrada como NP.

Trátase dun caso semellante ó de *Antonio*, pois ó común da xente resultoulle moi axeitado para ir de segundo ou de terceiro nome dos compostos. Como nome segundo tivo, de 1758 a 1971, un total de 17 variantes combinatorias (13 no séc. XVIII, 6 no XIX e 2 no XX). A variante de maior éxito foi *José Ramón* (5 bautizados: 4 no séc. XIX, 1 no XX). Como terceiro nome entrou en 5 variantes, todas no séc. XVIII (de 1754 a 1786).

José foi o cuarto nome máis usado como NS, sempre como segundo nome e nunca como terceiro. De 1754 a 1972 tivo 16 variantes combinatorias distintas (3 no séc. XVIII, 7 no XIX e 9 no XX).

Manuel José (6 bautizados: 1 do séc. XVIII, 2 do séc. XIX e 3 do XX) foi a variante de maior uso; das outras, unicamente *Antonio José*, *Joaquín José* e *Simón José* acadaron os dous bautizados.

Os seguintes nomes máis utilizados en nomes compostos como NS foron ***Andrés***, ***Francisco***, ***Vicente***, ***Jesús*** e ***Simón***.

10. A propagación dos nomes dos bautizados de Berdoias

Os nomes introdúcense e despois cómpre popularizalos para que logren espallarse ó longo de varias xeracións. En páxinas anteriores vimos como a maior parte dos nomes se introduciran por causas diversas (que agrupamos no apartado de 'causas descoñecidas'), aínda que unha porcentaxe importante debera a súa entrada á coincidencia do seu bautismo cunha festa onomástica dun santo. Xa introducido o nome, agora interésanos saber primeiro se logrou implantarse na parroquia, e, en caso afirmativo, qué causa ou causas influíron na súa propagación.

Para iso propuxémonos esculcar de quen toma o nome o bautizado; haberá casos nos que as partidas nos poden facilitar datos e pistas, e haberá casos en que non, e teremos que indagar por outros camiños.

Para determinar **de quen toma o nome o bautizado** ocórrensenos estas posibilidades:

a) Que o bautizado reciba o nome do *padriño* (ou a forma masculina do nome da *madriña*), ou os dous combinados.
b) Que o bautizado herde o nome do *pai* (ou a forma masculina do nome da *nai*), ou os dous combinados.
c) Que reciba o nome dun *avó* (ou a forma masculina do nome dunha *avoa*).
d) Que reciba o nome do *santo do día* do seu nacemento ou bautismo (non se require que cadre exactamente o mesmo día, senón en datas próximas). Son os chamados 'nomes de día'.
e) Que reciba o nome do *santo patrón* da parroquia.
f) Que reciba o nome dun *santo titular dalgún santuario* de devoción da parroquia ou da comarca.
g) Que reciba o nome dun *santo* que en xeral se puxo *de moda* a partir do incremento do seu culto (impulsado por algunha orde ou congregación relixiosa, principalmente).
h) Que reciba o nome do *crego oficiante* do bautismo (resultado da presión exercida por este ante os pais e/ou padriños).
i) Que reciba o nome dun santo polo que os pais ou padriños tiñan algunha devoción especial[106].

[106] Un caso paradigmático disto foi o do crego *Francisco Bretal Mariño*, introdutor do culto á Virxe de Aránzazu na parroquia de Coucieiro (no actual concello de Muxía), ben cercana a Berdoias, entre 1785 e 1788, conseguindo construír unha ermida para ela no lugar de Trasufre. Tanta debía ser a devoción que tiña este crego por esta Virxe de orixe vasca (adaptada a Galicia baixo a advocación de Virxe do Espiño) que, unha vez trasladado á parroquia de Santa Cristina de Vea (no actual concello de Estrada), mandou erguer outro santuario e, non contento con iso, dos 44 bautizos de nenas que oficiou nesta freguesía entre 1790 e 1797, 41 delas levaron o nome de *Aranzazú* (así, co til na última sílaba). En decembro de 1797, cando F. Bretal xa non estaba de párroco, aínda un neno foi bautizado co nome de *Andrés María de Aranzazú* (datos facilitados polo historiador M. Vilar Álvarez, o mellor coñecedor na actualidade deste curioso culto que en épocas pasadas tamén espertara o interese de F. Bouza Brey).

j) Que reciba o nome dun santo polo que o crego oficiante tiña algunha algunha devoción especial.
k) Que reciba un nome-estigma (raro ou feo), no caso de ser fillo de nai solteira, imposto polo párroco ou crego oficiante para "castigar o pecado" dos seus proxenitores.
l) Que reciba un nome literario, resultado de determinadas lecturas postas de moda.
m) Que reciba un nome posto de moda (en xeral) en determinadas épocas ou por diversos condutos (polos contactos na emigración, por exemplo).
n) Que reciba un nome dalgún personaxe famoso popularizado polos modernos medios de comunicación (do cinema, da canción, do deporte, etc.).

Loxicamente, hai outras moitas posibilidades pero é imposible abascalas todas. Incluso consideramos que era mellor simplificalas, para o cal unicamente consideramos catro:

1. Bautizados que reciben o nome dos padriños (ou a forma feminina do nome das madriñas).
2. Bautizados que herdan o nome dos pais (ou a forma masculina do nome das nais).
3. Bautizados que reciben o nome da festa onomástica que aproximadamente coincide co día do seu nacemento e/ou bautismo.
4. Bautizados que reciben o nome por causas descoñecidas (é dicir, por causas que dificilmente poden aclarar as partidas de bautismo).

O apartado de maior complexidade é, sen dúbida, o último, pois nel axuntamos todos os apartados que non caben nos tres primeiros: os bautizados que deben o nome ó patrón da parroquia ou a determinados santos cun culto especial ou posto de moda, os bautizados que reciben o nome do crego oficiante, os nomes-estigma dos chamados 'fillos ilexítimos', os nomes produto de certas modas cíclicas, etc..

As causas da imposición do nome tamén foron cambiando por épocas, porque en cada unha dela había distintos condicionantes. Non se poden establecer unhas pautas uniformes que sirvan para todas as épocas e para todos os nomes. Contentámonos con ofrecer unha mostra por séculos (***Cadro 20***) coa certeza de que é bastante representativa, pois corresponde ó 20 primeiros Nomes Principais (de *José* a *Alonso*), que suman un total de 1355 bautizados (o 75,6 % dos 1791 totais). Foron estes, por outra parte, os nomes que realmente se popularizaron, pois ningún dos que veñen a continuación na clasificación superaron os 13 bautizados nas catro centurias (a inmensa maioría só tivo un ou dous bautizados).

Cadro 20: Evolución diacrónica das principais causas da propagación dos 20 primeiros NP masculinos de Berdoias (1607-2000)*

		< nome dos padriños		< nome dos pais		< festa onomástica		< causas descoñecidas	
	total baut. (cada século)	nº baut.	porcentaxe	nº baut.	porcent.	nº baut.	porcent.	nº baut.	porcent.
Séc. XVII	124	28	22,6 %	35	22,2 %	13	10,5 %	55	44,4 %
Séc. XVIII	393	213	54,2 %	26	6,6 %	35	8,9 %	141	35,8 %
Séc. XIX	507	380	75 %	53	10,5 %	27	5,3 %	120	23,6 %
Séc. XX	331	139	42 %	78	23,5 %	25	7,5 %	140	42,3 %
total	1355	760	56 %	192	14,2 %	100	7,4 %	456	33,6 %

*Estes 20 nomes son os seguintes: José, Manuel, Juan, Andrés, Francisco, Domingo, Pedro, Jesús, Antonio, Vicente, Joaquín, Pablo, Ángel , Ramón, Miguel, Benito, Simón, Celestino, Gregorio e Alonso.

Observando este cadro, vemos con meridiana claridade os cambios experimentados de centuria en centuria no tocante á transmisión e propagación dos nomes. Como do que se trata é de ter unha visión aproximada das causas da imposición dos nomes, ademais da súa propagación, nestas cifras e porcentaxes incluíronse os primeiros bautizados de cada nome, que noutros lugares quedaran circunscritos á 'introdución do nome'.

Nunha primeira ollada, os catro séculos observan comportamentos diferentes e, ó mesmo tempo, semellantes. Diferentes porque as porcentaxes en cada un dos apartados foron dispares e non se deu coincidencia ningunha. Semellantes porque si houbo coincidencias nos seguintes casos:

a) **Os padriños** foron, nas catro centurias, os *máximos propagadores* dos nomes, trasladando os seus propios ós seus afillados (o que deu unha porcentaxe media do 56 %). Non obstante, as proporcións foron ben distintas, pois mentres que no séc. XVII foron extremadamente baixas (o 22,6 % dos 124 bautizados), no XVIII subiron o dobre (o 54,2 % dos 393 bautizados) e no XIX disparáronse (o 75 % dos 507 bautizados); finalmente, no XX volverán moderarse (o 42 % dos 331 bautizados). A porcentaxe media foi do 56 % (dos 1355 totais), o que quere dicir que máis da metade dos bautizados recibiron o seu nome que xa levaban os seus padriños e / ou madriñas.

b) as chamadas **causas descoñecidas** –polo menos dunha forma directa- constituíron o *segundo motivo* da imposición do nome nas catro centurias, en proporcións semellantes no primeiro e no último século (o 44,4 % no XVII e o 42,3 % no XX). No séc. XVIII a porcentaxe foi do 35,8 % e no XIX deuse a proporción máis baixa (o 23,6 %). Por termo medio: 33,6 %, pouco máis da metade da porcentaxe que acabamos de ver nos padriños.

c) A **transmisión do nome do pais** foi o *terceiro motivo* da imposición do nome en todos os séculos, a non ser o XVIII (que quedou relegado ó 4º). As porcentaxes máis altas corresponden ós séculos XVII (o 22,2 %) e XX (23,5 %); nos outros dous séculos intermedios foron moi baixas: tan só un 6,6 % no XVIII e un 10,5 % no XIX. Por termo medio, os pais só deron en herdanza o seu nome a un 14,2 % destes 1355 bautizados.

d) A transmisión do nome polo método da coincidencia do nacemento e/ou bautismo coas **festas onomásticas** dos santos afectou nas catro centurias a un escaso número de bautizados (inferior ó 11 por cento). Era de esperar, pois cun método tan azaroso coma este xa sería moita casualidade que cadrasen os nacementos en datas próximas a un nome 'escollido'; o lóxico é que con esta especie de ruleta electora se propiciase a aparición de novos nomes, todos eles con moi poucos bautizados. Aínda así, no séc. XVII a porcentaxe de bautizados con 'nome de día' acadou o 10,5 % dos 124 contabilizados, e no XVIII o 8,9 %; baixou moito no séc. XIX (5,3 %) e no XX quedou nun posto intermedio (7,5 %). A media das catro centurias foi do 7,4 %.

Unha cousa que convén advertir é que o feito de que en varios bautizados se desen á vez varias coincidencias motivadoras do nome (o mesmo nome de padriño e/ou madriña que o do pai e/ou da nai, por exemplo) explica que a suma das porcentaxes sobrepase nos tres últimos séculos a cota tope do 100 %: no séc. XVIII hai un exceso de 5,5 puntos (dá o 105,5 %), no XIX de 14,4 puntos e no XX de 15,5 puntos. No único onde hai correspondencia exacta é no séc. XVII. Véxase ***Cadro 21*** na páx. 167.

--- o ---

Analizando a evolución século a século, observamos que no **séc. XVII** hai bastante equilibrio nos dous primeiros apartados (22,6 % transmisión do nome dos padriños; 22,2 % do dos pais), e dispar nos dous últimos (o 10,5 % na imposición do nome do día, o 44,4 % no de causas descoñecidas).

O pulo transmisor dos padriños empeza a ser importante, e chama tamén atención a alta porcentaxe de pais que tratan de impoñer o seu nome en herdanza; quizais sexa unha porcentaxe real pero enganosa, especialmente se aclaramos que dos 35 bautizados nos que se deu esta circunstancia, 20 levaban o nome de *Juan* (o 57 % dos totais), o nome máis popular da época, e 11 o de *Domingo* (31,4 %). Tan imposto no ambiente estaba o nome que o transmitían pais e padriños á vez.

Unha porcentaxe de bautizados digna de ter en conta (10,5 %) recibiron o seu nome do santo do día; cómpre termos en conta que só en parte isto foi debido á boa cantidade de nomes novos que entraron na segunda metade da centuria (27 en total), pois só algúns (*Vicente, Simón, Ángel, José, Pablo* e *Benito*) lograrían entrar no grupo dos 20 principais sobre os que se fixo esta mostra. Polo que se ve, nesta centuria acudiuse un pouco máis do que se acudiría nas outras ó recurso do nome do día, para o cal os cregos oficiantes e estudantes de teoloxía e filosofía eran bos informantes para pais e padriños, pois estaban ó tanto do santoral e das novas que se ían producindo (as canonizacións recentes, por exemplo).

As causas descoñecidas tamén foron un factor importante nesta centuria, en especial nos nomes máis antigos, que xa viña do séc. XVI a súa implantación (ou de

principios do XVII): *Andrés* (co 84,6 % dos seus 13 bautizados), *Francisco* (co 90 % dos seus 10 bautizados), *Pedro* (co 63,6 % dos seus 11) e *Antonio* (co 77,7 % dos seus 9) foron os nomes que máis se espallaron por este medio, o cal é lóxico, pois isto significa que a forza do costume era o motor da propagación sen ter necesidade de recorrer a outros condutos.

O **séc. XVIII** cambia abondo respecto do anterior, pois os padriños pasan a se converteren nos máximos impulsores e propagadores dos seus propios nomes (cunha porcentaxe que xa supera a metade dos bautizados: o 54,2 %). Isto apréciase sobre todo nos nomes tradicionais, os que xa viñan do séc. XVII (*Juan*, o 68,8 % dos seus 77 bautizados popularizouse por este medio; *Ángel*, o 69 % dos seus 13 baut.; *Andrés*, o 66,6 % dos seus 48 baut.; *Antonio*, o 60 % dos seus 20 baut.; *Francisco*, o 55,5 % dos seus 27 baut.; *Domingo*, o 56 % dos seus 41 baut.; *Vicente*, o 54,5 % dos seus 11 baut.; *Pedro*, o 47 % dos seus 32 baut.), e en menor medida nos novos nomes introducidos nesta centuria: *José* (o 33 % dos seus 39 baut.), *Manuel* (o 46 % dos seus 26 baut.). *Ramón* entrou moi tarde, en 1780, pero aínda así o 11 % dos seus 9 bautizados recibiu o nome de padriños que xa atendían por el.

A transmisión do nome dos pais acusa unha importante baixa respecto da centuria anterior, pois pasa do 22,2 % ó 6,6 %. Este descenso acúsase nos nomes tradicionais, como *Juan*, que do 48,8 % dos 41 bautizados da centuria anterior pasa agora ó 11,7 % dos seus 77 bautizados que tivo neste século; *Domingo*, que do 61 % dos 18 bautizados que tivo no anterior século, pasa agora ó 12,2 % dos 41 deste século. As porcentaxes do XVIII tamén son baixas para *Andrés* (6,2 % dos seus 48 baut.), *Pedro* (6,2 % dos seus 32 baut.); nomes como *Francisco*, *Vicente*, *Pablo*, *Ángel*, *Benito* ou *Miguel* non foron transmitidos polos pais en ocasión ningunha. A excepción dos nomes tradicionais está en *Antonio*, que pasa do 0 % do séc. XVII ó 25 % dos seus 20 baut. do XVIII. Dos novos nomes do séc. XVIII é *José* o que recibe un maior pulo "paterno" e/ou "materno" (o 21,7 % dos seus 129 baut.), impulso tamén importante no caso de *Manuel* (o 13,7 % dos seus 109 baut.).

Os nomes de día aínda acusan unha porcentaxe digna de ter en conta nesta centuria (o 8,9 %), só punto e medio menos ca na anterior. Pouco teñen que ver os novos nomes entrados na primeira metade do século, pois, agás *Manuel*, ningún outro se espallou o suficiente para entrar no grupo dos 20 principais da listaxe do ***Cadro 20*** da páx. 160. Os nomes que recibiron un maior impulso das súas correspondentes festas onomásticas foron os seguintes: *Miguel* (27,3 % dos bautizados deste século), *Benito* (22,2 %), *Vicente* (18,2 %) e *Pablo* (15,4 %); con todo, estas porcentaxes responden a cifras moi modestas, que en ningún caso superan os 3 bautizados[107].

[107] O crego liberal galego, D. Juan Antonio Posse, nado o 26 de decembro de 1766 en Soesto (Laxe), relata nas súas *Memorias* (1834) as causas polas que recibiu os seus dous nomes: "Después de algunos malos partos, [Mariana Varela, súa nai] dió a luz el 26 de Diciembre del referido año (...) un niño que por ser bautizado al dia siguiente llamaron Juan, a cuio Santo los Padrinos añadieron el de Antonio" (Posse; 1984: 16).

Como na centuria anterior, foi importante a porcentaxe de nomes propagados por 'causas descoñecidas' (35,8 %). Déronse porcentaxes importantes, tanto en nomes tradicionais (*Francisco*, 44,4 %; *Pedro*, 50 %; *Andrés*, 29 %; *Juan*, 28,6 %), como nos novos (*José* 43,6 %; *Manuel*, 54 %; *Pablo*, 69 %, *Ramón*, 91 %): nos primeiros pesou a forza do costume e nos segundos o pulo dos novos cultos postos de moda ou o proselitismo levado a cabo por certos cregos oficiantes de bautismos para espallaren o seu nome, tal foi o caso do presbítero *Pablo Antonio Marcote*, responsable directo ou indirecto de case todos os bautizados co nome de *Pablo* comprendidos entre 1777 e 1784, que foron 10 (o 77 % dos da centuria); foi padriño dun deles e dos outros oficiante da cerimonia bautismal (ver FICHA 12: PABLO).

Outro crego que se converteu en impulsor e propagador do seu nome foi *Benito Regueira*, oficiante da maior parte dos bautismos entre 1780 e 1815 (como o presbítero anterior, durante a reitoría do párroco Josef María Suárez Rioboo): dos 17 bautizados que tiveron *Benito* de nome neste período, el apadriñara a tres e dos outros fora o oficiante da cerimonia bautismal (ver no minidisco adxunto a FICHA 16: BENITO).

Aínda que estes dous eclesiásticos de finais do século sobresaíran polo seu celo proselitista, non foran os únicos, pois ó longo de toda a centuria houbera outros cregos divulgadores dos seus nomes ou doutros novos: *Bartholomé de Leis y Caamaño* (entre 1700 e 1722), *Ignacio García de la Peña* (entre 1722 e 1738: 6 dos 11 *Ignacios* deste século bautizáronse neste período), *Juan Francisco de Liñares* (entre 1738 e 1779). No tocante a este último, como levaba dous nomes 'históricos' e habituais, non podemos calibrar cantos novos bautizados o levaron por el e cantos pola forza do costume[108].

No **séc. XIX** dispárase a porcentaxe de bautizados que recibiron o nome transmitido polos seus padriños e madriñas, pois ascende ó 75 %. O pulo transmisor dos padriños chegou ás súas cotas máximas na maior parte dos nomes deste século, especialmente nos nomes tradicionais e históricos da parroquia: *Ángel* (100 %), *Juan* (92,3 %), *Antonio* (91 %), *Francisco* (88,8 %), *Vicente* (87,5 %), *Pedro* (83,3 %), *Andrés* (82,7 %), *Domingo* (80 %) ou *Pablo* (77 %). Aínda que nalgúns casos en menor medida, tamén vemos porcentaxes moi altas na acción espalladora dos padriños de bautizados portadores dos novos nomes que entraran no séc. XVIII: *José* (75,2 %), *Manuel* (65 %), *Joaquín* (o 100 %), *Ramón* (o 77 %), *Benito* (61,5 %), *Miguel* (o 91 %). *Jesús*, que entrara en 1866, acadou o 37,5 % ó final do século.

O labor divulgador dos pais subiu algo respecto da centuria anterior (agora quedou no 10,5 %); aínda así, a influencia onomástica paterna segue nas cotas

[108] Quizais contra este exceso de protagonismo dalgúns eclesiásticos na imposición dos nomes á hora do bautismo vai esta solicitude dos párrocos do arciprestado de Moraña no sínodo compostelán de 1735: "que en la imposición de los nombres se conformen los curas con la voluntad de los padres o padrinos del niño, procurando que sean propios de algún santo, principalmente del Testamento Nuevo (...) pero nunca del gentil o idólatra o que denote sangre hebrea" (SAAVEDRA; 1994: 323).

mínimas do período anterior. Os nomes con maior número de bautizados que herdaron os nomes paternos e/ou maternos, foron: *Antonio* (25 %), *Juan* (23 %), *José* (21,7 %), *Manuel* (13,7 %) e *Domingo* (12,2 %), Nos outros nomes este influxo foi apenas imperceptible, e na maior parte non se deu en ocasión ningunha (*Francisco, Pedro, Jesús, Vicente, Joaquín, Pablo, Ángel, Ramón, Benito, Miguel, Simón*, etc.).

O séc. XIX si foi no que menos influíron as festas onomásticas para a imposición e transmisión dos nomes (o 5,3 % dos bautizados, a cota máis baixa das catro centurias). O nome que presenta a porcentaxe máis alta é *Vicente* (18,8 %, semellante á que xa tiña no século anterior, que fora o 18,2 %), seguido de *Jesús* (12,5 %) e *Pedro* (11 %).

Finalmente, o capítulo das 'causas descoñecidas' tamén chegou nesta centuria á porcentaxe máis baixa das catro, o 23,3 %. O motivo deste descenso quizais se debese ó feito de que se convertesen agora os padriños e madriñas nos máximos difusores dos nomes, case en exclusiva, sen compartiren este privilexio nin cos pais, nin coas festas onomásticas nin con principais actores agochados nas causas descoñecidas, que, como puidemos comprobar, non eran outros cós oficiantes dos bautismos. Obsérvese como baixan as porcentaxes de todos os apartados a excepción do destinado ós padriños.

Nesta centuria unicamente un crego oficiante se quixo facer notar no espallamento do seu nome (¡e de qué maneira!). Foi *Simón Manuel de Leis y Lema*, responsable da imposición do nome de *Simón* a 14 dos 15 bautizados –en 1 como padriño e en 13 como oficiante- que o levaron no séc. XIX, e nun curto período de anos: entre 1825 e 1844 (ver no minidisco FICHA 17: SIMÓN). Iso explica a alta porcentaxe –o 86,6 %- que leva este nome no apartado de 'causas descoñecidas' (que, neste caso concreto, non o foron tanto, pois logramos saber delas). A teimudez do párroco tivo que ser proverbial no seu tempo, e imaxinámolo exercendo unha presión abafante sobre pais e padriños momentos antes da cerimonia bautismal a prol da imposición do seu nome, polo que debía estar moi fachendoso. Con todo e con iso, tanto dirixismo non conduciu a ningures, pois o nome desapareceu da escena berdoiesa en canto morreu o eclesiástico: tal vez a xente chegou a identificar *Simón* con 'submisión', e diso xa tiñan abondo na vida diaria.

No **séc. XX** varían os datos, pois en parte volven semellarse ós do séc. XVII (especialmente do tocante á influencia do nome dos pais e das causas descoñecidas).

Non obstante, empezando polo apartado correspondente á transmisión do nome dos padriños, vemos que baixou abondo a porcentaxe respecto do século anterior (pasou do 75 % ó 42 %); isto foi debido a que en calquera dos nomes con maior número de bautizados descendeu o número de padriños que se esforzaron por transmitiren o seu nome, en relación inversa ó número de pais (duplicaron a porcentaxe da centuria anterior: pasaron do 10,5 % ó 23,5 %). Os pais parecen reclamar un maior protagonismo na importante decisión da imposición do nome dos seus fillos, e xa evitan deixar isto exclusivamente nas mans dos padriños

(especialmente no últimos anos). En nomes como *José* quedan case igualadas as porcentaxes de padriños e pais (46,6 % e 38,3 %, respectivamente); noutros aínda se manterá a diferenza, pero apreciándose unha notable merma na porcentaxe dos padriños e unha suba moderada na dos pais; así, na imposición de *Manuel* influirán os padriños nun 54,8 %, e os pais nun 22 % (no séc. XIX a proporción era de 65 % fronte ó 13,7 %); en *Andrés*, os padriños baixan do 82,7 % ó 50 %, e os pais soben dun 1,9 % a un 12,5 %; en *Francisco* os padriños baixan dun 88,8 % a un 29,4 %, e os pais soben dun 0 % a un 11,8 %. Dous nomes de recente introdución, como *Jesús* (1866) e *Celestino* (1879), foron propagados máis polos padriños que polos pais (no primeiro caso, con porcentaxes moderadas: o 21,4 % fronte ó 4,7 %; no segundo un pouco máis altas: o 53 % fronte ó 11,7 %). Mesmo houbo nomes tradicionais como *Juan* que recibirán máis impulso dos pais (o 40 %) ca dos padriños (o 10 %).

As festas onomásticas influíron máis que na centuria anterior, pero aínda non moito (o 7,5 %), e as 'causas descoñecidas' volveron a niveis dos séculos XVII e XVIII, pois pasouse do 23,3 % do séc. XIX a un 42,3 %. Aínda que van baixando notablemente despois da segunda metade do século, a secular forza do costume levou a moitos padriños e/ou pais a impoñeren "porque si", pola forza do costume, moitos dos nomes tradicionais como *José* (que recibe neste apartado unha porcentaxe do 33 %), *Andrés* (37,5 %), *Manuel* (39 %), *Juan* (50 %) e *Francisco* (64,8 %). Sinais da rápida implantación de nomes de entrada recente como *Jesús* e *Celestino* son as notables porcentaxes que amosan neste apartado (o 64,3 % no primeiro caso, e o 35,3 % no segundo).

Para rematar definitivamente o apartado das causas da propagación dos nomes, estableceremos unha COMPARANZA DOS DATOS DOS 20 PRIMEIROS NOMES COS DOS 50 que recollimos no ***Cadro 21*** da páx. 167 ('Cómputo total das causas principais da propagación dos 50 primeiros nomes masculinos de Berdoias [NP e NP + NS]') da páxina seguinte, que, ademais dos números e porcentaxes correspondentes ós NP, presenta de novidade os números e porcentaxes do que denominamos 'cómputo total absoluto' (resultado da suma dos NP e dos NS).

No tocante ós NP, podemos observar as escasas variacións que se producen ó pasarmos dunha mostra dos 20 primeiros nomes e 1355 bautizados (o 75,65 % dos 1791 totais) a outra dos 50 primeiros nomes e 1591 bautizados (o 88,83 % dos totais): baixan lixeiramente as porcentaxes correspondentes á transmisión do nome dos padriños (pasa do 56 % ó 53,5 %) e dos pais (pasa do 14,2 % ó 12,6 %) e aumentan en proporcións semellantes as porcentaxes dos nomes de día (soben do 7,4 % ó 9,6 %) e das causas descoñecidas (do 33,6 % pasa ó 34,5 %). Entra dentro de toda lóxica que, canto máis vaiamos incluíndo os nomes de menor número de bautizados, maior porcentaxe teremos de nomes de día (caracterizados pola súa dispersión).

Co engadido dos NS –o que amplía a mostra a un total de 2057 bautizados- hai algúns cambios que cómpre comentar: baixa a porcentaxe de nomes recibidos pola

transmisión do dos padriños (en pouco máis de catro puntos: ó 49 %) e aumenta a correspondente ó apartado das 'causas descoñecidas', que se ven aumentadas en nove puntos (pasa dos 33,6 % ó 43,6 %). Nos outros dous apartados hai unha coincidencia case exacta, pois na transmisión do nome dos pais descende apenas un par de décimas (pasa ó 12,4 %) e a proporción dos nomes de día sobre outras dúas décimas (pasa ó 9,8 %). Tampouco son diferenzas moi notorias.

Vese, logo, claramente, como **prevalece a vontade dos padriños e madriñas**, manifesta coa observación superficial do ***Cadro 21*** (a primeira causa en case todos os nomes, especialmente nos de maior número de bautizados). Esta proporción aínda aumentaría se houbese algún medio de saber quen impuxo o seu criterio á hora da imposición dos nomes comprendidos dentro do apartado das causas descoñecidas (exceptuando aqueles nos que produciu a intromisión do oficiante). Visto o visto, atreveriámonos a dicir que prevaleceu a vontade dos padriños sobre a dos pais, especialmente nas tres primeiras centurias e na primeira metade da anterior.

Transmiten o seu nome ós afillados principalmente os padriños, pero as madriñas non quedaron atrás á hora de impoñeren a forma masculina do seu nome, especialmente nos nomes con maior número de bautizados (*José, Manuel, Andrés...*). Sirva de mostra que no séc. XVIII foron 23 madriñas chamadas *Josepha* as transmisoras do nome de *Joseph* a outros tantos afillados (fronte a 74 padriños).

Por outra banda, as madriñas atopábanse en certa desvantaxe, especialmente nos dous primeiros séculos: no período 1607-1760 **non nos consta o nome da madriña** en 188 partidas de bautismo (o 20,75 % do total das partidas): en 159 das partidas porque ela non era imprescindible para a cerimonia bautismal, pois abondaba cun padriño in solidum; en 29 o deterioramento dos folios non nos permitiu o coñecemento do nome e, en 9, o escribán non se preocupou por transcribir o seu nome (contentábase con dicir que era "la mujer del padrino", "la mujer de Guillelmo de Canosa", etc.). Pola contra, en tan só 19 partidas non puidemos saber o nome do padriño (en case todas polo mal estado dos folios, pois apenas existen madriñas in solidum).

Entre os nomes máis comúns e tradicionais, non houbo padriño nin madriña que se resistise á tentación de transmitir o seu nome a un afillado ou afillada, e con frecuencia a varios. Deste xeito, *D. José Cantorna* –veciño de Berdeogas que case sempre aparece co 'don' anteposto- apadriñou polo menos a seis bautizados entre 1822 e 1835, impoñéndolles o seu nome de pía; un tal *Pablo de Caamaño* apadriñou a catro nenos co seu nome entre 1807 e 1826; un *Benito de Caamaño* foi padriño de tres nenos co seu nome entre 1839 e 1887, pero antes unha *Benita González* fora madriña de dous *Benitos* en 1800 e 1810, etc. *Andrés Romero*, de finais do séc. XVIII e principios do XIX apadriñou a varios *Andrés* e *Andreas* (e houbo *Andreas* que foron madriñas dalgún que outro *Andrés*)[109].

[109] Faríase interminable citar casos e casos: con ollar calquera dos "Datos básicos" das fichas do minidisco dos nomes principais veranse múltiples exemplos.

Cadro 21: Cómputo total das causas principais da propagación dos 50 primeiros nomes masculinos de Berdoias (NP e NP + NS)

nome	Número de bautizados		1. Nome dos padriños		2. Nome dos pais		3. Festa onomástica		5. Causas descoñecidas	
	NP	NP+NS	NP	NP+NS	NP	NP + NS	NP	NP + NS	NP	NP + NS
1. José	302	326	172 (57 %)	188 (57 %)	80 (26 %)	87 (26 %)	33 (11 %)	35 (10,7 %)	88 (29 %)	93 (28 %)
2. Manuel	217	283	128 (59 %)	157 (55 %)	33 (15 %)	48 (17 %)	13 (6 %)	17 (6 %)	84 (38 %)	108 (38 %)
3. Juan	141	150	75 (53 %)	80 (53 %)	36 (25 %)	36 (24 %)	4 (2,8 %)	4 (2,6 %)	41 (29 %)	45 (30 %)
4. Andrés	121	144	81 (67 %)	87 (60 %)	5 (4 %)	12 (8 %)	5 (4 %)	5 (3,5 %)	38 (31 %)	51 (56 %)
5. Francisco	81	101	44 (54 %)	54 (53 %)	2 (2,4 %)	4 (4 %)	3 (3,7 %)	3 (3 %)	34 (50 %)	43 (42 %)
6. Domingo	74	85	43 (58 %)	48 (56 %)	18 (24 %)	18 (21,2 %)	-	-	17 (23 %)	23 (27 %)
7. Pedro	66	71	33 (50 %)	34 (48 %)	4 (6 %)	4 (5,6 %)	2 (3 %)	2 (2,8 %)	29 (44 %)	33 (46 %)
8. Jesús	50	64	12 (24 %)	13 (20 %)	2 (4 %)	3 (4,6 %)	4 (8 %)	5 (7,8 %)	30 (62 %)	40 (62 %)
9. Antonio	41	177	24 (58 %)	62 (35 %)	6 (14 %)	24 (13,5 %)	2 (4,9 %)	14 (7,9 %)	12 (29 %)	89 (50 %)
10. Vicente	29	46	21 (72 %)	24 (52 %)	-	-	6 (20 %)	7 (15 %)	5 (17 %)	17 (37 %)
11. Joaquín	28	32	24 (85 %)	25 (78 %)	-	-	-	-	4 (14 %)	7 (22 %)
12. Pablo	28	32	12 (43 %)	12 (37 %)	-	-	5 (18 %)	7 (22 %)	12 (43 %)	14 (43%)
13. Ángel	28	31	18 (64 %)	20 (64 %)	2 (7 %)	2 (6,5 %)	1 (3,5 %)	2 (6,4 %)	9 (32 %)	10 (37 %)
14. Ramón	26	56	12 (46 %)	30 (36 %)	-	-	-	-	14 (54 %)	36 (64 %)
15. Miguel	26	28	18 (69 %)	19 (68 %)	-	-	4 (15 %)	4 (14 %)	5 (19 %)	6 (21 %)
16. Benito	25	36	16 (64 %)	19 (52,8 %)	-	-	4 (16 %)	6 (16,6 %)	9 (36 %)	16 (44,4 %)
17. Simón	22	34	6 (27,3 %)	8 (23,5 %)	-	-	3 (13,6 %)	6 (17,6 %)	12 (55 %)	21 (61,7 %)
18. Celestino	21	23	9 (42,8 %)	9 (39 %)	2 (9,5 %)	3 (13 %)	2 (9,5 %)	2 (8,7 %)	10 (47,6 %)	12 (52 %)
19. Gregorio	16	18	9 (56,2 %)	11 (61 %)	1 (6,2 %)	1 (5,5 %)	8 (50 %)	10 (55,5 %)	2 (12 %)	2 (11 %)
20. Alonso	13	16	4 (30,7 %)	4 (25 %)	2 (15,4 %)	2 (12,5 %)	2 (15,4 %)	2 (12,5 %)	6 (46 %)	9 (56 %)
21. Matías	13	14	7 (53,8 %)	8 (57,2 %)	-	-	6 (46,2 %)	6 (42,8 %)	-	-
22. Ignacio	12	17	8 (66,6 %)	10 (58,8 %)	-	1 (5,8 %)	2 (16,6 %)	3 (17,6 %)	2 (16,6 %)	4 (23,5 %)
23. Bernardo	11	16	5 (45,4 %)	6 (40 %)	-	-	1 (9 %)	2 (13,3 %)	5 (45,4 %)	7 (43,7 %)
24. Luis	11	18	3 (27,3 %)	3 (16,6 %)	-	-	3 (27,3 %)	5 (27,8 %)	4 (36,4 %)	9 (50 %)
25. Ricardo	11	18	3 (27,3 %)	3 (16,6 %)	-	1 (5,5 %)	2 (18,2 %)	2 (11,1 %)	6 (54,5 %)	12 (66,6 %)
26. Tomás	11	16	6 (54,5 %)	9 (56,2 %)	-	-	4 (36,4 %)	6 (37,5 %)	2 (18,2 %)	2 (12,5 %)
27. Alberto	10	11	2 (20 %)	2 (18,2 %)	1 (10 %)	1 (9 %)	2 (20 %)	2 (18,2 %)	5 (50 %)	6 (54,5 %)
28. Evaristo	10	11	2 (20 %)	2 (18,2 %)	-	-	1 (10 %)	1 (9 %)	8 (80 %)	9 (81,8 %)
29. Silvestre	9	14	7 (77,7 %)	7 (50 %)	-	-	2 (22,2 %)	6 (42,8 %)	-	1 (7 %)
30. Felipe	9	11	4 (44,4 %)	5 (45,5 %)	-	-	3 (33,3 %)	3 (27,3 %)	2 (22,2 %)	2 (18,2 %)
31. Daniel	9	10	1 (11,1 %)	1(10 %)	-	-	-	-	8 (88,8 %)	8 (80 %)
32. Jacobo	9	10	4 (44,4 %)	4 (40 %)	-	-	1 (11,1 %)	1 (10 %)	3 (33,3 %)	3 (30 %)
33. Rafael	8	9	3 (37,5 %)	4 (44 %)			4 (50 %)	4 (44 %)	2 (25 %)	2 (22, 2 %)
34. Enrique	8	9	3 (37,5 %)	3 (37,5 %)	2 (25 %)	2 (25 %)	2 (25 %)	2 (25 %)		
35. Faustino	8	8	3 (37,5 %)	3 (37,5 %)					5 (62,5 %)	5 (62,5 %)
36. Alejandro	7	11	2 (28,6 %)	3 (27,3 %)	1 (25 %)*	1 (9 %)	1 (14,3 %)	2 (18,2 %)	4 (57 %)	5 (45,5 %)
37. Fernando	7	10	4 (57,1 %)	6 (60 %)			2 (26,6 %)	2 (20 %)	1 (14,3 %)	2 (20 %)
38. Martín	7	10			1 (14,3 %)	2 (20 %)	2 (28,6 %)	2 (20 %)	4 (57 %)	5 (50 %)
39. Aurelio	7	7	5 (71,4 %)	5 (71,4 %)			1 (14,3 %)	1 (14,3 %)	4 (28,6 %)	4 (28,6 %)
40. Agustín	6	8	3 (50 %)	3 (37,5 %)			2 (33,3 %)	3 (37,5 %)	1 (16,7 %)	2 (25 %)
41. Bartolomé	6	7	2 (33,3 %)	2 (25 %)			1 (16,6 %)	2 (25 %)	3 (50 %)	3 (37,5 %)
42. Eduardo	6	7			1 (16,6 %)	1 (14,3 %)			5 (83,3 %)	6 (85,7 %)
43. Marcos	6	6	1 (16,6 %)	1 (16,6 %)			2 (33,3 %)	2 (33,3 %)	3 (50 %)	3 (50 %)
44. Perfecto	6	6	1 (16,6 %)	1 (16,6 %)			1 (16,6 %)	1 (16,6 %)	4 (66,6 %)	4 (66,6 %)
45. Salvador	6	6	4 (66,6 %)	4 (66,6 %)					2 (33,3 %)	2 (33,3 %)
46. Carlos	5	10	2 (40 %)	4 (40 %)		1 (10 %)	2 (40 %)	3 (30 %)	1 (15 %)	2 (20 %)
47. Fructuoso	5	7	2 (40 %)	2 (28,6 %)					3 (60 %)	5 (71,4 %)
48. Lorenzo	5	5					5 (100 %)	5 (100 %)		
49. Caetano	4	8	3 (75 %)	3 (37,5 %)			1 (25 %)	5 (62,5 %)		
50. Cristovo	4	4			1 (25 %)	1 (25 %)	1 (25 %)	1 (25 %)	2 (50 %)	2 (50 %)
total	1591	2057	851 (53,5 %)	1008 (49 %)	200 (12,6 %)	255 (12,4 %)	153 (9,6 %)	203 (9,8 %)	550 (34,5 %)	898 (43,6%)
	Causa primeira									

Entre padriños e madriñas adoitaba haber acordos salomónicos: un impoñía o primeiro nome e o outro o segundo (en 1769 *Andrés de Caamaño* e *Antonia de Lema* apadriñaron unha nena á que chamaron *Andrea Antonia*).

Algúns dos nomes considerados 'raros' ou, polo menos, pouco habituais, foron debidos á transmisión dos que xa tiñan padriños e madriñas. Así, *Frutuoso de Caamaño* transmitiulles o seu nome a dous nenos de finais do séc. XVIII, e *Thomé Riveiro* pasou de NS o seu nome á súa afillada de 1765, *Josepha Thomasa*. Por este medio introduciuse en 1789 o primeiro *Santiago* da freguesía (e único por anos e anos): a súa madriña chamábase *Jacoba Pérez*.

Nalgunha ocasión algúns padriños e madriñas con nomes 'raros', quizais xa considerados na época un tanto feos ou de difícil pronunciación, parece que se retraeron á hora de facer o que era habitual: transmitiren o seu propio nome ós afillados e afilladas. Algo tería que haber no ambiente para que un tal *Bonifacio de Caamaño,* por volta da terceira década do séc. XIX, ou unha *Melchora Pérez* contra finais do XVIII, non figuren apadriñando a ningún neno ou nena na parroquia. ¿Non os chamaría ninguén ó compadreo por medo a que cismasen en transmitiren os seus respectivos nomes? Só é unha suposición, pero dá que pensar que tanto un como a outra, que tiveron numerosos fillos e fillas (e, polo tanto, moitos compadres e comadres) non recibisen ningunha proposta de apadriñamento. E iso que eles xa procuraron non dar en herdanza os seus nomes a ningún dos seus descendentes...

Outro apartado especial é a POSIBLE RELACIÓN PARENTAL do padriño e/ou da madriña co afillado.

Tense dito e repetido que os padriños do primeiro fillo ou filla eran sempre o avó e a avoa, especialmente os da casa patrucial, que pasaban a ser chamados 'padriño' e 'madriña' por antonomasia por todos os netos, mesmo para os que non foron apadriñados por eles.

Tense tamén afirmado que, nos tempos de austeridade e escasez de antes, procurábase que os fillos e fillas fosen apadriñados por alguén da casa (os avós, os tíos, os propios irmáns maiores, etc.) por unha causa moi simple: para aforrar o banquete –un bo xantar ou unha boa cea- que obrigatoriamente lles había que dar ós compadres e comadres; se estes eran da casa –ou polo menos, da familia- isto non se levaba a cabo. Ata ben pasados os anos cincuenta do séc. XX veuse repetindo este razoamento.

Non obstante, os datos que nos revelan as partidas de Berdoias desmenten tales afirmacións.

O parentesco dos padriños e das madriñas cos bautizados empeza a anotarse nas partidas a partir de 1750, como xa adiantamos. Aínda así non sempre se fixo, especialmente a partir da segunda metade do séc. XX, e os datos que ofrecemos só son moi parciais. Con todo e iso podemos asegurar sen temor a enganarnos que a

inmensa maior parte dos padriños e madriñas dos bautizados berdoieses **non eran familiares directos seus**.

Nos nomes de maior uso as porcentaxes dos padriños **non** familiares acadaron e mesmo sobrepasaron o 75 %, quedando para os da parentela tan só o 25 %. Véxanse, senón, os datos dos dez primeiros NP (de 1751 a 2000): *José*: 412 padriños/madriñas non familiares (o 73,7 %) fronte a 147 padriños/madriñas que si o eran (o 26,3 %), *Manuel* (69,8 % non familiares, fronte ó 30,2 % familiares), *Juan* (78,2 / 21,8 %), *Andrés* (68,2 % / 31,7 %), *Francisco* (78,9 % / 21 %), *Domingo* (70 % / 30 %), *Pedro* (81 % / 18,8 %), *Jesús* (81,8 % / 18,18 %), *Antonio* (70 % / 30 %) e *Vicente* (80 % / 20 %).

Repito que estes datos non son fiables de todo, pois non sempre os cregos indicaron o grao de parentesco nas partidas, especialmente a partir da segunda metade do séc. XX. Non obstante, descontados estes esquecementos, non creo que baixe do 70 % ou do 60 % o número de padriños/madriñas non familiares nin de que se achegue ó 30 ou ó 40 % os da parentela.

Dentro dos padriños/madriñas familiares os primeiros en número non foron os avós, senón os tíos (quizais porque os primeiros estaban reservados ós fillos máis vellos unicamente, quizais porque, dada a curta esperanza de vida dos séculos anteriores ó XX, moitos avós xa estaban falecidos cando os matrimonios tiñan o primeiro fillo). Despois dos tíos e tías viñan os avós e avoas, tanto uns coma outros en proporcións distintas. Xa a moita distancia, os irmáns maiores e os curmáns tamén de certa idade.

En Berdoias vese clara a tendencia de escoller como padriño e madriña a alguén dun status superior. Así, aínda que no momento houbese que facer un dispendio importante para o convite do bautismo, os pais tomábano como un investimento a longo prazo e confiaban en que á larga o gasto sería pagado con creces polos compadres, xa en bos regalos para o afillado, xa dispensándolle un amparo ou protección na súa vida. Os padriños eran como uns segundos pais, cantas veces ben máis efectivos –materialmente falando- cós pais efectivos. Tamén adquirían co afillados obrigas espirituais, que se expresan nas partidas.

Nos séculos XVII, XIX e XIX está moi clara a intención dos pais berdoieses en buscaren compadres entre os fidalgos da parroquia ou entre xente notable (co 'don' anteposto ó nome). No séc. XVII aparecen como padriños bastantes veces –e non só con bautizados da súa familia- os fidalgos *Alonso de Lema II* e a súa muller *Maior Franqueira*, *Martiño de Castiñeira* e a súa muller *María Alvares*, *García Lois de Lema* e a súa esposa *Lorença Vermudes*, o arcediago de Trastámara, *Sancho de Lema*, etc., etc.

No séc. XVIII aparecen apadriñando membros da familia fidalga Leis-Lema (que nalgúns casos xa non vivían na freguesía), e o fidalgo *Rodrigo Sancho de Leis* en varias ocasións. Cando a finais do segundo terzo do século desaparece a fidalguía da

parroquia, algún novo personaxe importante ocupa o seu lugar nos apadriñamentos: por exemplo, *D. Thomás de Cervigón* –irmán do párroco do mesmo apelido- e a súa esposa *Dna Úrsula Alonso*, aveciñados en Berdeogas.

No séc. XIX salienta a presenza de *D. Joseph Cantorna* e a súa muller *Dna Vicenta López*, tamén aveciñados en Berdeogas.

Tamén son requeridos os párrocos –da freguesía (como *Joseph de Cervigón*, séc. XVIII) ou de fóra dela (*Francisco de Lema y Carantoña*, de Dodro, 1712) e, sobre todo, os cregos segundóns (case todos da parroquia: *Juan Francisco de Liñares*, *Pablo Marcote*, *Benito Regueira*, *Simón Manuel de Leis*, etc.). Todos eles eran personaxes importantes que lles haberían de valer, sen dúbida, ós afillados na súa vida.

No século XX xa non hai tanta obsesión por buscar padriños entre as clases consideradas altas, en parte porque a distancia física e social é moito maior (non aparece ningún membro da familia Blanco-Rajoy, os novos señores, apadriñando a ningún fillo de veciño), en parte porque xa se descobren novos horizontes coa emigración.

Ata ben entrado o séc. XX a procedencia dos padriños e madriñas estaba repartida entre os veciños da propia parroquia e os doutras freguesías da redonda, nun radio non moi superior ós dez quilómetros: Berdeogas –parroquia coa que hai unha relación case endogámica-, Cambeda, Castrelo, Calo, Vimianzo, Baíñas, Carnés, Cereixo, A On, Ozón, Vilastose, Coucieiro, Moraime, Dumbría..., son as máis repetidas; tamén hai padriños de freguesías distantes entre 10 e 20 quilómetros (Soesto, Salto, Bamiro, Zas, etc.). Raramente veñen de parroquias de moito máis lonxe, agás fabas contadas (no séc. XIX unha familia asentada en Berdoias procedía de Santa María de Bardaos, comarca das Mariñas; contra 1850 hai unha madriña portuguesa, *Joaquina Paiba*, xa casada na parroquia). A finais do séc. XX xa aparecen padriños de Cee, Fisterra, Corcubión, A Laracha, A Coruña ou mesmo de León ou Castela.

11. Nomes e clases sociais: a onomástica da fidalguía berdoiesa (séculos XVII e XVIII)

Neste traballo de case 400 anos consideramos de interese o estudo particular dos nomes dos homes e mulleres dunha liñaxe fidalga –os *Lema* de Berdoias- que viviu na freguesía durante os séculos XVI, XVII e XVIII. A fidalguía, estamento privilexiado no Antigo Réxime, construtora dos pazos, gozaba dun status superior nesta pequena comunidade rural, e esta situación de privilexio seguramente provocaría a fachenda e autocomplacencia dos seus membros, tanto como para sentiren a tentación de facéreno notar de cara a fóra impoñendo ós seus fillos, xa uns nomes de longa tradición familiar, da liñaxe, xa unha onomástica especial e distinguida, ás veces rebuscada de máis.

Afortunadamente temos suficientes datos documentais para reconstruírmos con garantía a árbore xenealóxica da póla principal desta familia xa desde máis de cen anos antes do inicio do período do noso estudo onomástico (as orixes remóntanse a mediados do séc. XV).

Segundo os diversos xenealoxistas[110] esta sería a árbore xenealóxica dos *Lema* de Berdoias, tronco principal, desde mediados do séc. XV:

Gráfica 11: árbore xenealóxica dos primeiros *Lemas* (séculos XV-XVI)

Fernán de Lema --- Urraca Ares de Moscoso

Lope de Lema y Leis --- Teresa Oanes de Soutomaior

Nuño de Lema Romero --- María de Castro

Gómez de Lema e Romero --- Berenguela Sánchez de Ulloa

Rui de Lema Romero --- Inés Vermúdez Losada

Juan de Lema Romero --- Elvira Gómez

Gonzalo de Lema y Leis --- Lorenza Gómez de Taibo

Alonso de Lema I [Taibo] --- Constanza de Lema

Sancho de Lema y Leis --- Teresa de Lema Martínez

Alonso de Lema II --- Maior Franqueira de Castiñeira

[110] Canosa Mouzo, M. (1975): *Cuaderno Primero de los Lemas*; Crespo Pozo (1962-III: 160, 161); Martínez Barbeito (1986: 114). Basicamente sigo a Canosa, quen, xunto con J. E. Rivadulla Porta, copiara documentos do Arquivo do Reino de Galicia e de arquivos particulares (Martínez Barbeito, no tocante ós datos dos fidalgos de Soneira e Nemancos, bebera maiormente das fontes de Canosa e Rivadulla).

Fernán de Lema era señor de Berdoias e da casa da Atalaia (parroquia de San Pedro de Leis), hoxe desaparecida. Urraca Ares de Moscoso pertencía á poderosa familia dos Moscoso, da casa de Altamira, liñaxe de grande importancia na Terra de Santiago e nas xurisdicións da costa occidental de Galicia, xa desde principios do séc. XV. Fernán de Lema sería enterrado na quintana da igrexa de Santa María de Noia (falecera en 1443); a súa tumba levaba na tampa a inscrición seguinte: "ES DE FERNAN DE LEMA ERA DE MCCC", e as armas dos Caamaño: un piñeiro con dez lanzas.

Teresa Oanes de Soutomaior era da casa da Serra de Outes, onde casaron.

María de Castro era de Noia, onde casou con Nuño; non obstante, pasarán a vivir na casa da Atalaia (Leis). Gómez de Lema y Romero e Berenguela Sánchez de Moscoso tamén viviron na casa da Atalaia.

CRESPO POZO (1962-III: 160) pasa por alto a Rui de Lema Romero e Inés Bermúdez de Castro, pois salta de Gómez de Lema a Juan de Lema.

MARTÍNEZ BARBEITO (1986: 114) sitúa un Fernán de Lema no lugar de Juan de Lema Romero.

Gonzalo de Lema y Leis e Lorenza Sánchez de Taibo residiron en Berdoias.

Alonso de Lema I [Taibo] empadroouse como nobre en Vimianzo contra 1568 para ir á guerra dos mouriscos de Las Alpujarras (Granada).

Co matrimonio de Sancho de Lema y Leis e Teresa de Lema Martínez remátase o séc. XVI. Vivían en Berdoias; fundaron en 1598 da capela de Nosa Señora da O no mesmo lugar onde anos despois o seu fillo Alonso construirá (1617) a nova igrexa parroquial de San Pedro de Berdoias. Sancho de Lema testou en 1600 en Vimianzo.

A partir do matrimonio de Alonso de Lema II e Maior Franqueira de Castiñeira iníciase o primeiro período deste estudo.

Gráfica 12: OS FILLOS E FILLAS DE
D. ALONSO DE LEMA II E *Dª. MAIOR FRANQUEIRA DE CASTIÑEIRA* *



Don ***Alonso de Lema Leis, o II***, dono das casas de Berdoias e da Atalaia (Leis), debeu nacer en Berdoias contra 1570. Casou -quizais por volta do ano 1600- con dona ***Maior Franqueira de Castiñeira*** (da casa de Castiñeira, de Cambeda, filla de D. Martiño –ou Martín- de Castiñeira)[111].

Este matrimonio vivía en Berdoias, seguramente na vella torre dos Lema, hoxe desaparecida, pero que aínda a finais do séc. XVII e principios do XVIII se mantiña en pé: "[la casa de los Lema] *es de piedra berroqueña, con su torre cuadrada, aunque por partes arruinada, y en su fábrica denota ser muy antigua; y en lo más alto della se le conoce un escudo con sus armas, pequeño, con una palma, que es el blasón del apellido de Lema, y haber tenido muralla a la redonda, según lo indican sus ruinas. Su sitio es áspero, a la orilla de un río y de una dehesa grande*" (CRESPO; 1962-III: 160).

En 1607 mandou facer unha nova casa no propio lugar de Berdoias: *"la casa y torre nueva que levanté en medio del lugar con la casa terrena que se ha de levantar a mi costa pegada a ella"* (CANOSA; 1975a: fol. 29, rº). Esta é a casa que, afortunadamente, aínda hoxe se conserva en Berdoias sen apenas modificacións: un edificio de planta rectangular, tellado a catro augas, sen cheminea, con fachada de cantería irregular orientada cara ó oeste, que no lintel monolítico da porta principal de entrada amosa a seguinte inscrición: ESTA CASA ISO D. AL[ONSO] DE LEMA FA/MILIAR DEL S[ANT]º OF[ICI]º ANO DE 1607. Adosado ó seu muro norte leva un cabanote dunha única planta -esta debe ser a "*casa terrena pegada a ella*" do documento que acabo de citar- cunha porta alintelada de formas ben antigas.

No ano 1617 Alonso de Lema deu remate á igrexa parroquial de San Pedro de Berdoias no lugar que hoxe ocupa, onde os seus pais construíran (en 1598) a capela de Nosa Señora da O (é a capela norte do templo). Segundo unha tradición oral aínda hoxe conservada na parroquia, a igrexa estaba antes no lugar de Grixoa (o que é bastante verosímil, en base á transparente etimoloxía do topónimo). Deixou ademais á parroquia terreo para o igrexario. No exterior do muro sur do presbiterio hai unha inscrición onde se indica que Alonso de Lema mandara levar a cabo a obra da capela maior ("ALº DE LEMA / HISO ESTA CAPILLA/ EL AÑO 1604"), e na clave da bonita bóveda de estrela do interior hai outra inscrición circular co nome do fidalgo: AºL DE LEMA, que adoptamos como logotipo especial para este libro.

Este matrimonio tivo, polo menos, oito fillos: *Sancho*, nacido seguramente entre 1601 e 1606 (non figura nos libros de bautizados conservados, pois o primeiro

[111] Como non tivemos acceso directo ós documentos anteriores ó 1600, transcribimos os nomes e apelidos tal como nolos legaron os heraldistas, os historiadores ou os copistas, de tal xeito que non sabemos se aquel Nuño de Lema era en realidade *Nuno*, se Juan de Lema era *Joán*, se Constanza de Lema era *Constança*, etc. Tense comentado a teima que tiveron (e aínda teñen) algúns dos nosos historiadores ou heraldistas por castelanizaren nomes e apelidos das Idades Media e Moderna. Polo 1600 o –i– alterna co –y–, de aí que ás veces nos documentos apareza *Maior* e outras *Mayor* (con preferencia desta segunda forma) e, nalgunha das partidas bautismais de Berdoias, *Mor*. Con respecto ós patronímicos, nos séculos XVII, XVIII e mesmo nas primeiras décadas do XIX, alterna o sufixo –ez co –es (*Álvarez e Alvares*, con preferencia do primeiro conforme imos avanzando no tempo).

empeza en 1607), *Pedro* (nado en 1608), *María* (nada en 1610), *Teresa* (nada en 1613), *Martiño* (nado en 1615), o primeiro *Alonso* (nado en 1617 e finado en 1618), o segundo *Alonso* (nado en 1618 e finado en 1643, ós 24 anos), *García Lois* (nado quizais entre 1619 e 1622; a súa partida non aparece no Libro 1º de bautizados, pois lembremos que faltan as dos anos comprendidos entre 1619 e 1628).

Do 13 de xaneiro de 1622 os patrucios berdoienses fundan o Vínculo de Berdoias a favor dos seus fillos D. Pedro e D. Alonso. Por tal vínculo, estes dous fillos -de 14 e 4 anos, respectivamente- resultaban mellorados nos seus bens. Non sabemos qué razóns puideron levar ós patrucios a iniciar un expediente de mellora destes dous fillos a unha idade tan moza, unicamente *"por el afecto que les tenían y buenos servicios que de ellos habían recibido"* (Canosa; 1975a: 1). É difícil de crer que ás idades sinaladas eses fillos tivesen oportunidade de prestalles tan bos servicios ós pais como se afirmaba no documento; seguramente formaba parte do formulario xurídico. O fillo maior era D. Sancho que, en principio, sería o sinalado como titular do vínculo, pero, xa por iniciativa propia, xa por desexo dos pais, orientouse cara á carreira eclesiástica chegando a desempeñar o importante cargo de arcediago de Trastámara, o que supoñía o señorío da importante vila de Cee, onde residiu. Parece que recibiu bens na casa de Castiñeira (Cambeda) de onde era súa nai. Finou en 1665.

Todo parece indicar que D. Alonso e Dna Maior preferiron distribuír as súas propiedades entre os seus fillos o máximo posible, en vez de concentralas nun só (o seu terceiro fillo, D. Martiño, recibiría o couto de Boallo). As fillas recibirían un bo dote para que puidesen casar con fidalgos vinculeiros da zona.

No ano 1629, á morte de Maior Franqueira, Alonso de Lema II efectúa a partición de bens entre os seus fillos Pedro e Alonso conforme á escritura de fundación e doazón de 1622, na que deixara reservado o reparto das vivendas, hortas e cortiñas do citado lugar *"para que lo pudiese hacer á entrambos y dos de por medio porque entre ellos despues no huviese pleitos ni diligencias ningunas, sino que cada uno lleve lo que se le reparte"* (Canosa; 1975a: 30). No *montón* de Pedro de Lema pon a *"casa y torre nueva que levanté en medio del lugar con la casa terrena que se ha de levantar a mi costa pegada a ella y me obligo de levantarla y acabar de gornecir la Torre y casa que se ha de levantar de lo necesario para que pueda vivir en ella honrradamente con todo el Roeiro y cortes que están juanto a ella hasta la casa en que vive ahora Juan de Baíñas que está al Nordés"* (Canosa; 1975a; 30). Segue despois a enumeración de todo o que se inclúe no *montón* de Pedro de Lema.

No *montón* do outro fillo, D. Alonso, o vello patrucio inclúe *"Primeramente las casas que al presente vivo y poseo con todas sus cortes, caballerizas, alpendres, corrales, hortas, navales, cortiñas, conforme todo ello lo uno y poseo, con más el casal en que vive Juan de Lema de Berdoyas, con todas sus cortes,* (...)." (Canosa; 1975a: 34).

Todo o esforzo "repartidor" dos patrucios de Berdoias ía ser van, pois os fillos mellorados co vínculo, Pedro e Alonso, falecerán –o primeiro en 1638 e o segundo en 1643- en vida do pai, e este tivo que facer unha rectificación; ó final o vínculo de Berdoias vai quedar nas mans de D. Martiño de Castiñeira, que xa era titular do vínculo de Boallo.

11.1) Os fillos e as fillas de *Alonso de Lema II* (primeiro terzo do séc. XVII).- Para o noso estudo onomástico un dos aspectos que máis nos interesa é se os fillos e fillas de Alonso de Lema II e de Maior Franqueira quedaron a vivir na parroquia e se deixaron descendencia nela.

O seu fillo maior, *Sancho de Lema*, malia a súa condición de eclesiástico, parece que tivo un fillo natural (nada raro na época), Francisco de Lema, que casou en Cee e chegaría a ser capitán. O tal Sancho fundou un vínculo nas terras de seus avós maternos en Paizás (Cambeda), que en 1649 doou ó seu irmán menor García Lois, veciño de Berdoias. No seu testamento de 1653 confirma esta doazón (Canosa; 1975a: 60). Sancho de Lema debeu ser benfeitor do santuario de Santa Mariña de Paizás, pois o fermoso cruceiro do seu campo -de plataforma octogonal e fuste moi traballado- leva unha inscrición hoxe xa desgastada na que, aínda, se pode ler "ARCEDIANO DE TRASTAMARA".

Na imposición do seu nome prevaleceu certa tradición familiar: a da preeminencia do nome do avó paterno sobre o do pai nos fillos primoxénitos, o que ten unha doada explicación, pois, polo que se observa nalgúns casos, os avós paternos adoitaban ser os padriños dos seus primeiros netos homes, destinados a herdaren o vínculo familiar. Deste xeito, Sancho de Lema recibirá o seu nome do seu avó Sancho de Lema e Leis, como seu pai Alonso o recibira do seu. O futuro arcediago de Trastámara intentará perpetuar o seu nome cando apadriñe o único fillo home do seu irmán García Lois, nado en 1650 (doc. 17). A mediados do séc. XVIII un descendente da rama troncal do seu irmán Martiño de Castiñeira chamarase Rodrigo Sancho de Leis. Con todo, a principios deste séc. XVII na familia Lema parece ser bastante común este nome, pois como padriños de Alonso de Lema (1618) -irmán menor de Sancho- figuran o crego Sancho Lopes e Sancha de Lema (doc. 7).

O fillo segundo, *Pedro de Lema*, nado en Berdoias en 1608, casaría en Nantón (actual concello de Cabana) con Susana Rodríguez de Gondomil, filla do fundador do pazo da Casanova de Nantón. Finou en 1638 e foi enterrado na capela da O da igrexa de Berdoias. O nome que recibiu quizais se debese ó patrón da freguesía de Berdoias, pois na rama troncal familiar non se aprecian ancestros con el; o seu padriño chamábase Alberto. Non obstante, este nome acabarase por converter nun dos do acervo onomástico familiar dos Lema, quizais como impronta inequívoca das súas raíces familiares na parroquia de San Pedro de Berdoias.

María de Lema, nacida en Berdoias en 1610 (doc. 3), tamén casaría para fóra: con Gonzalo de Buitureira, da casa da Buitureira, en Bergantiños.

Teresa de Lema (Berdoias, 1613), que quizais recibira o nome da súa avoa paterna (a pesar de non ser ela a madriña [doc. 4], tamén buscaría acubillo fóra dos eidos paternos; casaría con Juan Gonzalo Pérez de Antelo, que era natural de Bamiro (actual concello de Vimianzo), na propia Terra de Soneira. Tiveron catro fillos.

Martiño de Castiñeira e Lema, nado en Berdoias en 1615 (doc. 6), recibiu o nome do seu avó materno (Martín de Castiñeira, da casa de Castiñeira de Cambeda); non podemos saber se foi este o padriño, pois a súa partida de bautismo está moi estragada[112]. Foi destinado á carreira militar -chegou a ser capitán-, o que indica que nun principio os pais non o escolleran como principal mellorado, aínda que si lle van dar o couto-reserva de Boallo, onde construíu o pazo, a capela de San Roque e, diante dela, un cruceiro procesional. Con todo, ó finaren os seus irmáns Pedro e Alonso, será el quen herde os vínculos de Berdoias e de Boallo. Loxicamente, quedou a vivir na parroquia, como o seu irmán menor García Lois. Do seu primeiro matrimonio, con *María Rodrigues de Leis*, tivo un fillo –*Martín Rodrigues de Leis*, que foi o herdeiro do vínculo-, e do segundo, con *María Alvares de Carantoña*, seis.

Con este cuarto fillo de Alonso de Lema vemos como se cumpre un dos privilexios da fidalguía do séc. XVI, que podía tomar o apelido con absoluta liberdade, escolléndoo ó seu gusto entre os dos seus maiores, "y no se plantea dudas al elegir el de una bisabuela si éste es más ilustre o sonoro que el de su padre" (Salazar; 2003). Este costume seica era máis habitual no sur da Península que no norte, e sobre todo en Portugal. Para o cambio de apelido de Martiño barallamos dúas posibilidades: a) que accedese polas boas a reservar o apelido Lema para os dous fillos mellorados –Pedro e Alonso- do vínculo de Berdoias, quizais considerado mellor dotado có de Boallo; b) que, enfadado co pai por ser apartado do vínculo troncal principal, se vingase del adoptando o apelido materno.

O quinto fillo chamouse *Alonso* (1617) e, como finou antes de cumprir o ano de vida, o seguinte, o sexto, que naceu ó ano seguinte (1618), foi bautizado con

[112] Curiosamente o nome que consta na súa partida de bautismo é *Martín* (e non *Martiño*, como parece que se lle chamaba realmente); os escribáns eclesiásticos seica foron os máis remisos á forma máis galeguizada, pois como Martín figura nas partidas de bautismo cando apadriña a algún neno ou nena, e mesmo na súa acta de defunción do ano 1684, e na da súa viúva María Alvares (1685); o seu fillo maior tamén aparece na acta de nacemento como *Martín* (1637). Non obstante, os escribáns civís non tiveron reparo en referirse a el coa forma que hoxe nos parece máis diferencialmente galega, non sabemos se por vontade súa propia –pénsese que tamén lle deu preferencia ó apelido materno sobre o paterno– ou porque aqueles notarios non facían máis que recolleren o nome como era coñecido pola xente. Non podemos ollar estes detalles cos ollos de hoxe e cos nosos prexuízos: daquela era unha práctica habitual que os notarios utilizasen calquera das variantes onomásticas que servían para identificar unha persoa –ou as alternasen, incluso nun mesmo documento–. Por unha cousa ou por outra, este personaxe aparece nos documentos civís maiormente como D. Martiño.

Sen dúbida, o seu nome procede do seu avó materno e posible padriño, *D. Martín* (ou *D. Martiño*, que tamén nos documentos deste personaxe se produce a citada alternancia de variantes) de *Castiñeira o Mozo*, da casa de Castiñeira (Cambeda).

este mesmo nome. Polo xeral, en Berdoias para que dous irmáns teñan un mesmo nome o máis vello xa tiña que estar morto (lembremos que en Navarra non era así). Estaba claro o empeño de perpetuar a onomástica patrucial: o vello fidalgo desexaba converter Alonso no nome vincular, pero isto non foi posible, pois este segundo *Alonso* falecería novo -ós 24 anos, en 1643-, seguramente solteiro, e quizais tanta morte prematura motivará que non volva aparecer na familia ningún outro bautizado con este nome. Quizais se interpretou a morte prematura dos dous Alonsos como un mal gafo e ningún dos descendentes se atreveu a tentar a sorte.

O sétimo e último fillo de D. Alonso e Dª Maior fora *García Lois de Lema*. A súa data de nacemento non consta nos libros de bautizados; Canosa Mouzo supón equivocadamente que nacera contra 1605, pero xa advertimos que non foi así, pois, como fillo máis novo que era, debeu nacer entre 1619 e 1622 (non aparece nas partidas porque no Libro 1º de bautizados faltan as comprendidas entre 1619 e 1628). Casou con Lorença Vermúdez Romero e, como o seu irmán Martiño, quedou a vivir en Berdoias. Figura en varias partidas como padriño, aparecendo ás veces castelanizado o seu segundo nome (*Luis* en vez de *Lois*).

11.2) A liña troncal dos vínculos de Berdoias e Boallo: os descendentes de *Martiño de Castiñeira y Lema* (séculos XVII, XVIII e XIX).- Para o noso estudo seguiremos a liña dos descendentes de Martiño de Castiñeira y Lema -señor de Berdoias e Boallo- e do seu irmán máis novo García Lois de Lema, por seren os únicos dos fillos de Alonso de Lema II que seguiron vivindo na parroquia.

O fillo mellorado de ***Martiño de Castiñeira*** foi o seu primoxénito, o habido da súa primeira muller María Sanches de Leis: *Martín Rodríguez de Leis*, nado en Berdoias en 1637, que foi señor das casas de Boallo e Berdoias (doc. 10). Casaría con Luisa Vermúdez[113] de Araújo, da casa das Hedreiras (San Adrián de Castro, no actual concello de Zas), que trouxo como dote os coutos das Hedreiras e Mira. Malia ser o fillo mellorado, único herdeiro dos vínculos unificados de Berdoias e Boallo, este Martín seguíu o exemplo de seu pai e rexeitou o apelido paterno, escollendo como primeiro un Rodríguez do que ignoramos a súa procedencia e como segundo o da nai[114].

O matrimonio parece que pasou a residir nas Hedreiras, pois a súa filla, *María Quiteria Vermúdez de Castro*, xa non naceu en Berdoias. Obsérvese como con ela continúa a tradición familiar de rexeitar o apelido paterno en prol do materno. A

[113] Este apelido aparece ó longo do séc. XVII maioritariamente escrito con V- nas partidas, opción máis fiel á etimoloxía. Nos séculos seguintes a grafía con B- foi gañando terreo.

[114] No ano 1656 foi padriño dun neno berdoiés chamado Simón [Martinez]; nesta partida aínda figuraba como "Martín de Castiñeira el moço, hijo del capitán" (ver no minidisco "Simón: datos básicos"); tiña 19 anos e, polo que se ve, aínda non escollera o apelido definitivo que despois levaría.

nova señora de Boallo, Berdoias, As Hedreiras e Mira xuntaría o seu patrimonio co da casa de Soesto ó casar co vinculeiro desta casa, Francisco A. de Leis Vilardefrancos. Residiron en Soesto, onde nacerá o herdeiro de todas estas casas e coutos: Rodrigo Sancho de Leis.

Gráfica 13: Os fillos e fillas do capitán *D. Martiño de Castiñeira**



*Fonte: elaboración propia en base ós datos das partidas de bautismo.

Rodrigo Sancho de Leis Vermúdez, fillo de Francisco de Leis e de María Quiteria Vermúdez naceu en Soesto e alí viviu a súa mocidade. Semella que este personaxe quixo volver as augas ó rego e deulle preferenza ó apelido paterno fronte ó materno (o apelido Leis venlle do pai e tamén lle podería vir dado da nai se a familia desta o tivese conservado).

Coa imposición do seu segundo nome propio estaba claro que a familia tentaba recuperar unha tradición onomástica familiar esquecida durante máis de cincuenta anos (tal vez mantida por vías colaterais). Sancho era un vello nome da estirpe familiar.

O herdeiro das casas de Boallo, Berdoias, As Hedreiras, Mira e Soesto rachará, ademais, coa coñecida endogamia crónica dos Lema, manifestada coa tendencia secular de casaren entre si ou cos seus parentes próximos os Leis. D. Rodrigo traerá esposa de terras de lonxe para renovar o sangue destes fidalgos do Occidente galego: *Dna Josepha Vicenta Santiyán Valdivieso Velasco y Tagle*, de distinguida liñaxe das montañas de Cantabria, segundo os xenealoxistas. Con ela e con familiares que virán na súa compaña (varios irmáns, algún tío, quizais varios criados e criadas), entra no extremo occidental de Galicia o apelido Santiyán, e tamén se introduce Valdivieso, aínda que este xa estaba presente por Duio e Fisterra en familias fidalgas desde o séc. XVII.

Polos datos do Catastro de Ensenada, sabemos que en xuño de 1753 este matrimonio xa contaba con catro fillos e unha filla, todos menores de idade[115]. Isto non casa cos datos proporcionados polas partidas bautismais. Por elas temos constancia de que esa filla mencionada nacera en Berdoias (*Luisa Francisca*, 1749) [doc. 52], e un dos fillos (*Antonio Bartolomé Luis*, 1752) [doc. 53], e iso lévanos a pensar que os outros tres fillos que faltan do cómputo xa naceran en Soesto, onde vivira antes o matrimonio. Polos datos proporcionados por Martínez Barbeito (1986: 125), o fillo primoxénito desta parella, e futuro vinculeiro, *Joseph de Leis y Santiyán*, fora bautizado en Soesto o 4 de novembro de 1747, pero ningunha noticia temos dos outros dous nenos que nos faltan: seguramente un naceu en 1748 e o outro antes de 1747 (de ser así, estaría chamado a ser o primoxénito, pero debeu falecer posteriormente). Así e todo, un total de sete fillos desta prolífica parella virán ó mundo na mansión de Boallo. Haberá, polo tanto, unha volta ós eidos nativos dos bisavós e tataravós paternos, non sabemos por qué razón.

[115] No Catastro asegúrase que habitaban a mansión de Boallo un total de 16 persoas: D. Rodrigo de Leis, fidalgo e notario, a súa esposa, catro fillos e unha filla menores, un tío, un mordomo, unha doncela, dúas amas, dous criados maiores e dúas criadas maiores; unicamente se di o nome do cabo de casa [Catastro de Ensenada (1753): "Personal de legos"].

Gráfica 14: Os fillos e fillas de *D. Rodrigo Sancho de Leis* e *Dª. Josepha Santiyán**



*Fonte: elaboración propia en base ós datos das partidas de bautismo

Sabemos que, polo menos desde 1749, a familia xa estaba en Berdoias, pois o 28 de maio deste ano "Dn. Rodrigo Sancho de Leys, vezº. y dueño del lugar de Boallo" apadriña a Vizenta, filla de Andrés Paz e de Benita Sánchez (*Libro 2º de Bautizados*, fol. 6, rº).

Deste xeito, durante case vinte anos -grosso modo, de 1749 a 1768, data esta última do falecemento de dona Josepha Vicenta- recuperamos os membros da fidalguía berdoiesa para o noso estudo. Se nos séculos anteriores os nomes dos descendentes dos fidalgos de Berdoias apenas se diferenciaban dos dos demais veciños da freguesía, non pasa así cos nomes impostos ós fillos e fillas de D. Rodrigo e de Dna. Josepha, pois estes (ou, talvez con máis propiedade, os padriños) romperán dalgún xeito coa onomástica tradicional berdoiesa. Agora vai haber, dunha maneira consciente, un certo toque de clase, unha distinción onomástica de signo clasista, manifestada sobre todo nunha certa esaxeración no número de nomes compostos -dobres, triples e, nun caso, cuádruple- que reciben todos. Algúns dos nomes eran tamén novos e un tanto 'exóticos'. Nesta certa extravagancia anovadora da onomástica é posible que tivesen moito que ver os aires cántabros, por medio da propia matrona, pero, principalmente polos familiares que a acompañaban: irmáns, curmáns e sobriños que foron padriños in solidum de cada un dos seus fillos e fillas, exceptuando dous deles que foron apadriñados polos seus irmáns maiores.

Estes son os fillos e fillas que figuran nas partidas bautismais do Arquivo de Berdoias.

O 20 de outubro de 1749 nace a filla máis vella, que recibe tres nomes: *Vizenta Luisa Francisca* (doc. 52). Foi o seu padriño in solidum D. Andrés de Valdivieso, o seu tío materno, solteiro, cabaleiro da Orde de Malta, residente en Boallo. Para o seu primeiro nome -logo non utilizado pola bautizada- o refraneiro galego detecta o culto a un "san Vicente de outubro", mártir en Ávila (Ferro et alii; 1992: 523). Luísa de Leis casará para San Paio de Breixo (Cambre) con Francisco Bach Figueroa.

O 25 de agosto de 1752 nace *Antonio Bartholomé Luis*, o segundo fillo, apadriñado por outro tío materno, solteiro, D. Joachin de Santiyán y Valdivieso (doc. 53). O segundo e o terceiro nome foron postos, sen dúbida, pola proximidade do día do seu nacemento e/ou bautismo coas festas onomásticas de san Bartolomeu (24 de agosto) e de san Luís, rei de Francia (25 de agosto).

Seica lles parecían poucos tres nomes e xuntáronlle catro ó terceiro fillo home, bautizado o 10 de xaneiro de 1754: *Rodrigo Joseph Pedro Silvestre*, de quen foi padriño un terceiro tío materno, D. Joseph de Valdivieso, cóengo en Santiago (doc. 54). O primeiro nome hérdao de seu pai, quen parece que non tivera moita présa en transmitir o seu propio nos dous primeiros fillos homes, pois agardou para iso ó nacemento do terceiro (Rodrigo incorporaríase como un novo nome da liñaxe). O segundo nome é por antonomasia o identificativo da liñaxe materna (viña da nai e da avoa, e xa o tiña o irmán máis vello, e tamén o tiña o padriño, tío da criatura

(era a 'marca da casa', sen dúbida ningunha). O terceiro supuxo a recuperación dun dos antigos nomes dinásticos dos Lema de Berdoias (tamén pode explicarse a súa presenza polo patrón parroquial). O último foi un clásico 'nome de día', motivado por nacer o infante o derradeiro día do ano 1753, día de san Silvestre. Rodrigo J. P. S. de Leis casará coa dona das casas de Vilacova.

O 4 de maio de 1755 nace *María Quiteria*, que finou ó pouco de nacer; fora apadriñada polo seu irmán maior D. Joseph de Leis y Santiyán, que lle impuxo o nome da avoa paterna dos dous (doc. 56).

O 22 de maio de 1756 bautizaron a *Juan Nepomuceno Bernardo* (doc. 57). O padriño que lle impuxo estes nomes tan especiais fora o seu curmán materno, D. Bernardo de Valdivieso y Villa, estudante de Filosofía, que debía estar moi ó tanto das novas do santoral, posto que san Xoán Nepomuceno de Praga, santo bohemio –de Bohemia-, non levaba nin trinta anos nos altares, pois fora canonizado en 1729 (Tavares; 1990: 86). O neonato berdoiés non tería oportunidade de popularizar o seu nome, pois finaría ó pouco de nacer.

Manuela Josepha naceu ó ano seguinte, o 17 de setembro de 1757, e foi apadriñada por outro curmán cántabro: D. Manuel de Valdivieso y Villa, solteiro e estudante (doc. 58). Nela xuntanse os dous nomes máis de moda a mediados do séc. XVIII: o primeiro tomouno da forma feminina do do seu padriño, e o segunda era a marca da estirpe dos Santiyán. Casaría para terras de Lugo, con Ramón Noguerol.

Luis Vizente Theodoro -nado o 10 de novembro de 1758- foi o único que, ademais de padriño -o seu irmán maior D. Joseph de Leis-, tamén tivo madriña -a súa irmá maior, Dna Vizenta Luisa de Leis-, que sen dúbida foi quen lle transmitiu os dous primeiros nomes (o terceiro veu pola proximidade da onomástica de san Teodoro, o 12 de novembro) [doc. 59].

Finalmente, a señora de Boallo tomou un respiro e ata o 11 de setembro de 1761 non deu a luz ó oitavo e derradeiro dos seus fillos, nado o 11 de setembro de 1761. Recibiu os nomes de *Bernardo Cándido*, e tamén o apadriñou o seu curmán materno D. Bernardo de Valdivieso, que seguía sendo estudante "filósopho", quen lle transmitiu o seu nome en primeiro lugar. Ignoramos o motivo da imposición do segundo, pois non había unha tradición familiar nin se daba o caso da proximidade da onomástica do santo (doc. 61).

As afastadas terras de Boallo seguramente non colmaban as aspiracións sociais da familia dos Leis Santiyán, pois decidirán marchar para a cidade de Santiago. Quizais se producise isto despois de 1761, tras o nacemento do seu último fillo. De feito, dona Josepha Vicenta Santiyán, aínda que vai ser enterrada na capela maior da igrexa parroquial de Berdoias o 26 de setembro de 1768, recibira previamente as honras fúnebres en Santiago, onde residía xunto co seu marido (Canosa; 1975c: 14).

Unha vez asentados definitivamente en Santiago entre 1761 e 1768, e transformados en fidalgos urbanos, en adiante xa non volveremos atopar nos libros

de bautizados as partidas de membros da fidalguía, de tal xeito que algúns dos seus nomes tan especiais pouco ou nada influirán na onomástica da comunidade rural berdoiesa: non se aprecian cambios significativos nos nomes dos bautizados destes anos e posteriores, malia que a familia pacega posiblemente aínda viría por uns anos pasar temporadas de verán á aldea. Así e todo, é posible que D. Rodrigo, viúvo, volvera para Boallo despois do falecemento da súa esposa, pois en 1773, na partida dunha nena deste lugar, figura como padriño in solidum "Dn. Rodrigo Sancho de Leis dela mesma vecindad" (doc. 66).

Sabemos que o vinculeiro, *Joseph de Leis y Santiyán* -señor de Boallo, Berdoias, As Hedreiras, Mira e Soesto-, xa se instalou definitivamente en Compostela, e axiña acadou relevancia entre a sociedade compostelá, pois foi doutor en leis, catedrático da universidade, xuíz e alcalde maior da cidade e presidente da Junta de Propios y Arbitrios (Martínez Barbeito; 1986: 628). Casou con Mª del Carmen Varela y Leis -da casa de Mórdomo (actual concello de Laxe), parenta súa- e tivo tres fillas (*Josepha Vicenta, María Josepha* e *Josepha Ramona*), ás que transmitiu o seu propio nome, o que trouxera case como dote a súa nai das montañas de Cantabria:.

A última das fillas, *Josepha Ramona Varela y Leis*, sería a vinculeira; casaría con Manuel Gutiérrez de Caviedes (tamén procedente de Cantabria). A herdanza pasaría ós seus fillos *José Ignacio* (esposo de Pilar Ribadeneira y Poyán) e *Josefa Vicenta Gutiérrez de Caviedes y Leis* (casada con Manuel Fernández Poyán), donos da metade "reservable y libre pro indiviso de los mayorazgos de Boallo y Berdoyas". Ningún dos dous matrimonios tivo descendencia e con eles extínguese a rama desta familia fidalga. Dona Josefa Vicenta Gutiérrez, xa viúva, fará testamento en Soesto o 24 de agosto de 1887 legando a maior parte dos seus bens ó seu sobriño político Ramón Blanco-Rajoy Poyán, avogado de 30 anos oriúndo de Verín (Ourense), mediante un documento de "adxudicación en pago de crédito" que vai prolongar o status de dependencia señorial dos veciños de Berdoias ata os nosos días; é dicir: ata o presente séc. XXI (véxase o texto do documento en Fernández Sulleiro; 2000: 251).

11.3) Os outros fillos berdoieses do capitán D. Martiño de Castiñeira (segundo terzo do séc. XVII).- Retornando ó séc. XVII, analizaremos agora os restantes fillos do capitán ***Martiño de Castiñeira***, habidos en Boallo da súa segunda muller, María Alvares de Carantoña.

Aínda que nos tratados xenealóxicos habituais non aparece, polas partidas (doc. 12) sabemos que o segundo fillo de D. Martiño –e o primeiro habido coa súa segunda muller- naceu en Boallo en 1642: trátase de *Sancho de Lema y Carantoña*, que debeu o seu nome –un dos clásicos da estirpe familiar- ó seu tío e padriño Sancho de Lema, arcediago de Trastámara. Seguramente se dedicou á vida eclesiástica –o seu influente

padriño podía abrirlle moitas portas no mundo clerical[116]-, deixando libre o campo das melloras (se é que quedara algo para repartir dos morgados de Berdoias e Boallo, legados ó seu irmán maior, Martín Rodrigues de Leis), para os irmáns seguintes, Pedro e Rosendo, principalmente. Este Sancho de Lema figura como padriño de tres nenas e un neno entre 1663 e 1668, cando tiña entre 21 e 26 anos; en dúas delas dise del que era estudante.

En 1644 naceu a primeira filla de D. Martiño, *María Antonia de Lema y Carantoña* (doc. 13), que se habería de casar para a casa de Cícere de Abaixo (Terra de Xallas) con Juan Pardiñas[117].

O 12 de xullo de 1647 naceu *Pedro de Lema y Carantoña*; o seu padriño *in solidum* foi o seu tío García Lois de Lema (doc. 15). Viviu en Boallo, onde finou, solteiro, en 1673, ós 26 anos.

Dominga, nacida en 1649, foi a seguinte, igualmente apadriñada por García Lois de Lema (doc. 16); pouco se sabe dela[118].

En 1656 nace *Rosendo de Lema y Carantoña*, quen será o destinado a gozar do vínculo das casas da Atalaia (Leis), de Vilaseco (Castrelo) e da vila de Cee[119]. Foron os seus padriños o ceense Juan Dias e María Peres (doc. 20). Casaría con María Andrea de Leis y Figueroa, da casa de Mórdomo (Traba) e viviron primeiro en Castrelo e despois en Cee, onde el testaría en 1705. Esta rama entroncaría cos marqueses de Villaverde.

En 1657 naceu *Jasinta de Lema y Carantoña*, apadriñada por B[ar]t[olom]e Domingues e Taressa de Lema (da casa de Xora-Treos) [doc. 22]. Casaría para a casa de Follente con Vasco Romero de Caamaño.

En 1661 naceu *Lorensa de Lema y Carantoña*, que foi apadriñada polos seus tíos García Lois de Lema e Lorensa Vermudes (de quen, indubidablemente, recibiu o nome) [doc. 23]. Finou ós 13 anos, en 1673 (Canosa; 1975a: 7).

En 1663 naceu o menor dos fillos, *Ángel Martín de Lema y Carantoña*, sendo apadriñado polo seu tío Sancho de Lema, arcediago de Trastámara (doc. 26). O pai quere asegurar a perpetuación do seu nome e, ademais de poñerllo ó fillo maior, tamén llo impuxo de NS ó menor. O primeiro nome foi debido a unha devoción especial do pai polo santo Anxo da Garda, quizais pola súa condición de militar.

[116] Tamén aquí entre a fidalguía berdoiesa parece que se respecta o costume de que o fillo destinado ó sacerdocio tomase o nome dun tío cura. Ana Zabalza (2003: 11) fala destes casos na Navarra dos séculos XVII e XVIII. Entre os Lema de Berdoias todo parece indicar que se destinaba para o sacerdocio nada máis nin nada menos que o fillo máis vello, o que noutras liñaxes se reservaba para gozar do morgado. E, polo que parece, Sancho era o nome dos predestinados á vida levítica...

[117] Un dos fillos deste matrimonio foi D. García de Pardiñas Villardefrancos, quen sería frade mercedario no convento compostelán de Conxo e, máis tarde, bispo da cidade aragonesa de Tarazona (Barreiro Mallón; 1978: 561,562).

[118] Canosa Mouzo [1975: fol. 7] ignóraa e pon no seu lugar unha *Mariana* que non aparece por ningures no Libro 1º de bautizados.

[119] Para Crespo Pozo [1962-III: 161] tamén foi señor de Berdoias.

Máis nada de particular respecto dos outros fillos e fillas de Martiño de Castiñeira e María Alvares de Carantoña, que non van deixar pegada na parroquia, posto que tanto o vinculeiro como os demais marcharon vivir fóra da freguesía.

11.4) A familia de *D. García Lois de Lema* (mediados do séc. XVII).- Xunto con D. Martiño, o seu irmán *D. García Lois de Lema*[120] quedou a vivir na parroquia de Berdoias (ignoramos en qué lugar). Casou con Dª Lorença Vermudes de Castro[121], filla do capitán Joán Romero Vermúdez, e tiveron tres fillos:

O día 4 de maio de 1650 naceu en Berdoias *Sancho de Lema Vermudes*, sendo os seus padriños o arcediago Sancho de Lema, seu tío, e María Alvares de Carantoña, súa tía (esposa de Martiño de Castiñeira) [doc. 17].

O día 25 de outubro de 1651 naceu *Catalina*, apadriñada polo seu avó paterno o capitán Joán Romero Vermudes, e por María de Lema da Buytureira (doc. 18).

O 12 de outubro de 1652 naceu *Francisca*, que tamén será apadriñada polo seu tío o arcediago Sancho de Lema, e máis pola súa tía María Alvares de Carantoña (doc. 19).

É explicable que García Lois intensificara co seu irmán Sancho as relacións mediante o compadreo por partida dobre. O 5 de setembro de 1649, no lugar de Paizás (Cambeda), o licenciado Sancho de Lema, arcediago de Trastámara, fixera doazón e cesión ó seu irmán García Lois de Lema, veciño de Berdoias, de todo o *"casal de Painzás, en el que vivía y moraba, que había fincado de su abuelo Martiño I de Castiñeira y había cabido a Alonso de Lema y Mayor Franqueira, su muger, y sus padres, y que era propio del Conde de Altamira por lo que pagaba tres ferrados de renta y le habían de decir su hermano D. García cinco misas en la Capilla de Santa Marina, sita en el Campo de dicho lugar de Painzás en el día del Nombre de Jesús y otras diez en el Monasterio de San Francisco de Muros"* (Canosa; 1975a: 59).

Debido a esta graciosa doazón, García Lois pasou a vivir en San Xoán de Cambeda, xunto coa súa familia, e nesta parroquia outorgará testamento no ano 1669, deixando por herdeiro o seu fillo primoxénito Sancho de Lema Vermudes. Sepultárono xunto á súa muller na capela de San Miguel da igrexa de Cambeda (Canosa; 1975a: 61).

[120] Sen dúbida, este fillo máis novo de Alonso de Lema II recibira o seu nome dun tío materno seu, *D. García Lois de Castiñeira*, quinto fillo doutro Martiño de Castiñeira, o I, de Cambeda (non se confunda co de Berdoias do mesmo nome) [Canosa; 1975a: 54]. Quizais fose este tío o seu padriño.

[121] Noutras partidas: *Laurença Bermudes*.

11.5) Séc. XIX: a desaparición da fidalguía das terras de Berdoias.- Bastante cedo, polo tanto, remata na parroquia de Berdoias a presenza física cotiá da súa fidalguía. Desprovistos na parroquia desta clase social no derradeiro terzo do séc. XVIII, non imos atopar nada especial nos nomes dos bautizados a partir de entón. No seguimento que fixemos dos padriños e madriñas de certa relevancia social, polo menos en aparencia -os sinalados nas partidas cun *don* (*Dn.*) ou *dona* (*Dª*, *Dna.*) precedendo os seus nomes- por se os seus pais puidesen pertencer a algunha familia ilustre, ou por se estes distinguían os seus afillados con algún nome especial. Moitos dos padriños con *don* eran presbíteros, algúns deles irmáns do pai ou da nai, e nada atopamos en particular: a meirande parte dos nomes impostos son os seus propios e os pais das criaturas parecen ser labregos normais da parroquia. Estes presbíteros non teñen inconveniente -que o podían ter, dados os prexuízos morais da época- en apadriñaren fillos de nais solteiras: don Manuel Pérez apadriña en 1860 a *Andrés Manuel*, fillo de Joaquina Pais e de pai incógnito, e don Manuel de Leis apadriña a *Manuel Benito* (1819), fillo da súa irmá solteira.

Hai outros padriños con *don* que, por seren doutras parroquias veciñas, non sabemos de certo se eran fidalgos ou non. Tampouco se aprecia nada especial no nome de pía dos seus afillados ou afilladas, limitándose a transmitirlles os seus respectivos nomes ou os de uso corrente pola zona: *D. José Cantorna*, da veciña Berdeogas, aparece varias veces como padriño: de *José Pazos* (1821), *Josefa Fernández* (1823), *José Camaño* (1827), *Francisca Lema* (1829), *José Fernandes* (1830), *José Vicente Paz* (1835), etc. *Don Thomas Cervigón*, tamén da veciña Berdeogas, é outro dos máis solicitados para apadriñar: *Thomas Vizente Canosa* (1768), *Tomasa dos Santos* (1768), *Thomas García* (1771), *Juan Thomé Paz* (1775), *María Thomasa Cibrán* (1777), etc., etc. Con isto cúmprese outra vella norma de que se buscaba como padriños a xente de maior rango social.

Con todo, ben puidese haber certas excepcións cando observamos que aparecen certos nomes pouco habituais: en 1765, *D. Joseph de Aguiar*, fidalgo de Vimianzo (da casa de Trasouteiro), apadriña a unha nena chamada *Gerónima*. E, ¿que dicir do neno *Ramón Joaquín Manuel Caamaño* (1851), que tivo a honra senlleira de ser bautizado solemnemente por un alto eclesiástico compostelán? O pai deste rapaz, Bonifacio Caamaño -oriúndo da veciña freguesía de Cambeda- era familiar directo do oficiante, posiblemente irmán. Neste caso non se cumpre a tradición de buscar un bo padriño para que protexa o bautizado na súa vida futura: aquí o padriño –un tal Manuel Pazos- queda escurecido na penumbra coma un convidado de pedra, pois parece que só se lle permitiu transmitir o seu nome ó afillado por unha físgoa, relegado ó terceiro lugar; na partida o principal protagonista é o oficiante, que impón o seu nome como primeiro e aparece adornado por unha longa ristra de cargos e títulos (doc. 97).

Conclusións

1ª) Diversas tentativas de perpetuar certos nomes identificatorios da familia: os nomes de liñaxe.- Desde finais do séc. XV e ó longo de case todo o séc. XVI houbo escaso interese na familia por perpetuar os nomes familiares, polo menos polo que respecta ós vinculeiros.

En troques, a partir do derradeiro terzo do séc. XVI, a familia Lema tamén intentará a transmisión dalgúns nomes familiares como nomes propios da súa estirpe ou liñaxe.

O primeiro destes nomes 'dinásticos' foi o de ***Alonso***, que primeiro se transmitiu de avó a neto: de Alonso de Lema I a Alonso de Lema II, malia que o primeiro non consta como padriño do segundo. A forma que se transmite é xa a castelanizada, aínda que consta documentalmente que daquela estaba viva a forma galega *Afonso*.

O nome de *Alonso* sería levado á veciña parroquia de Cambeda, introducíndoo na familia de Maior Franqueira de Castiñeira (levouno o irmán desta, Alonso da Castiñeira). Este Alonso cambedés tivo en estima o seu nome, pois na primeira década do séc. XVII fundaría, xunto coa súa primeira muller Mariña (sic) de Gondomil, unha ermida no chamado campo de Paizás, en advocación de san Ildefonso e santa Mariña (Lema Suárez; 1998-III: pp. 397, 398 [ap.doc. 66, 68, 70]). *Ildefonso* e *Alonso* considerábanse daquela dúas formas dun mesmo nome. Sen dúbida, foi neste santuario o único lugar de toda a Costa da Morte onde recibiu culto o santo toledano; a súa imaxe, realizada en pedra, aínda se conserva hoxe xunto coa de santa Mariña no retablo tamén pétreo que se mandou construír entre 1741 e 1750 (Lema Suárez; 1993a-I: 566).

Alonso de Lema II tentou que o seu nome de pía se perpetuase nos seus fillos, pero acabou fracasando. Paradoxalmente, esperou ó seu cuarto fillo para transmitilo; este naceu en 1617 pero finou antes de cumprir o ano. Intentouno de novo co seguinte fillo, o cuarto, nado ó ano seguinte (1618); cando o vello patrucio xa pensaba que estaba asegurada a perpetuación do seu nome na liñaxe, vai e mórrelle estoutro fillo cando só tiña 25 anos (en 1643, en vida do pai), e desde aquela ningún outro membro da estirpe berdoiesa o volverá recibir (quizais se considerou que a Providencia non dispensaba o amparo esperado ós que o levaban).

Non obstante, o nome de *Alonso* seguiu tendo uso popular en Berdoias ó longo de todo o séc. XVII, quizais por influencia desta familia fidalga: ademais dos citados, contabilizamos outros nove (e dúas *Alonsas* no séc. XVIII). Ningún deles foi apadriñado polo patrucio berdoiés, Alonso de Lema II, pero dous si o foron polo seu fillo máis novo, García Lois de Lema (un bautizado en 1654 e outro en 1657). Outro bautizado con este nome, de 1638, tivera por padriño un tal Afonsso de Romar. Nas partidas seguen aparecendo padriños co nome de Alonso ata finais do séc. XVIII, tanto de Berdoias coma de parroquias contiguas.

O outro nome que esta familia tentou perpetuar foi o de ***Sancho***, outro dos nomes dinásticos dos Lema. Quen primeiro o tivera fora *D. Sancho de Lema y Leis*, fillo de Alonso de Lema I e pai de Alonso de Lema II. Viviu en Berdoias na segunda metade do séc. XVI e casou con Teresa de Lema, outorgando testamento en Vimianzo en 1600 (Crespo; 1965, t. III-160). Sancho non era un nome habitual na fidalguía das comarcas da Costa da Morte (Bergantiños, Terra de Soneira e Nemancos).

O nome pasaría ó seu neto, *D. Sancho de Lema y Castiñeira*, fillo máis vello de Alonso de Lema II e Maior Franqueira de Castiñeira, que nacería en Berdoias arredor do ano 1601. Como xa se dixo, en vez de se facer cargo do morgado, por causas que descoñecemos preferiu abrazar a carreira eclesiástica e chegaría a ser arcediago de Trastámara, importante cargo eclesiástico que lle confería o señorío da vila de Cee, con potestade para nomear xuíz, cura-párroco e alcalde, ademais de cobrar substanciosos impostos (Castiñeira; 1999: 251). Pasará nesta vila a maior parte da súa vida (finará en 1665). Tivo un fillo natural, ó que non lle tranferiu o seu nome (chamouse Francisco de Lema), pero si tivo especial preocupación por perpetualo polo menos en dous sobriños, ós que apadriñou.

O primeiro destes sobriños foi *Sancho de Lema y Carantoña*, nado en Berdoias en 1642, fillo segundo do seu irmán Martín de Castiñeira e primeiro habido coa súa segunda muller María Alvares de Carantoña; semella que foi destinado á carreira eclesiástica, como seu tío e padriño (doc. 12).

O outro foi *Sancho de Lema Vermudes*, nado en Berdoias en 1650, fillo maior do menor dos seus irmáns, García Lois de Lema, e da súa muller Lourenza Vermudes (doc. 17). Como o arcediago lle fixera doazón ó seu irmán García, en 1649, do casal de Paizás (Cambeda), este novo Sancho de Lema, como fillo vinculeiro, terá a sorte de herdar esta doazón xunto con outras propiedades. Ó cambiar de parroquia, ignoramos se a rama cambedesa seguíu mantendo o nome de xeración en xeración.

Volvendo a Berdoias, o nome volverá aparecer na familia Lema-Leis a mediados do séc. XVIII, pero agora como segundo nome: levarao *Rodrigo Sancho de Leis*, que viña sendo neto de Martín Rodríguez de Leis e bisneto de Martiño de Castiñeira. D. Rodrigo Sancho nacera en Soesto e alí viviu ata que decidiu volver coa súa familia á casa de Boallo por volta do ano 1749. En contra do esperado, por algunha razón que ignoramos non lle impoñerá a ningún dos seus fillos o nome de Sancho, nin como NP nin como NS –e iso que case todos levaron dous, tres e ata catro nomes distintos no bautizo-, co que acabará desaparendo da onomástica familiar.

O seguinte nome que se tentou perpetuar foi ***Martín*** (ou ***Martiño***, pois alternan as dúas formas nos documentos, con preferencia da primeira). O personaxe de máis sona foi o capitán *Martiño de Castiñeira y Lema*, quinto fillo de Alonso de Lema II (nacido en 1615: doc. 5) e herdeiro único de tódolos seus bens; o nome procede do seu avó materno e posible padriño, *Martiño* ou *Martín de Castiñeira o Mozo*, da casa

de Castiñeira (Cambeda). Transmitiría o nome en herdanza a dous dos seus fillos: de NP ó máis vello, *Martín Rodríguez de Leis*, herdeiro do vínculo, nado en 1637 (doc. 10), e de NS ó máis novo, *Ángel Martín*, vido ó mundo en 1664 (doc. 26).

Outro nome que timidamente se tentou perpetuar foi o de ***María Quiteria***, que lle foi imposto á filla de Martín Rodríguez de Leis, *Dª María Quiteria Rodríguez de Leis*, señora de Boallo, Berdoias, As Hedreiras e Mira. Levaríao unha neta súa, filla de Rodrigo Sancho de Leis, que finou o mesmo ano en que naceu (1755) [doc. 56]. Desde aquela, ningunha outra nena volvería levar este nome.

Falando de *Rodrigo Sancho de Leis*, cómpre dicir que ***Rodrigo*** tamén foi un nome de estirpe, pois xa o tiñan o seu bisavó *Rodrigo de Leis Vilardefrancos*, da casa de Mórdomo (Laxe), e o seu avó *Rodrigo de Leis Vilardefrancos Posse*, da casa de Soesto (Laxe).

Quizais o nome familiar que se mantivo máis tempo entre os membros da familia foi o masculino ***Joseph*** e o feminino ***Josepha***, intercambiables, pois en certas ocasións pasou de muller a home, e noutras de home a muller. Entrou na familia por vía feminina, e veu de fóra de Galicia, pois tróuxoo desde Cantabria, contra 1746, a esposa de Rodrigo Sancho de Leis, *Dna Josepha Vicenta Santiyán*, que o herdara doutras dúas mulleres: súa nai *–Dna Josepha de Valvivieso-* e súa avoa *–Dna Josepha Velasco-* (Martínez Barbeito; 1986: 628). Loxicamente, o nome xa existía nas parroquias de Soesto e Berdoias, pero aínda non era moi popular e non se lle impuxera a ningún membro da familia. O incremento do culto a este santo empeza a apreciarse en Berdoias no segundo terzo do séc. XVIII

A influencia da matrona cántabra debeu ser notoria na estirpe, e quizais foi ela a que máis empeño puxo en perpetuar o nome que recibira das súas inmediatas antepasadas. Polo de pronto, a forma masculina do nome xa o recibe o seu fillo primoxénito e futuro posuidor do vínculo, *D. Joseph de Leis y Santiyán*, nado en Soesto contra 1747. Por se acaso, a terceira filla, nacida en 1757, aínda recibiría o nome de *María Josepha*.

Chama a atención que as tres fillas que Joseph de Leis tivo coa súa esposa Carmen Varela recibisen de primeiro ou de segundo o nome de Josepha: *Josepha Vicenta*, *María Josepha* e *Josepha Ramona de Leis y Varela*. A avoa cántabra morre en 1768 e quizais xa non tivo oportunidade de asistir ó bautizo de ningunha destas súas primeiras netas, pero está claro que o fillo fixo moito por perpetuar o nome da liñaxe foránea da súa nai.

A filla mellorada, *Josepha Ramona de Leis*, continuará coa tradición onomástica familiar, pois os nomes do fillo e da filla que terá do seu marido Manuel Gutiérrez de Caviedes chamaranse *José Ignacio* e *Josefa Vicenta* [*Gutiérrez de Caviedes y Leis*], esta con *Vicenta* como NS, como a súa bisavoa cántabra). Ningún dos dous terá descendencia.

2ª) Nomes compostos: introdución dalgúns especiais.- Quizais o intento máis innovador no eido da onomástica desta familia fidalga se dea nos nomes dos fillos e fillas de Rodrigo de Leis e de Josepha V. Santiyán, nados todos eles en Berdoias –agás o maior- entre 1749 e 1761. Todos eles levaron dous e tres nomes, algúns un tanto novidosos e especiais, con certo afán de distinción social. Nisto tiveron moito que ver, sen dúbida, os seus respectivos padriños.

Ningún destes nomes o foi ó chou, nin por unha posible moda imperante no momento. Todo estaba pensado e ben pensado. Uns fórono por seren 'nomes de estirpe', outros porque os levaban os padriños e/ou madriñas, outros por algunha devoción relixiosa especial da familia, outros por ser o patrón da parroquia unha impronta da súa orixe familiar certa, outros pola coincidencia do nacemento cunha festa onomástica.

12. Nomes e clases sociais: ¿Onomástica estigmatizadora para os fillos naturais?

No outro extremo da pirámide social do Antigo Réxime, dentro das clases non privilexiadas, está o mundo dos chamados polas partidas de bautismo *fillos ilexítimos*: os fillos de nai solteira (ou viúva, nalgunha ocasión) e de pai incógnito.

Despois de efectuarmos unha análise ós rimbombantes nomes da fidalguía, quixemos efectuar unha cala nos nomes que recibían estes nenos, por se acaso se detectaba neles algún tipo de discriminación, pois tense falado de cregos oficiantes inquisidores que, para castigaren á que eles consideraban nai "pecadora", teimaban en impoñer ó bautizado ou bautizada un nome-estigma, raro ou feo, que chamase ben a atención a propios e estraños para que o infante levase consigo ás costas de por vida a vergonza do pecado dos seus proxenitores. A consideración non só de pecado, senón de delito estaba clara na mente dos cregos, como se demostra no doc. 103, de 1879, no que a moza xustifica perante o párroco que o motivo de "haber delinguido" (sic) co seu mozo fora a promesa de matrimonio que este lle fixera[122].

Lamentablemente non temos un estudo completo das catro centurias: de momento tan só dun período de cen anos (1761-1860), en espera de velo completado máis adiante. Neste período contabilizamos 124 'fillos naturais' (denominación máis común das partidas): 61 nenos e 63 nenas, na súa meirande parte fillos/as de nai solteira, pero non faltan casos de viúva ou de muller casada co marido ausente. Esta cifra equivale ó 11,11% dos bautizados neste período. De 1761 a 1800, 26 bautizados; de 1801 a 1860, 98: todo parece indicar un notable aumento de fillos naturais a medida que trascorre o séc. XIX (este incremento aínda será maior no derradeiro terzo do séc. XIX e no primeiro do XX: abonda con botarmos unha ollada no minidisco ós 'Datos básicos' dos 20 primeiros nomes; quizais a emigración a América está detrás deste incremento)[123].

Dos 124 fillos de pai descoñecido, 3 tamén o foron de nai, pois foron depositados clandestinamente na porta dalgún veciño; outros tres foron recoñecidos polo seu pai (ó casar este coa nai) e houbo un caso no que se inculpou a un home casado (doc. 64).

Agás raras excepcións, as nais solteiras son produto da situación socioeconómica da época, tanto dos sistemas tradicionais de herdanza –o réxime da mellora, que

[122] Nunha resposta mandada desde Carbia en 1901-1902 a unha enquisa do Ateneo de Madrid dise respecto dos nomes dos fillos ilexítimos: "Neste casos son os párrocos os que designan o nome do bautizado, buscando sempre nomes raros como Tecla, Tiburcio, Cucufate, Emeterio, Eulampio, etc."(*Nacemento, casamento e morte en Galicia*; Consello da Cultura Galega, Santiago, 1990, p. 67 / Ferro Ruibal et alii; 1992: 35).

[123] Sobre isto, véxase o texto da Visita Pastoral a Vimianzo de 1899, na que Visitador, alarmado polo incremento de "hijos ilegítimos", alerta os curas para que prediquen "á fin de evitar en lo posible las relaciones ilícitas y reuniones peligrosas que no ocasionan sinó muchas ofensas a Dios nuestro Señor y la perdición de no pocas almas" (doc. 106).

favorece só a un dos fillos por familia- como ás crises agrícolas que trouxeron consigo épocas de fame. Non estraremos a analizar o que xa fixeron historiadores como Barreiro Fernández, Villares Paz ou, sobre todo, Saavedra Fernández[124]. Nos libros de bautizados non se especifica a situación socioeconómica dos proxenitores, pero é lóxico pensar que a inmensa maior parte destas nais solteiras fosen pobres caseteiras sen terras de seu, criadas de servir ou humildes xornaleiras sen máis. Isto apréciase sobre todo naquelas que teñen máis de un fillo (houbo algunha que chegou ós cinco).

Neste estudo de cen anos contabilizamos un total de 81 nais solteiras (aproximadamente, pois é posible que algunha que aparece con moitos fillos non sexa a mesma persoa; por exemplo, non é posible que unha mesma nai chamada Josefa Peres, teña dous fillos nun mesmo ano, en 1816, e co mesmo nome, José), unha posiblemente viúva –non se indica con claridade- e tres casadas (dúas co marido ausente –"viúvas de vivos"- e unha terceira convivindo co cónxuxe).

Do total de 85 nais de fillos naturais, a maior parte delas (60) só tivo un, co que se cumpre a norma divulgada por varios antropólogos de que moitas mulleres que non lograban casar (case sempre por falta de dote) procuraban ter un fillo que, entre outras cousas, lles servise de sustento e protección para a súa vellez. Tres destas mulleres lexitimarían despois as súas criaturas en casando coas respectivos pais. Tres mulleres tiveron dous fillos, dúas tiveron tres, unha catro, e tres cinco. É de supoñer que, especialmente estas últimas, fosen mulleres que vivían na máis absoluta indixencia.

A dicir verdade, nos nomes dos fillos naturais destes cen anos non observamos ningún tipo de discriminación, pois todos eles son do máis común en cada unha das épocas e non vemos ningún que se puidese cualificar de feo. Entre os nenos predominan os *José* (10 bautizados), *Manuel* (8), *Simón* (5), *Domingo* (4), *Ángel, Francisco, Juan, Pedro* e *Vicente* (3), *Bernardo, Joaquín, Mathías, Miguel, Silbestre* (2) e, con un, *Cornelio, Esteban, Pablo Carlos, Roque, Valentín* e *Victorio Manuel.* Entre as nenas é *María* o nome máis repetido (23 bautizadas), vindo logo a distancia, *Josefa* (9), *Andrea* e *Manuela* (5), *Juana* (4), *Antonia* e *Rosa* (2), e con unha bautizada: *Benita, Carmela, Escolástica, Francisca, Isabel, Gabriela Juana, Gregoria Micaela, Rafaela* e *Ramona.*

Destes 124 rapaces, 83 recibiron o seu nome (o único e algún dos compostos) transmitido polos seus padriños ou madriñas (o 70 % do total).

O nome da nai impúxoselles a tres bautizados, e o dun posible pai, a un (doc. 64).

[124] Para ter unha idea da situación social da muller rural por esta época, véxase o capítulo titulado "Mocidade, herdanza e, non sempre, casamento", do libro de P. Saavedra (1992), correspondente ó apartado "Celibatas y bastardos" da edición posterior en castelán (Saavedra; 1994: 252-270); tamén é interesante observar a evolución crecente da porcentaxe de fillos ilexítimos en zonas da provincia de Lugo entre 1750 e 1859 (*Ibidem*: 260) e ver o que se di tocante ás humillacións que sufrían as nais solteiras polos seus "pecados públicos", dos que tiñan non pouca culpa fidalgos e cregos.

O nome do santo do día do bautismo impúxoselles, con certeza, a 4 bautizados/as fillos/as de nai solteira (*Escolástica*, 1782; *Gregoria*, 1815; *Esteban*, 1840; *Rafaela*, 1817); a estes hai que engadirlles outros dous posibles (*Ramona*, 1810, e *Victorio*, 1838), que naceron, días arriba, días abaixo, na data das festas onomásticas dos respectivos santos. Hai un caso, *José Silbestre* (1841), no que o padriño impón o primeiro nome e o segundo veu como nome de día. Como se ve, nin sequera nos nomes de día se aprecia discriminación ningunha: o máis rebuscado podería ser *Escolástica*, pero cómpre indicar que por aquela época houbera outra nena con este nome, filla de 'lexítimo matrimonio'; *Gregoria* era tamén un nome bastante usado, o mesmo que *Silvestre*. Outro nome inédito, *Cornelio* (1840), fora imposto por un padriño que tamén o levaba.

No apartado de 'causas descoñecidas' tamén cómpre ter en conta o labor proselitista de certos cregos oficiantes de bautismos, que trataban de aproveitar a situación de desprotección das nais solteiras para convencérenas a elas ou ós padriños para lle impoñeren ó neno o seu nome. O presbítero Simón Manuel de Leis, contra 1830, conseguiu que lle impuxeran o nome de *Simón* a seis nenos fillos de nai solteira.

A análise dos apelidos destas nais tamén nos leva a pensar que varias fosen da mesma familia: hai dez co apelido Pérez, nove co de Lema e Paz, seis co de Caamaño e Dos Santos; o apelido Pazos lévao unha e Domínguez, González e Varela, tres; igualmente hai representantes dos Alvarez, Alborés, Antelo, Barrientos, Brenlle, Caberta, Canosa, Do Canto, Costa, Espasandín, Fernández, García, Leis, Martínez, Rodríguez, Romero, Sánchez, Vázquez, Vilarnovo e Vieites. En suma, que poucas familias quedaron impolutas, sen a 'mácula' mancilladora, o que nos leva a supoñer que, agás nos estamentos eclesiásticos (e aínda así...), a maternidade de mozas solteiras se tomaba como algo normal. Todos estes apelidos son do máis común da comarca, especialmente os citados en primeiro lugar.

Pasando ó **anecdotario**, salientamos o caso dunha nai chamada *Ana dos Santos*, que en 1797 imputa nunha denuncia perante a xustiza xurisdicional de Vimianzo a paternidade da súa filla *Andrea* a *Andrés Romeu*, home casado e persoa relativamente relevante na comunidade, pois era xuíz pedáneo da freguesía. Como acontece nos tempos actuais con algúns personaxes famosos, repárese como aquí a nai lle impuxera á filla a forma feminina do nome do pai, co cal a nena recibe da propia nai, dunha forma ou doutra, un "nome-estigma" que a sinalaba de por vida como filla espuria dun casado (doc. 64). Loxicamente, era unha forma de presión sobre o posible pai para forzar o recoñecemento da filla. Ignoramos como rematou o contencioso, pois daquela non había nada semellante ás probas do ADN...

Outros casos curiosos foron os de tres nais casadas con fillos que –segundo a información subliminal do crego oficiante- non eran do marido. Dúas delas –unha de 1797 e a outra de 1840- tiñan os esposos emigrados, un en Madrid e o outro no Brasil, desde había bastantes anos; seguramente eran auténticas 'viúvas de vivos'.

Rosalía de Castro, de quen tomamos esta expresión xa clásica, ben se decatara do habitual que estaba sendo no séc. XIX a situación destas mulleres, abandonadas anos e anos por maridos que en moitos casos nin sinal de vida daban. Unhas apandaban co que lles tocaba e mantiñan a fidelidade ó ausente, pero outras non pasaban por esas. No caso de *Juana Manuela* (de 1840), o home levaba emigrado máis de cinco anos no Brasil, engadindo o crego con retranca que este país quedaba "a distancia según voz comun de trescientas leguas" (doc. 93).

Caso aínda máis curioso foi o *Francisca Varela*, que parira tres fillos -*Domingo*, 1797 (doc. 78); *Mathías*, 1798 (doc. 79) e *María*, 1803- tendo como tiña ó seu esposo (*Thomás Barrientos*) emigrado en Madrid había anos. Cabía a posibilidade de que o home visitara de cando en cando o lar familiar, pero o presbítero Benito Regueira, implacable, malia considerar o primeiro dos fillos como 'lexítimo', só fai mención dos avós maternos e non cita para nada os paternos, facendo o mesmo co gallo do bautismo do segundo fillo da muller ó ano seguinte, de quen xa evita falar da súa lexitimidade.

O curioso é que este segundo neno (de nome *Mathías*) sería apadriñado por *Mathías Barrientos*, irmán maior do pai ausente, sendo ademais a madriña –*Florencia Varela*- esposa do padriño e talvez irmá da nai. O parentesco entre os compadres era seguramente por partida dobre: cuñados cruzados. De cara á fóra, nada anormal parecía suceder nesta familia, posto que mesmo o irmán e a cuñada do seu home lle apadriñan un dos fillos. Pódese pensar que se tomara a decisión de lavar os trapos sucios na casa, e que para salvaren a honra familiar, os "tíos paternos" tomaran como afillado o neno para acalar os bulebules e dar por sentado que o cativo era fillo do lexítimo esposo de Francisca, deixando aberta a porta de que fose procreado nalgunha visita ocasional do ausente. Pero, polo que se adiviña, o crego oficiante non comungaba con esta posibilidade e así o fixo o constar moi sibilinamente no texto da partida.

Tamén podemos pensar na tan ponderada permisividade que, segundo os antropólogos, seica houbo desde sempre no rural galego, onde non se adoitaba marxinar a nai solteira ou os seus fillos. ¿Por qué non pensar que a propia familia desta 'viúva de vivo' fose a primeira en comprender a situación desta muller ante a prolongada ausencia do marido? Todo parece indicar que este non volveu pola freguesía endexamais, polos escasos datos que temos (un indicio é que non apareza de padriño de ningunha criatura). Na partida do terceiro fillo de Francisca –filla, neste caso-, *María* (1803), o crego volve subliñar a ausencia do cónxuxe e anota tan só os avós maternos.

Rematando este apartado, hai outra nena (*María*, 1798), da que se indica que era filla de "Maria Peres, Muger de Francisco de Lema" (doc. 80). Repárese como o párroco relega por completo o marido da nai, dando a entender con diáfana claridade que non era o verdadeiro pai da bautizada; nin tan sequera anota na partida os avós maternos (só aparecen os maternos). Non cabe dúbida de que o crego estaba ben informado da vida privada desta familia.

13. A CASTELANIZACIÓN E A (RE)GALEGUIZACIÓN DOS NOMES

Sen nos esquecer dos nomes con formas máis ou menos comúns no castelán e no galego (*Pedro, Antonio, Francisco, Andrés, Matías, Mateo, Miguel, Gregorio*, etc.), entramos finalmente no tema da castelanización dos nomes nesta freguesía. ¿Xa estaba implantada a principios do séc. XVII? ¿Hai restos das formas medievais galegas nas partidas? Dando un gran salto no tempo tamén nos interesa comprobar se se produciron entre os bautizados do derradeiro terzo do séc. XX casos de imposición de nomes coas formas galegas, en consonancia coas campañas de dignificación da lingua galega nas que tamén se contemplaba a recuperación da nosa onomástica .

Indo xa ó tema, cómpre advertir que xa desde as primeiras partidas do séc. XVII detectamos un grao de castelanización avanzado dos nomes dos bautizados (e bautizadas) de Berdoias. No ano 1607 xa aparecen formas netamente castelás como *Juan* e *Alonso*, o que nos leva a pensar que levaban tempo implantadas na onomástica parroquial, polo menos na oficial: a dos libros.

Non é nada estraño, pois o noso idioma levaba case un cento de anos totalmente relegado da escritura. Por outra parte, cando entraron en vigor as disposición do Concilio de Trento [a partir de 1563] "a Igrexa galega xa consideraba como lingua vernácula do país o castelán e polo tanto as súas disposicións en materia onomástica foron aplicadas ignorando que para os galegos os nomes de santos eran *Afonso, Estevo, Vasco, Gonçalvo, Bernaldo,... Tareija, Margarida, Branca, Cataliña, Moor* e non *Alfonso*[125], *Esteban, Velasco, Gonzalo, Bernardo,... Teresa, Margarita, Blanca, Catalina, Mayor....*" (SANTAMARINA; 2005: 29/173)[126].

A todo isto habería que engadir o carácter formalista dos libros de bautizados, que ó longo dos séculos XVII, XVIII e XIX por forza tiveron que ser considerados os únicos documentos oficiais dispoñibles para certificar árbores xenealóxicas fidalgas, limpezas de sangue, etc., de tal xeito que tanto os cregos coma os escribáns se haberían de esmerar en consignaren da maneira máis 'correcta' posible os nomes dos seus fregueses e freguesas, con especial atención ós membros da fidalguía, e para iso só era válida a lingua de Castela[127].

[125] Máis ben aínda *Alonso*, pois *Alfonso* non se xeneraliza no castelán ata ben avanzado o séc. XIX.

[126] Véxanse amplas listaxes de nomes do séc. XV en FERRO COUSELO (1967: 58-66) ou LÓPEZ CARREIRA (1992: 123-128), entre outros.

[127] Este radical 'oficialismo' dos libros de bautizados non o acusan tanto os libros de fábrica ou confrarías –destinados a consignar os ingresos e os gastos anuais da comunidade parroquial–, onde os cregos ou escribáns gozan dunha maior liberdade para escribiren os nomes reais das persoas ás que fan referencia: unhas veces os mordomos responsables das contas e as testemuñas que as asinan con eles (se é que saben facelo), outras o mestre canteiro que construíu o campanario ou o carpinteiro que amañou un retablo, etc. Parafraseando a Freud, diriamos que nestes libros non tan 'oficiais' –no tocante á onomástica, polo menos– como os de bautizados ou os de defuncións, a controladora censura idiomática de signo castelanizador exercida polo superego e máis polo ego estaba máis atenuada, e iso explica que poidan aparecer por escrito con certa frecuencia as formas cotiás dos nomes e apelidos das persoas que neles se citan, que non eran outras que as galegas, as que realmente estaban na boca da xente. O inconsciente idiomático profundo de cregos e escribáns sentíase bastante máis libre e iso provocaba que incluso saísen á luz nestes libros os alcumes ou sobrenomes dalgúns veciños: "Pedro dos Santos, alias Perendengue; Juan Varela, alias Marroco", etc. (unha ampla relación de nomes e apelidos dos chamados Séculos Escuros en varias parroquias da Terra de Soneira en LEMA SUÁREZ; 1991: 124-130).

Así e todo, especialmente no séc. XVII, observamos unha serie de heroicas resistencias 'medulianas' das formas galegas, xa porque para os cregos (e/ou escribáns) non estaba clara a forma castelá correcta, xa porque consideraban máis acorde coa realidade transcribir os nomes tal como se escoitaban de cotío.

Juan / Joán.- Desde as primeiras partidas (1607) aparece a forma castelá, *Juan*, o que indica que o nome xa viña castelanizado do séc. XVI. Non obstante, de 1630 a 1657 asistimos a unha curiosa recuperación da forma *Joán*, netamente galega, xa existente na época medieval[128]. Os oito bautizados deste período foron inscritos con esta forma (1630, 1632, 1634, 1639, 1641, 1642, 1644 e 1657), deixando de lado por completo a castelá. Noutras partidas destes anos aparecen pais que tamén levan o nome en galego, como *Joán de Leis* (doc. 9) ou o fidalgo e capitán *Joán Romero Vermudes*, proxenitor de Lorença Vermudes e padriño de Catalina, unha das fillas de García Lois de Lema (doc. 18).

Detrás desta resistencia só parece haber un heroico 'derradeiro mohicano', ou, para adaptar o símil máis á nosa historia, un solitario resistente 'meduliano': o párroco *Joán Romero da Costa y Leis*, que rexentou esta freguesía entre 1628 e 1652. Este crego caracterizouse por levar a cabo unha particular recuperación, consciente ou inconsciente, de formas galegas dalgúns nomes masculinos e femininos que xa estaban implantados coas súas formas castelás desde principios do século (ademais de *Joán*, entre os homes: *Domingos*, *Christobo*, *Alberte*...; entre as mulleres: *Mariña*, *Catharina*, *Margarida*...). O noso atrevemento de cualificalo de crego precursor de certo espírito galeguista 'avant-la-lettre' –polo menos desde o punto de vista onomástico- quizais peque de esaxerado, pero todo parece indicar que o eclesiástico polo menos pretendía defender os nomes reais e populares do país fronte ós que só existían nos papeis. Foi un oasis timidamente regaleguizador, moi breve, pois en canto desapareza o crego da freguesía o fugaz 'rexurdimento' onomástico vernáculo desaparecerá con el, e as augas do oficialismo castelanizante tornarán ó rego.

Alberto / Alberte.- Aínda que as dúas formas son válidas en galego, pódese dicir que a segunda semella un pouco máis específica da nosa lingua; nunha palabra: máis enxebre.

Trátase doutro dos nomes máis antigos. Unicamente podemos dicir que alternan desde os primeiros anos as dúas formas, sen que haxa unha escolla decidida (as súas dúbidas habería): *Alverto* (1610), *Alverte* (1611), *Alverte* (1617), *Alverto* (1667), *Alverte* (1693); no séc. XVIII: *Alberto* (1724), *Alberte* (1738) e, finalmente, en 1782, *Alberto*, que gana a batalla definitivamente.

Domingo / Domingos.- O primeiro bautizado aparece coa forma castelanizada (*Domingo*, 1614), pero o segundo (1630), terceiro (1635), cuarto (1640) e sexto (1643) recuperan a forma galega *Domingos*.

[128] Xa non queda testemuño ningún da forma Johán, co –h- etimológico, predominante en Galicia no séc. XV.

En total aparecen inscritos coa forma galega catro bautizados, que naceron no período en que rexentou a freguesía o citado párroco Joán Romero da Costa (ca. 1628-1652), singular recuperador das formas galegas dos nomes; con todo, outros dous bautizados comprendidos dentro do seu período de reitoría (nacidos en 1642 e 1647) foron inscritos por el coa forma *Domingo*.

Despois deste breve período xa quedou instalada para sempre a a forma *Domingo*, por máis que popularmente os hipocorísticos galegos Mingos e Minguiños seguiran ben vivos aquí e en toda Galicia ata a actualidade. En 1699 un bautizado aparece inscrito no texto como *Domingo* e á marxe figura coa abreviatura *Ds°*., que deixa entrever un *Domingos*; o seu pai tamén aparece coa mesma abreviatura.

Alonso / Afonso.- Desde as primeiras partidas (1610) xa aparece coa forma castelanizada, *Alonso*, que se manterá durante todo o séc. XVII e primeira metade do XVIII. Cando no séc. XX volva aparecer este nome farao coa forma, tamén castelá, de *Alfonso*[129].

Non obstante, no segundo terzo do séc. XVII aínda loitaba por sobrevivir a forma galega *Afonso*. *Afonsso de Romar* é o único berdoiés que aparece nas partidas con este nome en galego, de 1628 a 1638, pero non como bautizado, senón como pai de varios nenos e nenas, e tamén como padriño (en 1638 apadriña a un neno ó que, paradoxalmente, lle impón o nome de *Alonsso* [*Grayño*]). É curioso que outro individuo do mesmo nome e apelido apareza a principios da centuria (entre 1607 e 1611) coa forma castelá, *Al*[*ons*]*° de Romar*; o esperado sería que fose exactamente ó revés, que a forma galega fose a máis "arcaica" e a castelá a máis "moderna", produto da progresiva castelanización. Mais debemos ter presente, unha vez máis, que a forma galega se rexistra no período-oasis do crego Joán Romero da Costa y Leis, pero tamén cómpre advertir que non sempre este eclesiástico foi fiel ó seu criterio recuperador de formas galegas dos nomes, pois, por unha causa ou por outra, para nada galeguizou os múltiples *Alonsos* da familia fidalga dos Lema[130]. Para todo aínda había clases...

En canto desapareza da escena parroquial este crego, endexamais volverá aparecer a forma enxebre galega: para sempre será *Alonso* para homes e *Alonsa* para mulleres.

A forma galega pareceuse refuxiar no apelido dalgunhas veciñas berdoiesas a finais do séc. XVII e principios do XVIII. Dicimos veciñas porque semella ser en principio un apelido netamente feminino, pois só o rexistramos en mulleres que

[129] Isto concorda co observado en xeral en Galicia e en España, pois *Alonso* foi durante os séculos XVI, XVII, XVIII e gran parte do XIX a forma castelá correspondente á galega *Afonso*; só a partir da segunda metade do séc. XIX se empeza a xeneralizar *Alfonso* no castelán, que acabou por substituír a forma primeira.

[130] De facermos caso ós documentos, os Lema xa tiñan castelanizado este nome identificativo da súa linaxe no séc. XVI, pois o primeiro dos que o levou, *Alonso de Lema I*, xa figuraba con el en 1568. Ignoramos se xa fora bautizado con esta forma ou se a castelanizou el mesmo como signo de prestixio social cando pretendeu entrar na pequena nobreza.

figuran nas partidas como nais e/ou madriñas: *María Fonso* (1696), *Alverta Afonso* (1701), *Chatalina Afonso* (1704, 1707, etc.), *María Afonso* (1704, 1706, etc.). Non obstante, os escribáns non tiñan aínda moi claro cal debía ser a forma correcta, pois alternan ás veces coa forma castelá: *Alverta Alonso* (1693, 1700, 1706, etc.). Tanto se debeu identificar o apelido co nome das mulleres que se "feminizou" adaptándose á flexión do xénero feminino: así entre 1715 e 1734, rexistramos nais e madriñas chamadas *Antonia Afonsa*, *Juana Alonssa* ou *María Alonssa*.

Christóbal / Christobo.- O único bautizado do séc. XVII con este nome aparece, tanto el coma seu pai, coa abreviatura *Xpº.* (1617). Non obstante, con anterioridade a el xa existía un *Xpº. danos*, pai dunha nena nacida en 1609.

En 1628 xa figura escrito na forma plena outro *Christobo danos*, que apadriña un neno chamado Domingos. Lembremos que o redactor desta partida era o crego Joán Romero da Costa. Rematado o período da súa reitoría xa aparecen as formas castelanizadas: en 1655 figura, coa forma abreviada, un pai chamado *Xptoval. da Gandra*, e en 1660 outro co nome de *Xptoval. da Toxa*; xa coa forma plena, en 1662 aparece *Christobal da Toxa* como padriño e como pai (1664 e 1665).

Volvendo ós bautizados, malia que a forma castelá xa estaba introducida, hai un breve retorno á forma galega nos primeiros anos do séc. XVIII (en 1705 bautízase un neno chamado *Xptobo.*). Foi un posible lapsus cálami do escribán, pois en breve xa se xeneralizará para sempre a forma castelá: en 1713 bautízase un *Xptobal.*, e, moitos anos despois, en 1771, un *Christobal.* A primeira e única bautizada feminina deste século foi *Christoba* [*Afonsa*], 1715.

Martín / Martiño.- Este nome, que é outro dos máis antigos da parroquia, a dicir verdade sempre aparece nas partidas coa forma *Martín* (tamén válida para o galego), tanto nos bautizados coma nos pais e padriños. En ningunha ocasión aparece a forma –máis "enxebre"-, de *Martiño*.

Se citamos este caso é porque o primeiro dos bautizados, terceiro fillo de Alonso de Lema, nado en 1615 (doc. 5), foi inscrito como *Martín* e así figurará posteriormente en practicamente en todas as partidas, nas que figurará ben veces, xa como pai, xa como padriño (será o capitán e fidalgo, señor de Boallo e Berdoias, *Martín de Castiñeira*) [docs. 13, 15, 20, 22, 23, 26].

Non obstante, por outro tipo de documentos da época (testamentos, etc.) nos que figura este personaxe, parece alternarse a forma *Martín* coa de *Martiño*, e iso tamén cómpre que se teña en conta. Apoiando a existencia de certa loita entre as formas castelá e galega temos algunhas pequenas probas: na partida da súa filla Dominga (1649) o capitán figura como *Martino de Castiñeira* (doc. 16), e uns cen anos despois de morto, na Visita Pastoral de 1741, o escribán do Visitador compostelán fai referencia a el coa abreviatura *Mrñ.*, que é de supoñer que represente a forma Martiño (doc. 49) Todo isto fainos sospeitar que este personaxe era coñecido popularmente con esta forma na parroquia.

Phelipe / Philipe.- O nome introduciuse na segunda metade do séc. XVII baixo a forma de *Philipe* (1665), que parece reflectir a forma galega que daquela debería estar vixente. O segundo e último bautizado deste século tamén figura en esta forma no texto da partida (1672), pero non así na marxe, onde figura a forma *Phelipe*, co que se comproba que a forma castelá empezaba a pular para desprazar a galega.

Este desprazamento da forma galega será definitivo coa entrada do séc. XVIII, pois todos os bautizados desta centuria figurarán primeiro como *Phelipe* (1711, 1757 e 1759) e despois como *Felipe* (1784, 1794, 1795), xa coa ortografía simplificada.

Guillermo / Guillelmo.- Este nome só tivo presenza en Berdoias no segundo e no terceiro terzo do séc. XVII e na primeira metade do séc. XVIII (grosso modo, de 1667 a 1756). Só o levaron tres homes, pero un deles, *Guillelmo de Caamaño*, estivo omnipresente, a menos de que fosen dúas persoas distintas.

O primeiro bautizado foi *Guillemo* (sic) [*de Caamaño*], nado en 1667. O feito de que figure sen o *–l-* entre o *e* e o *o* quizais se debeu ó feito mesmo da novidade que o nome supoñía para o propio crego, que debeu escoitalo pronunciar así (do mesmo xeito que agora un pode escoitar pronunciar 'Maiko' para o inglés Michael). Tal pronuncia debeu entrañar boa complicación para o propio párroco, Antonio de Montoto, que en 1696 escribe nunha partida *Gileyme de Caamaño*.

Este *Guillelmo de Caamaño* terá un gran protagonismo nas partidas de finais do séc. XVII e da primeira metade do XVIII, pois aparecerá como pai e como padriño de 1696 a 1747; mesmo chegamos a dubidar de que se tratase da mesma persoa, pero o certo é que o único con ese nome e apelido que puido existir neste período na parroquia foi el. Sempre figurará nas partidas cóa forma *Guillelmo* –agás nos casos citados e nunha de 1732, na que aparece coa forma *Gillelmo*, por erro do escribán ou pola gheada xa vixente-, nos seguintes anos: 1693, 1699, 1708, 1721, 1728, 1739 e 1747. Legoulle o seu nome a un fillo, pero como NS: *Andrés Guillelmo* (1697) e a un afillado (*Guillelmo* [*Grayño*], 1714).

O último dos bautizados con este nome xa non estivo ligado á familia Caamaño: foi *Guillermo Andrés* [*de Leys*], nado en 1756; é o único que aparece coa forma castelá.

A grafía deste nome que rexistramos en Berdoias, **Guillelmo**, é certamente inédita, pois non aparece nin como variante nas listaxes de nomes galegos dos dicionarios; o *Diccionario dos Nomes Galegos* de Ferro et alii (1992) rexistra como forma principal Guillerme e como variantes Guillén, Guillelme e Guillermo; o *Diccionario Galego dos Nomes*, de Feixoo (2003) só rexistra as formas Guillerme e Guillén. Nos dicionarios portugueses tampouco se rexistra esta variante, que parece ser precisamente a máis conservadora respecto da etimoloxía, polo menos respecto á forma medieval latinizada *Guilielmus*.

Luis / Lois.- O nome existía na parroquia desde a terceira década do séc. XVII, pois levábao de NS o fidalgo *D. García Lois de Lema*, fillo máis novo de Alonso de Lema

II. Por non se consignaren as partidas de bautismo de 1618 a 1628, non dispoñemos da deste personaxe, de tal maneira que non podemos saber cal foi a forma inicial do seu bautismo: *Luis* ou *Lois*. Nos documentos da época –doazóns, testamentos, etc.- figura coa segunda forma, e tamén en varias das partidas de bautismo entre os anos 1650 e 1662, nas que aparece o seu nome como pai e padriño. Deste xeito, figura como *García Lois* (ou *Loys*) en partidas dos anos 1647 (doc. 15), 1652 (doc. 19) e 1661 (doc. 23), pero xa algúns cregos ou escribáns fan intentos de castelanizaren o segundo nome e, así, en 1650 aparece transformado en *Garcia Luis* (doc. 17)[131].

Hai que esperar á última década do século para atoparmos bautizados con este nome: en 1693 e 1697 bautízanse dous que o levan de NP, nos dous casos coa forma *Luis*. Non obstante, por esta época aínda quedan vestixios da forma máis popular, pois levábaa un bautizado como NS: *Bartolomé Lois* (1698).

En todo o séc. XVIII e, xa non digamos, no XIX e o XX, a forma xa será definitivamente *Luis*.

Thomás / Thomé.- O nome entra na parroquia na última década do séc. XVII. Se nos guiamos polas partidas, está claro que a única forma forma presente foi a castelá *Thomás* (co Th- etimolóxico; o til é noso), que se rexistra no único bautizado do séc. XVII (1693) e en todo o séc. XVIII (de 1711 a 1795).

Non obstante, desde principios do séc. XVIII figuraban nas partidas un par de veciños coa forma galega *Thomé*: en 1714 e 1718 un pai chamado *Thomé de Canosa*; en 1769 outro proxenitor chamado *Thomé Riveiro*. Certificando a existencia da forma galega alternando coa castelá, en 1775 bautízase un neno con esta forma de NS: *Juan Thomé* .

A partir de 1795 xa se implanta a forma simplificada do castelán, *Tomás*.

Pablo / Paulo.- O primeiro (e único) bautizado do séc. XVII foi inscrito coa forma galega *Paulo* (*Paulo Antonio*, 1694). Foi unha miraxe de moi curta duración, pois desde principios do séc. XVIII (1711) xa se impuxo a forma castelá *Pablo*, ata hoxe.

Mauro / Amaro.- Soamente houbo un bautizado con estes dous nomes (de 1708), e dicimos ben os dous nomes, pois no texto da partida figura como *Mauro* e na marxe como *Amaro*. O seu padriño consta unicamente como *Mauro*.

A polémica está en se *Amaro* e *Mauro* son o mesmo nome ou non, pois opinións houbo e hai para todos os gustos. Para o mundo eclesiástico da época de Fr. Martín Sarmiento (mediados do séc. XVIII) érao. Esta partida berdoiesa proba que esta identificación xa se daba desde principios do séc. XVIII. A todo isto cómpre salientar

[131] Tanto *Luís* como *Lois* admítense como válidas en galego; a cuestión estriba en se son ou non o mesmo nome (Ferro et alii; 1992: 331). Polos datos que aquí achegamos, está claro que no séc. XVII se consideraban nomes equivalentes, de aí as formas alternativas (sospeitamos que detrás desta alternancia estaba a identificación de *Lois* como forma galega e *Luis* como a correspondente castelá).

que temos a sospeita de que popularmente o nome que daquela se debía escoitar de boca en boca era máis ben *Amaro*: por este primeiro terzo do XVIII había outro individuo con este nome na freguesía, e este era *Amaro Miñós*, que consta como pai de dúas nenas (1720, 1725); en ningunha das dúas partidas aparece a forma alternativa, o que indica ás claras como era coñecido o veciño pola xente.

Cayetano / Caetano.- Este nome introduciuse en Berdoias na segunda década do séc. XVIII baixo a forma castelá *Cayetano* (1712). Ata o terceiro terzo do século non aparecerá o segundo bautizado, que observará a mesma forma (1771).

Non obstante, os bautizados 3º e 4º aparecen inscritos como *Caetano* (os dous do ano 1775), forma galega que tamén rexistran os seus padriños: *Caetano Trillo* (veciño de Castrelo) e *Caetano Carvallo* (de Vimianzo). Despois destes non volveu haber máis con este nome.

Como NS levárono catro nenos, todos coa forma castelá *Caietano*, entre 1742 e 1776.

Esteban / Estebo.- O único bautizado de todo o séc. XVIII (e primeiro da parroquia) aparece coa forma galega *Estebo* (1719), o que é sinal de que era daquela a forma popular que se escoitaba. En 1756 aparece de NS coa forma castelá (*Andrés Esteban*, 1756).

O único bautizado do séc. XIX tamén aparecerá inscrito coa forma castelá *Esteban* (1840), que tamén será a observada nas últimas décadas do séc. XX (1982 e 1992).

Nomes con alternancia das grafías *j* / *x*.- Ante a aparición nas partidas dos séculos XVII e XVIII de formas como ***Xorxe***, ***Alexo*** ou ***Alexandro*** quédanos a dúbida de se en realidade se pronunciaban co son do *x* galego ou do *j* castelán. Difícil que o saibamos, posto que nestes séculos aínda non se unificaran ortograficamente as grafías do castelán e, como é sabido, o son fricativo velar xordo podía representarse na escritura tanto cun *j* (ou *g* + *e*, *i*) coma cun *x*.

Desta maneira, non consideramos que se agoche necesariamente unha pronuncia 'galega' nas formas *Xorxe* e *Xeorxe* dun mesmo bautizado de 1701, nin detrás do *Xorge* de 1797. Nin quizais tampouco nun *Alexo* de 1735 e menos dun *Juan Alexo* de 1764 (repárese en que o NP vai claramente coa forma castelá); en 1775 aparece un bautizado e seu padriño grafados con *j* e conservando o *–s* etimolóxico (do grego *Aléxios*): *Alejos*.

Un dos párrocos do séc. XVII chamouse *Alexandro de la Peña* (ca. 1722-1740); sempre aparece o seu nome grafado con *x*, pero iso non quere dicir que se pronunciase 'á galega'.

En troques, o nome de ***Joaquín*** nunca apareceu, xa desde os primeiros momentos (no segundo terzo do séc. XVIII), grafado con *X*, e, non obstante, temos certas sospeitas de que era pronunciado popularmente 'á galega'. As grafías que observamos nas partidas do séc. XVIII son as seguintes: *Juachín* / *Jachín* (nun mesmo bautizado

de 1736: a primeira no texto, a segunda na marxe; os tiles son nosos), *Joachín* (1740) e *Joachín* / *Juachín* (nun mesmo bautizado de 1786; a primeira no texto, a segunda na marxe). Loxicamente, partimos da base que o *–ch-* é un arcaísmo que representa o son /k/, para todas as variantes. A sospeita dunha pronuncia á galega baséase sobre todo na variante *Jachín*, que representaría a popular forma galega reducida *Xaquín*, que aínda hoxe goza de gran popularidade. Non nos imaxinamos unha forma castelá *Jaquín, pois nunca a temos escoitado.

Nomes que entraron serodiamente na parroquia como ***José*** ou ***Jesús*** sempre apareceron grafados con *J* e nunca con *X* (exceptuando nos últimos anos do séc. XX, pero xa dixemos que foi porque o párroco galeguizou 'de oficio' todos os nomes). O primeiro nome entrou en 1670 coa forma arcaica *Joseph*, pasando a *Josef* a partir de 1777 e a *José* a partir de 1822. Os escribáns ou os cregos nunca sentiron a tentación de escribiren o nome con *X*, xa non pensando nunha pouco probable pronuncia á galega, senón simplemente pola tradicional alternacia gráfica dentro do castelán. O caso de *Jesús* xa é máis explicable, pois no tempo en que entrou (1866) xa o castelán levaba moitos anos coa grafía do son fricativo velar xordo unificado.

Cómpre recoñecermos que popularmente quizais nunca existiron os nomes de Xosé e Xesús (a súa entrada na onomástica galega é recente, a partir da galeguización dos nomes orixinariamente casteláns de eminentes próceres galeguistas). Mesmo entre falantes monolingües en galego as formas posiblemente sempre foron *José* (ou *Jusé*) e *Jesús*, e nos afectivos galeguizados, *Joseíño* e *Jesusiño* (coido que rara vez se escoitou popularmente *Xoseíño ou *Xesusiño). E quizais unha das causas da non galeguización destes dous nomes fose precisamente a súa entrada tardía na onomástica, nunha época en que o castelán estaba plenamente implantado no mundo eclesiástico. Tan raro lle tiña que soar a moitos a pronuncia "oficial" do nome de José que en ocasións se pronunciaba con gueada (*Gosé*), tratando de fuxir do efecto contrario, a gheada[132].

Polo demais, outros nomes que poderían presentar grafías diverxentes nos séculos XVII e XVIII, o certo é que aparecen sempre cos grafemas *j* ou *g* do castelán, polo que a dúbida xa queda disipada. De todos eles, ***Ángel*** é o máis antigo (introdúcese en 1664) e tanto no séc. XVII (1692, 1695) como nos séculos XVIII, XIX e XX, apareceu sempre grafado así (a única excepción, un bautizado de 1718 coa forma *Anxel*, na que o *x* reflectía sen dúbida o son fricativo velar xordo do castelán).

Julián aparece sempre así grafado (desde 1704), e tamén ***Jacobo*** (desde 1710) e ***Jacinto*** (desde 1728).

[132] Non atopamos aquí –nin en ningunha das parroquias da comarca–, testemuños documentados da forma deste nome con gueada, pero si os temos documentados con *Angel*. No ano 1767, por boca do propio párroco: "yo, Dn. Miguel Anguel Vermúdez cura Rector deesta fra..." (doc. 64). Nos libros de fábrica da veciña freguesía de Cambeda rexistramos testemuños anteriores: en 1661, María Rodríguez encoméndase no seu testamento "al Anguel de mi guardia"; en 1702, "yo, Don Ang*uel* de Miranda Velasco y Agüero, Cura propio de Sn. Juan de Cambeda, sertifico..."; en 1704: "la pintura de las dos ymagines mobibles qe. son del Apostol y Santo Ang*uel* de la Guardia" [notas recollidas do *Libro 1º de Fábrica de Cambeda*, 1673; s/f (citado por Lema Suárez; 1991: 115, 116)].

Os últimos tempos.- Dos séculos XIX e XX está claro que as formas que levan *j* ou *g* (+ *e*, *i*), xa inicial, xa intermedia, tratan de representar o son do iota castelán (*José*, *Juan*, *Jesús*, *Ángel*, *Eulogio*, *Generoso*, *Jaime*, *Genís*, *Javier*, *Sergio*, *Jairo* ou *Joel*). Cando un *j* representaba un son distinto do do castelán, mesmo se chegou a substituílo graficamente coa letra que representa a súa pronuncia aproximada (coma tal, en *Yonatán*).

As campañas de diversas asociacións galeguistas das últimas décadas do séc. XX para a imposición de nomes galegos nos nenos e nenas non lograron entusiasmar os veciños de Berdoias, pois nos bautizados dos últimos trinta anos non aparece ningún nome coa forma diferencial galega (fóra das coincidentes co castelán).

Non obstante, se nos deixamos guiar estritamente pola documentación escrita, chegariamos a unha conclusión totalmente contraria, pois o último dos libros de bautizados, o *Libro X de Bautizados de Santiago de Berdeogas e San Pedro de Berdoias*, iniciado o 8 de decembro de 1977, presenta o texto das partidas en idioma galego e aparecen coas formas galeguizadas no só os nomes dos bautizados, senón tamén os dos seus pais e padriños.

Non sempre un documento escrito é fiel reflexo dunha realidade, e este é un deses casos. Mentres que cando falabamos dos nomes transcritos polo crego Joán Romero da Costa no segundo terzo do séc. XVII, chegabamos á conclusión de que obraba así non por unha ideoloxía protogaleguista senón porque respondía a unha realidade social cotiá, á vista das formas onomásticas galeguizadas de oficio nesta mesma parroquia polo párroco actual de 1977 a 2000, ¿teremos que concluír que sucedeu outro tanto?

Non; obviamente non foi así. Se nos ativésemos ó papel, podiamos rematar o noso estudo celebrando unha festiva eclosión repentina de galeguismo onomástico por parte de todos os fregueses de Berdoias, pois os nomes dos seus fillos e fillas, afillados e afilladas aparecen coas formas diferenciais galegas. Como xa advertimos na Introdución, completamos a nosa investigación documental escrita co testemuño oral do párroco actual, Ramón Romero, que non tivo inconveniente en recoñecer a galeguización de oficio que fixo de todos os nomes dos bautizados desde que el entrou a rexer os destinos da parroquia. Isto supón que os *Xosé*, *Xoán*, *Serxio* ou *Henrique* que el consignou nas partidas bautismais, no Rexistro Civil constan coas formas castelás correspondentes (*José*, *Juan*, *Sergio*, *Enrique*), e estas son as oficiais para os propios interesados. Para o noso estudo só tivemos en conta estas últimas, desbotando as primeiras, por moito que nos doa.

Foi un acto quizais de exceso de celo que pretendía colaborar cun fin ben loable: a galeguización da nosa pouco galeguizada onomástica. Con todo, esta acción reivindicativa do párroco de Berdoias quedará para a posteridade como unha das contribucións de membros da Igrexa galega á normalización do uso do noso idioma, na actualidade bastante escasas, pois nos momentos en que escribimos

esta institución segue amosando escaso interese polo uso da lingua galega e pola galeguización da antroponimia[133].

Nas primeiras partidas do séc. XVII aventurabamos a posibilidade da existencia dun crego galeguizador dos nomes propios, quen sabe se tamén de oficio. Rematando o séc. XX volvemos atopar outro reitor cunhas pretensións semellantes, pero neste caso temos absoluta certeza delas. Esta obra por forza tiña que ir dedicada a este párroco actual, Ramón Romero Carril, que coa súa acción puxo moitos grans de area para os nomes de noso perduren mil primaveras máis.

Finalmente, aínda que dixemos que no séc. XX non se rexistrara nas partidas ningún nome coa forma diferencial galega, iso non foi tan certo, pois no ano 1940 bautizouse na parroquia *Campio Villar*, e en 1971 *Campio Sendón*. San Campio – como santa Minia- foi un santo catacumbal cuxo corpo veu de Roma para Galicia a finais do séc. XVIII, e só recibe culto de certa importancia na nosa Terra, que nós saibamos: no coñecido santuario da parroquia de San Ourente de Entíns, no concello de Outes.

Campio é, polo tanto, un nome ben galego, enteiramente de noso, que segue estando vivo na parroquia de Berdoias, e agardamos que se propague non só nesta senón en todas as galegas ó longo do séc. XXI. Sirva el de estandarte para o futuro.

[133] Non esquecemos as importantísimas contribucións que ó estudo da lingua e ó impulso do seu uso fixeron antano eclesiásticos como Fr. Martín Sarmiento ou o P. Sobreira (séc. XVIII), Saco y Arce (séc. XIX) ou López Ferreiro, entre outros, ou na actualidade certos grupos de cristiáns progresistas agrupados en torno ás revistas *Encrucillada* e *Irimia*.

APÉNDICE DOCUMENTAL

Doc. 1: **Primeira partida de nacemento (lexible) de Berdoias.**
1607.
"En veinte y uno de henero de mill y seiscientos siete yo Pº [Pedro] de Castiñeira Rector de San Pº de bordoyas bautisé una hija a grigº [Grigorio] *de barrientos y su mujer mª* [Maria] *Sanches que se llama Catalina fueron conpadres Domingos de monte Roso y mayor franqueyra muger de alº* [Alonso] *de lema y por verdad confirmo ut supra. Pº de Castiñeira* [asinado e rubricado] (Libro 1º de Bautizados de Berdoias, 1607-1746, fol. 2 –o primeiro existente-, aº).

Doc. 2: **Os fidalgos de Berdoias: Pedro, segundo fillo de Alonso de Lema II e da súa muller Maior Franqueira [de Castiñeira].**
1608.
"...en dies y ocho dias (...) [folio moi estragado] *de mill seisçientos y ocho yo Pº de Castiñeira* [bautise] *a Pº ijo de alº de lema y de mayor franqueyra su muger fueron sus conpadres alverto de* [...?] *y mariña de gondomil muger de alº de Castiñeyra y por verdad lo firmo. Pº de Castiñeyra"* (Libro 1º, fol. 3, aº).

Doc. 3: **Os fidalgos de Berdoias: María, primeira filla de Alonso de Lema II e de Maior Franqueira.**
1610.
"En tres de agosto del ano de mill y seiscientos y dies bautisse a Mª [María] *hija de alº de lema y de mayor franqueira su muger fueron conpadres alº de castiñeyra y Ines de lema muger de mº* [Martiño?] *de costa. Y lo firmo Pº de Castiñeira"* (*Libro 1º*, fol 4, rº).

Doc. 4: **Os fidalgos de Berdoias: Teresa, segunda filla de Alonso de Lema II e de Maior Franqueira.**
1613.
"En veinte y ocho dias del mes de agosto delaño de mill seiscientos y trese bautise a teresa hija de alº de lema y de su mujer mayor franqueyra fueron conpadres alº de Castiñeyra y mayor nunes muger de frdº. [Fernando?] *do Carril por verdad lo firmo Pº. de Castiñeira"* (Libro 1º, fol. 5, aº).

Doc. 5: **Os fidalgos de Berdoias: Martín, terceiro fillo de Alonso de Lema II e de Maior Franqueira.**
1615.
"[En] *diez y ocho dias del mes de agosto del año* [de] *mil y seiscientos y quinse bautise a martin* [hijo] *de alº de lema de bordoyas y de mayor* [fran]*queira su muger fueron conpadres* [.....] *y catalina da* [...]" [o resto, estragado] (Libro 1º, fol. 6, aº).

Doc. 6: **Os fidalgos de Berdoias: Alonso (m.p.), cuarto fillo de Alonso de Lema II e de Maior Franqueira.**
1617.
"En ocho de julio del ano de mill y seiscientos y dies y siete bautisse a alº [Alonso] *hijo de alº de lema y de mayor franqueira su muger fueron conpadres alº de antelo y Mª suares muger de alº de .... (?) por verdad lo firmo* [asdo.: *Pedro de Castiñeira*] " (Libro 1º, fol 7. aº).

Doc. 7: **Os fidalgos de Berdoias: Alonso (que morería sen sucesión ós 25 anos), quinto fillo de Alonso de Lema II (o segundo con este nome, pois o primeiro finara no mesmo ano do nacemento).**
1618.
"En nuebe dias del mes de setiembre de mill y seiscientos y dies y ocho años bautise a alº hijo de alº de lema y de su muger mayor franqueyra fueron compadres Sancho lopes clerigo y Sancha de lema muger de alverte de monte Roso por verdad lo firmo [Joan Romero da Costa] (Libro 1º; fol 9, aº).

Doc. 8: **O fidalgo Alonso de Lema II e a súa muller Maior Franqueira [de Castiñeira] fundan o Vínculo de Berdoias a favor de dous dos seus fillos, D. Pedro e D. Alonso (o 2º e o 5º).**
1622.
1. En 13 de Enero del año de 1622 Alonso de Lema y Mayor Franqueira, su muger, vecinos del lugar y feligresía de San Pedro de Berdoyas, por escritura que otorgaron por ante Cristóbal de Pazos[134]*, Escribano de S.M. vecino de la feligresia de San Cipriano de Villastose:*

Dicen que, por cuanto tenían por sus hijos legítimos, entre otros, á Pedro de Lema y Alonso de Lema, á los cuales tenían intención de mejorar en los bienes que abajo irán señalados á los dos Por Mitad por el afecto que les tenían y buenos servicios que de ellos habían recibido por lo que desde entonces para siempre les daban y donaban los bienes siguientes:

2. El lugar y casar de Berdoyas en que vivían y moraban con mas los otros Casales, lugares que ellos tenían en el mismo lugar de Berdoyas que labraban por si mismos y sus caseros.

Item los Casales que tenían en el lugar de Romar - El lugar de Casanoba -El lugar de Grixoa, segun que todos estaban sitos en la feligresía de San Pedro de Berdoyas y todos los demás bienes

[134] Cristóbal de Pazos, fidalgo e escribán da Súa Maxestade, foi quen mandou edificar a casa de Senande, na parroquia de San Cibrán de Vilastose (Muxía), que aínda hoxe se conserva. Estaba casado con María de Lema Dios, de Muxía. Os Pazos era unha familia fidalga soneirá, oriúnda do lugar de Pazos, parroquia de San Pedro de Vilar (actual concello de Zas), os seus membros espalláronse por diversas freguesías das comarcas de Soneira e Nemancos: Bamiro, Serramo, Salto, Vimianzo, Vilastose, Muxía, etc. (Martínez Barbeito; 1986: 606-608 / Lema Suárez; 2001: 115).

que ellos tenían al presente en la misma feligresía de Berdoyas enteramente, sin quedar reservado casar alguno, con todo lo anejo á ellos y perteneciente y todo lo demás que de allí adelante en ellos tuviesen, comprasen y mejorasen.

Con más le daban y donaban los montes, el Prado de Monte Mayor, el Prado de Balsas y Prados del Rego dos Podres, con las cargas y pensiones que sobre sí tenían.

E igualmente les hacían donación de la presentación de la Tercia parte sincura de San Pedro de Berdoyas, por cuyo Patronato dicho Alonso de Lema y su muger llebaban la tercia parte de las heredades del Yglesario, que también donaban en dicha Escritura con la referida Presentación del simple sin cura cuya Presentación siempre y cuando que acaeciere vacar habían de hacer los dos Patronos, Pedro y Alonso de Lema, sus hijos mejorados y sus sucesores, la cual hicieren los dos juntos y conformes en el clérigo su pariente, habiéndolo, y si fueren muchos y pasasen de dos que fuesen dentro del tercer grado con dicho Alonso de Lema, otorgante, fuese de ellos el mas pobre y no habiendo clérigos de esta calidad y parentesco, pudiesen hacer la presentación en otro clérigo que les pareciese. (...)

3. Y se entendía que no hiba incluido en dicha escritura de Mejora el lugar de Boallo y bienes a él anejos, sito en dicha feligresia de Berdoyas que está abaxo de los Prados de Vilaseco y por el Río Grande hasta topar en el Río de Ponte Bella, que es donde se parte la Jurisdicción del Conde de Altamira, en la Jurisdicción del Abad de San Martín y por entre hasta topar con el lugar de la Ermita de Santa Cristina y de allí por entre los términos del lugar de Vilaseco, todo aquello quedaba dentro de dicha demarcación.

Y como ellos les perteneciese por cualquier Título, quedaba todo ello para el referido lugar de Boallo, ansi montes, resíos, propiedades, agros, dehesas y todo lo más que tenía dentro de la referida demarcación, que todo esto se entendía quedarles reservado y excluído de dicha escritura de mejoral. Y todos los demas bienes que en ella llebaban declarados y tenían sitos, inclusos en la feligresía de San Pedro de Berdoyas, hiban incluídos y metidos en esta Escritura de mejora y donación, que podían valer cada año 20 cargas de trigo de renta, los cuales dichos bienes daban y donaban a sus dos hijos Pedro y Alonso de Lema, tanto que pudieses valer y rentar á lo adelante para siempre jamás.

Con condición que cuanto á casas, eiras, huertas, nabales, cortiñas y mas que espresan y adquieren en dicho lugar de Berdoyas, quedaba á arbitrio de dicho Alonso de Lema, otorgante, poderla repartir á sus dos hijos para sus viviendas como les pareciese y bien visto le fuere por Testamento, escritura ó por memorial firmado de su nombre y por el repartimiento que ansi hiciese se habían de contentar dichos sus dos hijos mejorados, aunque fuese repartido al uno mas valor que al otro.

Y no haciendo en vida dicho repartimiento los llevasen de por mitad. Y si dichos sus dos hijos mejorados ó cualquier de ellos hiciere alguna adquisición de bienes raíces en la referida feligresía de San Pedro de Berdoyas, fuese para entrambos, pagando uno al otro lo que le debiese del precio de la compra.

4. Y todo lo que ansí comprasen y mejorasen en toda la espresada feligresia de Berdoyas, se entendiese quedar todo unido é incorporado á los bienes que les llevaba donado y avinculado como si espresamente allí fueran declarados con todos los mejoramientos que en ellos hicieses, todos los cuales querían y era su voluntad fuesen perpetuamente avinculados, y no se pudiesen vender, dar, trocar, donar, enagenar, ni cambiar, ni perder por ningun delito de Lesa Magestad, en cuyos vínculos habían de suceder siempre dos personas, y no más, que habían de ser los dichos Pedro de

Lema y Alonso de Lema mejorados. Y despues de sus días el hijo mayor varon, que tuvieren, y no habiendo varón, la hembra, mayor de edad, y ansí ellos como los más sucesores.
5. Y no teniendo hijos, ni nietos legítimos en quien sucediere por línea derecha, sucediere en dicho vínculo y mejora, el hijo mayor que se hallare en dicho Alonso de Lema y Mayor Franqueira, su muger, otorgantes al tiempo, prefiriendo siempre al varon á la hembra y no habiendo á tiempo, hijo nin hija del dicho Alonso y Mayor Franqueira, en tal caso los dos Patronos cada uno en su vínculo, pudiese nombrar Patrono de su descendencia que á ellos les pareciere.
6 (...)
7. Capilla y Presbiterio
Y es condición que dichos Pedro y Alonso de Lema, primeros llamados, habían de decir en su capilla que los otorgantes tenían hecho é hicieron juntamente con el Coro de la Yglesia de San Pedro de Berdoyas, donde eran feligreses, y en donde tenían su altar y las Ymágenes de Nuestra Señora de La O y la de Nuestra Señora la Virgen María, y en la misma Capilla tenían sus sepulturas, según las habían dotado por escritura que había pasado ante Lope Vazquez, Escribano.
En cuya Capilla y Altar los referidos Patronos Pedro y Alonso de Lema y sus sucesores para siempre jamás habían de mandar decir en cada semana dos misas rezadas, cada una con su responso, sobre sus sepulturas y dichas misas a honra y alabanza de las referidas Ymágenes que tenían en la citada Capilla.
8 (...).
23. Y para que se cumpliere lo aquí contenido se pusiese un traslado de esta Escritura en el Libro de Hacienda de la Yglesia de San Pedro de Berdoyas y encargaba á los Señores Visitadores que la Visitasen lo hiciesen de esta Capilla por si estaba con la decencia que se requería y si tenía los hornamentos necesarios y todo lo mas aqui ordenado y si se cumplía con lo que por ellos queda dispuesto, en razón de lo cual hiciesen la averiguación necesaria y hacer cumplir todo ello á cota del usufructo de los bienes.
24. Es en Instancia lo que comprende esta Escritura de Fundación, la cual se halla original en el Protocolo de Escritura de que dió fe Cristóbal de Pazos, Escribano de Su Magestad, cuyas notas paran en la feligresia de San Vicente de Vimianzo y está en el Protocolo del año de 1622 desde el folio 39 al 50 inclusives y la copia auténtica está en el Mazo de Fundaciones de Boallo y Berdoyas" (Copia manuscrita de M. Canosa Mouzo, 1975, Cuaderno Primero de los Lemas, pp. 20-29).

Doc. 9: **O párroco di que bautizou dous nenos pero esquece escribir os seus nomes, así como o dos padriños (si pon os dos pais).**
1635.
"... mes de Setiembre de seiscientos y trª y cinco batisse (...) hijo a Joan Garcia que hubo de su muger Maria (...) llamosse _____ fueron compadres _____ mis feligreses yo el Rector le baptisse y les declare el parentesco espiritual y obligaciones y por verdad lo firmo ut supra Joan Romero da Costa".
En dies de setiembre de seiscientos y trª y cinco batisse un hijo a Joan de Leis que hubo de su muger, llamase_____ fueron conpadres _____, mis feligreses y les declare el parentesco spiritual y demas obligaçiones y por verdad lo firmo [asdo.: *Joan Romero da Costa y Leis*]" (Libro 1º, fol 11, rº).

Doc. 10: **Os fidalgos de Berdoias: Martín[135], primeiro fillo de Martín de Castiñeira e da súa primeira muller María Sanches de Leis (neto de Alonso de Lema II).**
1637.
"En veinte y nuebe de mayo de seisçientos y trª y çiete el lidº ..... (?) Gonçales Rector de Santº de Olbeyroa de mi licencia batisso a Martin hijo de Martin de Castª y de maria [Sanches de Leis] *sus padres, fueron compadres el que le baptisso y el ... (?) de Lema y Tareysa de Lema y por natural lo firmo* [asdo.: *Joan Romero da Costa y Leis*] (Libro 1º, fol. 11, rº).

Doc. 11: **Visita Pastoral.**
1640.
"Visto en Visita del año de 1640" [sinatura ilexible: *"Yanez"*(?)] (Libro 1º, fol. 13, aº).

Doc. 12: **Os fidalgos de Berdoias: Sancho, segundo fillo de Martín de Castiñeira (e primeiro da súa segunda muller María Alvares de Carantoña).**
1642.
"En veinte y dos de desiembre de mill y seiscientos y quarenta y dos cathechisse a Sancho hijo de Martin de Castª y maria [Alvares de Carantoña] *su muger abialo batissado don Sancho* [de Lema] *arcediano su tio que fue padrino y asi nos [...?] alos [...?] con doña mª de ulloa todos vezºs desta frª y lo firmo : Joan Romero"* (Libro 1º, fol. 14, aº).

Doc. 13: **Os fidalgos de Berdoias: María, primeira filla de Martín de Castiñeira e da súa segunda muller María Alvares de Carantoña.**
1644.
[á marxe: *Maria*]
"En honsse de otubre se seiscientos y quarenta y quatro cathachisse a mª [Maria] *hija de martin de castª y maria alvarez su muger fueron compadres de los (...) don pedro al(...?) y antonia gs. aviala ba[tissado] (...) lois de lema su tio y lo firmo* [estragado] (Libro 1º, fol. 14, rº)..

Doc.14: **Visita Pastoral.**
1644.
"Visto en la Visita de 1644" [asdo.: "(...?) Villan...?"] (Libro 1º, fol. 14, rº).

Doc. 15: **Os fidalgos de Berdoias: Pedro, terceiro fillo de Martín de Castiñeira (e segundo da súa segunda muller María Alvares de Carantoña)[136].**
1647.
[á marxe: Pedro]
"en dies de Julio de 1647 caticasse a Pº hijo del capitan martin de castiñeyra y de maria alvarez

[135] Sendo aínda novo, documentámolo co nome de Martín de (ou da) Castiñeira, coma seu pai, pero despois cambiaría os apelidos e pasará a chamarse *Martín Rodríguez de Leis*. Todo un exemplo da facilidade que tiñan os fidalgos de cambiaren apelidos ó seu gusto. Herdaría os vínculos de Berdoias e Boallo pasando logo de casar a residir nas Hedreiras (actual concello de Zas). Sería pai de *María Quiteira Rodriguez de Leis* e avó de *Rodrigo Sancho de Leis* (que volvería a Berdoias).

[136] Esta partida está no folio seguinte ó da anterior partida, de tres anos atrás.

su muger avialo batiçado don garcia lois [de Lema] *su tio que fue padrino delos catesismos con su mu*[ger]... [resto, estragado] (Libro 1º, fol. 15,aº).

Doc. 16: **Os fidalgos de Berdoias: Dominga, primeira filla de Martín de Castiñeira.**
1649.
[á marxe: "Domª"]
"en dies de setᵉ. de seiscientos y corenta [sic] y nuebe bautise a dominga ija del Capᵃⁿ. martino [sic] *de Castiñeira y mª albarez su muger fueron conpadres el Canonigo franᶜᵒ [garcia?] y luisa? De lema muger del* (...)? *"* (Libro 1º, fol. 15, rº).

Doc. 17: **Os fidalgos de Berdoias: Sancho de Lema, primeiro fillo de García Lois de Lema e da súa muller Lorença Vermudez [de Castro]**[137].
1650.
"En quatro de mayo de seiscientos [~~y quarenta y n~~] *y cincuenta bautiço de mi licencia al bachiller alverto romero de leis a Sancho de Lema hijo de Garcia Luis de Lema y doña Laurença bermudez de que fueron padrinos Don Sancho de Lema y maria albares de carantoña bezinos de la felegreçia.* [asdo.: *Alberto Romº. de Leis*] (Libro 1º, fol. 16, aº).

Doc. 18: **Os fidalgos de Berdoias: Catalina, primeira filla de García Lois de Lema e de Lorença Vermudes**[138].
1651.
[á marxe: "Catalina"]
"En beinte y tres de otubre de seis cientos y cinqᵗᵃ y uno catequise a Catalina hija de don garcia de lema y doña lorenza Vermudez aviala batissado su abuelo el capitan Joan Romero Vermudes que fue tanbien padrino de los exorcismos junta mᵗᵉ con maria de lema da buytureyra y lo firmo Joan Romero da Costa y Leis" (Libro 1º, fol. 15, rº].

Doc. 19: **Os fidalgos de Berdoias: Francisca, segunda filla de García Lois de Lema.**
1652.
[á marxe: *"francisca, hija de don garcia"*]
"En doçe de otubre de mil y seyscientos y cincuenta y dos yo el brl [bachiller] *Alberto Romº de Leys cura de Sta. maria de oyn, de liçecia del (...) Juan Romº da costa y leys Rᵒʳ delos beneficios de sto de berdeogas y Sn. Pº de berdoyas bauptice una hija de don garcia Loys de Lema y de su muger doña lorenca Vermudes: fue su padrino el Arcediano don Sancho de lema = su tio: y pª qe. conste lo firmo dia ut spᵗᵃ. llamase francisca"*[asdo.: *Alberto Romº de Leys*] (Libro 1º, fol 16, aº)[139].

[137] Esta partida aparece no mesmo folio e inmediatamente despois da de Francisca, filla de García Lois de Lema, nada en 1652.

[138] Partida inmediata á anterior de Dominga (1649).

[139] Esta partida atópase inmediatamente antes cá de Sancho de Lema (nado en 1650, dous anos antes), no mesmo folio 16, aº.

Doc. 20: **Os fidalgos de Berdoias: Rosendo, cuarto fillo de Martín de Castiñeira.**
1656.
[á marxe: "Rosendo"]
"En Dos de março del año de mill y seiscientos y sinquenta y seis años baptize a rrosendo hijo del cappᵃⁿ Dn. martin de Castª. y su muger maria alvares leis vecinos desta frª. fueron sus padrinos Juan dias de Cee, y su muger dª. maria peres y declare la cognacion espiritual ... [asdo.: *Lorenço Fernandez*] (Libro 1º, fol. 17, aº).

Doc. 21: **Martín de Castiñeira "el moço"**[140] **e Maria Alvares (fillos do capitán Martín de Castiñeira de Boallo), padriños dun bautizado.**
1656.
[á marxe: *"Simon"*]
"En veinte y nuebe de Octubre de seiscientos y cinquenta y seis años baptize a simon hijo derrodrigo martines y su muger marina rs desta frª. fueron sus padrinos martin da Cast[iñeir]ª el moço y su hermana maria alvares hijos del cappᵃⁿ martin da Cast[iñeir]ª *y su muger todos vecinos desta frª. y les declare el parentesco espiritual ..."* [asdo.: *Lorenço fernandes*] (Libro 1º, fol.17, rº).

Doc. 21-BIS: **Visita pastoral.**
1657.
"Visitado en 16 de mayo de 1657 años y el R(...?) retor ponga los assientos conforme al ritual Romano pena de excomᵉⁿ. maior y de quatro ducados" [asdo.: *Dᵒʳ. Barreda*]" (Libro 1º, fol. 18, aº).

Doc. 22: **Os fidalgos de Berdoias: Jaxinta, terceira filla de Martín de Castiñeira.**
1657.
[á marxe: "Jasinta"]
"En dies y sseis días del mes de agosto del ano de mill y seys cientos y cinquenta y siete años yoLorenço Fds. clerigo bisorector de san Pedro de berdoyas y natural de la san Cristobal de mallon (...) bautisse una infanta nasida del Capitan martin de Castiñeira y de maria albares anbos casados y al presente vznos. de dha. frª. de san Pedro de berdoyas pusele por nonbre Jaxinta fueron padrinos Bᵉʳᵐᵉ dominguez vezino de la billa de c... (?) y Taressa de Lema vezina de san miguel de treos (...)." (Libro 1º, fol. 18, aº).

Doc. 23: **Os fidalgos de Berdoias: Lorenza, cuarta filla de Martín de Castiñeira.**
1661.
"En siete de hebrero de mil y seiscientos y sasenta y uno yo Alº de Ulloa, Vice Rᵉ de santiago de berdeogas y Sn Pº de berdoias di licencia al Dn. Antonio de balladares Rᵉ de san Martin de castrelo, para qe. Baptizase y pusiese los santos a Lorensa, hija del capitan Martin de castiñeira y de su muger Maria alBarez de carantoña (...) fueron sus padrinos Don Garcia Lois de Lema y su muger Doña Lorensa Bermudez todos de la frª de san Pedro de berdoias, y por verdad lo firmo ut suprª. Alonso de Ulloa" (Libro 1º, fol. 20, aº).

[140] Fillo primoxénito do capitán de Boallo; aínda non cambiara o apelido Castiñeira polo de Rodríguez de Leis.

Doc. 24: **A primeira partida dun cura novo, Francisco Gómez de Rioboo, con máis datos dos habituais (despois será máis escueto)[141].**
Madriña: Mariana, filla do fidalgo de Boallo.
1662.
[á marxe: *Catherina*]
"Año de mill y seiscientos y sesenta y dos, dia Domingo, siete de mayo yo Fran^co^. Gomez de Riobo clerigo, Rector propio de los Beneficios curados de Santiago de Berdeogas y San Pedro de Berdoyas, aciprestazgo [sic] *de Nemancos, Bautiçe a Catherina hija de Rodrigo Martinez y de Maria Rodriguez, marido y muger vecinos del lugar da Bouça Parrochianos de la Parrochia de Sn. Pedro de Berdoyas aRiba referida Naturales desta tierra, fueron padrinos Christobal da Toxa hombre cassado y Mariana* [sic] *Albarez soltera hija del capp^an^. Martin da Castiñeyra y su muger, vecinos y parochianos dela fr^a^. y areferida naturales dela misma Patria. Declareles el parentesco ...* [asdo.: *Francisco Gomez de Riobo*] (Libro 1º, fol. 20, rº).

Doc. 25: **Visita Pastoral.**
1662.
"*Visitose en 30 de Sep^e^. de 1662.* [asdo.: "*Valdés?*"] (Libro 1º, fol.21, aº).

Doc. 26: **Os fidalgos de Berdoias: Angel Martín, quinto fillo de Martín de Castiñeira.**
1664.
[á marxe: Angel]
"En cinco de marzo de mill y seis cientos y ss^a^. y quatro yo Dn. Fran^co^. Gomez de Rioboo Rector de Santiago de Berdeogas y anexo Bautice un niño hijo del capitan Martin de Castiñeyra y de maria Albarez de Carantoña su muger a quien pusse de nombre Angel Martin fue padrino el S^or^. D. Sancho de Lema Arcediano de la ss^ta^. Iglesia de el S^or^. Santiago y por verdad lo firmo ut supra [asdo.: Francisco Gomez de Rioboo] (Libro 1º, fol.23, aº).

Doc. 27: **O primeiro bautizado co nome de Joseph.**
1670.
"En dies y nuebe de marzo de mill y seiscientos y setenta yo Fran^co^. Gomez Rioboo Bautice un niño hijo de Juan de Leys y M^a^ Rs. su muger a qn. pusse nombre Joseph, fueron sus padrinos Andres Rodrigues y Maria de lema, declareles el parentesco spiritual y demas efectos deste sacramento, todos son vecinos de Sn. Pedro de Berdoyas, donde assim^o^ soy Rector y lo firmo [asdo.: *Francisco Gomez y Rioboo*] (Libro 1º, fol 32, aº)

Doc. 28: **Os fidalgos de Berdoias: o párroco do ano 1673 (Francisco Gómez de Rioboo) esquece pasar ó Libro 1º a partida de bautismo de Alonso de Lema y Carantoña. Tal partida pásase no Libro 2º (1746-1818) uns oitenta anos despois, no ano 1752, despois de que o párroco Joseph de Cervigón lograse certificar o bautismo do interfecto no arquivo dun escribán de Santiago.**

[141] Ten moi boa letra este crego ou o seu escribán; ademais, hai unha case perfecta observancia das maiúsculas e minúsculas, cousa rara na época.

1673.
"La partida de Alonso de Lema, hijo de Juan de Lema y Carantoña y de Maria Rodriguez, perten^te^. a el año de 1673, esta enel libro nuebo, fol. 13 y 14" [interpolación de oitenta anos despois, escrita polo párroco Joseph de Cervigón] (Libro 1º, 35, aº).
1752.
[á marxe: *"Bautismo de Alonso de Lema y Carantoña en el año de 1673"*]
"Certifico yo, dn. Joseph de Cervigon, Retor y cura propio de las fras. de Ss^n^.tiago de Verdeogas, y Sn. Pedro de Verdoyas Que no haviendo allado Razon, en el Libro de Asientos de Bauptizados de la Parrochial Iglesia de San Pedro de Verdoyas del Asientto, del Bauptismo, de Alonso de Lema, y Carantoña, hijo lexitimo, de Juan de Lema y Carantoña, y de Maria Rodriguez, vezinos que fueron de dha. fra. de Verdoyas, pasé en virtud de Autto y Comisión, de su mrd. el señor Provisor de este Arzovisp^do^. de Santiago, a rrezivir imformazion pr. ante ss^no^. de mi satisfazion, su fecha de dho. Despacho, en la ciudad de Santiago a Quinze de Marzo pasado deste año, y de ella, me consta que dho. Alonso de Lema y Carantoña, se ha Bauptizado en la Parrochial Iglesia, de dha. fra. de Ssn. Pedro de Verdoyas, solemnemente, el dia veinte y tres de Henero, del año passado, de mill seis cientos, setenta y tres, pr. Dn. Fran^co^. Gomez de Rio Bo/o, cura que ha sido de dhas. feligrisias, que fueron sus padrinos, Juan de Leis y Dominga Paz su muger vezinos de dha. fra., y que el mismo Alonso de Lema y Carantoña, se ha passado a casar, en la Villa de Zee, con Elegna Maria Lopez Docarrill y Rodriguez vezina de ella, y p^a^ que conste emvirtud de dicho Despacho, y comisión lo firmo estando en la casa retoral de la fra. de Santiago de Verdeogas a seis dias del mes de Mayo año de mill setezientos cinquenta y dos. Joseph de Cervigon" (Libro 2º de Bautizados de Berdoias: 1746-1818, fol. 13, rº-14 aº).

Doc. 29: **As partidas do séc. XVII son moi escuetas: soamente o nome dos pais e dos padriños, sen indicar sequera se uns e outros son da parroquia ou de fóra.**
1671.
"En honçe de Jullio de mill y seiscientos y set^a^. y uno yo Francisco Gomez Rioboo Rr. de Sn. Pedro de berdoyas Bauticé una niña hija de Alonsso de Alvarellos y de su mujer Cath^a^. de Canossa ala qual pusse nombre Cath^a^. fueron padrinos Andres Rs. y M^a^. de Lema a q^ns^. declaré parentesco spiritual y mas obligaciones y lo firmo Francisco Gomez Rioboo" (Libro 1º, 33, rº).

Doc. 30: **Visita Pastoral.**
1672.
"Visita del año de 1672.
En once de Sep^e^. de seis^os^. y setenta y dos se revisaron estos asientos y se m[an]^da^ al R^or^. diga los nombres y vecindad de los Padres y Padrinos del bautizado y les advierta el parentesco y obliga^on^. de la dotrina lo diga en la p[arti]^da^ *y cuando dho* (...)" [sinaturas ilexibles] (Libro 1º, 18, rº-19, aº).

Doc. 31: **A finais do séc. XVII, un novo crego procura indicar se pais e padriños son veciños ou non da parroquia, pero aínda non se indica o parentesco cos bautizados.**
1692
[marxe: *"M^a^."*]
"En quinse de febr^o^. de mill seis s^os^. y Noventa y tres yo Antt^o^. Montoto Cura y R^or^. de Santt^o^. de

Verdeogas y Sn. Pº. de Verdoias su anexo baptisé solemnemente una niña hixa lexitima de Franco. M[artine]z y de Alverta do Santos vzos. de Verdoias pusele nonbre Maria fueron sus padrinos Leandro Peres y Antonia de Lema vzos. assi mesmo de dha. fra. de Verdoias a quien declare el parentesco espiritual y las demas obligaciones que tenian y pª que conste lo firmo dho. dia mes y año ut supra" [asdo.: *Antonio de Montoto,* primeira partida deste crego] (Libro 1º, fol. 37, aº).

Doc. 32: **Partida indicando o parentesco dos padriños coa bautizada. Persistencia da dualidade de formas nalgúns nomes (Andrea/Andresa). Nalgunhas partidas aparece á marxe unha cruz potenzada ou de Malta, o que debe querer indicar a rápida morte do bautizado.**
1695.
[á marxe: *"Andrea"*].
"En 10 de Julio de 1695 el Lizdo. Dn. Franco. de Leis y Camaño presbítero con Lizª. mia Batisó una niña hixa lexma. de Ignaçio da Toxa y de Dominga Rodriguez su mugr. ala qual puso por nre. Andresa fueron sus padrinos Juan de Leis su abuelo y Xacinta Rodriguez su tia a los quales declaro el parentesco ... [asdo.: *Antonio de Montoto*] (Libro 1º, 40, aº).

Doc. 33: **Nalgunha partida, nin aparecen os padriños.**
1696.
[á marxe: *"Xptma. Rosa"*]
"En 13 de enº. de 1696 chatechisse una niña hixa lexma. de Pº. do Gesto y de Antonia de Leis su muger y la avia baptisado por neseçidad en Cassa Castiñeiras hubo pr. nre. Xptina. Rosa al qual declare el parentesco spiritual y obligacion que tenia y pª. que conste lo firmo dia y año ut supra [asdo.: *Antonio de Montoto*] (Libro 1º, 40, aº).

Doc. 34: **Fillo de solteira, bautizado co nome do pai (¿recoñecido por este?).**
1699.
[á marxe: *"Dsº"*]
"En 20 de Abril de 1699 Baptisse una niña hixa de Mª de Verdullas soltera del lugar de Grixoa y su pe de la fra de frixe llamado Dsº. figuras Al qual puse por nombre Domingo fueron sus padrinos Anttº. Mendez notº. y Juana de Lariño soltera vzos. de Verdeogas a los quales declare el parentesco (...)" [asdo.: *Antonio de Montoto*] (Libro 1º, 43, aº).

Doc. 35: **Ás veces só aparece o nome do padriño.**
1700.
"En el mismo dia mes y año 7 de marco de 1700 Bautisse una niña hixa de Franco. Gonçales de Seoane y de Maria dos Canpos su mugr. a la qual puse por nre. Anttª. fue solo padrino Domingo de Canossa al qual declare el parentesco y obligacion y pª. qe. conste lo firmo ut supra. Anttª. de Montoto" (Libro 1º, 43, rº).

Doc. 36: **Disposicións do Visitador Pastoral no tocante á correcta redacción das partidas: máis coidado (menos omisións e interpolacións), escribir as datas con letra, etc.**
1703.

"Visitose este Libro y asientos de Bautizados en primero de Junio de mill Siettezos y ttres pr su mrd el Sor. Lizdo Dn Pantaleon de Sn Migl y Pedrosa, chanttre Digd y Canº enla Sta. Yglª de Sgo y Visitor genl deste Arçobispdo y manda su mrd que el cura alo adelantte ttenga mas cuydado que asta aqui en escriuirle sin omitir ni intterpolar algª partida y ttodas ellas por letra, sin guarismo alguno y quando otro sacerdotte le escusare, y de su orden baptizare firmaran entrambos las partidas sin dejar blancos enellas ni nombres ni apellidos delos P[adr]es. y Padrinos ni ottra cosa q. condujere al conttextto enttero de la p[arti]da. de suerte q. una no dependa deottra ttodo ello con nueba luz y claridad pena de excomunion mor. y apercivimiº. q. sera castigado y devajo de dhas zens[sur]as. denttro de dos dias dela dha. fenecera la partida ultima de Baptizado q. esta en la primª plana de las cinquenta y cinco, que comienza en Diez de mº [¿marzo?] *de mill Seiszos y novta y cinco = Y lo mismo fenezca (...?) la pda. ultima dela primª llana de la oja, numero cinquenta y siette q. comienza en (...) = Y lo mismo llenara los blancos delas pdas. primera y segunda dela buelta del folio cinquenta y nuebe, poniendo y escriviendo enella los nombres y apellidos delas p[erso]nas. que asisttieron y fueron padrinos en los baptismos que ellas mencionan=* [asinado: *San Miguel*] (Libro 1º , 46, aº [con letra: "sesenta y seis"]).

Doc. 37: **Primeira partida despois desta Visita: xa se levan a cabo algunhas das disposicións.**
Nome da bautizada pola onomástica do día.
1703.
[á marxe: "Michaela"]
"En vte. y nueve de Spte. de mill siette ssos. y tres baptisse una niña hixa de Juan Paix el moço y de Mª de Gondomil su muger la qual hubo por nombre Michaela fueron sus padrinos Pedro de Agulleiro y Josepha Trillo a quienes declare el parentesco espiritual y obligaciones qe. tenian y pª qe. conste lo firmo dia y año ut supra. Antonio de Montoto" (Libro 1º, 46, rº).

Doc. 38: **O vicerreitor Juan López Freire semella querer introducir maior cantidade de datos nas partidas có párroco Antonio Montoto: se os pais son da parroquia ou de fóra; de qué lugar da parroquia son uns e outros, etc..**
1713.
[á marxe: *"Rosalía"*]
"En nuebe de Jullio deeste año de Setecios. y trece como vicecura baptice solemnte. una niña hija lexma. de Rosendo Alvares, y de Alverta dos Santos su muger vezos. de la Piedra del Flaire: llamase la niña Rosalia, fue su padrino Blas Trillo vzº del lugar y fraª de Berdoyas a qn. avise dela cognaon. spiritual, y obligon. de la doctrina xptiana (...) [asdo.: *Francisco Lopez Freire*] (Libro 1º, 65, aº).

Doc. 39: **Unha filla de pai incógnito e de muller 'fatua'[142] que descoñece o seu apelido. ¿Bentura: un segundo nome ad hoc?**
1718.
[á marxe: *"Francisca Ventura"*][143]

[142] Fachendosa, presumida, que fai ostentación ridícula da súa superioridade.

[143] Nas outras partidas non figura o apelido, nin á marxe nin no texto.

"En ocho de Junio de mill siete ciᵉˢ. y dies y ocho Baptise una niña hija de una mugʳ. fatua que dijo llamarse Antonia y que no sabia su apellido y dijo ser vzª del lugr. de fumiñeo del coto de Moraime su Padre incógnito a quien puse por nonbre Francisca Bentura fueron sus padrinos Juan y Andresa de Canosa vºs. desta frª y pª. que conste lo firmo dho. dia mes y Año ut supra. Brᵐᵉ de Leis y Caamaño" (Libro 1º, 68, rº).

Doc. 40: **Visita Pastoral: orde de corrixir certas deficiencias nas partidas.**
1720.
"En la feligresia de Santiago de Verdeogas, a veinte dias del mes de mayo de mill setteᵉˢ. y veinte El Iltᵐᵒ. Sʳ. mrᵈ. D. Luis de Salcedo y Azcona, Arzobpº. de Santiago del Consºº de Su Magᵈ. continuando su Vissita General y personal, la hizo de las partidas de baptizados deste libro y feligrª de Sn. Pedro de Berdoyas, y hallo Su Iltᵐᵃ. faltan la dha. entera en algunas y la naturaleza de los padres de los baptizados y si los baptizados son, o no, solemnes, mando Su Iltᵐᵃ. que en lo adelante se ponga todo con claridad, y distinción y lo firmo. Doi fee. Luis Abᵇᵒ. de Santiago" (Libro 1º, 69, rº).

Doc. 41: **Confusións, esquecementos e trasacordos nalgunhas partidas.**
1721
[á marxe: *"Pedro"*]
"En veinte y cinco de Abril de mil siete cientos y veinte y uno *[por encima da liña] naçio digo en dies de Abril nazio un niño que baptise el dia onçe del mesmo mes hijo de Domº Agulleiro y de Maria Sanches su muger a quien puse de nonbre Pedro fue su padrino el lizº Dn. Pedro Vasques presvitero vzº de la feligresia de Sᵗ Tiago de Verdeogas (...)"* (Libro 1º, 70, rº).

Doc. 42: **Co novo crego Ignacio García aparecen na marxe e no texto da partida o nome e apelido do neno bautizado (leva o do pai) ou da nena bautizada (leva o da nai). Durou pouco máis de un ano (de 1722 a 1724 (a partir deste ano volveranse escribir as partidas sen apelidos). A partir de 1724 tamén van aparecendo os lugares de onde son nativos os pais.**
1722.
"[á marxe: *"Symon de Canossa"*]
"En doce de Nobiembre del Año de mill siette cientos y veinte y dos Bautise un niño que nacio el mismo dia hyjo de Thome de Canossa y de Maria de Leys: pusele el nonbre Symon de Canossa, y sus padrinos fueron, Symon de Passos, y Andresa de Canossa vezinos desta feligrª a quienes de clare el parentesco, y obligaciones, y pª qe. conste lo firmo dho. dia mes y Año ut supra. Ignacio Garcia" (Libro 1º, 71, rº).
1724.
[á marxe: *"Antonia de Lema"*]
